



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 24
15 de maio de 2024

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 3698 (12/PNP-000406)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Vigo co fin de que asuma as súas competencias nos centros educativos públicos para garantir o desenvolvemento docente en condicións óptimas

[8820](#)

Admisión a trámite e publicación

I 3025 (12/PNP-000343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para lle dar pulo á promoción do deporte feminino

[8823](#)

I 3029 (12/PNP-000344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxecto de establecer unha política de apoio ás familias monoparentais

[8827](#)

I 3036 (12/PNP-000345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da adopción de medidas de control e de axudas aos afectados en relación coa praga de rata toupa que se estende por varios concellos da montaña de Lugo

[8831](#)

I 3051 (12/PNP-000346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego coa finalidade de que teña en consideración os informes presentados polas diferentes administracións en relación coa modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do complexo de Ence en Lourizán

[8834](#)



I 3057 (12/PNP-000347)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 2 máis**

Sobre determinadas medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación co problema que afecta o gando pola extensión da enfermidade da lingua azul

[8838](#)**I 3074 (12/PNP-000348)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que axilice a tramitación das resolucións das ordes de concesión de subvencións para a prevención de incendios forestais

[8843](#)**I 3084 (12/PNP-000349)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan de implantación de novas residencias de maiores e de definición dos seus modelos

[8846](#)**I 3090 (12/PNP-000350)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que inicie en 2024 a licitación e execución dunha variante na circunvalación de Carballo que conecte o polígono industrial de Bértoa coa zona sur da localidade

[8848](#)**I 3129 (12/PNP-000351)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma**

Sobre a demanda ao Goberno galego da regulación da prevención, detección, persecución e sanción dos conflitos de intereses e a proposta de resolución que se presenta co fin de solicitar ao Consello de Contas unha auditoría sobre os contratos de emerxencia da Xunta de Galicia durante a pandemia

[8851](#)**I 3141 (12/PNP-000352)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 3 máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de apoiar o acordo do Goberno central no que se fixaron os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o período 2024-2026 e as demandas dirixidas á Xunta de Galicia nesta materia

[8855](#)**I 3154 (12/PNP-000353)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co fin de modificar o enlace de acceso á vila de Salceda de Caselas a través da estrada PO-510

[8860](#)

I 3162 (12/PNP-000354)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que inclúa no programa do Bono Activa Comercio os negocios de comercio ambulante definidos no grupo 663 do imposto sobre actividades económicas (IAE)

[8863](#)**I 3177 (12/PNP-000355)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais**

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e do impulso dun plan integral co obxectivo de fortalecer e promocionar o comercio de proximidade

[8866](#)**I 3185 (12/PNP-000356)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da instalación dunha pasarela peonil provisional para o acceso aos negocios das marxes do río Anllóns durante as obras contratadas por Augas de Galicia para a reforma da ponte da Milagrosa, en Carballo

[8869](#)**I 3209 (12/PNP-000357)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo de se producir a fusión das entidades bancarias BBVA e Sabadell

[8872](#)**I 3216 (12/PNP-000358)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha modificación do Decreto 15/2011, relativo á regulación das artes de pesca en augas de competencia autonómica, co obxectivo de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar dos mariñeiros do trasmallo diúrno

[8875](#)**I 3220 (12/PNP-000359)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe levar adiante co obxectivo de desenvolver e dotar os parques empresariais en Galicia

[8879](#)**I 3238 (12/PNP-000360)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha para darlle pulo á concentración parcelaria e á política de desenvolvemento agrario do concello de Agolada e da súa comarca

[8882](#)**I 3245 (12/PNP-000361)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego de accións para lles requirir ás empresas do sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña o cumprimento dos convenios salariais que manteñen co seu persoal [8887](#)

I 3276 (12/PNP-000363)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que leve adiante as accións necesarias para poder dispor do parque empresarial da Barbanza no prazo de tempo máis breve posible [8890](#)

I 3284 (12/PNP-000364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa violencia de xénero e coa ética e exemplaridade exixida neste aspecto a calquera cargo de representación pública [8894](#)

I 3307 (12/PNP-000365)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación cos parques eólicos Anduriña e Zudreiro, promovidos na área de desenvolvemento eólico do monte Acibal pola empresa Green Capital, e coa protección ambiental e cultural da zona [8897](#)

I 3319 (12/PNP-000366)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre as medidas que debe promover a Xunta de Galicia no ámbito das políticas de igualdade dirixidas aos sectores culturais [8902](#)

I 3326 (12/PNP-000367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do rexeitamento da localización dunha plataforma loxística nas parroquias de Tomeza e Bértola, nos concellos de Pontevedra e Vilaboa, e da elaboración dun estudo para atopar unha alternativa [8906](#)

I 3330 (12/PNP-000368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no que atinxe ao cumprimento da normativa actual á que se deben someter os centros docentes sostidos total ou parcialmente con fondos públicos no relativo á eliminación da segregación por sexos [8910](#)

I 3340 (12/PNP-000369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla



Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha mellora na dotación da Costa da Morte de centros de día de atención aos maiores [8913](#)

I 3347 (12/PNP-000370)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda que se dirixe ao Goberno galego para que remita no actual período de sesións un informe relacionado coas inspeccións en materia de servizos sociais [8917](#)

I 3351 (12/PNP-000371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa axilización dos procesos de atención á dependencia [8920](#)

I 3365 (12/PNP-000372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coa mellora da capacidade da rede pública de escolas infantís [8922](#)

I 3371 (12/PNP-000373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co fin de impulsar a partir do vindeiro curso 2024-2025 a educación afectivo-sexual no ensino obrigatorio [8926](#)

I 3377 (12/PNP-000374)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en materia de recuperación e protección das especies da fauna silvestre en perigo de extinción [8931](#)

I 3382 (12/PNP-000375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que promova unha ampliación do porto de Malpica [8934](#)

I 3387 (12/PNP-000376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de integridade pública institucional, transparencia, bo goberno e prevención da corrupción na Administración e no sector público [8937](#)



I 3398 (12/PNP-000377)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia da información contractual das entidades do sector público autonómico

[8941](#)**I 3402 (12/PNP-000378)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia en relación coa contratación menor

[8945](#)**I 3405 (12/PNP-000379)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia e da información contractual das entidades do sector público autonómico verbo dos procedementos de contratación abertos

[8950](#)**I 3419 (12/PNP-000380)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre determinadas actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de lograr un desenvolvemento ordenado e equilibrado da enerxía eólica en Galicia

[8954](#)**I 3423 (12/PNP-000381)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da concreción no actual período de sesións do anuncio do presidente da Xunta de Galicia relacionado co impulso dun plan de incorporación de psicólogos clínicos na atención primaria

[8957](#)**I 3432 (12/PNP-000382)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en relación co nivel de contaminación da fábrica Tableros Hispanos situada no lugar de Nadela, concello de Lugo

[8959](#)**I 3438 (12/PNP-000383)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de mellorar a protección do mexillón de río, con especial atención ao río Ulla

[8963](#)**I 3451 - 3724 (12/PNP-000384)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as medidas e accións que debe levar adiante o Goberno galego en relación coas formas de xestión do Servizo Galego de Saúde [8967](#)

I 3463 (12/PNP-000385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar no que concirne á atención das persoas con alteracións psiquiátricas que requiren ingreso residencial [8972](#)

I 3472 (12/PNP-000386)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as demandas que se dirixen ao Goberno galego co fin de reverter o actual modelo de xestión das residencias de atención aos maiores ata conseguir un sistema público ao cen por cento [8975](#)

I 3477 (12/PNP-000387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a acción que debe seguir impulsando o Goberno galego en materia de apoio ao emprendemento empresarial e laboral [8978](#)

I 3494 (12/PNP-000388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coas recomendacións do Consello de Contas recollidas no seu informe de fiscalización da asistencia sanitaria do Sergas prestada con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras [8981](#)

I 3504 (12/PNP-000389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no ámbito das políticas de loita contra a violencia de xénero [8987](#)

I 3521 (12/PNP-000390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego no referido ás melloras da seguridade viaria e da mobilidade ciclista nas estradas PO-233 e PO-234 entre os concellos de Pontevedra, A Lama e Cerdedo-Cotobade [8990](#)

I 3526 (12/PNP-000391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar co fin de controlar, regular e planificar a expansión das vivendas de uso turístico [8993](#)



I 3539 (12/PNP-000392)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego no referido á situación en que está o sector mexilloeiro por mor da perda de produtividade [8999](#)

I 3559 (12/PNP-000393)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coa mellora e modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e O Porto, incluída a de dar prioridade a esta liña na unión por alta velocidade entrambos países [9003](#)

I 3570 (12/PNP-000394)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 4 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación da Sociedade Impulsa Galicia ao espectro de sociedades públicas autonómicas para poder sometela a control público [9008](#)

I 3578 (12/PNP-000395)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e 2 máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha para a prevención da Febre Hemorráxica de Crimea-Congo (FHCC) [9011](#)

I 3593 (12/PNP-000410)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha reforma integral do CEIP Barrié de la Maza e de melloras no CEIP Pepe de Xan Baña, ambos os dous do concello de Santa Comba [9016](#)

I 3602 (12/PNP-000396)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 3 máis**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar ante a incidencia da enfermidade de Lyme en Galicia [9018](#)

I 3615 (12/PNP-000397)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda ao Goberno galego do impulso dun plan para substituír o anticoagulante Sintrom por outros con máis estabilidade e menos dependencia de controis rutineiros [9022](#)

I 3631 (12/PNP-000398)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre as accións que debe levar adiante a Xunta de Galicia verbo da colaboración e coordinación coa Administración local no que concirne á mellora da xestión de residuos [9025](#)

I 3637 (12/PNP-000399)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento ordenado e consensuado da enerxía eólica en Galicia [9029](#)

I 3639 (12/PNP-000400)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia que respecte a integración medioambiental [9034](#)

I 3641 (12/PNP-000401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que os parques eólicos que se implanten teñan sinerxías coa creación de emprego e valor engadido para as comarcas que os acollen [9039](#)

I 3643 (12/PNP-000402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que os parques eólicos que se implanten teñan un axeitado réxime fiscal [9044](#)

I 3652 (12/PNP-000403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa formación e dotación dos equipos técnicos de todos os servizos que teñan funcións en temas de igualdade e de infancia [9049](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 3267 (12/PPP-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións ás galegas e aos galegos ante as críticas do último informe de fiscalización publicado polo Consello de Contas [9054](#)



1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

I 3023 (12/INT-000203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o grao de progresión do deporte feminino en Galicia

[9057](#)

I 3034 (12/INT-000204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o novo marco ao que dá lugar o incremento das familias monoparentais para o deseño da 1olítica social

[9061](#)

I 3047 (12/INT-000205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a reindustrialización das comarcas galegas en proceso de declive e ou de reconversión industrial

[9064](#)

I 3049 (12/INT-000206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a expansión das instalacións no dominio público marítimo-terrestre das industrias con forte impacto ambiental situadas na costa

[9067](#)

I 3062 (12/INT-000207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a prevención en materia de saúde animal no sector gandeiro

[9071](#)

I 3072 (12/INT-000208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o apoio ás actuacións de silvicultura preventiva como freo aos incendios forestais

[9076](#)

I 3086 (12/INT-000209)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre os retos da política en materia de dependencia

[9080](#)

I 3131 (12/INT-000210)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre o nivel de rigor da normativa de prevención da corrupción no sector público autonómico

[9082](#)



I 3144 (12/INT-000211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre o marco da política orzamentaria establecida polo Goberno central para o período 2024-2026

[9086](#)

I 3175 (12/INT-000212)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a defensa do pequeno e mediano comercio fronte á competencia das grandes superficies e do comercio en liña

[9090](#)

I 3204 (12/INT-000213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a adecuada cobertura de residencias universitarias públicas como factor de fortalecemento das universidades galegas e das cidades que as albergan

[9093](#)

I 3213 (12/INT-000214)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre o problema da concentración bancaria en termos de emprego, de calidade dos servizos prestados e dos produtos financeiros

[9096](#)

I 3222 (12/INT-000215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a diagnose das necesidades canto á dispoñibilidade e calidade en Galicia do solo empresarial

[9099](#)

I 3236 (12/INT-000216)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a política de impulso da concentración parcelaria naquelas comarcas de maior potencialidade agraria

[9102](#)

I 3249 (12/INT-000217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre o labor da Administración para garantir o cumprimento dos convenios colectivos que subscriben co persoal as súas empresas contratistas

[9106](#)

I 3282 (12/INT-000219)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o compromiso das forzas políticas co rexeitamento da violencia de xénero

[9109](#)



I 3312 (12/INT-000220)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a salvagarda ambiental e cultural do territorio no desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia

[9112](#)**I 3318 (12/INT-000221)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Presas Bergantiños, Noa Olalla**

Sobre o desenvolvemento das políticas de igualdade nos sectores culturais galegos

[9117](#)**I 3338 (12/INT-000222)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e 2 máis**

Sobre o condicionamento da recepción de fondos públicos por parte dos centros docentes privados e concertados

[9120](#)**I 3345 (12/INT-000223)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais

[9123](#)**I 3353 (12/INT-000224)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e 2 máis**

Sobre a avaliación dos servizos sociais da Xunta de Galicia na súa función de garantir os dereitos de atención á dependencia

[9126](#)**I 3359 (12/INT-000225)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre a expansión ordenada dos parques eólicos na procura do equilibrio entre o desenvolvemento económico e a protección ambiental e social

[9128](#)**I 3363 (12/INT-000226)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o impulso dunha política en materia de escolas infantís en consonancia co problema demográfico do país

[9130](#)**I 3366 (12/INT-000227)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a educación afectivo-sexual nos currículos da ensinanza obrigatoria en Galicia

[9134](#)**I 3375 (12/INT-000228)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a avaliación do estado de conservación das especies ameazadas da fauna galega

[9137](#)

I 3389 (12/INT-000229)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a actualización e os avances na acción política autonómica en materia de ética institucional, transparencia, bo goberno e prevención da corrupción na Administración e no sector público [9141](#)

I 3408 (12/INT-000230)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a actividade contractual no ámbito institucional da Xunta de Galicia e das entidades do seu sector público [9145](#)

I 3429 (12/INT-000231)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a adaptación do sistema sanitario público á crecente demanda de atención á saúde mental [9149](#)

I 3443 (12/INT-000232)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o desenvolvemento industrial susceptible de frear as estratexias de recuperación e protección da biodiversidade en Galicia [9151](#)

I 3449 (12/INT-000233)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación [9154](#)

I 3461 (12/INT-000234)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre o problema da prestación da asistencia sanitaria residencial ás persoas con patoloxía psiquiátrica [9157](#)

I 3468 (12/INT-000235)**Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura [9160](#)

I 3470 (12/INT-000236)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego [9163](#)

I 3492 (12/INT-000237)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis**

Sobre a eficacia do incremento por parte da sanidade pública do recurso ás prestacións sanitarias realizadas con medios alleos [9166](#)

I 3500 (12/INT-000238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o fomento da coordinación coas administracións locais para desenvolver as políticas de loita contra a violencia de xénero [9172](#)

I 3532 (12/INT-000239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel

Sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico [9175](#)

I 3544 (12/INT-000240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o deseño de políticas para a recuperación da produtividade marisqueira nas rías galegas [9180](#)

I 3557 (12/INT-000241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre a importancia para Galicia do deseño que finalmente se impulse nas conexións da alta velocidade ferroviaria entre Portugal e España [9184](#)

I 3569 (12/INT-000242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 4 máis

Sobre a transparencia da actividade das sociedades con carácter público-privado impulsadas polo Goberno galego [9189](#)

I 3584 (12/INT-000243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre a política de saúde pública ante os andazos provocados pola crecente aparición de especies pouco habituais ou foráneas portadoras de novos virus [9193](#)

I 3599 (12/INT-000244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 4 máis

Sobre a aparición de novas enfermidades infecciosas derivadas do cambio climático [9198](#)

I 3623 (12/INT-000245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a protección ambiental das rías galegas e a mellora da produtividade pesqueira e marisqueira [9202](#)



I 3629 (12/INT-000246)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre o establecemento de obxectivos máis ambiciosos na política de xestión de residuos e fomento da economía circular

[9205](#)**I 3650 (12/INT-000247)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a formación en materia de igualdade e de dereitos da infancia dos cadros profesionais de toda institución que teña funcións ou capacidade de decisión respecto de asuntos que afectan a mulleres e menores

[9209](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de maio de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 3698 (12/PNP-000406)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Vigo co fin de que asuma as súas competencias nos centros educativos públicos para garantir o desenvolvemento docente en condicións óptimas

Admisión a trámite e publicación

- 3025 (12/PNP-000343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para lle dar pulo á promoción do deporte feminino

- 3029 (12/PNP-000344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxecto de establecer unha política de apoio ás familias monoparentais

- 3036 (12/PNP-000345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da adopción de medidas de control e de axudas aos afectados en relación coa praga de rata toupa que se estende por varios concellos da montaña de Lugo

- 3051 (12/PNP-000346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego coa finalidade de que teña en consideración os informes presentados polas diferentes administracións en relación coa modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do complexo de Ence en Lourizán



- 3057 (12/PNP-000347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre determinadas medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación co problema que afecta o gando pola extensión da enfermidade da lingua azul

- 3074 (12/PNP-000348)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que axilice a tramitación das resolucións das ordes de concesión de subvencións para a prevención de incendios forestais

- 3084 (12/PNP-000349)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan de implantación de novas residencias de maiores e de definición dos seus modelos

- 3090 (12/PNP-000350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que inicie en 2024 a licitación e execución dunha variante na circunvalación de Carballo que conecte o polígono industrial de Bértoa coa zona sur da localidade

- 3129 (12/PNP-000351)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre a demanda ao Goberno galego da regulación da prevención, detección, persecución e sanción dos conflitos de intereses e a proposta de resolución que se presenta co fin de solicitar ao Consello de Contas unha auditoría sobre os contratos de emerxencia da Xunta de Galicia durante a pandemia

- 3141 (12/PNP-000352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de apoiar o acordo do Goberno central no que se fixaron os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o período 2024-2026 e as demandas dirixidas á Xunta de Galicia nesta materia

- 3154 (12/PNP-000353)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co fin de modificar o enlace de acceso á vila de Salceda de Caselas a través da estrada PO-510



- 3162 (12/PNP-000354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que inclúa no programa do Bono Activa Comercio os negocios de comercio ambulante definidos no grupo 663 do imposto sobre actividades económicas (IAE)

- 3177 (12/PNP-000355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e do impulso dun plan integral co obxectivo de fortalecer e promocionar o comercio de proximidade

- 3185 (12/PNP-000356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da instalación dunha pasarela peonil provisional para o acceso aos negocios das marxes do río Anllóns durante as obras contratadas por Augas de Galicia para a reforma da ponte da Milagrosa, en Carballo

- 3209 (12/PNP-000357)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo de se producir a fusión das entidades bancarias BBVA e Sabadell

- 3216 (12/PNP-000358)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha modificación do Decreto 15/2011, relativo á regulación das artes de pesca en augas de competencia autonómica, co obxectivo de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar dos mariñeiros do trasmallo diúrno

- 3220 (12/PNP-000359)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe levar adiante co obxectivo de desenvolver e dotar os parques empresariais en Galicia

- 3238 (12/PNP-000360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha para darlle pulo á concentración parcelaria e á política de desenvolvemento agrario do concello de Agolada e da súa comarca

- 3245 (12/PNP-000361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego de accións para lles requirir ás empresas do sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña o cumprimento dos convenios salariais que manteñen co seu persoal

- 3276 (12/PNP-000363)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que leve adiante as accións necesarias para poder dispor do parque empresarial da Barbanza no prazo de tempo máis breve posible

- 3284 (12/PNP-000364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa violencia de xénero e coa ética e exemplaridade exixida neste aspecto a calquera cargo de representación pública

- 3307 (12/PNP-000365)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación cos parques eólicos Anduriña e Zudreiro, promovidos na área de desenvolvemento eólico do monte Acibal pola empresa Green Capital, e coa protección ambiental e cultural da zona

- 3319 (12/PNP-000366)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre as medidas que debe promover a Xunta de Galicia no ámbito das políticas de igualdade dirixidas aos sectores culturais

- 3326 (12/PNP-000367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do rexeitamento da localización dunha plataforma loxística nas parroquias de Tomeza e Bértola, nos concellos de Pontevedra e Vilaboa, e da elaboración dun estudo para atopar unha alternativa

- 3330 (12/PNP-000368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no que atinxe ao cumprimento da normativa actual á que se deben someter os centros docentes sostidos total ou parcialmente con fondos públicos no relativo á eliminación da segregación por sexos

- 3340 (12/PNP-000369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla



Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha mellora na dotación da Costa da Morte de centros de día de atención aos maiores

- 3347 (12/PNP-000370)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda que se dirixe ao Goberno galego para que remita no actual período de sesións un informe relacionado coas inspeccións en materia de servizos sociais

- 3351 (12/PNP-000371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa axilización dos procesos de atención á dependencia

- 3365 (12/PNP-000372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coa mellora da capacidade da rede pública de escolas infantís

- 3371 (12/PNP-000373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co fin de impulsar a partir do vindeiro curso 2024-2025 a educación afectivo-sexual no ensino obrigatorio

- 3377 (12/PNP-000374)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en materia de recuperación e protección das especies da fauna silvestre en perigo de extinción

- 3382 (12/PNP-000375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que promova unha ampliación do porto de Malpica

- 3387 (12/PNP-000376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de integridade pública institucional, transparencia, bo goberno e prevención da corrupción na Administración e no sector público



- 3398 (12/PNP-000377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia da información contractual das entidades do sector público autonómico

- 3402 (12/PNP-000378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia en relación coa contratación menor

- 3405 (12/PNP-000379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia e da información contractual das entidades do sector público autonómico verbo dos procedementos de contratación abertos

- 3419 (12/PNP-000380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre determinadas actuacións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de lograr un desenvolvemento ordenado e equilibrado da enerxía eólica en Galicia

- 3423 (12/PNP-000381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da concreción no actual período de sesións do anuncio do presidente da Xunta de Galicia relacionado co impulso dun plan de incorporación de psicólogos clínicos na atención primaria

- 3432 (12/PNP-000382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en relación co nivel de contaminación da fábrica Tableros Hispanos situada no lugar de Nadela, concello de Lugo

- 3438 (12/PNP-000383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de mellorar a protección do mexillón de río, con especial atención ao río Ulla

- 3451 - 3724 (12/PNP-000384)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria



Sobre as medidas e accións que debe levar adiante o Goberno galego en relación coas formas de xestión do Servizo Galego de Saúde

A Mesa admitea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 3724.

- 3463 (12/PNP-000385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar no que concirne á atención das persoas con alteracións psiquiátricas que requiren ingreso residencial

- 3472 (12/PNP-000386)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as demandas que se dirixen ao Goberno galego co fin de reverter o actual modelo de xestión das residencias de atención aos maiores ata conseguir un sistema público ao cen por cento

- 3477 (12/PNP-000387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a acción que debe seguir impulsando o Goberno galego en materia de apoio ao emprendemento empresarial e laboral

- 3494 (12/PNP-000388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coas recomendacións do Consello de Contas recollidas no seu informe de fiscalización da asistencia sanitaria do Sergas prestada con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

- 3504 (12/PNP-000389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no ámbito das políticas de loita contra a violencia de xénero

- 3521 (12/PNP-000390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego no referido ás melloras da seguridade viaria e da mobilidade ciclista nas estradas PO-233 e PO-234 entre os concellos de Pontevedra, A Lama e Cerdedo-Cotobade

- 3526 (12/PNP-000391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel



Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar co fin de controlar, regular e planificar a expansión das vivendas de uso turístico

- 3539 (12/PNP-000392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego no referido á situación en que está o sector mexilloeiro por mor da perda de produtividade

- 3559 (12/PNP-000393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coa mellora e modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e O Porto, incluída a de dar prioridade a esta liña na unión por alta velocidade entrambos países

- 3570 (12/PNP-000394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 4 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación da Sociedade Impulsa Galicia ao espectro de sociedades públicas autonómicas para poder sometela a control público

- 3578 (12/PNP-000395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha para a prevención da Febre Hemorráxica de Crimea-Congo (FHCC)

- 3593 (12/PNP-000410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha reforma integral do CEIP Barrié de la Maza e de melloras no CEIP Pepe de Xan Baña, ambos os dous do concello de Santa Comba

- 3602 (12/PNP-000396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar ante a incidencia da enfermidade de Lyme en Galicia

- 3615 (12/PNP-000397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda ao Goberno galego do impulso dun plan para substituír o anticoagulante Sintrom por outros con máis estabilidade e menos dependencia de controis rutineiros



- 3631 (12/PNP-000398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as accións que debe levar adiante a Xunta de Galicia verbo da colaboración e coordinación coa Administración local no que concirne á mellora da xestión de residuos

- 3637 (12/PNP-000399)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento ordenado e consensuado da enerxía eólica en Galicia

- 3639 (12/PNP-000400)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia que respecte a integración medioambiental

- 3641 (12/PNP-000401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que os parques eólicos que se implanten teñan sinerxías coa creación de emprego e valor engadido para as comarcas que os acollen

- 3643 (12/PNP-000402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que os parques eólicos que se implanten teñan un axeitado réxime fiscal

- 3652 (12/PNP-000403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa formación e dotación dos equipos técnicos de todos os servizos que teñan funcións en temas de igualdade e de infancia



1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 3267 (12/CPP-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións ás galegas e aos galegos ante as críticas do último informe de fiscalización publicado polo Consello de Contas

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 3023 (12/INT-000203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o grao de progresión do deporte feminino en Galicia

- 3034 (12/INT-000204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o novo marco ao que dá lugar o incremento das familias monoparentais para o deseño da política social

- 3047 (12/INT-000205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a reindustrialización das comarcas galegas en proceso de declive e ou de reconversión industrial

- 3049 (12/INT-000206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a expansión das instalacións no dominio público marítimo-terrestre das industrias con forte impacto ambiental situadas na costa

- 3062 (12/INT-000207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a prevención en materia de saúde animal no sector gandeiro

- 3072 (12/INT-000208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o apoio ás actuacións de silvicultura preventiva como freo aos incendios forestais



- 3086 (12/INT-000209)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre os retos da política en materia de dependencia

- 3131 (12/INT-000210)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre o nivel de rigor da normativa de prevención da corrupción no sector público autonómico

- 3144 (12/INT-000211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre o marco da política orzamentaria establecida polo Goberno central para o período 2024-2026

- 3175 (12/INT-000212)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre a defensa do pequeno e mediano comercio fronte á competencia das grandes superficies e do comercio en liña

- 3204 (12/INT-000213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a adecuada cobertura de residencias universitarias públicas como factor de fortalecemento das universidades galegas e das cidades que as albergan

- 3213 (12/INT-000214)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre o problema da concentración bancaria en termos de emprego, de calidade dos servizos prestados e dos produtos financeiros

- 3222 (12/INT-000215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a diagnose das necesidades canto á dispoñibilidade e calidade en Galicia do solo empresarial

- 3236 (12/INT-000216)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a política de impulso da concentración parcelaria naquelas comarcas de maior potencialidade agraria

- 3249 (12/INT-000217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis



Sobre o labor da Administración para garantir o cumprimento dos convenios colectivos que subscriben co persoal as súas empresas contratistas

- 3282 (12/INT-000219)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o compromiso das forzas políticas co rexeitamento da violencia de xénero

- 3312 (12/INT-000220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a salvagarda ambiental e cultural do territorio no desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia

- 3318 (12/INT-000221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o desenvolvemento das políticas de igualdade nos sectores culturais galegos

- 3338 (12/INT-000222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o condicionamento da recepción de fondos públicos por parte dos centros docentes privados e concertados

- 3345 (12/INT-000223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais

- 3353 (12/INT-000224)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre a avaliación dos servizos sociais da Xunta de Galicia na súa función de garantir os dereitos de atención á dependencia

- 3359 (12/INT-000225)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a expansión ordenada dos parques eólicos na procura do equilibrio entre o desenvolvemento económico e a protección ambiental e social

- 3363 (12/INT-000226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o impulso dunha política en materia de escolas infantís en consonancia co problema demográfico do país



- 3366 (12/INT-000227)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a educación afectivo-sexual nos currículos da ensinanza obrigatoria en Galicia

- 3375 (12/INT-000228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a avaliación do estado de conservación das especies ameazadas da fauna galega

- 3389 (12/INT-000229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a actualización e os avances na acción política autonómica en materia de ética institucional, transparencia, bo goberno e prevención da corrupción na Administración e no sector público

- 3408 (12/INT-000230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a actividade contractual no ámbito institucional da Xunta de Galicia e das entidades do seu sector público

- 3429 (12/INT-000231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a adaptación do sistema sanitario público á crecente demanda de atención á saúde mental

- 3443 (12/INT-000232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o desenvolvemento industrial susceptible de frear as estratexias de recuperación e protección da biodiversidade en Galicia

- 3449 (12/INT-000233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación

- 3461 (12/INT-000234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre o problema da prestación da asistencia sanitaria residencial ás persoas con patoloxía psiquiátrica

- 3468 (12/INT-000235)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando



Sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura

- 3470 (12/INT-000236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego

- 3492 (12/INT-000237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a eficacia do incremento por parte da sanidade pública do recurso ás prestacións sanitarias realizadas con medios alleos

- 3500 (12/INT-000238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o fomento da coordinación coas administracións locais para desenvolver as políticas de loita contra a violencia de xénero

- 3532 (12/INT-000239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel

Sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico

- 3544 (12/INT-000240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o deseño de políticas para a recuperación da produtividade marisqueira nas rías galegas

- 3557 (12/INT-000241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre a importancia para Galicia do deseño que finalmente se impulse nas conexións da alta velocidade ferroviaria entre Portugal e España

- 3569 (12/INT-000242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 4 máis

Sobre a transparencia da actividade das sociedades con carácter público-privado impulsadas polo Goberno galego

- 3584 (12/INT-000243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre a política de saúde pública ante os andazos provocados pola crecente aparición de especies pouco habituais ou foráneas portadoras de novos virus



- 3599 (12/INT-000244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 4 máis

Sobre a aparición de novas enfermidades infecciosas derivadas do cambio climático

- 3623 (12/INT-000245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a protección ambiental das rías galegas e a mellora da produtividade pesqueira e marisqueira

- 3629 (12/INT-000246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o establecemento de obxectivos máis ambiciosos na política de xestión de residuos e fomento da economía circular

- 3650 (12/INT-000247)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a formación en materia de igualdade e de dereitos da infancia dos cadros profesionais de toda institución que teña funcións ou capacidade de decisión respecto de asuntos que afectan a mulleres e menores

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Julio García Comesaña, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Raúl Santamaría González, Borja Vereá Fraiz, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez e Enrique Barreiro Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada polas alarmas que nos últimos anos saltaron sobre a situación de varios centros educativos de Vigo pola falta de atención do concello.

Exposición de motivos

Nos últimos meses saltaron as alarmas sobre a situación de varios centros educativos de Vigo pola falta de atención do concello.

A finais do ano pasado, responsables de colexios e familias comezaron a denunciar que os seus centros carecían de servizo de conserxería —ou este debía ser compartido— debido á falta de planificación da administración municipal.

Un total de 23 colexios da cidade estarían afectados na actualidade por este déficit de persoal, o que levaría aos propios profesores a ter que interromper a actividade lectiva para atender o timbre ou abrir a porta do centro.

A falta de previsión estaría provocando tamén que o coidado diario dos colexios se vexa resentido ao ser unha tarefa que os conserxes asumen en primeira persoa.

A esta situación únense agora novas denuncias relativas á presenza de formigas e de lixo nos colexios vigueses que dependen do concello por deficiencias neste servizo.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Desde o Grupo Popular sumámonos á preocupación da comunidade educativa e entendemos que ambos casos non se poden entender de xeito illado, son consecuencia do mesmo: a desatención do concello de Vigo das súas responsabilidades e competencias en materia de coidado e mantemento dos colexios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao concello de Vigo que asuma as súas competencias e asegure que se poida prestar o servizo educativo nos colexios da cidade en condicións óptimas”.

Santiago de Compostela 13 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/05/2024 10:41:19

Patricia García González na data 13/05/2024 10:41:35

Julio García Comesaña na data 13/05/2024 10:41:49

José Luis Ferro Iglesias na data 13/05/2024 10:42:04

Carmen Pomar Tojo na data 13/05/2024 10:42:15

Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/05/2024 10:42:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/05/2024 10:42:47

Víctor Baladrón Lamas na data 13/05/2024 10:43:07

Raúl Santamaría González na data 13/05/2024 10:43:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2024 10:46:47
Nº Rexistro: 3698
Data envío: 13/05/2024 10:46:47,728

Borja Vereza Fraiz na data 13/05/2024 10:43:29

Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/05/2024 10:43:46

María Deza Martínez na data 13/05/2024 10:43:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/05/2024 10:44:10

Raquel Arias Rodríguez na data 13/05/2024 10:45:02

Enrique Barreiro Sánchez na data 13/05/2024 10:45:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0PISJTB0ZBkE000W100-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O pasado 10 de abril, o *Centro de Investigaciones Sociológicas* publicou a quinta edición da enquisa da serie de Hábitos Deportivos. Nesta enquisa saíu á luz un dato alarmante sobre o deporte feminino: só o 8,8 % das mulleres ten licenza federativa nalgún deporte, fronte ao 21,15 % dos homes. Isto significa que, en España, a pesar dos avances en materia de igualdade no deporte, as disciplinas con modalidades federadas seguen a ser un ámbito predominantemente masculino debido a que só menos da metade dos deportistas son mulleres.

Esta é unha realidade que tamén se extrapola a Galicia. Nun estudo publicado polo Anuario de Estatísticas Deportivas elaborado polo Ministerio de Cultura e Deporte no ano 2022 sinalouse que Galicia conta cun total de 281.561 deportistas federadas e federados, dos que só o 23,76 % son mulleres (66.897). A cifra máis rechamante dáse no fútbol. Aínda que este é o deporte con maior número de licenzas femininas, un total de 6.606 fichas, tan só superan lixeiramente o 7 % do total de futbolistas galegos federadas e federados. Aínda que é certo que nalgúns modalidades as mulleres compoñen o groso maioritario das licenzas (o 93,36 % en ximnasia ou 77,29 % en baile deportivo), esta non é a regra xeral, sobre todo cando se trata daqueles deportes cuxa práctica está máis estendida. Por exemplo: o baloncesto, onde as mulleres constitúen o 32,33 % das licenzas, é dicir, 5.521 deportistas.



Na mesma liña, noutro estudo realizado nas federacións galegas de 13 disciplinas distintas concluíuse que a porcentaxe de mulleres federadas tan só alcanza o 19 %. A natación é o único deporte que pode presumir de cumprir coa paridade total. Pola contra, o resto de federacións que facilitaron datos adoecen dun marcado predominio masculino.

Aínda que estes datos non se deben xeneralizar á totalidade do deporte galego, si constatan unha realidade: as mulleres aínda están lonxe de ocupar un espazo que lles pertence.

O principio de igualdade entre mulleres e homes é un mandato esixido por un gran abanico de normas vixentes. No ámbito europeo debemos atender á Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres. No ámbito estatal, o artigo 14 da Constitución española introduciu a igualdade como un principio xeral do dereito que foi desenvolvido pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, e normativa aplicable, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que culmina o proceso lexislativo de transversalización da igualdade de mulleres e homes en todo o ordenamento xurídico español. No que respecta a Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia estableceu no seu artigo primeiro o “compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, atribuíndolle o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á igualdade entre as mulleres e os homes no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma. “Así mesmo, o artigo 3, apartado c) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia establece “o impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva” como un principio reitor dela.



Por todo o exposto, a promoción e o auxe do deporte feminino é un deber das institucións para coa sociedade e un síntoma de boa saúde democrática. Ten que entenderse como un dereito individual que goce de amparo por parte dos entes públicos galegos e de protección xurídica nos tribunais. As e os socialistas entendemos que o Goberno galego ten que axudar ás mozas e ás mulleres para acceder ás disciplinas deportivas que sexan do seu agrado para que poidan practicalas en condicións de igualdade cos homes. Todo iso sen ter que sufrir ningún tipo de discriminación ou soportar situacións de precariedade que só de cando en cando se poden observar no deporte masculino.

Por todo o exposto faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1. A, de conformidade co artigo 178. 2 e) da LEI 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, atribuír regulamentariamente ao Observatorio da Imaxe da Muller as seguintes funcións relacionadas co deporte feminino:
 - a) Fomentar a participación das mulleres na práctica de actividades físico-deportivas.
 - b) Promover un cambio nos modelos de referencia do deporte feminino.
 - c) Facilitar o acceso das mulleres aos diferentes niveis de intervención e xestión deportiva.
 - d) Desenvolver estratexias que garantan o acceso igualitario á participación e á práctica de actividades físico-deportivas.
 - e) Establecer vías de comunicación e colaboración entre entidades e institucións relacionadas co mundo do deporte;
 - f) A erradicación da discriminación por razón de xénero neste ámbito.



2. A que se dirixa ao ente público de Corporación Radio e Televisión de Galicia para que confeccione un plan de igualdade que teña como misión:
- a) Lograr unha maior visibilidade das competicións e o deporte feminino na programación e nos informativos.
 - b) Formar aos redactores e redactoras da sección de deportes en materia de igualdade co obxecto de incluír unha perspectiva de xénero nas informacións.
 - c) Reforzar as redaccións deportivas con persoal experto en deporte feminino.

Parlamento de Galicia, 3 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as familias monoparentais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, a realidade das familias e a estrutura social dos fogares evolucionou moito, feito que conleva unhas novas necesidades e que precisa de que as institucións as teñan en conta e establezan para este grupo políticas sociais xustas e adaptadas. As familias monoparentais son unha realidade crecente no noso país, avalada polos datos, xa que anualmente a cifra de fogares destas características aumenta, supoñendo en Galiza un 11% deles, sendo un modelo familiar cun crecemento dende 2016 de máis do 20% e supoñendo case un 10% da poboación.

Máis do 80% dos fogares monoparentais están encabezados por mulleres, daquela, sería imprescindible analizar este fenómeno cunha perspectiva de xénero. Estas mulleres asumen a maternidade en solitario, facéndose cargo do ámbito doméstico, laboral, persoal e familiar, tendo na súa contra unha dobre discriminación, a que sofren por ser mulleres e a que engade o feito de seren conformantes dunha familia de carácter monoparental. As consecuencias agrávanse ao teren máis problemas no acceso ao emprego, sendo vítimas das fendas salariais, dunhas peores condicións de traballo e da economía somerxida, etc.

A pesares de que hai moitas diferenzas dentro destas familias en canto ao motivo da monoparentalidade, por exemplo, (por libre elección ou por circunstancias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sobrevidas), todas elas comparten realidades semellantes en canto á dificultade de conciliar a vida persoal, familiar e laboral, a precariedade e a inestabilidade laboral e a falla de apoio institucional, que dan lugar a un risco de pobreza e exclusión social, segundo o IGE, do 44% nos fogares monoparentais, duplicando a taxa de pobreza relativa con respecto ao resto das familias (arredor do 20%), sendo o risco de pobreza ou exclusión de máis de vinte puntos porcentuais de diferenza se as comparamos coas familias biparentais. A pobreza deste grupo de familias débese a que non existen políticas que teñan en conta as súas realidades concretas, empobrecéndoas por esta invisibilización e colocándoas nunha situación de maior vulnerabilidade fronte a outros modelos familiares. É por iso que moitas destas familias ven mermada a súa autonomía e estancado o desenvolvemento profesional, pola falla de políticas integrais de recoñecemento, protección e corresponsabilidade.

Ter a este conxunto de familias monoparentais baixo o mesmo paraugas de políticas que ao resto de familias, baseándose na biparentalidade, sen crear políticas sociais específicas e sen ter en conta que un só proxenitor está a cargo da unidade familiar, acarrea todo tipo de discriminacións indirectas, indo en contra da propia Constitución Española. Neste momento no que o goberno central está a tramitar unha nova lei de familias e sabendo que a norma que aplica a Xunta de Galiza é insuficiente, precisamos de que ambas administracións avancen nun texto lexislativo que cubra as grandes eivas existentes, onde os dereitos dos nenos e nenas primen na regulación das familias monoparentais, sen seren discriminados por a indiferenciación como ocorre na actualidade, sen acadar a equidade coas outras crianzas por unha cuestión que precisa tan só de vontade política, que necesita levar a cabo medidas que supoñan un marco protector e preventivo para estes casos de xeito inmediato.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Crear coa maior premura posible o Rexistro de Familias Monoparentais de Galiza e o carné de familias monoparentais, que permita acreditar a condición destas familias e acceder a todas as vantaxes que están pensadas para elas.
2. Modificar a definición de familia monoparental por unha máis inclusiva poñéndose de acordo coas asociacións que traballan neste ámbito.
3. Recoñecer as familias monoparentais cun só fillo coma familias numerosas en canto ás vantaxes que poden recibir.
4. Equiparar os todos os permisos dirixidos a coidar aos fillos/as para garantir a non discriminación, mediante a duplicidade dos mesmos, garantindo así mesmo a prestación por lactante que agora se denega porque non existe un pai.
5. Poñer en marcha de programas específicos nos que se evalúe o índice de pobreza das familias monoparentais e se creen medidas para combatela, de xeito transversal coas distintas consellerías.
6. Eliminar de xeito inmediato o trámite polo que se xustifica cada dous anos, mediante achegamento de documentos e declaración xurada do proxenitor, a condición de familia monoparental.”

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e **Iago Suárez Fernández** e das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a praga da rata toupa que está afectando as terras agrarias en concellos da montaña de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En determinados concellos da montaña de Lugo, concretamente nas Nogais, Baralla, Cervantes, Folgoso do Courel, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela comezaron polo ano 2019 determinados procesos explosivos de roedores da familia Microtinae, en concreto Arvicola scherman, comunmente denominada rata toupa. Este animal é unha raza autóctona propia das zonas de montaña, aliméntase da herba por baixo da superficie e causa grandes danos cando a súa poboación medra. Esta explosión converteuse en praga que provoca danos inasumíbeis nos pastos da montaña.

No ano 2020 a propia consellería do medio rural falaba que a superficie afectada pola rata toupa en diferentes concellos da provincia de Lugo sitúase nas 1.629,63 hectáreas, nun total de 2.995 parcelas

Dende o BNG presentamos varias iniciativas na lexislatura pasada para que dende a consellería do medio rural e a Xunta de Galiza se actuase sobre esta praga, se dotaran de recursos e fixeran as investigacións pertinentes e que se establecesen indemnizacións ao sector que está a sufrir cuantiosos danos na produción das súas fincas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A raíz destas propostas do BNG a consellería sacou unha orde de axudas no ano 2023 na que se incluían como beneficiarios destas axudas os titulares de explotacións gandeiras situadas nos concellos das Nogais, Baleira, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Samos ou Triacastela. Nesta orde figuraban referencias planimétricas das parroquias e zonas afectadas pola praga da rata toupa

A consellería do Medio Rural fixo publicidade desta orde de axudas na que o importe de axuda que se concedería a cada beneficiario sería de 300 €/ha. A realidade foi ben distinta, unha vez mais o goberno da Xunta de Galiza engana aos gandeiros galegos, e a axuda final nos pagamentos realizados da mesma a penas se acadaron os 93 €/ha. Esta axuda mísera non alcanza para nada os danos causados por esta praga a que a consellería do medio rural e a Xunta non dan solución.

Para máis preocupación do sector agrogandeiro e das labregas e labregos a praga sigue estendéndose, xa se fala de 8000 has afectadas. Por outra banda os investigadores necesitan mais recursos para seguir traballando.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Establecer as medidas precisas para o control da praga da rata toupa nos concellos afectados
- Abrir a liña de axuda para o 2024 que satisfaga as perdas xeradas pola rata toupa nas superficies agrarias afectadas.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Iago Suárez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 03/05/2024 11:35:23

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/05/2024 11:42:21

Iago Suárez Fernández na data 03/05/2024 11:42:51

Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2024 11:43:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a modificación puntual do Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal-Proxecto de Interese Autonómico (PIA) do asentamento industrial de ENCE en Lourizán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de outubro de 2021, a empresa ENCE reiniciou a tramitación urbanística da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do complexo industrial de Lourizán, co obxecto de levar a cabo diversas actuacións que terían un indubidábel impacto na contorna, na ría e na paisaxe.

Esta modificación foi sometida daquela a información pública e conta con informes desfavorábeis de varias administracións: do Ministerio para a Transición Ecolóxica, do concello de Pontevedra e do concello de Marín, que esgrimen entre outros os seguintes argumentos:

- Incremento do volume, altura e ocupación do espazo de dominio público.
- Inexistencia de parámetros de augas residuais que se van verter.
- Falta de integración paisaxística das actuacións.
- Impacto negativo significativo sobre a biodiversidade e sobre as augas da ría de Pontevedra, declarada zona sensíbel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Importante impacto visual, non suficientemente xustificado no documento inicial estratéxico (só xustifica a integración dentro do propio complexo industrial, consolidando máis a paisaxe industrial ao borde do mar).

Malia aos informes negativos emitidos por persoal técnico de diferentes administracións, o goberno galego segue adiante coa tramitación do proxecto: así, o pasado 14 de xaneiro de 2022 fíxose público o documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica da modificación puntual número 1 do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra), promovido por ENCE Energía y Celulosa, S.A.

O concello de Pontevedra presentou alegacións á aprobación desta modificación do PSIS-PIA argumentando que suporía incrementar substancialmente a ocupación e o volume das instalacións industriais, con diversas edificacións que chegan a acadar os 70 metros de altura, con un indubidábel impacto paisaxístico e ambiental nunha zona sensíbel e que foi incluída no Plan de Ordenación do Litoral como Área de Mellora Paisaxística.

Segundo os informes técnicos, as actuacións previstas supoñen o incremento da ocupación actual e un incremento de edificabilidade: incremento en máis do dobre da ocupación da parcela, incremento nun 42% da zona destinada a uso industrial pasando a ocupación de 65.578 a 157.815 m². Incremento da edificabilidade, que pasa de 89.946m² a 161.297m².

Entre as edificacións previstas figuran: unha nova liña de astalado de 30 m de altura, tanques de lixivia de 20 m, reactores de peróxido de 45 m, un “Scrubber catalizador para Nox da caldeira de recuperación” de 60 m de altura e unha cheminea multitubular de 100 m de altura.

A modificación prevista incrementará notabelmente os efectos negativos sobre o territorio, a paisaxe, o ciclo da auga, o dominio público marítimo-terrestre e a ría de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pontevedra. Ademais, as actuación previstas entran en contradición coa lei de Costas, coas Directrices de Ordenación do Territorio e co Plan de Ordenación do Litoral.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a atender os informes e alegacións presentadas por diferentes administracións en relación coa modificación do proxecto sectorial de incidencia municipal-PIA do complexo industrial de ENCE en Lourizán e, en consecuencia, desbotar a citada modificación.”

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 03/05/2024 12:03:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 03/05/2024 12:04:03

Luis Bará Torres na data 03/05/2024 12:04:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a vacina da lingua azul.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lingua azul é unha enfermidade vírica (familia Reoviridae) que afecta a ruminantes domésticos e salvaxes e que a nós en Galiza nos atinxe en especial no grupo do ovino e o bovino, onde os primeiros son os máis afectados pola doenza, mentres bovino e caprino son, en moitos casos, asintomáticos e portadores. Transmitida pola picadura de certas especies de mosquitos do xénero Culicoides, variando a gravidade da enfermidade segundo o serotipo e a especie, trátase dunha enfermidade de Declaración Obligatoria (Real Decreto 779/2023), cun período de incubación de 5 a 10 días.

No caso da lingua azul, podemos facerlle fronte loitando contra os vectores con distintos tipos de insecticidas e antiparasitarios, que os propios gandeiros e gandeiras custean e aplican, pero ademais temos unha vacina que se comezou a usar no 2023 por parte da Xunta de Galiza, xa que temos un programa vacinal aprobado no noso país (ao principio desenvolto na provincia de Pontevedra e Ourense, engadindo Sarria, Terra de Lemos-Quiroga e Chantada). Con dita vacinación prevense a enfermidade clínica e interrómpeuse o ciclo do virus da lingua azul no medio ambiente, de xeito que se trata con ilo de minimizar as perdas económicas pola infección dos animais, permitindo o seu transporte e a súa comercialización entre as distintas rexións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A loita contra a enfermidade no estado español e por extensión en Galiza lévase a cabo, polo tanto, mediante programas de vixilancia, de vacinación e de control de movementos dos animais sensibles, reducindo a incidencia e a gravidade dos gromos.

A Consellería de Medio Rural iniciou o programa de vacinación no noso país o 7 de marzo do pasado ano, invertendo segundo os datos que fixeron públicos 2,4 millóns de euros e no que participou persoal propio, persoal contratado, persoal das ADSG e clínicos privados, de xeito que non é unha información veraz que a vacinación que se executou se levara a cabo de xeito urxente nin fora gratuíta, xa que aínda que o medicamento o era para todos estes profesionais, os de carácter privado cobraban polo seu traballo, como era previsto. Dada a premura coa que se tivo que facer tal campaña de vacinación e a falla de profesionais autorizados para levala a cabo, moitos gandeiros e gandeiras, especialmente os adicados a razas de aptitude cárnica, viron como tiñan durante varias semanas os seus animais destinados a venta inmovilizados, co conseguinte custe económico que iso supón, agardando que o persoal da Xunta ou de TRAGSA chegara para comezar coa pauta vacinal. Moitos deses animais remataron sendo vacinados por persoal privado, cuxa desinformación era total, engadindo a isto que a vacinación, de carácter obrigatorio, non se fixo de xeito gratuíto como se quixo facer ver por parte da administración, que non era capaz nin sequera de darlle aos afectados unha data aproximada na que a súa explotación estaría vacinada. Ademais e, por unha cuestión de desorde, desinformación e falla de comunicación, os grupos de veterinarios de TRAGSA que naquel momento se adicaban á campaña de saneamento, víronse obrigados a suspendela durante case un ano para adicarse a vacinación e revacunación a tempo completo, en moitos casos chegando fóra de prazo a revacunacións, como moitos gandeiros e gandeiras expuñan naquel momento.

Foi tal a desorganización no plan vacinal, que no 2023, na época do ano na que máis demanda de carne existe no noso país de carne de vacún (a partires de xullo), as medianas e pequenas industrias cárnicas tiñan que achegarse a zonas non restrinxidas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para aprovisionarse de materia prima, xa que nas súas zonas de orixe resultaba practicamente imposible conseguir carne de vacún, ao non poder ir os animais ao matadoiro pola falla da pauta vacinal completa. Mais logo, cando a primeira remesa de animais puido saír ao mercado e pola enorme oferta que había ao ser un gran número de saídas coincidentes no tempo, o prezo das canais baixou. É dicir, estes animais permaneceron gastando en insumos un mes máis do necesario e foron vendidos a un prezo menor do desexado. Todo isto por unha completa falla de previsión por parte da Xunta de Galiza, que deixou ao seu persoal só ante tal avalancha de vacinacións.

Neste caso, coma en case todos os asuntos relacionados co medio rural e coa actividade agragandeira, os afectados últimos por esta normativa, foron vítimas dunha completa desinformación, engadindo que a norma non estaba clara e a súa aplicación cambiaba constantemente, tanto no momento da primovacinação, coma no das distintas versións da aplicación usada polos veterinarios onde se gardaban os datos para que a Xunta dispuñera deles, etc. Foi, dende calquera ángulo que se analice, unha improvisación sin ningún tipo de criterio de orde, que gandeiros e gandeiras sufriron e voltarán sufrir este ano 2024.

Nesta nova campaña vacinal, que recén acaba de comezar, as costumes son as mesmas, e a petición dos afectados de que os animais que sexan destinados a matadoiro nunha idade temperá non sexan vacinados quedou no esquecemento, medida que tanto tratantes coma gandeiros solicitaban á Xunta de Galiza. Ditos animais, becerros carniceiros que non se destinan á recría e que teñen como finalidade a produción de carne onde o sacrificio non é tardío, sofren de grandes niveis de estrés durante a vacinación que afectan a calidade das canais (presenza de ácido láctico), habendo incluso lesións nelas pola inoculación e traumatismos derivados polo propio nerviosismo que suscita o proceso no que se leva a cabo a inxección por parte do facultativo en cuestión, xa que son animais de bastante idade e un peso considerable cuxa capacidade ósea non se corresponde co seu peso muscular, sendo moi frecuentes as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fracturas a esas idades. Moita parte destes animais transpórtase a matadoiro nos días seguintes á vacinación, de xeito que esta non cumpre o seu obxectivo, ademais de ser un gasto innecesario para a administración e o gandeiro e un risco económico para este último.

O obxectivo do BNG é que a administración e o sector primario, de forma conxunta, logren a eficiencia produtiva e a seguridade alimentaria, complementándose nas súas actuacións e responsabilidades, coa creación dun sector primario forte que sexa tomado en conta nas actuacións do goberno da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Consensuar co goberno do estado a modificación da medida necesaria para que os becerros carniceiros destinados a sacrificio nunha idade temperá non sexan vacinados para a Lingua Azul.
2. Indemnizar con contías acordes cos prezos de mercado aqueles animais con canais afectadas no punto de inoculación e que son susceptibles de decomiso, total ou parcial.
3. Indemnizar aos propietarios dos animais que sufran reaccións adversas ou anafilácticas tanto á vacina coma a medicamentos que na súa composición contén co excipiente povidona iodada, previo informe do veterinario clínico que xustifique tal reacción, cause ou non a morte, con indemnizacións adecuadas a cada caso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Proceder de inmediato a unha campaña de información sobre o plan vacinal, as épocas nas que se realiza e as datas aproximadas nas que se visitarán as explotacións, para que os gandeiros e gandeiras poidan facer unha previsión de dita acción.

5. Valorar o persoal necesario para levar a cabo dita campaña de vacinación, que permita realizala con garantías e de xeito totalmente gratuíto en tempo e forma.”

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 03/05/2024 12:54:27

Sonia Vidal Lamas na data 03/05/2024 13:03:47

Secundino Fernández Fernández na data 03/05/2024 13:03:54

Luis Bará Torres na data 03/05/2024 13:05:20



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A orde de data 10 de outubro de 2023, publicada no DOG de data 20 de outubro establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR651A e MR651B).

Os artigos 21 e 24 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, establecen medidas de apoio á prevención e defensa contra os incendios forestais.

Como resposta ás disposicións do citado Regulamento (UE) 1305/2013, a Xunta de Galicia elaborou o Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia para a etapa 2014-2020, no que se inclúe a submedida 8.3 «Prevención de danos causados por incendios forestais, desastres naturais e catástrofes». O PDR 2014-2020 foi aprobado por Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado por última vez mediante



a Decisión de execución da Comisión C (2023) 1540 final, do 28 de febreiro de 2023.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, así como a Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal, son o réxime xurídico específico aplicable ás actuacións da orde.

Por outra banda, a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, establece no seu artigo 25 que a Consellería do Medio Rural daralle aos montes veciñais en man común carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora da produción agraria e na concesión de axudas económicas para as mesmas finalidades.

Por iso, o obxecto desta norma é establecer as bases reguladoras da concesión de subvencións que poderán percibir as persoas titulares de montes veciñais en man común (MVMC), as súas agrupacións e as sociedades de fomento forestal (Sofor), para a posta en marcha das actuacións preventivas recollidas na lexislación galega sobre incendios forestais e a súa convocatoria para o ano 2023 en réxime de concorrència competitiva.

Esta incentivación na colaboración dos titulares de montes veciñais en man común e as Sofor na realización de traballos de silvicultura preventiva contribuirá a minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción destes montes, de gran importancia na nosa comunidade e, en conxunto, sobre a fauna, a flora e a paisaxe de Galicia.



Pese a realizar as tarefas de prevención con anterioridade á tempada de verán, nesta data inda non hai resolución da dita subvención polo que tanto as CMVMC como as entidades que poden solicitálas non poden realizar as actuacións de prevención de incendios.

Este atraso é cualificado polo Grupo Parlamentario Socialista como preocupante ademais de que denota unha total falta de planificación e desatención da tan necesaria prevención na loita contra os lumes que asolan a nosa terra.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que reverta a parálise existente na Consellería do Medio Rural na resolución das ordes de concesión de subvencións para a prevención de incendios forestais

Parlamento de Galicia, 3 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/05/2024 13:30:38

Lara Méndez López na data 03/05/2024 13:30:50

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/05/2024 13:31:00



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É unha realidade que en Galicia hai un problema de ategamento tanto nas listas de espera para obter unha praza nas residencias de maiores como en calquera outra das prestacións que promove a Lei de autonomía persoal.

A través de informes da Valedora do Pobo e mesmo das queixas reiteradas que se formulan a través dos equipos socio comunitarios, as familias están a padecer unha distorsión constante á hora de facer valer os seus dereitos respecto á lei.

Listas de espera para ser recoñecido os dereitos, listas de espera para obter a valoración, listas de espera para obter as libranzas, listas de espera para optar a unha praza nunha residencia. E mesmo estamos sen saber como vai a solucionar a Xunta de Galicia toda esta problemática.

Esta situación pon tamén en alerta aos concellos que se ven desbordados pola falta de previsión da Xunta de Galicia á hora de informar sobre outras prestacións como son os bonos de 5.000 euros e de 1.200 euros que tamén terán que tramitar desde fai uns meses.

Ademais, o Tribunal Supremo vén de recoñecer en Andalucía o dereito dunha familia a percibir a libranza económica que lle foi concedida para os coidados



dunha familiar, mesmo cando ela xa tiña falecido e non chegara a percibir a prestación que lle foi recoñecida con posterioridade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a definir o plan estratéxico de implantación de novas residencias en Galicia, así como a conceptualización das mesmas.

Santiago de Compostela, 3 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/05/2024 14:02:55

Elena Espinosa Mangana na data 03/05/2024 14:03:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/05/2024 14:03:10



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para o desenvolvemento industrial da comarca de Bergantiños, Ordes e Santiago e por motivos de seguridade viaria e diminuír o tránsito de vehículos pesados na AC-552, é urxente acometer a execución da variante da circunvalación de Carballo, que na súa primeira fase conectará o polígono industrial de Bértoa en Carballo coa zona sur da localidade, e permitirá ampliar o devandito polígono industrial.

A realización da variante é unha infraestrutura prioritaria para a próxima lexislatura, que apoian tanto a comunidade de propietarios do polígono de Bértoa coa análise feita pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Non é a primeira vez. Xa hai apenas dous meses, en decembro, a comisión de infraestruturas da CEG trasladou á conselleira de Infraestruturas, a importancia de acelerar os trámites de execución da estrada de circunvalación de Carballo, que cualificaba como unha infraestrutura estratéxica para mellorar a conectividade das comarcas de Bergantiños, Ordes e Santiago.

Despois dunha azarosa tramitación que comeza no 2005, cun proxecto aprobado no 2013 e deixado caducar, a Xunta de Galicia adxudica a actualización dos documentos dunha primeira fase en decembro de 2020, cun prazo de 20 meses. A pesar de que o prazo para a súa redacción era de 3 meses o Estudo de Impacto Ambiental non se somete a información pública ata o 28 de xuño do 2022.



Por outra banda, ante a inacción do Goberno galego do PP, na Xunta presidida por Emilio Pérez Touriño aprobouse o Plan Director de Estradas que no que se incluíu o proxecto de execución da infraestrutura da variante.

No ano 2009 inícianse os sucesivos gobernos do PP. No ano 2009 o expediente sigue o seu curso e a nova administración encarga e aproba o Proxecto de Execución da obra.

O 21 de abril de 2010 a Xunta adxudica a "Enxeñeiros e Arquitectos Idom, S.A." a redacción do Proxecto construtivo por importe de 263.516,98 €.

O Proxecto construtivo foi aprobado en 2013.

O último ano que aparece o proxecto nos presupostos é o 2011:

2011	2012	2013	2014 e seguintes
153.000	3.100.000	7.000.000	4.700.000

Entre o 2011 e o 2020 o Proxecto desaparece completamente a excepción da proposta de emenda ós presupostos sucesivos que se facía dende Bergantiños.

Os estudos de tráfico citados antes veñen a demostrar que Carballo está afogado no tráfico rodado. Está resolto o tráfico que circula polo eixo Coruña-Arteixo-Carballo-Fisterra, con variantes cara as poboacións da Costa da Morte; pero non a circulación norte-sur. O tráfico lixeiro e pesado que proceda do Eixo Coruña-Arteixo-A Laracha-Polígono de Bértoa (Carballo) e dos Concello de Coristanco, Malpica, Ponteceso e Cabana ten necesariamente que cruzar o casco urbano de Carballo coa correspondente sobrecarga e perigo. Case a diario hai transportes pesados que quedan atrapados por non existir unha ruta clara que poida ser sinalizada.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a requirir ao departamento con competencias en materia de infraestruturas públicas a Xunta de Galicia para no ano 2024 inicie a licitación da execución da obra pública da variante da circunvalación de Carballo, que na súa primeira fase conectará o polígono industrial de Bértoa en Carballo coa zona sur da localidade, e permitirá ampliar o devandito polígono industrial.

Santiago de Compostela, 3 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 03/05/2024 15:22:32

Carlos López Font na data 03/05/2024 15:22:41

Paloma Castro Rey na data 03/05/2024 15:22:48

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/05/2024 15:22:54



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As prácticas irregulares, no seo do ámbito público, e de forma particular nos contratos feitos durante a pandemia- cando moita xente estaba a sufrir- foi e é unha das cuestións que máis preocupan á cidadanía do noso tempo por ser contraria á legalidade e á ética e integridade pública. Malgasta os recursos públicos, aumenta a desigualdade económica e social, alimenta o descontento e a polarización política e diminúe a confianza nas institucións. A mera existencia dun conflito de intereses non constitúe un caso de corrupción. Agora ben, se non se xestiona adecuadamente, o conflito de intereses pode dar lugar a favoritismos, abusos de poder, tratos discriminatorios, falta de imparcialidade e obxectividade.

A situación provocada como consecuencia da pandemia derivada da COVID 19 xerou unha relaxación dos controis na licitación e adxudicación de contratos públicos, o que, en non poucos casos, deu lugar a importantes irregularidades, consecuencia de comportamentos ás veces arbitrarios, e outras moitas pola falla de rigor e control.

O Consello de Contas de Galicia, que é o órgano que fiscaliza as contas do sector público galego e que tamén ostenta as competencias legais de prevención da corrupción do Sector público Galego, constatou importantes irregularidades e deficiencias na contratación de emerxencia que fixo o Goberno galego durante a crise sanitaria.



Neste sentido, a fiscalización realizada polo Consello de Contas respecto da contratación de emerxencia efectuada polo Servizo Galego de Saúde entre marzo de 2020 e maio de 2021 constatou a existencia de importantes irregularidades, incumprimentos legais e a conculcación dos principios básicos da contratación pública e do bo goberno, que inspiran o funcionamento da administración e que aconsellan promover un mínimo de concorrência, transparencia, motivación da urxencia e a comprobación da aptitude e capacidade técnica dos adxudicatarios.

Asemade, no derradeiro informe do Consello de Contas publicado en marzo do 2024 detectouse a concentración de contratos de emerxencia en 11 empresas adxudicatarias (vexase anexo I do Informe do Consello de Galicia) por importes superiores a dous millóns de euros por contrato (anos 2019, 2020 e 2021), no que se identifican empresas adxudicatarias nas que podería existir conflito de intereses. Resulta significativa a concentración das adxudicacións nun número reducido de empresas, cuxo obxecto social, nalgúns casos, nada ten a ver coa importación, distribución ou fabricación dos produtos contratados.

No 2020 case a metade do máis de 80 millóns de euros adxudicados se reparten en 11 empresas, e no 2021 son unicamente 4 empresas as destinatarias de 2 de cada 3 euros contratados pola vía de emerxencia.

Segundo a definición legal: un conflito de interese existe desde o momento en que concorre un interese privado (familiar, persoal, de amizade, de interese político) que puidera influír sobre o resultado da adxudicación dun contrato, en prexuízo do interese xeral, da transparencia do procedemento e da igualdade de trato dos licitadores.

Ademais, o Consello de Contas evidencia irregularidades nos contratos de emerxencia do goberno galego: falta de transparencia, expedientes insuficientemente xustificadas como de emerxencia, falta de solvencia técnica



das empresas que non se dedicaban ao subministro do material sanitario nin ao rastreo das persoas contaxiadas, desfases de centos de miles de euros nas adquisicións de subministros dos contratos de máscaras contratos verbais, documentos de formalización sen data ou incumprimento de requisitos formais nos expedientes de emerxencia.

Por outro lado, se se facemos unha comparativa dos informes de fiscalización feitos por outros órganos de control externo, tanto autonómicos como do propio o Tribunal de Cuentas do Estado, Galicia foi unha das Comunidade Autónoma que máis incumpriu os requisitos legais dos contratos de emerxencia.

A día de hoxe descoñecemos que foi dos 159 millóns de euros de fondos covid para sanidade enviados polo goberno central a Galicia pero que se atopan en destino descoñecido, cando o único que sabemos de certo é que non foron dedicados á Sanidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego:

1. Insta a Xunta de Galicia a Inmediata regulación da prevención, detección, persecución e sanción dos conflitos de intereses -máis alá da regulación das esixencias dos Fondos Next Generation EU- como sucede noutras comunidades autónomas que teñen normativa máis rigorosa ao respecto, para evitar que se repitan este tipo de feitos baixo o paraugas dunha normativa galega “laxa” nesta materia.
2. Acorda, previo os trámites legais e regulamentarios previstos, solicitar ao Consello de Contas, no marco da súa función fiscalizadora selectiva, a realización de maneira inmediata dunha auditoría de resultados ou un



traballo de avaliación no seo da prevención da corrupción, que se focalice nos contratos adxudicados ás empresas identificadas na relación da concentración de entidades adxudicatarias, vistas as irregularidades e riscos de conflitos de intereses detectados polo propio Consello de Contas.

Santiago de Compostela, 6 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/05/2024 17:33:56

Paloma Castro Rey na data 04/05/2024 17:34:07

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/05/2024 17:34:17



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de decembro o Parlamento de Galicia aprobou os seus orzamentos para o ano 2024, condicionados á aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado, que establecerán a marxe orzamentaria financeira que deberán cumprir as administracións.

En aplicación da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) e de conformidade co seu artigo 15, o Consello de Ministros aprobou, o pasado 12 de decembro de 2023, o Acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026, así como o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para 2024.

Este acordo establece un obxectivo de déficit para todas as administracións do Estado do 3 % do PIB en 2024 (2,7 % en 2025 e 2,5 % en 2026). Un acordo e uns obxectivos, lembremos, que foron aprobados por Bruxelas.

O documento, que recibiu o visto e praxe de Bruxelas, recolle o obxectivo do 3 % de déficit distribuído por subsectores dun xeito máis estrito para as comunidades autónomas e entidades locais, esixindo ás comunidades



autónomas equilibrio orzamentario e ás entidades locais un superávit orzamentario de +0.2 %.

O Goberno de España tentou durante estes anos de goberno dar maior marxe de financiamento ás comunidades autónomas, que son as que garanten o estado do benestar. Son as competentes en prestar os servizos públicos básicos de sanidade, educación e protección social. E, neste mesmo sentido, aprobouse unha senda de estabilidade que supón unha flexibilidade nos obxectivos para as comunidades autónomas e entidades locais.

Deste xeito, fronte ao obxectivo inicial de equilibrio orzamentario para todas as comunidades autónomas, propónse un déficit do 0,1 % en 2024, tal e como se propón no Consello de Política Fiscal e Financeira, obtendo informe favorable na súa sesión do 11 de decembro. Nas entidades locais, tal e como propón a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), os concellos e outras entidades locais xa non terían que acadar un superávit do 0,2 % en 2024 e situaríanse en equilibrio orzamentario.

Trátase, polo tanto, dunha marxe adicional para comunidades autónomas e entidades sociais de tres décimas máis, equivalente a máis de 4.570 millóns de euros (4.573,2 millóns), que recae na Administración Xeral do Estado:

- Unha décima máis de marxe para as comunidades autónomas: máis de 1.500 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.
- Dúas décimas máis de marxe para as entidades locais: máis de 3.000 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.

Pero a pesar da flexibilidade para comunidades autónomas e entidades locais, que estas medidas significan, o PP tanto no Congreso dos Deputados como no Senado uniu os seus votos cos da extrema dereita para rexeitar estes acordos, a pesar de que a quen máis prexudica é aos gobernos autonómicos e locais.



É dicir, o PP vota en contra dun acordo do Goberno de España, que prexudica claramente os intereses económicos da nosa Comunidade Autónoma e, polo tanto, dos 2.699.424 de habitantes.

A senda de estabilidade proposta, foi aprobada no Congreso en dúas ocasións, o 10 de xaneiro e outra vez, o 29 de febreiro, co voto en contra do PP. Cando foron rexeitadas, no seu primeiro intento, no Senado, o Goberno volveu presentar os obxectivos de estabilidade a ambas Cámaras, de acordo co establecido no artigo 15.6 da LOEPSF, sendo rexeitados de novo no Senado, en segunda volta. Deste xeito, os obxectivos de déficit para a Administración Central, CCAA e EELL serán finalmente os fixados no Programa de Estabilidade do mes de abril, que xa conta coa aprobación das autoridades europeas.

É dicir, o resultado dun novo rexeitamento de PP e Vox no Senado á senda da estabilidade, leva consigo a redución da capacidade de financiamento vía déficit que terán as comunidades autónomas e entidades locais, concretamente, para esta comunidade supón 166 millóns de euros

Unha redución da capacidade de gasto que terá a Comunidade Autónoma de Galicia nas súas contas públicas, xa que agora terán que pasar a contemplar nelas un equilibrio orzamentario para 2024, fronte a marxe inicial de 0,1 % de déficit. Unha situación que prexudicará claramente á cidadanía de Galicia.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia:

1. Manifesta o seu apoio ao Acordo de Goberno polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026 e o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para o ano 2024, así como o Plan de reequilibrio elaborado polo Goberno de España, que contempla unha marxe de déficit de 0,1 % para 2024.
2. Insta ao Goberno galego a informar sobre as previsibles consecuencias do boicot do PP á senda da estabilidade nos Orzamentos autonómicos.
3. Esixe ao Goberno galego que explique por que o partido que o apoia concedeu menos capacidade de gasto nas competencias que son propias das comunidades autónomas, e que repercuten no benestar da cidadanía e no tecido produtivo da nosa rexión.

Santiago de Compostela, 6 de maio do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 3141
Data envío: 06/05/2024 15:37:08,258

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 06/05/2024 15:27:28

Paloma Castro Rey na data 06/05/2024 15:27:42

Elena Espinosa Mangana na data 06/05/2024 15:27:53

Julio Abalde Alonso na data 06/05/2024 15:28:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/05/2024 15:28:21

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

8859

@PSdeG



CSV: BGRSTB9G3KwGtpv4n1-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de modificar o enlace de acceso á vila de Salceda de Caselas a través da estrada autonómica PO-510.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A PO-510 é unha estrada pertencente á rede primaria básica da Xunta de Galiza. Parte da parroquia de Atios, no concello do Porriño e descorre polo concello de Salceda de Caselas ata a parroquia de Oleiros en Salvaterra de Miño.

Esta estrada autonómica de pouco máis de 15 km. permite acceder ao centro da vila de Salceda de Caselas a través dun enlace coa PO-411 na Ponte da Lagoela, que transcorre de xeito elevado, xusto ao carón dos balcóns das edificacións construídas e habitadas ao marxe da mesma estrada, amáis de incrementar o tráfico no centro urbano, sendo inseguro para as peóns.

Este é un enlace que separa a parroquia de Parderrubias co centro da vila e que conleva que os vehículos que acceden dende a parroquia cara O Porriño, están obrigadas a entrar no tráfico da vila para poder coller a saída correspondente.

No ano 2019 esta cuestión foi tratada co xefe territorial de infraestruturas e mobilidade e o xefe da AXI de Pontevedra, onde lembrouse a importancia de que a Xunta acometera o proxecto de remodelación deste enlace, fundamental para mellorar a seguridade nun punto no que se levan producido numerosos accidentes polas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incorporacións que teñen que realizarse na propia ponte, que veñen a demostrar a perigosidade do enlace.

O proxecto xa fora presentado en marzo do 2018 no Concello pola Xunta, pero dende aquela non foron quen de licitar nin planificar no tempo a súa realización.

A solución proposta no seu momento pola Xunta de Galiza pasaba pola construción de dúas glorietas a ámbolos dous lados da ponte, que facilitaban todas as incorporacións e cambios de dirección perigosos, reducindo as incidencias.

Pero esta solución que a Consellaría propuña non se chegou nunca a plasmar nun estudo técnico serio con todas as alternativas posibles para consensuar co Concello, colectivos sociais e a veciñanza en xeral.

Estamos a falar dunha proposta fundamental para Salceda, e para garantir a seguridade das persoas que acceden ao municipio por ese enlace, o principal xunto co da Gándara.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- A través da Consellaría de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a elaboración dun estudo que valore as distintas opcións da reordenación necesaria no enlace para facilitar os distintos accesos ao vial, a vila e as distintas parroquias de Salceda dun xeito fluído e o máis directo posible.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Compartir este estudo e as distintas solucións a través dun proceso de participación coa administración local e colectivos sociais e veciñais.

3. Planificar e programar as distintas fases deste proxecto que debe ser un dos prioritarios para desenvolver pola Consellaría de Vivenda e Planificación de Infraestruturas nos vindeiros anos.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 06/05/2024 16:38:42

Cristina Fernández Davila na data 06/05/2024 16:38:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Carmela González Iglesias** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a inclusión do comercio ambulante no programa bono Activa Comercio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza convocou o pasado mes de abril o Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Galiza a través dos bonos Activa Comercio que teñen como obxectivos “incentivar a demanda comercial, axudando economicamente ás persoas consumidoras, así como fomentar o consumo nos establecementos comerciais retallistas adheridos á campaña”. Engade nos seus obxectivos o de “propiciar o fortalecemento do sector comercial retallistas da Comunidade Autónoma de Galiza, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras en comercios, mellorar o fondo de manobra dos establecementos comerciais e paliar o impacto negativo derivado da actual situación inflacionista”.

No Anexo I da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión destas axudas recóllense os grupos e epígrafes do IAE dos comercios que poden adherirse ao programa bonos Activa Comercio, nesta relación non aparece o grupo 663 correspondente ao comercio polo miúdo fora dun establecemento comercial permanente (ambulancia, feiras e mercados ocasionais ou periódicos).

No noso país existe unha rede de feiras e mercados ambulantes que en moitos casos supoñen un servizo esencial para moitas persoas que viven no rural e non poden





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acceder a establecementos comerciais fixos e de non comprar nestes lugares vense obrigadas a desprazarse a quilómetros de distancia.

Actúan tamén como axentes fundamentais para a vida dos pobos, Incentivan o comercio de proximidade e, en moitos casos, son fundamentais para a dinamización das rúas e barrios de Galiza, asemade son axentes imprescindibles para evitar a despoboación do rural galego.

Ademais a celebración de mercados e feiras activa a economía local xa que as persoas que mercan nestes lugares fano tamén no comercio local e consumen na hostalería.

A exclusión destes negocios do programa bono Activa Comercio é unha medida discriminatoria, xa que o comercio ambulante tamen está a sufrir a actual situación inflacionista e precisan de medidas para o seu fortalecemento e para dinamizar a actividade comercial promovendo as compras nos seus negocios, así como mellorar o seu fondo de manobra e paliar o impacto negativo derivado da actual situación inflacionista.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta ao Goberno Galego a incluír ao comercio ambulante incluído no grupo 663 do IAE, correspondente ao comercio polo miúdo fora dun establecemento comercial permanente (ambulancia, feiras e mercados ocasionais ou periódicos), no programa Bono Activa Comercio.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Brais Ruanova Vilas-Boa

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2024 17:07:44

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/05/2024 17:07:48

Carmela González Iglesias na data 06/05/2024 17:07:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Carmela González Iglesias** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do sector do comercio galego e as medidas necesarias para a súa reactivación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do comercio galego é crítico. A perda de tecido comercial ven sendo continuada desde hai 15 anos, desde 2009 pecharon na Galiza 7630 pequenos comercios, segundo os datos do IGE.

O último informe da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias indica que hai 7.045 locais comerciais baleiros, unha cifra que se incrementou nun 38% na última década.

E a este panorama desolador hai que engadirlle o gran número de persoas que están a fronte dun negocio e que están a piques de xubilarse. Unha xubilación que, salvo en contadas excepcións, suporá a desaparición do negocio xa que non hai ninguén que continúe coa actividade.

As condicións coas que teñen que lidar día a día as persoas que tentan vivir dun pequeno comercio son moi, moi difíciles.

O comercio está en caída libre dende hai anos como consecuencia do avance das grandes superficies comerciais e do comercio en liña, así como pola liberalización





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abusiva dos horarios e dos períodos de rebaixas, se non se enfrenta esta realidade con medidas que vaian a a atallar estes problemas o apagamento comercial en Galiza vai ser imparable.

É preciso abordarmos a situación actual do comercio galego, en diálogo con todo o sector, para adoptar medidas que permitan a viabilidade do sector comercial galego.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é fundamental actuar con urxencia para garantir a supervivencia dos negocios e dos postos de traballo dun sector que constitúe un pilar da nosa economía, e non entendemos a pasividade da Xunta de Galiza ante a grave situación que atravesamos un sector que demanda da administración autonómica medidas que axuden a garantir a supervivencia do pequeno comercio.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta ao Goberno Galego a poñer en marcha un Plan integral de promoción do comercio de proximidade, contando coa participación activa de comercios, tecido asociativo e das organizacións sindicais, co fin de mellorar e fortalecer a posición competitiva do sector e frear a perda de tecido comercial froito da profunda crise que atravesa. Comezando por facer unha diagnose da situación actual do sector comercial galego para poder adoptar as medidas máis acidas para evitar a sangría continuada de negocios. E traballando logo en tres eixos principais: mellora da competitividade do sector, medidas que eviten o baleirado comercial e fomento do comercio sostible.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Brais Ruanova Vilas-Boa

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 06/05/2024 17:51:37

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/05/2024 17:51:48

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2024 17:51:56



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As obras de reforma da ponte da Milagrosa, en Carballo, e de creación dunha canle de augas altas nese punto, incluídas no plan de xestión do risco de inundación nas beiras do río Anllóns, obrigaron a pechalo desde o mércores día 6 de marzo ao tráfico rodado e peonil. O órgano de contratación da obra é Augas de Galicia.

O corte e a duración das obras manterase durante máis de 7 meses, polo que a concellería de Mobilidade elaborou un plan de tráfico con todos os roteiros alternativos e a Policía Local reforzará a súa presenza nas principais cruces coa finalidade de orientar a condutores e peóns durante os primeiros días, pero o concello esqueceuse de dar solución ó acceso peonil e atender ás protestas de moitos veciños e empresas que suman perdas económicas moi relevantes polo corte da rúa do Sol en Carballo.

Deste xeito, dous representantes dos empresarios do barrio carballés da Milagrosa e da rúa do Sol presentaron o 25 de abril de 2024 no Rexistro do Concello un escrito avalado por 47 negocios e 225 particulares no que piden tanto á Administración local como a Augas de Galicia a instalación dunha pasarela provisional móbil que permita o paso dos peóns na zona da ponte, onde se executan as obras para evitar as inundacións.



O concello manifesta que calquera tipo de actuación na canle do río, como sería a instalación dunha pasarela, require da autorización de Augas, que neste caso, ademais, é o organismo encargado da redacción do proxecto, da contratación e da dirección dos traballos, e polo tanto, o que debe articular as medidas correctoras necesarias. O alcalde de Carballo lembrou, así mesmo, que a competencia do Concello limítase, tal e como recolle o acordo de colaboración, á posta a disposición dos terreos e á ordenación do tráfico, como así fixo». De feito, neste sentido, os dous veciños presentes trasladáronlle o bo funcionamento das medidas implantadas neste sentido, como a rotonda provisional.

Do exposto, tanto por parte do Concello de Carballo como por parte de Augas de Galicia están discutindo a que Administración lle correspondería a competencia para a colocación da pasarela provisional peonil, demorando na súa toma de decisión e asunción de responsabilidade a solución ó problema que é urxente e perentorio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que requira, de forma urxente, a Augas de Galicia para que como órgano de contratación das obras, coloque a pasarela provisional peonil, que permitirá a mobilidade das persoas así como o acceso ós negocios afectados polas perdas patrimoniais das obras.

Santiago de Compostela, 3 de maio do 2024





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 3185
Data envío: 06/05/2024 19:44:52.660

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 06/05/2024 19:29:18

Carlos López Font na data 06/05/2024 19:29:28

Paloma Castro Rey na data 06/05/2024 19:29:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/05/2024 19:29:43

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

8871

@PSdeG



CSV: B6P5T8D3Y0K0Xjg9t6-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Oscar Insua Lema** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a fusión anunciada entre as entidades BBVA e SABADELL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer o interese do BBVA por realizar unha operación de fusión co Banco Sabadell. Tamén coñecemos nesta altura algunha reacción desde o ámbito político, nomeadamente o presidente da Comunidade Autónoma de Valencia que, conxuntamente coa patronal territorial, manifestou a súa preocupación así como o feito de estar a estudar con detalle a operación e máis a resposta que van dar.

Certamente o caso galego non é comparable en termos de cota de mercado ao valenciano mais no caso de confirmarse a fusión o resultado sería a creación da segunda entidade bancaria da Galiza con 176 oficinas e 1.143 persoas empregadas, so por detrás de ABANCA, o que aumentaría dun xeito evidente a xa elevadísima concentración de servizos bancarios e financeiros no noso país, reducindo aínda máis a competencia, dificultando o acceso ao crédito de empresas e particulares, aumentando as comisións, así como empeorando as condicións da retribución do aforro.

Por outra banda o nivel e calidade dos servizos bancarios e financeiros tamén se vería reducida pois é sabido que o primeiro efecto destas operacións é o de peche de oficinas e o despedimento de persoal coa escusa de eliminar duplicidades, o que como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adiantan desde fontes sindicais chega a superar en ocasións o volume de emprego da entidade de menor tamaño, sobrecargando de traballo ao persoal que a nova entidade conserve en detrimento tamén dos servizos que prestan ás persoas usuarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a

1. Realizar un informe sobre as principais magnitudes das dúas entidades, número de oficinas e clientes, e a súa localización territorial, depósitos e créditos que xestionan, así como en que condicións se prestan, e unha valoración dos efectos da fusión en termos de acceso aos servizos bancarios e financeiros no noso país, nomeadamente do acceso ao crédito, do cobro de comisións, e da retribución do aforro. Este informe trasladarase ao grupos parlamentarios

2. A reunirse coas centrais sindicais máis representativas das dúas entidades para valorar conxuntamente o informe anterior e sobre todo os efectos que para o emprego pode ter a fusión anunciada das dúas entidades.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/05/2024 11:14:13

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2024 11:18:54

Óscar Insua Lema na data 07/05/2024 11:19:14

Rosana Pérez Fernández na data 07/05/2024 11:20:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Pérez López**, **Daniel Castro García** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á modificación do Decreto 15/2011 para facilitar a conciliación e incidir positivamente na seguridade dos traballadores da arte do trasmallo diúrno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 15/2011, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galiza, recolle, no seu artigo 49, relativo ao horario dos trasmallos, que “2. O descanso semanal será obrigatorio desde as 12,00 do venres ata as 12,00 do domingo”.

O punto 1 do artigo 50, relativo ao réxime de calamento, recolle que “O uso do trasmallo deberá aterse a: 1. No horario de traballo diúrno, o calamento do trasmallo poderá realizarse dúas horas antes do orto e levantarse como máximo dúas horas antes do ocaso, no horario nocturno, o calamento poderá realizarse dúas horas antes do ocaso e levantarse como máximo dúas horas despois do orto, debendo, en ambos os dous casos, transportarse ao porto coa embarcación”.

Distintas confrarías de varias rías levan anos solicitando a modificación destes dous artigos do Decreto 15/2011, sen que ata o día de hoxe teñan recibido resposta por parte da Consellaría do Mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As súas reiteradas solicitudes non son froito de ningún capricho senón da longa experiencia que acumulan e dunha aspiración universal dos traballadores e traballadoras: A conciliación e a adecuación dos seus horarios de traballo e o seu descanso para poder desenvolver unha vida familiar o máis axeitada posíbel.

Ademais, a petición das confrarías para que o horario do descanso semanal establecido para o trasmallo se poida variar, baséase no que se contempla, tamén no mesmo Decreto 15/2011, para outras artes similares.

Así, o artigo 53 do mesmo, relativo ao horario para a arte do miño di que “o descanso semanal estará comprendido entre as 15,00 horas do venres ata as 9,00 horas do domingo”. E, en canto ao réxime de calamento para esta arte, o artigo 54.2 contempla que “A partir das 9,00 horas do domingo as embarcacións poderán saír do porto, pero non poderán calar os miños ata as 10,00 horas, e non poderán ser levantados antes das 00,00 horas do luns, durante este período os buques deberán regresar a porto e permanecer nel”.

É evidente que os horarios para o descanso e para o calamento do miño respectan en moita maior medida que os establecidos para o trasmallo a conciliación da vida laboral e familiar.

A maiores, tamén habería que ter en conta como inciden os horarios fixados na seguridade dos propios traballadores e nas propias embarcacións, sobre todo se se ten en conta que o trasmallo diúrno debe calarse dúas horas antes do orto, logo realizar a actividade pesqueira, levantar e, finalmente estar ás 12,00 do venres no porto para iniciar o descanso semanal.

É un tempo xa de por si moi limitado en condicións normais e aínda moito máis axustado se xorden imprevistos de calquera tipo, como é moi frecuente nesta actividade, que impedirían estar no porto á hora legal establecida.

A lóxica indica que o horario establecido para os miños, cuxo descanso semanal comeza ás 15,00 horas do venres, facilita a actividade, diminúe a presión á tripulación e, como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consecuencia, incide positivamente na seguridade, tanto dos traballadores como da embarcación.

A administración competente nesta materia debера ter comprobado xa que as modificacións solicitadas por distintas confrarías non prexudican a ningún outro sector nin a ningunha outra arte e, pola contra, redundan no beneficio, no benestar e na seguridade daqueles que empregan a arte do trasmallo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego á modificación dos artigos 49 e 50.1 do Decreto 15/2011, equiparándoos cos artigos 53 e 54.2 do mesmo, para facilitar a conciliación entre a vida laboral e familiar dos traballadores da arte do trasmallo diúrno e incrementar a súa seguridade no desenvolvemento da actividade pesqueira que realizan.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 07/05/2024 11:33:03

Carmela González Iglesias na data 07/05/2024 11:33:18

Daniel Pérez López na data 07/05/2024 11:33:26

Daniel Castro García na data 07/05/2024 11:33:34

Paulo Ríos Santomé na data 07/05/2024 11:33:42



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta é o principal promotor de chan empresarial en Galicia. Ten dispoñibles no mercado 330 parcelas, que suman un total de 793.459 metros cadrados, o que representa o 41 % do chan empresarial que está agora mesmo en venda.

O mapa galego debuxa unhas 150 áreas clasificadas urbanisticamente para o desenvolvemento deste tipo de actividades, distribuídas nas catro provincias. Cunha repartición desigual.

Nesta radiografía destaca unha zona próspera, a franxa atlántica, que aglutina a maior parte dos aproximadamente 50 quilómetros cadrados habilitados en territorio galego para o exercicio empresarial. Unha dinámica que contrasta coa gran bolsa de chan dispoñible nunha boa parte dos polígonos do interior, nos que o Instituto Galego de Vivenda e Solo, continúa facendo esforzos por poñer no mercado miles de metros (nalgúns casos a uns prezos cinco veces máis baratos que nas zonas máis tensionadas) deses parques empresariais creados á calor da burbulla inmobiliaria e caídos tras a crise económica do 2008. Galicia aseméllase á tendencia xeneralizada. E é que, en ocasións, a realidade non pode resultar máis contraditoria. Polígonos repletos de grandes e pequenas empresas, fronte a outras áreas semi baleiras. Porque, por non haber, non existe nin un censo oficial que poida dar unha cifra exacta do chan industrial dispoñible en Galicia; nin empresas asentadas, nin emprego xerado, nin riqueza creada.



Polo que resulta imprescindible que o Goberno galego regule a xestión integral de todos estes espazos, no que se faga unha diagnose no que se avalíe:

- A necesidade de chan industrial nos polígonos, así como a valoración da necesidade de ampliacións.
- Busca de maiores incentivos para a venda de solo industrial para lograr o asentamento e instalación de empresas, sobre todo en polígonos industriais das zonas interiores de Galicia, ou da comarca de Bergantiños ou Costa atlántica.
- Necesidade de realización de obras de conservación ou mellora das instalacións pola constatación de infraestruturas desgastadas.
- Avaliación sobre a necesidade de prestación de servizos complementarios nos polígonos industriais como son as redes de telecomunicacións e conectividade de internet, a existencia de liñas de transporte ao interior destes recintos, ou as melloras das comunicacións.

Algunhas comunidades autónomas xa aprobaron unha lei que define un criterio unificado de xestión, da que Galicia carece.

No ano 2024, non houbo incrementos significativos para a mellora e ampliacións dos polígonos industriais en Galicia. Así, no Diario Oficial de Galicia, o 19 de xaneiro de 2024 publicouse a orde das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia que está no momento actual en tramitación.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que:

1. Elabore neste exercicio 2024 un plan de mellora, promoción e desenvolvemento dos parques empresarias galegos, no que se inclúa un estudo da situación actual, equipamento e necesidades, e posibilidade



de ampliación, no que se estableza unha programación a cinco anos para o desenvolvemento necesario de cada un dos parques empresarias de Galicia.

2. Habilite dentro do dito plan unha programación de investimentos e dotacións a cinco anos para que os parques empresarias municipais teñan viabilidade e se adapten ás necesidades de solo empresarial na nosa comunidade.

Santiago de Compostela, 7 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 07/05/2024 11:40:45

Lara Méndez López na data 07/05/2024 11:40:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/05/2024 11:41:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Agolada é unha vila situada no extremo nordeste da provincia de Pontevedra, conformante da comarca do Deza, cunha poboación aproximada de 2319 habitantes segundo datos do INE, que foi decrecendo de xeito constante co paso dos anos, (nos últimos 30 anos perdeu o 60% da poboación). A súa extensión é de 147,9 km² repartidos en 24 parroquias, cuxos límites son naturais e veñen dados por a Serra do Farelo, o río Arnego e o río Ulla.

Durante anos o sector primario enfocado na actividade agrogandeira, que predominaba nesta zona xeográfica, foi abandonado ou menosprezado con políticas pouco adaptadas ao país, ao modelo de produción sustentable e á conservación do propio sector, que foi quedando lastrado e sen relevo xeracional que lle permitira a continuidade e, polo tanto, o aproveitamento e coidado das terras, xerando riqueza e evitando ser vítima dos lumes.

Agolada foi un exemplo claro do modo de gobernar do PP que, recentemente prometeu un investimento de diñeiro destinado á concentración parcelaria de varias parroquias deste municipio a través da Directora Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (anuncio no presente 2024), reiniciando a tramitación para a avaliación previa de tres zonas. Nese compromiso falouse da reactivación de 3 concentracións parcelarias, ás que se engadiu Órrea (en concreto tratábase das parcelarias de Agra-O Sexo-Val de Sangorza, A Baíña-Berredo-Órrea e Basadre-Eidián-Ramil) que afectarían cada unha delas a unha media de 1500 Ha de superficie e das que se beneficiarían 122 explotacións agrogandeiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Retómase o proceso 14 anos despois da súa paralización en 2010 por unha suposta falla de fondos, aínda que xa fora iniciado previamente en 2002, cando se investiron 800000 euros nuns trámites que xa caducaron, co cal houbo un gasto que non tivo retorno, cun atraso xa de 24 anos. Nesta zona, cabe recordar que se levaron a cabo concentracións parcelarias onde o proceso durou ate 25 anos, de xeito que a burocracia e a desatención por parte das administracións enlenteceron a vida de agricultores e gandeiros, que se viron coas mans atadas ao non ter durante moito tempo os seus títulos de propiedade.

É preciso lembrar tamén o descontento dos veciños de dúas parroquias agoladenses que aseguran tiñan o acordo do 100% das explotacións agrogandeiras e o 98% do beneplácito dos veciños para levar a cabo o proceso de concentración, como son Brocos e Sesto, que se sentiron abandonados e a marxe dos beneficios que podería significar a concentración parcelaria na existencia de relevo xeracional e de fixación de poboación, como se observa noutras zonas do país, onde a supervivencia das ganderías se viu moi beneficiada pola medida.

Cabe destacar que nesta área da comarca do Deza fomamos parte dunha D.O. que é a de máis produción de Galiza, con explotacións gandeiras de Agolada inscritas no rexistro de dita denominación de orixe, que producen leite para a elaboración de queixos Arzúa-Ulloa, cuxa fama e recoñecemento ven dada polo seu sabor, aroma e cremosidade, derivados da alimentación do gando vacún propia da zona. Dita denominación proporciona emprego a través das industrias queixeiras de grande tradición que hai en Agolada, xera riqueza nos seus gandeiros e constitúese coma un elemento económico chave para a comarca e para o concello en particular, beneficiando tamén ao tramo do Camiño de Santiago próximo. É tamén un dato interesante que sete das oito parroquias incluídas nos proxectos da concentración parcelaria son ribeiregas do río Ulla, co cal son terreos de alto valor produtivo para o sector.

É por iso que, apoiar dende o goberno a este colectivo e aos seus conformantes é unha forma de xerar riqueza no territorio, de crear industria transformadora que deixe aquí os beneficios derivados da nosa excepcional materia prima, a través da economía circular, e asentar poboación nun rural tan necesitado de vida como é o do concello de Agolada.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Máis, no canto disto, o goberno do PP, a través de enganos reiterados e unha total opacidade do tema, fomenta todo o contrario. Coa ameaza da chegada da macrocelulosa ALTRI á nosa comarca, o goberno da Xunta estalle dando luz verde a un proxecto invasivo, eucaliptizador e de total espolio dos nosos recursos hídricos e territoriais. Que dende as administracións, tanto autonómicas coma estatais, defendan ou mostren unha postura temperada cara este macroproxecto cuxos fondos son en parte públicos, amosa que quen nos goberna o fai para grandes empresas, no canto de favorecer aos propios veciños e veciñas, os que alí residen e traballan ou queren traballar e os que apostarían por quedar nese entorno privilexiado, séndolles indiferentes e sen crer que sexa necesario investir neles.

A maior proba de que dende o PP teñen preferencias claras por proxectos espoliadores do noso país que non deixen aquí beneficios, usádonos como simples produtores de madeira de eucalipto barata, é o constante atraso, as escusas de carácter económico e o desleixo das administracións no tocante ás parcelarias de Agolada, onde xusto unha delas (Basadre-Eidián-Ramil) cadraría coa área que a celulosa afectaría. É desá maneira como, dende o BNG queremos pedir explicacións polo abandono sufrido durante anos por parte da Consellería de Medio Rural e a Xunta de Galiza por extensión para con estes veciños e esta zona de Galiza, rica en recursos, desaproveitados pola falla de interese de quen nos goberna, que agora lle pon en bandexa a localización e o negocio á industria portuguesa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver de xeito urxente un plan de desenvolvemento rural para o concello de Agolada, poñendo o foco nas súas potencialidades e na poboación que nel reside, tratando de frear na medida do posible a súa crise demográfica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Levar a cabo, coa maior premura posible, os trámites necesarios para que a concentración parcelaria destas tres zonas se leve a cabo de xeito ordenado, áxil e eficaz.
3. Promover estudos que favorezan o desenrolo e a maior capacidade produtiva da industria adicada a produción de queixos de DO. Arzúa-Ulloa.
4. Desenvolver un plan de protección da ribeira do Ulla e do Arnego, afectado por constantes verquidos contaminantes.
5. Comezar unha rolda de contactos cos concellos e zonas máis afectadas pola instalación da planta de produción de celulosa ALTRI, onde poidan existir veciños e afectados.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Secundino Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 07/05/2024 12:35:59

Secundino Fernández Fernández na data 07/05/2024 12:36:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 07/05/2024 12:36:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Oscar Insua Lema**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o mantemento do poder adquisitivo das traballadoras da limpeza da provincia da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O convenio colectivo de aplicación ás traballadoras da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña contén unha cláusula de revisión salarial que opera a finais da vixencia do convenio, pola que a empresa deberá compensar a diferenza do IPC real acumulado durante a propia vixencia respecto das subas anuais pactadas. Esta cláusula permítelle ao persoal garantir o mantemento do seu poder adquisitivo.

A 1 de xaneiro deste ano, esta diferenza estaba no 9,8%, e tal e como indican desde as centrais sindicais "cómpre aplicar a actualización das táboas antes de iniciar a negociación do novo convenio". Na primeira reunión da comisión paritaria para abordar esta cuestión, tanto a asociación patronal provincial como a estatal ASPEL (integrada por empresas tan poderosas como Eulen, Clece, FCC, Sacyr, Serveo, Ingesan, Lacera ou Ilunion) recoñeceron esta obriga e así quedou reflectido en acta.

Porén, iniciada a negociación, ASPEL descólgase e di que asumir esa obriga significa non negociar o novo convenio, e mesmo negouse a participar dunha mediación no AGA instada por CIG e UGT, á que a patronal provincial si estaba disposta a acudir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo convenio da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña están reguladas unhas 12.000 persoas, a meirande parte mulleres que teñen condicións laborais precarias e que padecen unhas elevadísimas taxas de parcialidade malia desempeñar unha actividade considera esencial, sendo a Xunta de Galiza unha das principais clientes das empresas encadradas na patronal ASPEL.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a dirixirse ás empresas contratistas pertencentes ao ámbito do sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña requiríndolles o cumprimento efectivo e ao día das súas obrigas salariais e sociais e lembrándolles que o seu incumprimento pode ser motivo de rescisión dos contratos, así como a defensa do dereito da negociación colectiva.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 07/05/2024 12:47:29

José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2024 13:40:18

Óscar Insua Lema na data 07/05/2024 13:40:52

Rosana Pérez Fernández na data 07/05/2024 13:41:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para desenvolver o parque empresarial do Barbanza á maior brevidade posíbel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG do 21 de agosto de 2008 someteuse a información pública e consultas o proxecto sectorial do parque empresarial do Barbanza (PEB) e o informe de sustentabilidade ambiental.

No DOG do 12 de setembro de 2008 fíxose pública a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial.

O 30 de outubro de 2008 a daquela Consellaría de Vivenda e Solo adxudica por 59.392 euros a redacción do proxecto de expropiación dos terreos nos que se desenvolvería o PEB. A empresa que resultou adxudicataria, Nortagro, S. L. tería dous meses para redactar o documento.

Após as eleccións galegas do 1 de marzo de 2009, o novo Goberno non retomou a tramitación do PEB ata dous anos máis tarde, malia a importante demanda das distintas asociación empresariais e a urxencia de chan industrial na comarca do Barbanza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O DOG do 5 de maio de 2011 publica a Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental pola que se fai pública a memoria ambiental correspondente co procedemento de avaliación ambiental estratéxica do proxecto sectorial do PEB.

O Consello da Xunta aproba, o 12 de maio de 2011, o proxecto sectorial do PEB. A información dese acordo remitida aos medios recolle que se iniciaría o expediente expropiatorio en 2011 co obxectivo de licitar as obras de urbanización no 2012 e iniciar ditas obras nese mesmo ano.

O DOG do 24 de xuño de 2011 publica a Resolución pola que se aproba definitivamente o proxecto sectorial do PEB e as súas disposicións normativas. No artigo 4 das mesmas “establécese un prazo máximo de 8 anos para a execución das obras do PEB”. É dicir, debería estar rematado, como máximo, no ano 2019.

A día de hoxe, a situación de escaseza de chan industrial na comarca é clamorosa. Malia a construción do parque empresarial de Rianxo e as ampliacións do de Boiro e do da Pobra do Caramiñal dende aquela, o chan industrial está totalmente esgotado e tanto o empresariado como os propios concellos reclaman poder levar a cabo ampliacións que poidan dar a posibilidade de medre a empresas existentes e á instalación doutras novas.

De feito, os gobernos municipais de Rianxo, de Boiro e da Pobra do Caramiñal xa deron os primeiros pasos para levar a cabo a ampliación dos seus parques empresariais e o de Ribeira conta xa cunha tramitación máis avanzada pero sen apoio da Xunta de Galiza polo de agora para poder facelo viábel.

A situación é tan precaria que mesmo neste momento existen empresas que, aínda séndolle absolutamente necesario, están totalmente imposibilitadas para poder





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

expandirse e outras buscan a maneira de facelo mesmo fóra de terreos cualificados como industriais.

Ninguén entende a día de hoxe como, dándose estas circunstancias nunha comarca tan dinámica industrial e economicamente, non se poñen todos os medios para facilitar o asentamento de empresas e, por tanto, para crear novos postos de traballo, sobre todo tendo en conta que o PEB continúa vixente dentro do Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galiza, da propia Xunta, aprobado en 2014.

O PEB íase desenvolver sobre unha superficie total dun millón de metros cadrados, dos que arredor de 541.000 terían uso empresarial e industrial e aproximadamente 31.000 destinaríanse a equipamentos, entre os municipios de Ribeira e A Pobra do Caramiñal. Ambos concellos comparten unha economía relacionada co sector pesqueiro e con gran parte da súa actividade industrial concentrada na conserva e e empresas de transformación de peixe. Tamén, ambos os dous proxectan a ampliación dos seus respectivos parques empresariais cara os terreos delimitados para o PEB.

Durante a campaña previa ás eleccións do pasado 18 de febreiro, e mesmo en actos públicos que levou a cabo despois, o actual presidente da Xunta de Galiza anunciou en reiteradas ocasións actuacións para o desenvolvemento de 8 millóns de metros cadrados de superficie industrial ata 2028, “primando aqueles lugares onde é necesario para seguir medrando”.

A comarca do Barbanza, que nestes momentos non dispón dun só metro cadrado de chan industrial, é, sen dúbida, un deses lugares aos que lle cómpre seguir medrando e onde é urxente levar a cabo actuacións de planificación e de execución por parte do Goberno galego para que nun prazo razoábel de tempo poidan medrar as industrias existentes que agora non poden facelo e para que novas empresas poidan facelo aumentando a oferta de emprego e a riqueza económica da comarca e do país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a levar a cabo todas as actuacións que sexan precisas para que o parque empresarial do Barbanza, que figura incluído no Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galiza da Xunta de Galiza, sexa unha realidade á maior brevidade posíbel.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Brais Ruanova Vilas-Boa

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 07/05/2024 17:28:51

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2024 17:28:54

Rosana Pérez Fernández na data 07/05/2024 17:29:20



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

No mes de maio de 2023 durante o transcurso da campaña electoral para as eleccións municipais facíase pública a noticia de que o candidato á alcaldía da Illa de Arousa (Pontevedra) do PP fora condenado por violencia machista por agredir fisicamente na rúa á que era a súa moza, causándolle diversas lesións.

Por estes feitos acontecidos no ano 2011 fora condenado a unha pena de 25 xornadas de traballos comunitarios e a 9 meses de prohibición de comunicarse coa vítima.

O PP da provincia de Pontevedra asegurou nese momento que descoñecían estes feitos e pedíronlle sen éxito ao seu candidato que dese un paso ao lado.

O presidente Rueda afirmou ante os medios: *“Celebradas as eleccións, sexa o resultado que sexa, non integrará o grupo municipal do Partido Popular.”*

Finalmente, tralas eleccións municipais o edil Matías González Cañón que resultou elixido, formou parte da corporación pero ocupando un asento como independente.

Recentemente, coñeciamos a integración deste edil novamente no Grupo Municipal Popular ao aceptar o PPdeG a solicitude da agrupación popular local que alegaba o seguinte: *“Matías cometeu un erro e pagou por el; e é unha persoa intachable, cun enorme caudal político, humano e social, e cunha*



implicación absoluta na loita pola igualdade e na erradicación da execrable violencia contra as mulleres.”

E engadían: “A súa vida caracterízase pola exemplaridade, a súa gran implicación social e o seu compromiso inquebrantable e irrenunciable contra a violencia machista”.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista condenamos esta decisión do PPdeG de reintegrar ás súas filas a un maltratador entendendo que unha persoa pública ten que ter un plus de exemplaridade e unha agresión machista dista moito desta premisa.

Por outra banda, manifestamos a tolerancia cero cos maltratadores e consideramos que a mensaxe que se está a dar desde o Partido Popular, integrando a un maltratador, e moi perigosa para a sociedade porque supón un branqueamento da violencia de xénero e unha actitude de perdón a uns feitos que non só teñen que ter unha condena xudicial senón tamén social e esa non debe prescribir, por iso, entendemos que o Parlamento debe manifestar o seu posicionamento en contra de que unha persoa condenada por violencia de xénero poida ostentar un cargo de representación pública pola falla de exemplaridade que isto representa e a condena social que isto merece.

Ante esta situación faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia manifesta o seu rexeitamento á violencia de xénero e a súa oposición a que unha persoa condenada por violencia de xénero poida ostentar un cargo de representación pública pola falla de exemplaridade que isto representa e a condena social que isto merece.

Parlamento de Galicia, 7 de maio de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2024 18:00:56
Nº Rexistro: 3284
Data envío: 07/05/2024 18:00:56.438

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/05/2024 17:12:01

Elena Espinosa Mangana na data 07/05/2024 17:12:19

Silvia Longueira Castro na data 07/05/2024 17:12:29

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/05/2024 17:12:56

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

8896

@PSdeG



CSV: B6PISJTB3XOKC08mW0:24
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os polígonos industriais eólicos Anduriña e Zudreiro, situados na ADE Monte Acibal, promovidos pola empresa Green Capital 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a tramitar os polígonos industriais eólicos Anduriña e Zudreiro, situados na ADE Monte Acibal, promovidos pola empresa Green Capital.

O polígono eólico Anduriña ten unha potencia de 41.4 MW, con 9 aeroxeradores de 4,6 MW e 200 m de altura, e unha poligonal que afecta aos concellos de Barro, Campo Lameiro, Moraña e Pontevedra.

O polígono eólico Zudreiro ten unha potencia de 23 MW, con 5 aeroxeradores de 4.6 MW de 200 m de altura, e unha poligonal que afecta aos concellos de Moraña e Campo Lameiro.

Os dous proxectos están situados na mesma zona, un a continuación do outro, comparten subestación e liña de evacuación, polo que estamos diante dun caso claro de fragmentación irregular.

Estes dous proxectos teñen tamén relación directa, en canto ás infraestruturas de evacuación e conexión á rede, con outros proxectos promovidos pola mesma empresa: LMT Parque Eólico Zudreiro a Subestación Parque Eólico Anduriña, Liña de Alta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tensión Anduriña-SEC Parque Eólico Coto Aguado (Cerdedo-Cotobade), LAT de conexión de Coto Aguado coa Subestación de Tomeza. Todas estas infraestruturas terían un forte impacto no territorio e deberían ser tramitadas e avaliadas conxuntamente.

O polígono industrial eólico conformado polos proxectos Acibal (autorizado polo Consello da Xunta), Anduriña e Zudreiro non está debidamente xustificado en canto ao seu interese público e tería unha incidencia moi negativa nos seguintes ámbitos:

-Nos usos residenciais do territorio, pola incidencia negativa en núcleos de poboación da contorna, tanto na fase de construción como na de funcionamento.

-Na disponibilidad de recursos hídricos, pola incidencia das obras dos parques nas nacentes, cursos de auga e mananciais de abastecemento á poboación.

-En hàbitats declarados de interese prioritario e interese comunitario, como as breixeiras, matogueiras e turbeiras do Monte Acibal, nomeadamente as Brañas da Amil.

-Na paisaxe, polo forte impacto visual e paisaxístico das numerosas infraestruturas previstas.

-No patrimonio cultural, pola presenza na zona de numerosos xacementos arqueolóxicos (mámoas e petroglifos principalmente) que se verían directamente afectados pola construción dos parques.

-Na zona de campeo do cabalo de monte, unha especie de alto interese ambiental e cultural, que cumpre unha función esencial na preservación de hábitats de interese como as breixeiras e brañas, e na prevención dos incendios. Estes hábitats veríanse fragmentados e alterados polas obras de construción dos proxectos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Nos valores culturais e na celebración da Rapa das Bestas da Amil, un ben cultural inmaterial que é preciso protexer e potenciar como sinal de identidade e atractivo turístico.

-Na celebración dos Milagres da Amil, unha festa relixiosa e popular de grande raigame e participación masiva.

Toda a contorna afectada pola construción dos polígonos eólicos e futuras actuacións (ampliación, repotenciacións) vería fortemente limitado o seu valor, o seu atractivo e a súa potencialidade de usos e aproveitamentos sustentábeis.

Tendo en conta o conxunto de proxectos e infraestruturas en tramitación nunha área de 15 km á redonda, debería levarse a cabo unha avaliación sinérxica e acumulativa do seu impacto nos ámbitos ambiental, cultural, residencial e socioeconómico. Ao mesmo tempo, debería desenvolverse un proceso de información e participación pública, coa intervención dos concellos e das entidades sociais, para acordar as grandes liñas de desenvolvemento socioeconómico e a compatibilidade de usos do territorio.

Os proxectos enerxéticos que se están a tramitar no Monte Acibal non teñen como finalidade nin a transición enerxética nin o desenvolvemento local sustentábel. Responden a unha lóxica depredadora e á voracidade de grandes empresas enerxéticas que pretenden obter o máximo lucro sen importarlles quen vive no territorio e que expectativas e potencialidades alternativas ten a zona.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Denegar a autorización dos proxectos eólicos Anduriña e Zudreiro promovidos pola empresa Green Capital no Monte Acibal por tratarse dun caso evidente de fragmentación irregular de proxectos e polo seu forte impacto nos usos residenciais, nos valores culturais e turísticos, e nos recursos hídricos, culturais e ambientais da zona.

2. Desenvolver as actuación necesarias para garantir a protección dos valores ambientais e culturais do Monte Acibal, nomeadamente a conservación dos humidais, do patrimonio cultural, de hábitats e especies protexidas, da zona de campeo do cabalo do monte e da tradición da Rapa das Bestas.

3. Garantir a protección das Brañas da Amil e das turbeiras do Acibal, paralizando de forma cautelar e preventiva todos os proxectos que poidan afectar a estes ecosistemas de transcendental importancia para a conservación da biodiversidade e para a prevención do cambio climático.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 08/05/2024 09:09:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 08/05/2024 09:09:08

Luis Bará Torres na data 08/05/2024 09:09:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de avanzar na igualdade entre mulleres e homes nos sectores culturais galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O papel e a representación da muller no contexto da cultura galega é moi difícil de valorar á vista da ausencia de estudos de xénero previos neste ámbito, por unha banda, e da absoluta carencia de cifras e estatísticas concretas sobre a situación laboral da muller na cultura galega, pola outra.

A situación real de desigualdade das mulleres nos diferentes círculos de intercambio cultural é evidente desde a práctica e a participación nos espazos e tempos culturais, mais cómpre dispormos dunha análise contrastada e empírica que achegue análise da situación de presente e as liñas de acción ad futurum para avanzar na igualdade de xénero neste ámbito.

En 2014 o Consello da Cultura Galega fixo públicos dous informes baixo o título A muller na cultura galega reiterando na súa introdución a escaseza de datos nas estatísticas oficiais a respecto desta temática en múltiples campos de estudo: desde a formación e a visibilidade no campo laboral até a presenza das mulleres nos cargos de dirección, o recoñecemento e a proxección da creación ou o consumo cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis recentemente, en 2018 coñeceuse o documento elaborado por M^a Belén Bermejo López para a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, intitulado Reflexións de xénero arredor da situación da muller no contexto da música en Galicia, onde novamente se volve constatar a falta de estudos sobre a cultura galega vinculados a unha visión de xénero que permitan planificar accións en positivo co fin de aumentar, non só cuantitativamente, senón tamén cualitativamente, a presenza das mulleres nos diferentes sectores que conforman o tecido cultural.

Neste caso, as conclusións de infrarrepresentación das mulleres no ámbito da música clásica fica ben esclarecido, polo que cómpre ensanchar o estudo ás diferentes vertentes da cultura.

Complementariamente, no Grupo Palamentar do BNG observamos que, por parte do goberno galego, tampouco se estaban a desenvolver as medidas destinadas a promover a igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual recollidas no artigo 26 da Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia de 2006.

A actual Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, no capítulo X, artigos 69 e 70, recóllese a obriga de garantir desde a Xunta a aplicación transversal do principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito da cultura e da creación e produción cultural, artística e intelectual.

Avanzar na visibilidade das mulleres creadoras desde diferentes perspectivas é unha destas obrigas; outra é a realización de análises e estudos da presenza e da situación das mulleres no ámbito da cultura, materia pendente desde a lei anterior por parte do goberno do PP, o que non facilita desenvolver proxectos de igualdade comprometidos coa realidade de infrarrepresentación das mulleres na creación cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Impulsar un estudo que analice o nivel de representación e participación das mulleres nos diferentes sectores da creación cultural galega para desenvolver as medidas destinadas a promover a igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual reguladas na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

2. Avanzar na progresiva introdución da perspectiva de xénero á hora de deseñar políticas públicas de fomento da creación cultural que contribúan para a visibilidade creativa das mulleres, co obxectivo de promover a participación igualitaria en programas e circuitos de difusión cultural.

3. Asegurar que nas diferentes convocatorias en que concorran as Administracións públicas estea presente a perspectiva de xénero desde a inclusión de cláusulas de acción positiva que fomenten o acceso das mulleres, en igualdade de condicións, até a promoción de xurados e tribunais das distintas convocatorias cunha participación de mulleres igualitaria.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2024 10:13:14

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2024 10:13:19

Mercedes Queixas Zas na data 08/05/2024 10:13:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o anuncio dunha Plataforma Loxística ou Porto Seco entre Pontevedra e Vilaboa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 2 de maio, a portavoz do PP na comisión de industria do parlamento afirmou que o PP defendía como alternativa da plataforma loxística ou Porto Seco do Porto de Marín terreos situados entre Pontevedra e Vilaboa. A citada portavoz empregaba este argumento para rexeitar a proposta de crear unha plataforma loxística nos terreos de Leborei, en Cerponzóns.

No ano 2014 a Xunta desbotou unha proposta similar, formulada polo PP de Pontevedra, para crear unha área loxística de 72 hectáreas en terreos situados entre a vía férrea e o río dos Gafos-Tomexa-Toxal, nas parroquias de Bértola e Tomeza. Velaquí a ubicación e as características da proposta formulada polo PP en 2010.





Unha infraestrutura destas características é unha proposta absolutamente aberrante, que afectaría ao ENIL do río dos Gafos, ao ámbito de protección doutras infraestruturas viarias, ao Camiño Portugués e a outros proxectos de desenvolvemento da zona.

Polo tanto, logo do “globo sonda” lanzado o pasado 2 de maio pola portavoz do PP, cómpre que o goberno galego aclare se ten algún plan ou proxecto para dotar o Porto de Marín dunha plataforma loxística e se baralla a posibilidade de construír esta plataforma de solo industrial e de intercambio de mercadorías nas inmediacións do río dos Gafos-Tomeza-Toxal.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta á Xunta a

1.- Elaborar un estudo para a dotación na área de Pontevedra dunha plataforma loxística que garanta a intermodalidade e o desenvolvemento do Porto de Marín.

2.- Desbotar como emprazamento desta plataforma loxística os terreos das parroquias de Tomeza e Bértola situados nas inmediacións do ENIL do río dos Gafos-Tomeza-Toxal.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 08/05/2024 10:26:40

Alexandra Fernández Gómez na data 08/05/2024 10:26:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 08/05/2024 10:26:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o investimento realizado con fondos públicos mediante convenios con centros educativos privados que segregan por sexos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano publicouse no DOG a Orde do 14 de agosto de 2023 pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial e de FP.

No anexo I da citada orde relaciónanse os centros afectados que quedarán vinculados aos concertos durante os vindeiros seis anos, ata o curso 2028/29. Entre eles figuran catro: Las Acacias e Montecastelo en Vigo; Montespino en Culleredo; e Peñarredonda en A Coruña. Centros educativos que segregan ao alumnado por sexo e que manteñen os concertos coa Xunta e suman unidades con respecto ao reparto anterior, o realizado en 2017. Pasando de ter concertadas 46 unidades a 58.

En agosto a Consellaría de Educación indicou que os centros que “anteriormente podían legalmente diferenciar ao alumnado en función do seu xénero pasan agora a adaptarse ao establecido na norma estatal” e tamén engadiu que os centros educativos afectados fixeran “a aceptación desta modificación legal na súa petición de renovación do concerto”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diferentes medios de comunicación informaron daquela que esta práctica de desagregación do alumnado por razón de sexo seguía vixente nestes centros privados concertados de A Coruña e Vigo, xa que os mesmos tan só ofertaron as prazas de 1º de Primaria aos dous sexos.

Debemos lembrar que a redacción actual tras a reforma da LOMLOE do apartado primeiro da Disposición Adicional 25ª é a seguinte:

Co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres, os centros sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos desenvolverán o principio de coeducación en todas as etapas educativas, de conformidade co disposto pola Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e **non separarán o alumnado polo seu xénero.**

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1.- Crear un sistema de seguimento que asegure que se cumpren os criterios que permitiron a inclusión de cada centro escolar na orde do 20 de xaneiro de 2023, pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos para os vindeiros anos.

2.- Elaborar unha relación de todas as unidades concertadas por centro, especificando o número de alumnas e alumnos en cada unha delas, que deberá estar dispoñible na páxina de transparencia da Xunta para comprobar que todas son mixtas.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 08/05/2024 10:19:40

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2024 10:34:03

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 10:34:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Óscar Insua Lema** e da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de abrir centros de día na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de abril, o presidente Alfonso Rueda anunciaba que a Xunta ía financiar a construción, mellora e ampliación de 24 centros de atención aos maiores (residencias, centros de día, vivendas comunitarias, centros sociais...) ao abeiro do Plan de investimentos para equipamentos sociais.

Do centenar de propostas presentadas polos concellos a ese plan resultaron finalmente seleccionadas as 24 anunciadas, polo que pretenden construír doce novas residencias, reformar ou ampliar outras seis, impulsar catro novos centros de día, e poñer en marcha un novo centro social e crear un centro integral de atención aos maiores con servizos de centro de día e residencia.

Nesa selección parece que se lle deu prioridade aos proxectos dos concellos de menos de 20.000 habitantes, tendo máis puntuación aqueles con menor poboación, aos que non tiveran recursos semellantes aos que queren construír e a aqueles cunha maior viabilidade técnica e económica. O que dende logo non tiveron en conta, foi a necesidade de cubrir áreas do territorio onde non existen centros de día públicos, razón pola cal na Costa da Morte seguimos esperando a que a sorte nos acompañe.

A realidade é que nesta comarca non existen centros de día, os máis próximos que existen están en Cabana de Bergantiños (30 prazas) e en Muros (25 usuarios), polo que calquera





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

veciño de Fisterra, Cee, Corcubión, Dumbria, Carnota, Muxía, Vimianzo, Zas, Camariñas, Mazaricos ou Laxe non ten posibilidade de acceder a unha praza dun centro de día da rede pública no seu municipio, e se un usuario fose de Fisterra e conseguira praza, para ir ao centro máis próximo tería que percorrer 55 Kms se lle tocara en Cabana ou 50 Km se tivera que ir a Muros.

A poboación destes concellos é de menos de 10.000 habitantes, mais toda xunta achégase aos 50.000 habitantes, sen contar a de Cabana e Muros, e só existe a ridícula cifra de 55 prazas públicas de centro de día a menos de 50 Kms. dos mesmos. Unha vez mais a costa da morte foi castigada e non foi agraciada coa variñña do PP no seu plan estrela de impulsar as primeiras mil novas prazas públicas de residencia, centro de día e discapacidade nos primeiros cen días de goberno.

Mais a Consellería de Benestar tiña a posibilidade de abrir un centro de día na comarca, precisando menos dotación económica da que destina a outros centros de día desa lista de 24 agraciados, concretamente en Corcubión, pois ten a súa disposición dende fai anos un edificio completamente novo, preparado para ofrecer ese servizo, e que só precisa o mobiliario e o persoal para poñelo a funcionar, e conta cunha capacidade de 22 prazas. Descoñecemos as razóns polas cales a Consellería se nega xa non só a incluír no Consorcio Galego de Benestar este centro e a poñelo en marcha de forma inmediata, senon a reunirse cos representantes do goberno municipal.

A necesidade de abrir centros de día na comarca é urxente, pois moitas familias non teñen posibilidade de conciliar a súa vida laboral ou familiar cos coidados que precisan moitos maiores dependentes, sobre todo de grado severo ou grandes dependentes. Non se entende que a Xunta de Galicia, en pleno 2024 non dispoña de centros de día público na nosa comarca, e que despois alardee de políticas de benestar para impulsar o rural e acabar co despoboamento. Sen estes servizos, moita xente marcha ás cidades, onde existen servizos para coidar aos maiores, como residencias ademais dos centros de día e se desempadroan nas vilas pequenas. Outras moitas familias teñen que deixar de traballar directamente e facerse cargo dos coidados deses dependentes. A situación é límite en moitos dos concellos da comarca, onde non abundan as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

horas de SAF porque os dependentes o son 24 horas, non as tres ou catro horas que no mellor dos casos teñen ese servizo.

É preciso construír centros de día públicos na costa da morte porque non existen, ao igual que as residencias, a xente maior e dependente ten os mesmos dereitos que o resto de cidadáns de Galiza nas grandes urbes.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar e executar a construción no ano 2025 de centros de día nos concellos da Costa da Morte para ofrecer como mínimo 100 prazas na comarca.
2. Incluír os edificios ofrecidos polo concello de Corcubión no Consorcio Galego de Benestar para poñer a funcionar de forma inmediata un centro de día con capacidade para 22 prazas.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Óscar Insua Lema**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 08/05/2024 10:38:09

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 10:38:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as inspeccións da Consellaría de Política Social, os expedientes sancionadores incoados así como as sancións impostas nos últimos anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos publicados polo xornal Faro de Vigo indicando fontes da Consellaría de Política Social, en 2023 os servizos de inspección da Xunta de Galiza nesta área levaron a cabo 1556 visitas das que 658 se corresponderon con denuncias particulares nas que se alertaba de deficiencias e incumprimentos en centros de política social como residencias de maiores, escolas infantís, centros de día, etc.

As inspeccións supuxeron a incoación de 99 expedientes sancionadores debido ás irregularidades detectadas, 150 menos que en 2022 malia que tanto as inspeccións como as denuncias aumentaron.

Cómpre lembrar que o servizo de inspección da Consellaría de Política Social conta con 26 profesionais, un número que incrementou a respecto de anos anteriores mais que resulta aínda insuficiente para dar cobertura ao conxunto de servizos así como para a tramitación dos informes e expedientes derivados do seu labor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara antes de finalizar o presente período de sesións un informe no que se recolla:

- Número de centros inspeccionados nos últimos cinco anos e nome dos mesmos.
- Ano no que se levaron a cabo as inspeccións.
- Expedientes sancionadores incoados indicando o nome do centro e razón.
- Sancións impostas naqueles casos en que corresponda.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 10:42:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2024 10:44:05
Nº Rexistro: 3347
Data envío: 08/05/2024 10:44:05,920

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/05/2024 10:42:15



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Valedora do Pobo vén de reprender á Consellería de Política Social por non dar a atención que solicitaba unha familia a que un dos seus membros que presenta un diagnóstico de TEA, non se lle concedese unha praza asistencial que ten concedida como dereito desde o ano 2022.

A familia levou este caso ante a oficina da Valedora do Pobo, toda vez que esta persoa tiña xa recoñecido o seu Plan Individual de Atención recoñecido. Isto faise sorprendente xa que desde a propia Consellería chegouse a publicar no Diario Oficial de Galicia unha orde na que se concertaban 169 prazas de atención residencial para persoas con autismo.

A chamada de atención sobre este tema, por parte da Valedora, vén despois de varios requirimentos sobre materialización do dereito adquirido e que nunca se chegou a dar resposta.

Como queira que este problema é un tema que comeza a tomar dimensións preocupantes nun amplo sector da poboación que está á espera de que se fagan efectivos os dereitos que teñen recoñecidos; o Grupo Parlamentario dos Socialistas quixera facer unha chamada de atención que poña na axenda política a situación de ignominia que padecen milleiros de galegas e galegos



que se atopan en “vulnerabilidade socio-sanitaria” e non son capaces dunha dicotomía cruel:

- Que os seus dereitos sexan recoñecidos.
- Unha vez que conseguen o recoñecemento dos PIAs, chegan incluso a falecer sen que sexa materializado o dereito que lles foi concedido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a regularizar as lista de espera para a adxudicación dos Plans Individuais de Atención e dote aos Servizos Sociais das prazas residencias e libranzas que sexan concedidas.

Santiago de Compostela, 7 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2024 10:43:51

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2024 10:44:00

Paloma Castro Rey na data 08/05/2024 10:44:07

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2024 10:44:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a creación de novas prazas nas escolas infantís da rede pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza leva 30 anos, segundo datos o IGE, experimentando un descenso demográfico, motivo polo cal, sen lugar a dúbidas, unha boa política de familia e infancia é chave para que este descenso se reverta ou, en todo caso, sexamos capaces de enlentecer o descenso de natalidade que sofre o noso país. Lembrar que, dende o goberno, teñen as competencias para levar políticas sociais a cabo, daquela é parte da súa responsabilidade tomar as medidas precisas e é por iso que o tema que nos ocupa é de vital importancia.

Dende 2022, independentemente da titularidade do centro (autonómico, municipal, privado, de iniciativa social e que estean adheridos ao programa), as escolas infantís son de carácter gratuíto para todas as familias galegas, exentas de pago, como ben anuncia a Xunta de Galiza, que cabe destacar favorece a iniciativa privada, coma de costume. Porén, a problemática reside en que as prazas non son abundas, de maneira que ano tras ano hai nenos e nenas que quedan nas listas de agarda, ao igual que vimos, o pasado 6 de maio, día de publicación das listas de admitidos das escolas infantís da rede pública autonómica na páxina da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Este curso presentáronse 10800 solicitudes, 1300 menos que no 2023, cando contabamos con 12100. Destas solicitudes totais, o 60% son de continuidade e o restante son novas prazas, onde 882 foron concedidas a familias numerosas, 345 a familias monoparentais e con 26 nenos admitidos con necesidades especiais. A pesares de seren menos as solicitudes no presente 2024, quedaron en lista de agarda pola súa praza 1700 nenos, polo tanto, aínda que nas novas da prensa, o goberno trate de disimular os datos, cun descenso da natalidade reiterado e das solicitudes de prazas en Galiza, o goberno non ten capacidade para levar a cabo a medida estrela das que eles mesmos fan propaganda continuamente no tocante ás escolas infantís. É por iso que, a pesares de anunciar a gratuidade deste servizo reiteradamente, a realidade afástase moito da conciliación familiar que precisamos nas familias, nalgúns casos de xeito especial, coma as monoparentais, onde o desenvolvemento laboral e persoal dun só proxenitor ou proxenitora, depende deste tipo de medidas e de que se leven a cabo de xeito rigoroso.

A maiores disto, non podemos esquecernos das condicións nas que o goberno da Xunta ten as escolas sobre as que ten responsabilidade, onde os propios traballadores e traballadoras denuncian que non se cobren baixas en tempo e forma, obrigando ao persoal que está no desenvolvemento da súa labor o faga cunhas ratios imposibles de levar a cabo cunha boa atención e que, no caso de facelo é por a gran capacidade destes traballadores e o seu total compromiso cos nenos e nenas, que son os que realmente sofren as consecuencias deste desleixo. Lembrar que, recentemente, a estes profesionais se lles restaron 2,5 horas que dedicaban a programación, pretendendo que se faga dende a casa ou non se faga, queda por aclarar, ou da súa constante reclamación de que se dote de material pedagóxico as escolas infantís.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desta maneira, dende o goberno, e aínda que nos queiran con reiteradas repeticións convencer da idoneidade do servizo, están disfrazando un servizo simplemente asistencial dun servizo educativo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Crear novas prazas na rede pública de escolas infantís, co compromiso de que estarán dispoñibles no próximo curso, atendendo ás necesidades da poboación, para que o servizo poida ser público 100%, sen beneficiar dende o goberno a iniciativa privada ao ofrecerlle ás familias as mesmas facilidades en todos os casos, primando así un sistema educativo forte, gratuíto e de calidade para todos os nenos e nenas galegos.

2. Atender ás necesidades dos profesionais que traballan nas escolas infantís da rede pública, tanto no tocante ao material pedagóxico preciso coma á reposición das horas de programación suprimidas.

3. Crear listas de agarda única, para que non haxa duplicidades nas solicitudes e queden prazas sen cubrir por este motivo.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 10:47:24

Ariadna Fernández González na data 08/05/2024 10:47:30



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de educación establece no seu articulado o desenvolvemento da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, o respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar, o fomento da igualdade efectiva de mulleres e homes a través da consideración do réxime da coeducación de nenos e nenas, a educación afectivo-sexual, adaptada ao nivel madurativo, e á prevención da violencia de xénero, así como ao fomento do espírito crítico e a cidadanía activa.

Así mesmo, a Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, no seu artigo 7 regula a prevención e sensibilización no eido educativo establecendo que o sistema educativo español e as CC.AA con competencias transferidas incluírán contidos baseados na coeducación e na pedagogía feminista sobre educación sexual e igualdade de xénero e educación afectivo-sexual para o alumnado, apropiados en función da idade, en todos os niveis educativos e coas adaptacións e apoios necesarios para o alumnado con necesidades educativas específicas, en colaboración co ámbito sanitario.

E a Lei orgánica 1/2023 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria del embarazo no seu artigo 9, establece: *“La educación afectivo-sexual, en todas sus dimensiones, forma parte del currículum durante toda la educación obligatoria, y será impartida por personal que habrá recibido la formación adecuada para ello, en consonancia con la Ley Orgánica 3/2020, de*



29 de diciembre, por la que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.”

En Galicia a educación sexual é unha materia pendente. No segundo Estudo sobre Educación e Hábitos Sexuais en Adolescentes Galegos da man de Manuel Varela Salgado, urólogo e ex presidente da Sociedade Galega de Sexoloxía durante case dúas décadas, e Javier Paz Esquete, xefe do Servizo de Medicina Preventiva e Saúde Pública abonda nesta radiografía e na necesidade de arranxar estas eivas dende o ámbito educativo.

O estudo reflicte que o 8,1 % das adolescentes tivo algunha relación sexual sen consentimento. O 75 % das e dos enquisados infórmanse a través de amizades e internet, sendo a pornografía a principal fonte. O 24 % di que a información sobre sexo no instituto é nula e máis do 50 % que moi escasa, e só o 35,9 % das e dos enquisados utiliza métodos anticonceptivos.

Con este panorama queda patente a necesidade de mellorar a educación afectivo-sexual. Unha formación sexual integrada no currículo facilita que o alumnado tome decisións fundamentadas sobre a súa sexualidade e as súas relacións, e prevén os abusos e a violencia de xénero, segundo a UNESCO, a OMS e expertos no tema.

En moitos países europeos como Alemania ou Finlandia, esta materia se imparte desde 1970 seguindo os criterios da OMS e da UNESCO.

En Galicia, estes contidos están presentes no currículo oficial desde hai moitos anos, pero que non está regrado, polo tanto, a súa impartición depende da vontade das direccións, o profesorado ou as ANPA dos centros.



Desde o Partido Socialista entendemos que é necesario incluír este contido nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza obrigatoria, adaptando os contidos ás diferentes etapas educativas e previa formación do profesorado.

Así como a creación de recursos didácticos para que o alumnado adquira as competencias necesarias para "aprender a vivir en igualdade".

Por todo o sinalado anteriormente, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Incluír a educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza obrigatoria a partir do vindeiro curso 24/25.
2. Planificar e establecer un programa específico de formación ao profesorado para garantir e impulsar a partir do vindeiro curso 24/25 actividades e recursos formativos en materia afectivo sexual en todos os centros públicos da comunidade.
3. Elaborar un protocolo específico que constitúa unha guía sinxela e clara para que os membros da comunidade educativa dispoñan duns criterios orientadores e uns procedementos de actuación básicos, pero claros e completos, ante posibles casos de abuso sexual a menores.

Parlamento de Galicia, 8 de mayo de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2024 10:50:17
Nº Rexistro: 3371
Data envío: 08/05/2024 10:50:17.096

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/05/2024 10:41:50

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2024 10:42:10

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2024 10:42:19

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2024 10:42:34

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

8929

@PSdeG



CSV: B0P5T8D3Xq4V0600604
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre especies ameazadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a Lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

2. Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galiza aprobáronse os seguintes plans

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común.
- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.
- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da pílara das dunas.

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo mais transcorridos case 10 anos aínda non foi aprobado.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

3. A Xunta de Galiza adxudicou contratos para a elaboración de plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que os citados plans chegaran a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. Esta situación de desprotección supón un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un grave incumprimento -por acción ou omisión- do establecido na lexislación vixente.

Nun exercicio de opacidade e de atranco ao labor de control deste grupo parlamentar, o goberno da Xunta non fixo entrega de copias de diversos estudos contratados entre 2005 e 2021, solicitados ao abeiro do artigo 9. Referímonos a un total de 45 asistencias técnicas e contratos de servizo que supuxeron un investimento superior aos 500.000 euros: 29 destes estudos corresponden á etapa de goberno bipartito (2005-2009) e 16 ao período de goberno do PP (2009-2021). Mentres que se oculta esta información, comprobamos con asombro como empresas privadas fan uso dela e cítana na documentación de proxectos enerxéticos.

4. No ano 2022, este grupo parlamentar recibiu unha resposta escrita do goberno chea de vaguidades e lugares comúns. Entre outras cuestións, indicase que “as especies silvestres, particularmente as ameazadas, son obxecto dun seguimento específico para avaliación periódica do seu estado de conservación... Nos últimos anos realizouse un seguimento específico das especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas como aguia real, mazarico real, aves mariñas reprodutoras, fentos de valgada, odonatos, etc.”

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Presentar no Parlamento no presente ano 2024 un informe de avaliación e resultados dos plans de recuperación ou conservación de especies ameazadas actualmente en vigor: sapoconcho común, escribenta das canaveiras e pílara das dunas.
2. Enviar aos grupos parlamentares copias dos documentos técnicos de base dos plans de recuperación e conservación de especies ameazadas contratados polo goberno galego.
3. Presentar no parlamento os informes de seguimento periódico para a avaliación do estado de conservación de especies ameazadas.
4. Aprobar no prazo de tres meses a revisión do plan de conservación do oso pardo.
5. Aprobar os plans de conservación e recuperación de especies ameazadas que aínda non contan con este instrumento de xestión, comezando por aqueles plans que contan con documento técnico de base.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/05/2024 10:52:27

Alexandra Fernández Gómez na data 08/05/2024 10:52:30

Luis Bará Torres na data 08/05/2024 10:52:38



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malpica é o maior porto pesqueiro de baixura da Costa da Morte, unha vila de gran tradición mariñeira que no século dezasete era un gran porto baleeiro, na actualidade as súas descargas céntranse no peixe de baixura e os mariscos, del saen as tarrafas unhas embarcacións de ata 50 toneladas, dedicadas á pesca do xurelo e a sardiña, que faenan de noite dende Laxe ata Cariño coa arte da tarrafa, rede longa de 550 x 90 metros, coa que cercan os bancos de peixe. Deste porto tamén saen, dende a mañá ata a tarde, os barcos do día, embarcacións de menor tonelaxe dedicadas á pesca de crustáceos, cefalópodos e peixe branco, para o que utilizan diversas artes como miños, nasas, betas ou palangres. Os barcos de Malpica descargan no porto, entre outros: sardiña, xurelo, raia, melgacho, abadexo, linguado, ollomol, polbo, centola, nécora e percebe.

As condicións de acceso actuais á dársena do porto de Malpica son de moito perigo, cunhas comportas que xeran unhas correntes que complican a circulación das embarcacións, con múltiples accidentes e danos tanto na dársena, como nas embarcacións e nos mariñeiros. Este perigo acabou derivando nunha morte a finais do 2018, unha situación que non se debería volver a repetir sen que antes Portos de Galicia dea unha solución aos problemas que ten o porto interior, pero a pesar dos continuos anuncios da



Xunta de Galicia sobre as melloras na dársena, case cinco anos despois seguimos a esperar polas actuacións prometidas.

A través de meteogalicia, incluíron no proxecto “Mar Risk” un estudo para a análise das ondas longas do porto de Malpica co obxectivo de diagnosticar a probabilidade de que se produza e provoque resonancia na dársena interior, cunha antelación de 72 horas. Esta actuación e os estudos realizados, anunciaron que darían lugar a un proxecto co que se pretendía dar unha solución definitiva ao problema de seguridade no porto malpicán e tamén anunciaron que barallaban varias intervencións complementarias que se poderían incluír nun proxecto definitivo. Estudos, medicións, sistemas de análise das correntes, pero tralo mortal accidente de finais de 2018, no que perdeu a vida o patrón do “Silvosa” e despois das reunións entre Portos de Galicia, a Confraría de pescadores e a familia da vítima, dende o Goberno galego seguen sen desenvolver as medidas máis axeitadas que impidan que accidentes deste tipo se repitan no futuro.

Nesa busca de solucións aos problemas de seguridade do porto malpicán, o Goberno galego debería apostar por unha solución que dea un impulso ás capacidades económicas do porto, un proxecto que faga posible que o porto aumente as súas capacidades e que sexa unha instalación de referencia para o sector da pesca.

Nesa liña, o anterior grupo de goberno do concello de Malpica, encabezado polo socialista Walter Pardo e seguindo un proxecto que tiña a propia confraría de pescadores, pediulle á Xunta de Galicia que ampliase o dique de abrigo do porto, unha solución que acabaría cos problemas de seguridade e lle daría impulso á actividade económica do dito porto, que é esencial para o futuro da vila de Malpica.

No Grupo Socialista entendemos que apostar pola ampliación do dique de abrigo sería a mellor solución de seguridade para o porto e tamén a mellor



aposta da Administración autonómica para impulsar a economía do concello de Malpica para proxectar a ampliación do dito dique de abrigo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que aposte polo futuro do porto de Malpica coa redacción do proxecto e posterior construción dunha ampliación do dique de abrigo, tal e como tiña analizada a confraría de pescadores, unha ampliación que aporte seguridade ás persoas usuarias do porto e impulse unha actividade económica esencial para este concello.

Santiago de Compostela, 7 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 07/05/2024 21:20:56

Julio Abalde Alonso na data 07/05/2024 21:21:07

Carlos López Font na data 07/05/2024 21:21:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/05/2024 21:21:24



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Executivo galego suspende no exame da UE sobre a calidade, transparencia no Goberno galego. Así, se desprende do noveno Informe de Cohesión Económica, Social e Territorial da Unión Europea, no que se introduce unha avaliación sobre a calidade de goberno no nivel subestatal europeo realizado desde 2010 pola Universidade de Gotemburgo. Un traballo no que Galicia debe dar pasos adiante durante a recentemente estreada lexislatura, debido a que neste momento continúa no grupo de comunidades españolas cunha peor valoración sobre a súa calidade de goberno.

Trátase do Índice Europeo de Calidade de Goberno (EQI, polas súas siglas en inglés) que permite valorar a imparcialidade, eficiencia e ausencia de corrupción, e conta cun importante impacto na investigación sobre xeografía económica, emprendemento e innovación nas diferentes rexións europeas.

Dentro das tres dimensións que engloba o EQI, a comunidade non logra posicionarse por encima da media europea en ningún delas. Con todo os cidadáns valoran máis positivamente a calidade dos servizos públicos, mentres que mostran percepcións e experiencias máis negativas respecto a a corrupción e á imparcialidade do Executivo.

Ademais da avaliación que a cidadanía realiza do labor das súas administracións rexionais, o informe realizado polos organismos comunitarios reflicten cales foron as principais limitacións identificadas polas empresas para



levar a cabo a súa actividade nun territorio determinado entre 2019 e 2021. No caso galego, as firmas sinalan a dificultade para acceder ao financiamento e a corrupción como as barreiras máis importantes. Así o sinalaron entre o 20 e o 30 % dos enquisados.

Pode parecer unha porcentaxe moi elevada. Con todo, o Eurobarómetro de 2023 recolleu que ata o 63 % das empresas da UE considera que “a corrupción está estendida” nos seus países, e a metade ve “pouco probable” que os individuos ou empresas responsables desas corruptelas sexan aprehendidos pola Xustiza.

Precisamente ao redor da relación das diferentes compañías coas administracións rexionais, o informe de cohesión alerta sobre o latente perigo que supoñen os procedementos de contratación pública cun único ofertante ou aqueles de contratación directa, os coñecidos como contratos ‘a dedo’ nos que non existe sequera licitación.

Por outra banda, a Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, atribuíu ao Consello de Contas a competencia de colaborar coas entidades do sector público no deseño e implantación de sistemas de prevención da corrupción e na avaliación dos plans de prevención de riscos que se adopten neste ámbito.

No derradeiro traballo realizado a iniciativa do Consello de Contas aprobado o 10 de maio de 2023, que completa o proceso iniciado co diagnóstico de 2018, avalíase os avances do Sector público autonómico no conxunto de estratexias para mellorar os sistemas de prevención de riscos da corrupción no Goberno Galego e fanse unha serie de recomendacións, que non foron seguidas pola Xunta de Galicia.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dita unha normativa específica en materia de integridade pública institucional, que contemple a regulación da prevención de riscos de corrupción, dos conflitos de intereses, así como dos grupos de interese (lobbies).
2. Establecer as seguintes medidas de reforzo dentro do marco de integridade:
 - a) Actualizar e difundir o Código ético institucional e establecer parámetros para avaliar anualmente o seu cumprimento, e crear un Comité de Ética co propósito de coñecer e investigar as denuncias sobre comportamento ético e os dilemas éticos que se presenten nos servidores públicos.
 - b) Establecer os plans de prevención de riscos da corrupción como instrumento diferenciado de cuño propio na normativa para a prevención da corrupción, definindo o ámbito de formulación ou a súa forma de determinación e os órganos encargados da súa elaboración, aprobación e vixilancia.
 - c) Poñer en funcionamento da Comisión interdepartamental encargada da coordinación e supervisión do sistema de integridade e cumprimento, e un órgano responsable da integridade e prevención de riscos de xestión por centro, con descrición das súas funcións e responsabilidades, e que informe ao máximo nivel da organización.
 - d) Habilitar a vía da denuncia como medio para comunicar situacións relacionadas coa corrupción e a integridade, e regular os dereitos



que configuran un estatuto do denunciante coa atribución da súa xestión a aquel órgano centralizado.

- e) Definir, xestionar, solucionar e dar seguimento dos conflitos de interese dos altos cargos do sector público autonómico, por un órgano/unidade con autonomía funcional respecto da Xunta de Galicia.
- f) Regular os grupos de interese e creación dun rexistro público de inscrición e seguimento das reunións dos mesmos con autoridades e altos cargos do sector público autonómico.
- g) Mellorar o sistema de transparencia dos contratos menores na plataforma de contratos de Galicia, que permita a súa consulta en datos abertos e publicación diaria por órgano de contratación, entidade adxudicataria e obxecto do contrato.

Santiago de Compostela, 3 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 07/05/2024 21:35:27

Paloma Castro Rey na data 07/05/2024 21:35:38

Julio Abalde Alonso na data 07/05/2024 21:35:45

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/05/2024 21:35:54



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A opacidade na actuación das administracións públicas constitúe un factor que favorece que os potenciais riscos se materialicen. O cumprimento do principio de transparencia ao que se debe axustar a contratación do sector público actúa como ferramenta fundamental para controlar as decisións adoptadas polos órganos de contratación e contribúe a minimizar a comisión de abusos ou irregularidades. Esta avaliación refírese, ademais, ao sector institucional da Xunta de Galicia que se caracterizou, tradicionalmente, por unha aplicación máis laxa das esixencias derivadas da normativa contractual.

O cumprimento do principio de transparencia na contratación pública resulta esencial para promover a concorrência, garantir a igualdade de trato dos licitadores e a obxectividade das adxudicacións así como asegurar a economía, eficacia e eficiencia do gasto público. A apertura do acceso á información da actividade contractual permite, ademais, controlar o correcto desenvolvemento dos procedementos de adxudicación e da execución das prestacións. En definitiva, nos termos expresados pola OCDE, a transparencia é unha condición clave para o fomento da integridade e para evitar a corrupción na contratación pública.

A entrada en vigor da Lei de transparencia e bo goberno de Galicia e da nova Lei de contratos do sector público, supuxo un pulo importante no cumprimento das obrigas de publicidade na plataforma de contratos, fundamentalmente no



que atinxe á publicación da información referida ás fases de preparación e execución dos contratos así como a incorporación de novas funcionalidades de busca da información.

Con todo, a forma de presentar a información contractual na Plataforma de Contratos de Galicia non é homoxénea: non hai documentos normalizados e non se incorporan nos mesmos espazos e non existen campos específicos para publicar determinada información coma as consultas preliminares de mercado, contratacións programadas ou licitacións dos contratos menores.

Por outra banda, o Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico responde como sistema oficial de información sobre a contratación pública da Administración xeral da Xunta de Galicia e as entidades instrumentais, polo que a exactitude do seu contido ten moita relevancia. Non obstante, este rexistro non recolle a integridade dos datos sobre os contratos, e ós mesmos non son nin coincidentes cos aloxados na Plataforma de Contratos de Galicia

Por último, o Portal de Transparencia e Goberno Aberto creouse pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia coa vocación de facilitar á cidadanía o acceso a toda a información sobre a que exista unha obriga de publicidade activa.

O perfil de contratante e o portal de transparencia son instrumentos de publicidade que compren finalidades diferentes pero moita da información que se publica no perfil coincide coa que debe figurar no portal. Por iso, na Comunidade Autónoma galega no que respecta á información referida aos contratos de cada entidade, redirecciona á plataforma de contratos.

No que respecta aos datos estatísticos que se publican no Portal de Transparencia e Goberno Aberto sobre a porcentaxe orzamentaria de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos, non permite distinguir os correspondentes ás entidades instrumentais, xa que se ofrecen os datos globais extraídos do rexistro de contratos referidos á actividade contractual da Administración autonómica e do seu sector público. A única forma de coñecer



eses datos é a través das contas anuais de cada entidade pero non todas proporcionan a dita información.

Polo exposto, existe unha fenda moi relevante en relación ao cumprimento do principio de transparencia da información contractual do sector público autonómico galego, o que dificulta o exercicio de control parlamentario e o da necesaria rendición de contas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que adoite as seguintes medidas para mellorar a transparencia da información contractual das entidades do sector público autonómico:

1. Normalizar os documentos que integran o expediente de contratación de xeito que se mellore a calidade da información e se ofrezca de forma homoxénea por todas as entidades contratante do sector público autonómico.
2. Prestar especial atención ao cumprimento das esixencias de xustificación naqueles documentos e trámites como os informes ou memorias xustificativas, as modificacións contractuais e os documentos acreditativos da execución do contrato, que revisten maior transcendencia dende o punto de vista da transparencia e da prevención de riscos da corrupción.
3. Estender o xestor de expedientes de contratación (PLATION) a todas as entidades instrumentais; automatizar a transmisión de datos dende o xestor electrónico cara a plataforma e o rexistro de contratos, de forma que se garanta a publicación de toda a documentación e se mellore o seu contido, e introducir un sistema de alertas que advirta dos prazos de publicación ou obriga de remisión da información.



4. Habilitar novos campos na Plataforma de Contratos para incluír aqueles trámites para os que non existen espazos específicos reservados ao efecto como consultas preliminares do mercado, contratacións programadas ou licitación de contratos menores e incorporar novas funcionalidades de busca de forma que se mellore o acceso a toda a información suxeita a obriga de publicidade activa, en particular, ás incidencias na fase de execución, como a subcontratación e cesión e aos contratos menores.

Santiago de Compostela, 8 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 07/05/2024 21:52:42

Paloma Castro Rey na data 07/05/2024 21:52:53

Elena Espinosa Mangana na data 07/05/2024 21:53:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/05/2024 21:53:12



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A opacidade na actuación das administracións públicas constitúe un factor que favorece que os potenciais riscos se materialicen. O cumprimento do principio de transparencia ao que se debe axustar a contratación do sector público actúa como ferramenta fundamental para controlar as decisións adoptadas polos órganos de contratación e contribúe a minimizar a comisión de abusos ou irregularidades. Esta avaliación refírese, ademais, ao sector institucional da Xunta de Galicia que se caracterizou, tradicionalmente, por unha aplicación máis laxa das esixencias derivadas da normativa contractual.

O cumprimento do principio de transparencia na contratación pública resulta esencial para promover a concorrência, garantir a igualdade de trato dos licitadores e a obxectividade das adxudicacións así como asegurar a economía, eficacia e eficiencia do gasto público. A apertura do acceso á información da actividade contractual permite, ademais, controlar o correcto desenvolvemento dos procedementos de adxudicación e da execución das prestacións. En definitiva, nos termos expresados pola OCDE, a transparencia é unha condición clave para o fomento da integridade e para evitar a corrupción na contratación pública.

A entrada en vigor da Lei de Transparencia e Bo Goberno de Galicia e da nova Lei de Contratos do Sector Público, supuxo un pulo importante no cumprimento das obrigas de publicidade na plataforma de contratos, fundamentalmente no



que atinxe á publicación da información referida ás fases de preparación e execución dos contratos así como a incorporación de novas funcionalidades de busca da información.

Con todo, a forma de presentar a información contractual na Plataforma de Contratos de Galicia non é homoxénea: non hai documentos normalizados e non se incorporan nos mesmos espazos e non existen campos específicos para publicar determinada información coma as licitacións dos contratos menores.

Por outra banda, o Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico responde como sistema oficial de información sobre a contratación pública da Administración xeral da Xunta de Galicia e as entidades instrumentais, polo que a exactitude do seu contido ten moita relevancia. Non obstante, este rexistro non recolle a integridade dos datos sobre os contratos, e ós mesmos non son nin coincidentes cos aloxados na Plataforma de Contratos de Galicia.

Por último, o Portal de Transparencia e Goberno Aberto creouse pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno de Galicia coa vocación de facilitar á cidadanía o acceso a toda a información sobre a que exista unha obriga de publicidade activa.

O perfil de contratante e o portal de transparencia son instrumentos de publicidade que compren finalidades diferentes pero moita da información que se publica no perfil coincide coa que debe figurar no portal. Por iso, na Comunidade Autónoma galega no que respecta á información referida aos contratos de cada entidade, redirecciona á plataforma de contratos.

No que respecta aos datos estatísticos que se publican no Portal de Transparencia e Goberno Aberto sobre a porcentaxe orzamentaria de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos, non permite distinguir os correspondentes ás entidades instrumentais, xa que se ofrecen os datos globais extraídos do rexistro de contratos referidos á actividade contractual da Administración autonómica e do seu sector público. A única forma de coñecer



eses datos é a través das contas anuais de cada entidade pero non todas proporcionan a dita información.

Polo exposto, existe unha fenda moi relevante en relación ao cumprimento do principio de transparencia da información contractual do sector público autonómico galego, o que dificulta o exercicio de control parlamentario e o da necesaria rendición de contas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que adoite as seguintes medidas para mellorar a transparencia en relación coa contratación menor:

1. Reducir o emprego do contrato menor a situacións excepcionais que aconsellen a súa utilización fronte a outros procedementos e motivar expresamente esa excepcionalidade no informe ou memoria xustificativa da necesidade.
2. Planificar a actividade contractual identificando as necesidades que se van reiterar ao longo do exercicio e aquelas que se manteñen por un tempo superior a un ano. Naqueles contratos que responden a unha necesidade permanente perfectamente identificada (servizos de limpeza, mantemento ou asesoramento), calcularase o seu valor estimado atendendo á duración total do contrato e licitaranse a través do procedemento axeitado en atención á súa contía. Para aquelas necesidades que se reiteran ano tras ano para as que non resulta posible concretar con exactitude as prestacións no momento de celebrar o contrato, utilizaranse algunha das opcións previstas na normativa como son os contratos de servizos ou subministracións en función das necesidades (disposición adicional 33 da LCSP) ou os sistemas de racionalización da contratación como os acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición.



3. Garantir unha mínima concorrência ou, en caso contrario, deberanse xustificar as razóns que obrigan (exclusividade) ou, no seu caso, aconsellan elixir a ese adxudicatario e acreditarase esa circunstancia no expediente.
4. Depurar as incorreccións detectadas na base de datos do Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico. En concreto, hai que incluír baixo a clasificación de contrato menor soamente os gastos que teñen natureza contractual, deslindando o gasto menor do contrato menor. Naqueles supostos de gastos contractuais que teñen un réxime xurídico específico distinto do contrato menor débese buscar unha solución, consensuada coas persoas responsables do Rexistro, para incluír unha categoría que permita identificalos de forma axeitada de acordo coa súa natureza.

Santiago de Compostela, 8 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 07/05/2024 21:58:49

Paloma Castro Rey na data 07/05/2024 21:59:00





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2024 11:15:54
Nº Rexistro: 3402
Data envío: 08/05/2024 11:15:54.656

Elena Espinosa Mangana na data 07/05/2024 21:59:07

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/05/2024 21:59:15

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

8949

@PSdeG



CSV: B6P5T8B9C3G0R0bnpVnR4-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A opacidade na actuación das administracións públicas constitúe un factor que favorece que os potenciais riscos se materialicen. O cumprimento do principio de transparencia ao que se debe axustar a contratación do sector público actúa como ferramenta fundamental para controlar as decisións adoptadas polos órganos de contratación e contribúe a minimizar a comisión de abusos ou irregularidades. Esta avaliación refírese, ademais, ao sector institucional da Xunta de Galicia que se caracterizou, tradicionalmente, por unha aplicación máis laxa das esixencias derivadas da normativa contractual.

O cumprimento do principio de transparencia na contratación pública resulta esencial para promover a concorrência, garantir a igualdade de trato dos licitadores e a obxectividade das adxudicacións así como asegurar a economía, eficacia e eficiencia do gasto público. A apertura do acceso á información da actividade contractual permite, ademais, controlar o correcto desenvolvemento dos procedementos de adxudicación e da execución das prestacións. En definitiva, nos termos expresados pola OCDE, a transparencia é unha condición clave para o fomento da integridade e para evitar a corrupción na contratación pública.

A entrada en vigor da Lei de Transparencia e Bo Goberno de Galicia e da nova Lei de Contratos do Sector Público, supuxo un pulo importante no cumprimento das obrigas de publicidade na plataforma de contratos, fundamentalmente no



que atinxe á publicación da información referida ás fases de preparación e execución dos contratos así como a incorporación de novas funcionalidades de busca da información.

Con todo, a forma de presentar a información contractual na Plataforma de Contratos de Galicia non é homoxénea: non hai documentos normalizados e non se incorporan nos mesmos espazos e non existen campos específicos para publicar determinada información coma as consultas preliminares de mercado, contratacións programadas ou licitacións dos contratos menores.

Por outra banda, o Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico responde como sistema oficial de información sobre a contratación pública da Administración xeral da Xunta de Galicia e as entidades instrumentais, polo que a exactitude do seu contido ten moita relevancia. Non obstante, este rexistro non recolle a integridade dos datos sobre os contratos, e ós mesmos non son nin coincidentes cos aloxados na Plataforma de Contratos de Galicia

Por último, o Portal de Transparencia e Goberno Aberto creouse pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno de Galicia coa vocación de facilitar á cidadanía o acceso a toda a información sobre a que exista unha obriga de publicidade activa.

O perfil de contratante e o portal de transparencia son instrumentos de publicidade que compren finalidades diferentes pero moita da información que se publica no perfil coincide coa que debe figurar no portal. Por iso, na Comunidade Autónoma galega no que respecta á información referida aos contratos de cada entidade, redirecciona á plataforma de contratos.

No que respecta aos datos estatísticos que se publican no Portal de Transparencia e Goberno Aberto sobre a porcentaxe orzamentaria de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos, non permite distinguir os correspondentes ás entidades instrumentais, xa que se ofrecen os datos globais extraídos do rexistro de contratos referidos á actividade contractual da Administración autonómica e do seu sector público. A única forma de coñecer



eses datos é a través das contas anuais de cada entidade pero non todas proporcionan a dita información.

Polo exposto, existe unha fenda moi relevante en relación ao cumprimento do principio de transparencia da información contractual do sector público autonómico galego, o que dificulta o exercicio de control parlamentario e o da necesaria rendición de contas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adoite as seguintes medidas para mellorar a transparencia e a información contractual das entidades do sector público autonómico en relación ós procedementos de contratación abertos:

1. Motivar a elección dos criterios de adxudicación xustificando a súa relación co obxecto do contrato e explicando en que medida contribúen a seleccionar a mellor oferta.
2. Concretar nos pregos de cláusulas administrativas o método de valoración dos criterios dependentes de xuízos de valor, ofrecendo a información necesaria para que os licitadores poidan coñecer como se distribuirán e asignarán as puntuacións e reducindo a marxe de discrecionalidade dos órganos que efectúen a avaliación.
3. Xustificar a elección das fórmulas de valoración dos criterios automáticos.
4. Mellorar a transparencia na motivación das puntuacións asignadas aos criterios dependentes de xuízos de valor de forma que se poidan coñecer as razóns que xustificaron a maior ou menor puntuación.
5. Naqueles expedientes nos que se esixa a superación dun limiar mínimo na valoración dos criterios dependentes de xuízos de valor, as entidades que teñan a consideración de poder adxudicador Administración Pública deberán contemplar nos pregos a constitución dun comité de expertos



ou encomendarlle a valoración a un organismo técnico especializado. Aínda que a lei non se refira expresamente a elas tamén resulta recomendable para os poderes adxudicadores que non teñen a condición de Administración Pública.

6. Publicar os anuncios de licitación dos contratos non harmonizados na Plataforma de Contratos e indicar neles os criterios de adxudicación.

Santiago de Compostela, 8 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 07/05/2024 22:01:31

Paloma Castro Rey na data 07/05/2024 22:01:42

Elena Espinosa Mangana na data 07/05/2024 22:01:48

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/05/2024 22:01:56



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste momento clave para a transición enerxética en todo o mundo e ante a chegada dos fondos europeos Next Generation-EU ao noso país, a produción de enerxía de fontes de enerxías renovables- como o hidróxeno verde, biogás ou biomasa forestal- así coma a implantación de enerxía eólica en Galicia, debería ser unha prioridade para a Xunta de Galicia, en conexión directa co desenvolvemento industrial e de transición enerxética, e non apostar todo, como está facendo a Xunta de Galicia gobernada polo PP, ao que resulte da batalla xudicial ou a decisión do Tribunal Supremo, mais tendo en conta que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, xa se dirixiu ao Tribunal da UE presentado unha cuestión prexudicial porque a lei galega de enerxía eólica vai en contra dunha norma europea. Mínimo dous anos de espera.

Dende o Partido Socialista de Galicia, o noso voceiro no debate de investidura ofreceu un Pacto de Enerxía e Industria que xa concretamos no noso programa e presentamos na Mesa para o desenvolvemento renovable e industrial en Galicia con todos os actores implicados.

É preciso facer política en maiúsculas, que nos permitiría volver a ser líderes mundiais neste sector, aproveitando as nosas potencialidades: un recurso abundante, o coñecemento, as capacidades e a experiencia necesarios para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción das infraestruturas.



Pero todo isto non será posible se o Goberno galego non aposta firmemente pola implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio, cumprindo de forma rigorosa os requisitos medioambientais e respectando a normativa europea, facilitando o despregue de nova potencia renovable que poida posicionar a Galicia como rexión estratéxica e pioneira na descarbonización total do seu sistema económico e as instalación de novas industrias na nosa terra.

Por outra banda, para as e os socialistas tan insensato é pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica solicitada en Galicia como optar por unha prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica, polo que hai que compatibilizar o desenvolvemento de máis parques eólicos co seu encaixe social cun impacto medioambiental e social asumible.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar a normativa precisa, no seu ámbito de actuación, que contribúa a unha nova planificación, zonificación e implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio.
2. Incluír medidas compensatorias que beneficie ós concellos e ás comunidades afectadas; como que nas autorizacións administrativas dos novos parques se primen por parte das empresas promotoras medidas compensatorias de contido social para as comunidades afectadas pola instalación dos parques, como fondos para os concellos destinados ás políticas sociais, participación na produción enerxética para utilizar en proxectos de autoconsumo locais, despregue de puntos de carga de vehículos eléctricos, axudas para a xestión forestal nas zonas de implantación ou sinerxías como a instalación de banda ancha de internet ou o pago do custe da factura eléctrica á veciñanza.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2024 12:06:06
Nº Rexistro: 3419
Data envío: 08/05/2024 12:06:06.497

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 08/05/2024 12:05:22

Lara Méndez López na data 08/05/2024 12:05:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2024 12:05:38

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

8956

@PSdeG



CSV: B0PIS7B93G080URH046-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a concreción do anuncio do Presidente da Xunta sobre o plan de saúde mental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Presidente da Xunta no seu discurso no debate para a investidura dixo textualmente que “A Sanidade galega tamén estará especialmente pendente dunha das grandes preocupacións sociais do noso século: a saúde mental. Para iso contaremos cun novo plan que incorporará psicólogos clínicos aos centros de saúde”

En Galiza, estamos moi lonxe de acadar os obxectivos mínimos de protección da saúde mental, por moitos anuncios que faga o PP desde a Xunta, os anuncios non solucionan os problemas, é preciso saber cal é a concreción dos mesmos, razón pola cal o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a presentar en sede parlamentaria no actual período de sesión a concreción do anuncio feito polo Presidente da Xunta no debate de investidura de “contar cun novo plan de saúde mental que incorporará psicólogos clínicos aos centros de saúde.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2024 12:21:56

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2024 12:33:07

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 12:33:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a contaminación do aire en Nadela (concello de Lugo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2023 desde o G.P. do BNG formulamos unha pregunta á Consellaría de Medio Ambiente na que trasladamos a preocupación e o malestar da veciñanza de Nadela e do Vilar (Concello de Lugo) pola contaminación provocada polas emisións contaminantes da fábrica de Tableros Hispanos.

Naquela altura a propia Xunta de Galiza recoñeceu que a empresa fora sancionada até en tres ocasións por incumprir a normativa, concretamente por acopio de material fóra de lugar e por un punto de vertido contaminante. Así mesmo, asegurouse que se instalaría nas proximidades da fábrica unha máquina de medición de emisións, como logo aconteceu.

Porén, desde aquel momento, para a veciñanza a situación non mudou. É máis, a finais de marzo deste ano os informes de Meteogalicia recollían a mala calidade do aire provocada pola contaminación da fábrica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, as veciñas e veciños denuncian a alta concentración de partículas PM2,5 --que exceden as recomendacións da OMS-- e esixen a adopción de maiores medidas de control por parte da administración.

Cómpre lembrar que esta empresa comezou a súa actividade no ano 2014, e no 2015 a Consellería de Medio Ambiente outorgoulle a AAI (2015-IPPC-I-0054), renovándolla no 2019 (AAI2019- IPPC-M-29). Segundo a información que foi trasladada ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego, tanto a AAI como a súa renovación foron concedidas con todos os informes, (desde o 2016 até a actualidade) da CHMS negativos, advertíndolles de que non posuían autorización de verquidos, xa que as instalacións non reunían os requisitos mínimos. Malia todo, a empresa continúa funcionando.

Para o noso grupo ningunha empresa pode estar por riba da normativa nin ficar exenta de dar cumprimento ás súas obrigas administrativas e mediambientais garantindo que a actividade industrial non reverta nun prexuízo para a saúde das persoas que viven na súa contorna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Manter un encontro a través da delegación territorial de Lugo coa veciñanza dos núcleos situados na contorna da fábrica Tableros Hispanos S.L.U para abordar a situación ambiental derivada da produción desta empresa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Trasladar á veciñanza as medidas de control que até o momento desenvolvese a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento da normativa ambiental vixente así como calquera outra actuación ao respecto que a Xunta teña previsto ou poida adoptar ao respecto.

3. Xunto coa CHMS, esixir o cumprimento da legalidade vixente á empresa determinando que conta con toda a documentación esixida legalmente para continuar coa súa actividade así como promover a redución ao máximo posíbel da contaminación no proceso produtivo.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 12:44:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/05/2024 12:44:39

Luis Bará Torres na data 08/05/2024 12:44:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a protección e conservación da especie *Margaritifera margaritifera* ou mexilón de río, especialmente as poboacións do río Ulla ameazadas polo vertido industrial da celulosa de Altri.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mexilón de río () é unha especie de fauna ameazada que aínda que pervive nos ríos atlánticos galegos está nun proceso de regresión continua. Está incluído no *Catálogo Galego de Especies Ameazadas*, na categoría “en perigo de extinción”. A regresión das poboacións de mexilón de río está relacionada coa degradación ambiental das bacías hidrográficas.

O mexilón de río é un organismo de grande valor para a biodiversidade dos ecosistemas fluviais: funciona como bioindicador da calidade das augas, realiza un labor de depuración natural polo filtrado de nutrientes, e actúa como especie paraugas que favorece a outros organismos. Segundo a profesora de zooloxía e investigadora do proxecto LIFE+ Margal Ulla Mari Paz Ondina Navarret “a súa desaparición provocaría unha diminución apreciable da biodiversidade e un deterioro das condicións ambientais da auga e do leito fluvial”.

Tanto a Xunta como a USC levan tempo desenvolvendo diversos estudos e proxectos de investigación orientados á conservación e mellora da especie. O principal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destes proxectos foi o “LIFE+ Margal Ulla”, desenvolvido entre 2010-2016 co obxectivo de estudar e recuperar as poboacións de mexilóns do río Ulla”.

Tanto a Xunta como a Fundación Biodiversidade financiaron nos últimos anos novos proxectos para darlle continuidade aos traballos realizados ao abeiro do “LIFE+ Margal Ulla”. No ano 2020 a Xunta e a USC asinaron un convenio para desenvolver e mellorar o proceso de cultivo do mexilón de río nas instalacións do Centro Ictioxénico do Veral (Lugo).

Pola súa parte, a Xunta adxudicou nos últimos anos diversos contratos relacionados co coñecemento da situación do mexillón de río e o desenvolvemento de medidas de conservación da especie.

O último destes contratos foi adxudicado á USC en xuño de 2023 para a realización do “Servizo para a actualización da información relativa á distribución e abundancia da especie de fauna ameazada *Margaritifera margaritifera* en Galicia durante o ano 2023, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020”. O prezo de adxudicación foi de 64.170 euros e o prazo de execución do servizo foi de cinco meses e medio desde a formalización do contrato (desde o 27-7-2023).

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Presentar no parlamento un informe sobre a distribución e abundancia da especie de fauna ameazada *Margaritifera margaritifera* (mexilón de río) en Galiza, con especial atención ás poboacións do Ulla.
2. Garantir a protección do mexilón de río no Ulla, especialmente no treito entre o nacemento e o encoro de Portodemouros que se vería ameazado polos vertidos industriais da celulosa de Altri.
3. Aprobar no presente ano 2024 o plan de recuperación da especie de fauna ameazada *Margaritifera margaritifera* (mexilón de río).”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Iria Carreira Pazo

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/05/2024 12:49:15

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2024 12:49:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 08/05/2024 12:49:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao informe do Consello de Contas de fiscalización da conta xeral do Sergas ano 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O último informe que ven de publicar o Consello de Contas sobre a fiscalización da Conta Xeral do Sergas do ano 2022, ratifica as denuncias que leva facendo o BNG desde fai tempo, de que o Orzamento do Sergas é un ecosistema perfecto para que o Partido Popular na Xunta faga uso dos cartos públicos sen render contas.

O orzamento do Sergas representa arredor do 40% do conxunto da Xunta, e polo tanto é de especial gravidade que o informe revele entre outras cuestións:

- Que persiste a opacidade, a falta de transparencia, a falta de información e polo tanto non permite coñecer cal é a situación económico financeira real do Sergas.
- Que hai aumento do gasto en servizos prestados con medios alleos, os destinados á sanidade privada, 226 millóns de euros nesa anualidade.
- Que hai un uso permanente dos contratos menores, negociados sen publicidade, autorizacións de uso, fraccionamentos de contratos... que non se xustifica o uso dese mecanismo.
- Que hai xestión de servizos sen ningunha fórmula contractual.
- Reitera que unha parte importante da contratación que realiza o Sergas evita a concorrência competitiva e polo tanto a desigualdade das empresas a poder presentarse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O informe mostra tamén o aumento das listas de espera e a diminución das consultas presencias.

Todos estes datos poñen en evidencia a política sanitaria do PP posta ao servizo da sanidade privada e das empresas amigas, e non da atención de calidade da maioría da maioría das galegas e galegos.

Por as razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Rematar coa derivación permanente de recursos públicos cara a sanidade privada, tomando todas as medidas para que a rede pública teña os recursos precisos tanto materiais como humanos para atender a demanda existente, a empezar por ter operativos en horario de mañá e tarde todos os recursos dos que dispón o Sergas, aparatos diagnósticos, camas, quirófanos..

2.- Presentar un informe coas derivacións realizadas a centros alleos á rede hospitalaria do Sergas nos últimos cinco anos, desagregadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas,

3.-Presentar un informe especificando a contratación de servizos sanitarios con entidades privadas nos últimos cinco anos (atención hospitalaria, oxigenoterapia, diálise...) co número de contratacións, modalidade da mesma e importe de cada contrato, desagregado por entidade.

4.- Realizar unha auditoría externa, e presentar un informe co resultado da mesma no Parlamento Galego no que consten a totalidade dos contratos menores e negociados sen publicidade realizados polo Sergas nos últimos cinco anos, agrupados de xeito que se poida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ter información detallada dos conceptos, órgano contratante, adxudicatarios, condicións de execución... para poder determinar a imposibilidade ou non de realizar estas licitacións por procedementos que respecten a concorrência.

5.- Realizar as modificacións precisa na web da Plataforma de Contratos da Xunta, de xeito que se introduzan os filtros que sexan necesarios para facilitar a localización e consulta dos expedientes e a discriminación por tipo de contratos, empresas, centro de gasto, permita a exportación de resultados...

6.- Por fin, como lle ven demandado o Consello de Contas:

- a) Á práctica de contratación, de forma directa, sen concorrência, publicidade e igualdade de trato, e actuar con transparencia na contratación pública.
- b) Á extensión dos contratos para actividade concertada mediante a formulación de cláusulas de interese público e de "autorizacións de uso" .
- c) Ao gasto de actividade concertada sen o necesario sustento contractual e unicamente documentado a través de ADOK.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 13:30:26

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2024 13:30:29

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2024 13:30:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita a seguinte corrección de erros nos documentos con números de rexistro **3450** e **3451**, na parte propositiva onde di:

“6.- Por fin, como lle ven demandado o Consello de Contas:”

Debe dicir :

“6.- Porlle fin, como lle ven demandado o Consello de Contas:”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/05/2024 12:30:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para prestar asistencia sanitaria residencial a persoas con alteracións da conduta de orixe psiquiátrica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Movemento Galego de Saúde Mental ten feito público un comunicado no que mostra a súa preocupación polas denuncias que se están a producir pola derivación a residencias de maiores de persoas con alteracións da conduta de orixe psiquiátrica.

Din no seu comunicado que “son dúas graves cuestións de innegable proxección política e social se entrecruzan nos feitos e carencias que se veñen denunciando hai moitos anos, conforme foi discorrendo o peche dos manicomios en Galicia (aínda incompleto) en cumprimento de leis sanitarias, observancia de dereitos fundamentais, e materialización de plans de dimensión internacional promovidos pola OMS: o dereito das persoas afectadas na súa independencia persoal por mor de trastornos mentais a levar unha vida en sociedade (na que se garanta a súa saúde, seguridade e dereitos) xunto coas demais persoas (coa axeitada atención ás súas necesidades sanitarias e sociais específicas), e o dereito das persoas que viven en residencias a desenvolver a súa vida acorde coas súas preferencias e capacidades en condicións adecuadas de seguridade e atención.

Hoxe é lugar común recoñecer que o modelo residencial ten que mudar, pero medidas para facelo por quen está obrigada non se adoptan, mentres inquietantes novas informan de boicot á función da Inspección dos centros residenciais dende a propia Administración Autonómica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esas carencias nas residencias, unidas ás da rede pública de atención á saúde mental (e dentro dela, moi en particular, as carencias na atención ás persoas que viven en institucións) están na orixe dos feitos que se denuncian agora e dos que se levan denunciando hai moitos anos.

Os plans de traslado de doentes psiquiátrics en réxime residencial seguen vixentes, transferindo as responsabilidades de atención e coidado dos mesmos dende o SERGAS a centros públicos ou concertados da Consellería de Política Social.

Mais a pesar da importancia desta cuestión non se coñece cantas son as persoas que se viron afectadas por estes plans e decisións, nin as alternativas consideradas nin o tipo de centros aos que se derivaron nin as súas dotacións e programas nin os plans de Inspección e os seus resultados nin os plans asistenciais da rede de Saúde Mental para estas persoas.

O MGSM considera que calquera análise ou proposta diante desta situación debe partir de que as persoas con trastornos psiquiátricos que se atopan en coidado residencial son as máis abandonadas, graves e desprotexidas historicamente das atendidas no campo da saúde mental. Os riscos aos que están expostas (abandono, maltrato, abuso, vulneración dos seus dereitos) son moi elevados. A súa capacidade de defensa dos seus dereitos é moi reducida cando non nula. A sociedade e as súas institucións teñen unha responsabilidade incrementada diante delas.”

O Grupo Parlamentar do BNG fai súas as reflexións que realiza o MGSM e asume as propostas que realiza, polo cal presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Crear unha comisión de investigación sobre a situación da atención residencial e a asistencia sanitaria a persoas con alteracións da conduta de orixe psiquiátrica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Realizar dunha auditoría pola Inspección Sanitaria para determinar cales son as condicións de atención e de coidado residencial destas persoas, xa que doentes diagnosticad@s e en tratamento polo SERGAS deben ter asegurados os seus dereitos asistenciais.

3.- Atender as propostas das representacións sindicais e d@s profesionais que traballan nas residencias, respecto ás dotacións, funcionamento, condicións residenciais, formación/cualificación e condicións laborais dos cadros de persoal para prestar asistencia sanitaria a persoas con alteracións da conduta de orixe psiquiátrica.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2024 13:43:04

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 13:43:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o grao de privatización do sector das residencias de maiores en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IMSERSO vén de publicar o primeiro Censo de Centros Residenciais de España onde cifran o número de centros e prazas residenciais dirixidas á atención de persoas maiores no conxunto do Estado e tamén nos distintos territorios.

Centros residenciais dirixidos a persoas maiores y personas con discapacidad. Galicia

1.1. DOTACION DE PLAZAS Y HABITACIONES EN CENTROS DE ATENCION A PERSONAS MAYORES

1.1.1. Plazas en centros de atención a personas mayores

Centros de atención a personas mayores			
Modelo de gestión	Plazas	Centros	Media
	Núm.	Núm.	
Titularidad pública y gestión privada con lucro	2.295	32	71.7
Titularidad pública y gestión privada sin lucro	267	3	89.0
Titularidad y gestión pública	2.122	38	55.8
Titularidad y gestión privada con lucro	9.073	158	57.4
Titularidad y gestión privada sin lucro	7.632	94	81.2
Total	21.389	325	65.8

Neste senso, os datos correspondentes con Galiza din que:

-Das máis de 21.000 prazas en residencias de maiores no noso País, só 2.122 son de titularidade e xestión pública. Fronte a iso, 9.073 son correspóndense con centros de titularidade e xestión privada con ánimo de lucro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-En total, máis da metade das prazas en residencias de maiores existentes en Galiza están en mans de empresas privadas con ánimo de lucro, delas 2.295 correspóndense coa xestión que empresas privadas fan de 32 centros residenciais públicos.

-O grao de privatización do sector é tal que, de acordo cos datos publicados polo IMSERSO, só unha de cada dez prazas en residencias de maiores corresponden con centros de titularidade e xestión pública.

En canto ás características dos centros residenciais no noso País:

Das máis de 21.000 prazas en residencias de maiores galegas, 11.607 están en centros de até 125 prazas e 9.787 en residencias de maiores que van desde as 126 até máis de 200 prazas.

Desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego levamos anos defendendo a necesidade de mudar o modelo de residencias que existe en Galiza por outro que fortaleza os centros públicos, a xestión directa, a redución de prazas, a creación de unidades de pequenas unidades de convivencia e a atención centrada na persoa.

Porén, malia as consecuencias da Covid-19 e os grandes anuncios, o Goberno do Partido Popular non mudou nin un ápice o que había, proba diso é que o marco xurídico e normativo continúa a ser exactamente o mesmo que había antes da pandemia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Comprometer a xestión pública directa das residencias de maiores que están pendentes de construción pola Fundación Amancio Ortega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Recuperar, de maneira progresiva, a xestión directa das residencias de maiores de titularidade pública que actualmente están xestionadas por empresas e entidades privadas baixo a modalidade de concesión, a medida que caduquen os contratos en vigor.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 15:36:57

Ariadna Fernández González na data 08/05/2024 15:37:03





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Patricia García González, Nicole Grueira Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia apoia ás persoas emprendedoras pola súa creación de emprego e riqueza, ademais de contribuír ao benestar e ao progreso do país.

Todos os nosos esforzos están centrados en xerar riqueza e emprego, dinamizando o territorio e fixando poboación, traballando da man das empresas para dar respostas ás súas necesidades e co firme propósito de avanzar no crecemento e progreso de Galicia.

Os Polos de Emprendemento son unha rede que traballa para impulsar e consolidar proxectos de emprendemento que teñan unha vinculación coa súa contorna, aportando acompañamento e asesoramento continuado, unha metodoloxía común validada e adaptada a cada proxecto e unha titorización con profesionais de primeiro nivel.

Nesta rede, identificaranse as necesidades e oportunidades para emprender que presenta cada un dos territorios, detectando as actividades económicas con potencial que xorden en cada territorio para saber onde é máis efectivo emprender, ademais de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





fomentar os proxectos que permitan desenvolver novos sectores innovadores para dinamizar a contorna e crear sinerxias co tecido empresarial existente.

Actualmente, hai 13 Polos activos dun total de 15, e atópanse en A Fonsagrada, Baños de Molgas, Coristanco, Ferrol, Friol, Melide, Mondoñedo, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, O Porriño, Silleda, Verín e dous que aínda se atopan inactivos, como o de Sarria e o de Vilanova de Arousa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar impulsando un ecosistema de apoio ao emprendemento no que están implicados todos os axentes, entidades, redes e recursos dispoñibles para o inicio dunha nova actividade empresarial.

Así mesmo, que se impulsen os Polos de Emprendemento como canalizadores do relevo xeracional e como instrumento de asesoramento de emigrantes que queiran iniciarse por conta propia, ademais de poñer en funcionamento aqueles polos que se atopan inactivos”.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/05/2024 16:14:37

Noelia Pérez López na data 08/05/2024 16:15:03

Raquel Arias Rodríguez na data 08/05/2024 16:15:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 3477
Data envío: 08/05/2024 16:26:23.588

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/05/2024 16:15:45

Patricia García González na data 08/05/2024 16:16:30

Nicole Grueira Fernández na data 08/05/2024 16:16:44

Roberto Rodríguez Martínez na data 08/05/2024 16:16:54

Raúl Santamaría González na data 08/05/2024 16:17:20

Gonzalo Trenor López na data 08/05/2024 16:17:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: B6P5T8B9C3K6tW8p8n-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Sonia Vidal Lamas e Iria Carreira Pazos e dos deputados Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á valoración do goberno galego do Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras elaborado polo Consello de Contas.

Exposición de motivos

O pasado 6 de maio o Consello de Contas remitía ao Parlamento Galego e facía público o seu Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras elaborado polo Consello de Contas. Informe, ademais, elaborado ao abeiro do Plan de traballo deste organismo a instancias dos acordos tomados na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas do Parlamento Galego.

Este informe emitíuse ao mesmo tempo que o Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2022 e afonda na falta de planificación económica do goberno galego respecto das súas obrigas de prestación dos servizos públicos.

O Informe do Consello de Contas é claro e directo respecto das múltiples deficiencias que arrastra a planificación económica do SERGAS en xeral e da Área Sanitaria citada en particular. Como cuestión previa cabe, ademais, sinalar que, na liña





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

doutros informes como os que analizan a conta xeral, os fondos europeos ou as entidades instrumentais, o propio Consello fai notar distintos aspectos que supoñen limitacións ao seu alcance. É dicir, aspectos que limitan a capacidade do organismo para elaborar a diagnose encomendada que é, en última instancia, abranguer a fiscalización da análise da xestión realizada pola área sanitaria fiscalizada en orde á provisión, con medios alleos aos da rede asistencial propia do Sergas, de servizos sanitarios de diversa índole, en particular a súa adecuación ao marco normativo vixente e o seu axuste aos principios de eficiencia, eficacia e economía.

Así, o Consello de Contas sinala como limitacións aspectos como a carencia dunha contabilidade analítica nos centros, que limita a análise dos principios de economía e de eficiencia. Así mesmo, apunta que non se obtivo a información requirida respecto da derivación de pacientes a centros para os que non se conta con ningunha información relativa á súa vinculación xurídica. Tales pacientes non constan nos rexistros de situación “derivado a centro concertado” na xestión das listas de agarda, o que vén a certificar a falta de transparencia verbo das listas reais de agarda, como ten denunciado reiteradamente este Grupo Parlamentario.

Así mesmo, o Consello sinala que non se puido obter a suficiente información respecto das tarifas aplicadas por prestacións similares noutras CCAA ao non reflectirse estas nas adxudicacións nin nos contratos publicados na plataforma de contratación do Estado ou que a falta de estudos relativos ao custo das prestacións obxecto de derivación produce inseguridades respecto da súa adecuación aos prezos de mercado.

Aínda así, coa información contida no Informe, é evidente que non hai unha adecuada xestión dos recursos públicos dos galegos e galegas, que existe unha clara situación irregular de moitas das contratacións e que non se cumpren coas pautas marcadas na propia normativa do goberno galego. Xa non é só que se usen cartos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos para derivar servizos no lugar de fornecelos desde o público senón que por riba non se sabe exactamente canto é o custo de forma clara nin hai un marco contable adecuado. É dicir, mentres se baleira progresivamente o peso do sistema público, aumentan as derivacións ao privado e non se fai ademais cunha xustificación económica ou un soporte contractual en moitos casos.

De entre as cuestións sinaladas polo Consello de Contas cabe apuntar que a prestación de asistencia sanitaria con medios alleos na sanidade galega, no 2022 custou 225,8 millóns de euros, incrementándose nun 2% respecto do ano anterior. Mais, se atendemos ao gasto real e a importes pendentes de anos anteriores a variación foi maior, dun 5% máis. Ademais, o aumento foi maior na área de Ourense, na que o aumento real foi dun 6,8%.

O informe advirte que “se inclúen dentro deste cómputo contratos de dubidosa vixencia, ao prolongarse, de xeito espurio, algún deles máis alá dun tempo razoable unha vez que xa rematara a súa vixencia” ou que hai unha “subversión da legalidade vixente” ao vulnerar a propia regulación do SERGAS usando figuras de autorización temporal de uso para fins distintos dos planificados e ao facer adxudicacións directas sen procesos que garantan a concorrência e a publicidade.

Todo isto no 2022 xustificouse para reducir as listas de agarda, mais vemos como a día de hoxe, cos datos máis recentes do SERGAS, esta área sanitaria ten os peores datos de lista de agarda de toda Galiza. Xa no ano fiscalizado o número de pacientes que pasaron pola situación de derivación a centro concertado aumentou un 36% no 22 con aumentos en todas as especialidades, sendo as máis significativas as de oftalmoloxía e as de traumatoloxía. Así mesmo, respecto do ano fiscalizado, mentres a actividade propia medrou un 11%, a derivación a centros privados un 41% e hai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situacións que o informe remarca polo seu enorme peso orzamentario, como todo o que ten que ver con traumatoloxía, rehabilitación, diálise, ou probas TAC e RMN.

A esta situación de progresivo aumento da privatización sen que haxa unha mellora significativa dos tempos e do servizo, súmase o proceso de concentración do sector hospitalario privado en grandes grupos empresariais aos que Galiza e Ourense non son alleos e cuxos acontecementos recentes confirman a tendencia sinalada polo informe. Da mesma maneira, hai que ter en conta as cautelas e riscos respecto do oligopolio dos medios alleos de terapias respiratorias que se apunta ou que neste informe non se contempla o referido aos concertos en materia de saúde mental nin outros servizos de asistencia sanitaria do concepto 258, polo que de termos en conta estes outros ámbitos o grao de drenaxe do público para o sector privado sería maior. Aínda así, a Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras é a área sanitaria de Galiza na que máis aumentou o gasto orzamentario do artigo 25, desde o ano 2018 ata o 2022, ao chegar ao 20%.

os últimos anos e meses, e máis aínda dese a supresión das antigas áreas, esta macroárea sanitaria arrastra un aumento dos problemas para a cobertura da atención sanitaria, cun enorme empeoramento da atención hospitalaria, como amosan as protestas do persoal dos tres hospitais, e tamén do ámbito da primaria, con queixas desde o ámbito veciñal, municipal e profesional.

O Informe do Consello de Contas apunta de forma clara diversas debilidades que deben ser abordadas e que poñen en evidencia que moitas alertas da mala xestión dos recursos non foron atendidas, empeorando a situación. Amosa tamén a necesidade de que para alén da Conta Xeral se profundice na transparencia e na fiscalización de máis ámbitos do sistema sanitario galego e que se revisen as condicións da prestación do servizo nos diferentes territorios.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir á Cámara Galega un informe detallado sobre o cronograma de aceptación e implantación das recomendacións do Consello de Contas recollidas no Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras así como facilitar ao Consello e ao Parlamento galego aquela información pendente de concretar que se sinala en dito informe.

2. Revisar o Plan director do Complexo Hospitalario de Ourense e acelerar cuestións pendentes como a unidade de diálise e iniciar as actuacións pertinentes para reforzar a prestación pública do servizo.

3. Elaborar, en colaboración cos axentes sociais e co persoal sanitario da área, unha estratexia para a redución de listas de espera da área sanitaria na que se aposte polo reforzo de medios materiais e humanos para a prestación dos servizos e na que se dea a coñecer cal é a situación real destas listas de agarda.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Secundino Fernández Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Sonia Vidal Lamas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2024 17:51:49

Secundino Fernández Fernández na data 08/05/2024 17:51:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/05/2024 17:52:11

Sonia Vidal Lamas na data 08/05/2024 17:52:33

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2024 17:52:49



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A pesares de que cada vez son máis os recursos destinados a loitar contra a violencia machista e a protexer as mulleres vítimas, non podemos obviar que os casos non diminúen e nalgúns territorios mesmo se están incrementando.

É o caso de Galicia, onde nestes primeiros meses de 2024 xa foi asasinada unha muller pola súa parella. A violencia machista constitúe hoxe o principal obstáculo para sermos unha sociedade plenamente democrática. Que exista unha soa muller asasinada ou que sofre violencia só polo simple feito de selo supón a constatación da peor das desigualdades entre homes e mulleres, e os gobernos de todas as administracións deberían situar esta preocupación nun lugar prioritario das súas axendas políticas.

É por iso que resulta esencial que tamén a Administración local, por ser a máis próxima á cidadanía, dispoña de todo o coñecemento e os recursos posibles para ser quen de funcionar como unha ferramenta eficaz máis na erradicación destas violencias. Para este fin existen as mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, nas que participan representantes do ámbito xudicial, sanitario, educativo, de forzas de seguridade e tamén colectivos civís.

Mais polo de agora só preto de 90 concellos dispoñen delas, segundo o derradeiro informe da extinguida Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.



Para o Grupo Socialista estas mesas locais son esenciais na estratexia de prevención e loita contra a violencia machista e, por iso, consideramos urxente estender a súa constitución a todo o territorio galego, nunha estratexia coordinada entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias. Á súa vez, é tamén urxente rematar a actualización do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na comunidade autónoma de Galicia para adaptalo ao novo marco normativo, para o que é necesaria unha diagnose do momento actual, así como desenvolver un plan urxente contra a violencia de xénero centrado fundamentalmente na prevención e na educación, e incrementar e mellorar a formación en igualdade.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Pór en marcha unha estratexia urxente, en coordinación coa Fegamp, para que a finais deste ano 2024 todos os concellos galegos contén con mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.
2. Actualizar, antes de que remate o actual período de sesións, o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Desenvolver antes de que remate o ano un plan urxente contra a violencia de xénero centrado fundamentalmente na prevención e na educación que inclúa campañas de información e sensibilización sobre violencia machista con recursos para a súa identificación e servizos dispoñibles aos que acudir en caso de ser vítima. A campaña debe ir dirixida a distinto público e utilizar diferentes medidas de difusión (ámbito urbano ou rural, por idades, por sexos, emprego de novas tecnoloxías...)



4. Incrementar programas de formación en igualdade e prevención da violencia machista, valorando a súa obrigatoriedade en ámbitos como o sanitario, a educación ou a xustiza.

5. Redactar un informe urxente por parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero que avalíe a situación actual e, sobre todo, propoña novas medidas dirixidas á prevención e erradicación desa violencia, así como accións no ámbito educativo, tal e como lle vén encomendado polo Decreto 157/2012

Parlamento de Galicia, 8 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/05/2024 13:13:54

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2024 13:14:08

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2024 13:14:19

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/05/2024 13:14:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a mellora da seguridade viaria e da mobilidade na estrada autonómica estrada PO-233.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica PO-233 comunica o lugar de Ponte Bora, no concello de Pontevedra, co concello da Lama atravesando no concello de Cerdedo-Cotobade os lugares de Vilanova (Tenorio), a Xesteira (Almofrei) e as Lagoas (Borela).

Se ben a estrada ten un bo estado da capa de rodadura, presenta diversas deficiencias en materia de seguridade viaria e mobilidade peonil e ciclista. Estas carencias son máis evidentes e necesarias nas travesías dos núcleos, mais sería necesaria unha actuación integral na totalidade da estrada.

No referente aos núcleos, cómpre realizar actuacións de calmado do tráfico con redutores de velocidade, construción de beirarrúas, instalación de mobiliario, mellora da sinalización e recollida de augas pluviais.

No caso do núcleo da Xesteira levouse a cabo unha actuación parcial de calmado do tráfico e construción dun treito de senda peonil, unha obra que presenta deficiencias no relativo a recollida de canalización de pluviais, o que impide o uso da beirarrúa nos días de intensas chuvias. Ademais, a deficiente execución da obra afecta á contorna dunha marquesina de bus, o que dificulta o acceso e o uso deste equipamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, esta e outras vías dos concellos veciños están tendo un incremento do seu uso relacionado coa mobilidade ciclista de carácter deportivo e de lecer, unha actividade de indubidable interese para a dinamización económica e turística do concello. Tanto a estrada PO 233 como a PO 234 conforman un circuíto de interese para o ciclismo deportivo e de contacto coa natureza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Desenvolver un proxecto de mellora da seguridade viaria e da mobilidade na estrada PO-233 desde o lugar de Ponte Bora até o concello da Lama. Este proxecto incluírá medidas de urbanización e calmado de tráfico, recollida de pluviais e dotación de mobiliario nas travesías de A Xesteira e As Lagoas.
2. Corrixir as deficiencias da obra de senda peonil construída na Xesteira, especialmente no que ten que ver coa recollida e canalización de pluviais.
3. Levar a cabo unha actuación de fomento e mellora da mobilidade ciclista nas estradas PO 233 e PO 234, con actuacións centradas na sinalización, na seguridade viaria e na convivencia do tráfico rodado e o uso ciclista.”

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 10/05/2024 09:05:39

Luis Bará Torres na data 10/05/2024 09:05:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade urxente de planificar e limitar as Vivendas de Uso Turístico en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mudanzas nas que estamos inmersos, na era da información e da uberización da economía, están tendo un forte impacto no sector turístico. Se no século pasado a presión turística canalizábase fundamentalmente a través dos inmobles hoteleiros, hoxe a vivenda de uso turístico ocupa xa un papel máis predominante en termos cuantitativos. Este cambio implica tamén novos retos en cuanto á súa xestión e planificación, para lograr un modelo sustentable dende o punto de vista turístico e tamén residencial.

Porén este fenómeno ten medrado nos últimos anos sen ningún tipo de control. Hai unha evidente falla de análise e de lexislación que limite os efectos negativos singulares que provoca este tipo de aloxamentos. Se no século pasado o turismo podía xerar tensións ou conflitos naquelas localizacións cun exceso de hoteis, hoxe, o aluguer de vivendas de uso turístico transforma a súa lóxica de implantación territorial cunha difusión dos usos turísticos polo parque inmobiliario dun xeito distinto, máis capilar e máis extendido. É preciso, por tanto, unha visión territorializada e de carácter supramunicipal deste problema.

Se realizamos unha lectura en termos de país, a primeira característica que destaca deste fenómeno é a súa evolución explosiva, como así o confirman os datos. Se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en 2017 había apenas unhas 500 rexistradas, hoxe ascenden a 22.553 vivendas de uso turístico, o cal representa un incremento do 4.510% en apenas 7 anos.

Este crecemento exponencial das VUT está ligado á gran diferenza de rendibilidade entre o aluguer residencial e o aluguer vacacional. A pesar de que os prezos dos alugueres residenciais aumentaron en máis dun 40% na última década en Galiza, e que non son pequenas as marxes de beneficio dos alugueres residenciais, as plusvalías que se poden acadar a través do aluguer vacacional son habitualmente maiores. Xérase así unha diferenza de presión entre un mercado e outro que leva á expansión descontrolada das VUT.

Esta situación non foi acompañada de medidas de ordenación. A maioría de concellos aínda non dispoñen de ordenanzas específicas que as regulen, e aínda que as teñan non poden efectivizalas como consecuencia da actuación da Xunta de Galiza, que permite a inscrición irregular destes aloxamentos. O executivo galego no exercicio das súas competencias en materia de turismo, permite a inscrición de todas as VUT a pesar de que estas non cumpran coas normas urbanísticas que determinan os concellos. De forma que neste momento para dar de alta unha VUT e incorporala no REAT-o censo oficial da Xunta para estes aloxamentos- só hai que presentar unha declaración responsable asinada polo propietario conforme cumpre as normas, pero non a documentación que así o acredite.

Baixo este mecanismo de descontrol premeditado, a Xunta de Galiza vén inscribindo vivendas de uso turístico sen comprobación da súa legalidade. De forma que nestes momentos o goberno galego négase a exercer a labor de vixilancia e apenas retira do censo aquelas vivendas cunha sentenza firme, como xa ten sucedido, en que o TSXG resolve que non poden exercer sen o título habilitante.

Por tanto, o que condiciona inicialmente a explosión deste fenómeno, ten que ver coa diferenza de plusvalía entre o mercado residencial e o turístico, pero as cifras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desorbitadas só se explican pola falta de políticas de planificación e control, especialmente da Xunta de Galiza.

Dende o BNG queremos alertar que a proliferación descontrolada está interferindo en 3 planos fundamentais que nos afectan como sociedade. O primeiro efecto negativo é a súa repercusión na alza de prezos da vivenda en xeral. O diferencial de prezos entre o uso residencial e o turístico está provocando un descenso da oferta de vivenda de aluguer residencial e un aumento dos seus prezos. O cal se traduce no colapso da accesibilidade á vivenda da poboación residente.

En segundo lugar existe unha afectación dende o punto de vista da calidade urbana.

Toda vez que o turista que ocupa o lugar dun veciño non exerce de cidadán nese entorno, é dicir, non crea relacións de veciñanza e de permanencia. Por iso a alta concentración de VUTs fai colapsar a complexidade social deses lugares e pon en cuestión a propia sensación de pertenza dos veciños sobre o lugar que habitan, creando unha percepción de indefensión, de ser substituídos e de ser cidadáns de segunda fronte a unha industria turística, que algúns gobernos néganse a ordenar para minimizar os seus perigos e consecuencias negativas.

O terceiro plano no que as VUT afectan é sobre o propio modelo turístico. A concentración de VUT deriva nunha presión e expulsión da poboación residente desas zonas, que ao mesmo tempo remata por segregar os centros das cidades e vilas ou determinados ámbitos territoriais. Eses espazos fican reducindo a meras zonas tematizadas, como simples centros comerciais ao aire libre para turistas. Nestas situación, os primeiros afectados son os propios residentes, mais co tempo acaban por crearse entornos turísticos pobres, carentes de vida cotiá, de memoria, de complexidade e de interese. É dicir, fai colapsar a riqueza turística inicial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iso é urxente pór en marcha una política de planificación, control e equilibrio da presión entre o mercado residencial e o turístico. Dunha banda, corresponde aos Concellos a delimitación de usos, doutra, a Xunta de Galiza ten a competencia das outras funcións fundamentais: a planificación do modelo turístico, a normativa sobre este tipo de aloxamentos e as funcións de control sobre os mesmos.

Polas súas competencias tanto en materia de turismo, como en materia de vivienda e planificación territorial, a Xunta de Galiza ten a capacidade para desenvolver medidas e normativas que garantan a sustentabilidade do modelo turístico, residencial e urbano.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a tomar as seguintes medidas de control e limitación da proliferación das VUT:

- Planificación territorial das VUT. Realizar dende o Observatorio da Vivenda de Galicia un estudo sobre a afectación das Vivendas de Uso Turístico na accesibilidade á vivenda residencial e a calidade dos espazos urbanos, propondo medidas de actuación e orientacións específicas para as distintas realidades territoriais, tanto dende a propia Xunta de Galiza como en colaboración cos Concellos, que teñan como obxectivo mitigar os seus impactos negativos. Cos resultados desa análise e para a súa planificación eficaz establecerase un réxime de limitación de concentración territorial de VUT.

- Impulso da modificación da Lei de turismo de Galiza e do Decreto 12/2007 para garantir que o rexistro das VUT no REAT por parte da Xunta só poida realizarse logo da comprobación de que a VUT se sitúen nun



sector ou inmobile no que a ordenación de usos no planeamento ou normativa urbanística municipal e sectorial de aplicación, determine que non se trate dun uso prohibido ou incompatible co planeamento, o que se acreditará co correspondente título habilitante municipal para o exercicio da actividade e, de selo caso, co de natureza urbanística, ademais de coas restantes autorizacións e informes sectoriais procedentes. A Xunta esixirá na nova normativa, para a inscrición o preceptivo título habilitante municipal para o inicio ou exercicio da referida actividade económica de carácter turístico.

- Inicio dun procedemento de revisión dos Rexistros de vivendas de usos turísticos, para dar de baixa, de oficio, a todas aquelas vivendas nos que a ordenación de usos do planeamento ou normativa municipal do sector no que se atope, os prohiba ou sexan incompatibles, para o que deberá requirir, a todos os inscritos, a achega do correspondente título habilitante municipal para o exercicio da actividade de VUT no prazo que se sinala ao efecto.

- Establecemento dun maior control, mediante inspeccións, ordes de clausura e sancións sobre a oferta de Vivendas de Uso Turístico non inscritas no REAT ou que incumpren a normativa, co obxectivo de reducir a bolsa de vivendas que non cumpran coa legalidade ou coas súas obrigas fiscais.

- Modificación da Lei de turismo de Galicia para fixar un réxime temporal aos títulos habilitantes para o exercicio da actividade de VUT.

- Prohibición de destino a VUT das vivendas protexidas.

- Estudo sobre a afectación das VUT no modelo turístico. Analizar as oportunidades e ameazas que comportan as VUT para o modelo turístico, propondo medidas de planificación que fortalezan e aporten resiliencia ao sector. Igualmente analizar a incidencia no mercado inmobiliario galego dos distintos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tipos de propietarios ou de xestores de VUT, especialmente a presenza e evolución de grupos de investimento que se dedican á compra e aluguer para VUT, así como a relación e impacto deste fenómeno na actividade hoteleira.

○ Análise dunha posible modificación da normativa actual para un tratamento diferenciado entre pequenos e grandes propietarios de vivendas de uso turístico, establecendo un límite no número máximo de vivendas que se poderán pór en explotación turística como VUT por persoa propietaria, ben sexa mediante xestión directa, ben sexa mediante empresas de xestión.”

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/05/2024 09:21:26

Daniel Pérez López na data 10/05/2024 09:27:21

Luis Bará Torres na data 10/05/2024 09:27:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Daniel Pérez López** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á perda de produción do sector mexilloeiro galego e ás medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para freala, recuperala e potenciala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai apenas unha semana, a Consellaría de Mar vén de facer públicos os datos de produción de mexillón do ano 2023 en Galiza. A míngua, respecto de 2022, e dun 19%, pasando de 219.698 a 178.000 Tn. Unha baixa que incide na que xa se producira no 2022 con respecto a 2021, dun 12,5%, pasando de 250.863 Tn. en 2021 a 219.698 en 2022. É, en definitiva, a produción máis baixa e máis alonxada da media das 250 Tn. anuais dos últimos 20 anos.

Malia que a Consellaría precipitouse en distintas ocasións a xustificar que as causas do descenso destes últimos anos veñen marcadas, sobre todo, polo aumento da temperatura da auga, o certo é que distintos colectivos levan anos alertando da perda de produtividade das rías galegas, nomeadamente da ría de Arousa, onde se concentra o 70% das bateas de mexillón de toda Galiza, sen que a Xunta os teña escoitado e teña analizado as causas e tomado medidas para as posíbeis vías de solución.

A perda que veñen sufrindo os moluscos bivalvos dende hai máis dunha década chegou agora ao mexillón, tal e como o sector xa o leva advertindo reiteradamente nas últimas campañas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na campaña 2021-22, fíxose eco das dificultades que tiña o mexillón para engordar e medrar, da súa debilidade por mor de desoves contínuos, de desprendementos masivos e da súa mortalidade alarmante.

Na campaña 2022-23 as circunstancias volvéronse repetir e o mexillón desprendeuse das cordas en cantidades importantes e non daba acadado o tamaño apto para a industria transformadora.

E, na campaña actual, aínda que a mexilla non escaseou como nas anteriores, tamén se continúa detectando aínda agora un índice de desprendemento elevado e de mortalidade relevante que, segundo manifestacións dos responsábeis da Consellaría, neste caso habería que achacalo fundamentalmente á sucesión de choivas e ao aumento da auga doce.

En definitiva, un conxunto de factores metereolóxicos e climáticos que non poñemos en dúbida mais que non nos consta que foran a día de hoxe aínda certificados por ningún estudo ao respecto por parte dos servizos técnicos e de investigación da Consellaría de Mar, onde se puideran concretar as causas desta redución e moito menos marcar as pautas de actuación para paliala.

O propio sector mexilloeiro reclamou insistentemente eses estudos, mais tamén os que avaliasen outros factores como a propia contaminación e falta de saneamento das rías ou as consecuencias que se derivaron das dificultades dos últimos anos para conseguir unha mexilla de calidade que incidiría nun desenvolvemento máis positivo do mexillón, no seu medre e na súa resistencia.

Xa non só falta información sobre estudos e investigacións que puideran existir ou estar en marcha, senón que tampouco a hai respecto do imprescindible diálogo entre a Consellaría e o propio sector que, dende abril de 2023, abandonara a Mesa do Mexillón. A normativa de extracción da mexilla que a propia Consellería anuncia dende





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2020 tampouco existe, nin a avaliación das medidas que fixera públicas en sede parlamentar en febreiro de 2023 e que, segundo ela, tiñan un orzamento de dous millón de euros e, moito menos, a valoración das súas actuacións unilaterais de imposición e limitación de zonas de extracción e a súas continuas modificacións.

O sector mexilloeiro galego é, sen dúbida, un pilar económico no noso país, que proporciona miles de postos de traballo directos e indirectos en ducias de concellos e as industrias que dependen en grande medida da súa produción non o son menos. Non é pois xustificábel dende ningún punto de vista o desleixo que o Goberno galego está a amosar en canto ao sector propiamente dito e a todo o que conleva a súa estabilidade, o seu mantemento e o seu potenciamento e mellora de cara ao futuro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- . Convocar urxentemente a Mesa do Mexillón e analizar as distintas problemáticas do sector co obxecto de buscar dialogadamente as solucións máis acaídas.
- . Levar a cabo os estudos necesarios para analizar as causas da perda de produtividade do sector mexilloeiro galego nos últimos anos e as liñas de actuación para a súa recuperación.
- . Dar conta ante o Parlamento galego da avaliación das medidas tomadas pola Consellaría de Mar en febreiro de 2023 e dos seus resultados.
- . Dar conta ante o Parlamento galego dos avances, se os houbera, sobre a normativa de extracción da mexilla.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 10/05/2024 11:10:27

Carmela González Iglesias na data 10/05/2024 11:15:43

Daniel Castro García na data 10/05/2024 11:16:31

Daniel Pérez López na data 10/05/2024 11:17:14

Rosana Pérez Fernández na data 10/05/2024 11:17:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Paulo Ríos Santomé**, e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a modernización e mellora de servizos na liña ferroviaria Vigo-Porto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 28 de setembro de 2022, o goberno portugués presentou a Nova Liña de Alta Velocidade Lisboa Porto, un proxecto que debería estar rematado en 2030. No mesmo acto, anunciáronse os plans da nova liña Porto Vigo, que se prevé desenvolver en fases, con un trazado de dobre vía por Nine-Braga-Valençá (paralelo ao actual trazado da Linha do Minho que vai por Nine-Viana-Caminha-Valençá). A previsión do goberno portugués é que o treito Valençá-Braga se execute entre 2026- 2030, igual que a conexión Porto-Aeroporto Sá Carneiro. A fase Braga-Aeroporto quedaría para despois de 2030.

Se ben este proxecto está menos desenvolvido que o da liña Lisboa-Porto, a intervención dos representantes do goberno portugués nese acto do 28 de setembro de 2022 constitúen un fito histórico xa que situaron como prioridade de Portugal a conexión e a vocación atlántica do país, e a liña do tren de velocidade entre Galiza e Lisboa como o grande eixe vertebrador dese proxecto de futuro. Portugal tiña claro naquela altura o carácter estratéxico da cohesión e a vertebración do país (e a proxección atlántica) fronte a conexión con Madrid. Portugal priorizou os seus intereses fronte á subordinación a Madrid. Portugal e Galiza teñen intereses comúns.

Para entender o que significa o tren de alta velocidade Lisboa-Porto-Vigo hai que ter en conta o enorme potencial do espazo urbano que vai de Lisboa a Galiza, unha das 40





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiz

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

megarrexións máis importantes do mundo por poboación, PIB e número de patentes. No ámbito da península ibérica xogamos na mesma liga que Madrid e o eixe Barcelona Lyon.

2.O impulso da liña de alta velocidade Vigo Porto é tamén un proxecto estratéxico e prioritario para Galiza, dentro dunha visión atlántica de futuro. Constitúe unha especie de trabema esencial para a vertebración territorial, o intercambio cultural, o desenvolvemento económico e a xeración de oportunidades e traballo nos nosos países. Nomeadamente para a Eurorrexión, un territorio con 6,5 millóns de habitantes con fortes vencellos no ámbito económico e con unha intensa mobilidade motorizada através das Pontes obre o río Miño. A aposta polo tren permitiría, neste ámbito, o fomento dun xeito de mobilidade máis sustentábel, saudábel e seguro como alternativa ao transporte por estrada.

Mais hai outros factores que xogan a favor desta integración territorial, socioeconómica e da mobilidade: a Comisión Europeo sinalou o tren Vigo Porto, xunto coa liña Bucaret-Budapest, como exemplos de iniciativas de especial interese en materia de comunicacións transfronteirizas do Mecanismo Conectar Europa. E as institucións europeas tamén acordaron incluír a liña Vigo-Porto no Corredor Atlántico.

3. O goberno español debe aproveitar todas as oportunidades, tamén o financiamento con fondos europeos, para impulsar a construción da nova liña de alta velocidade Vigo-Porto, dándolle continuidade cara ao sur ao Eixo Atlántico Coruña (tamén no futuro Ferrol)-Vigo. O obxectivo debe ser ter unha liña moderna e competitiva que permita facer a viaxe directa nun tempo de aproximadamente unha hora (actualmente o tempo de viaxe é de 2 h 23 min).

Nos últimos meses producíronse unha serie de feitos que non permiten ser optimistas en canto aos prazos de execución da liña ferroviaria de velocidade alta entre Vigo e Porto.

O cambio no goberno portugués podería levar ao retraso na execución desta infraestrutura vital para o futuro de Galiza. E existe unha alianza de facto entre a comunidade de Madrid e a alcaldía de Lisboa para impulsar o AVE Lisboa Madrid fronte á liña de alta velocidade Lisboa-Vigo. A este respecto, é necesario que a Xunta e o PP se desmarquen da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

postura da presidenta da Comunidade de Madrid e poñan por diante a defensa dos intereses de Galiza.

A aprobación polo parlamento europeo do novo Regulamento da Rede Transeuropea de Transportes no que a liña Vigo Porto quedou excluída da Rede Básica (previsión de execución e financiamento no horizonte de 2030) e quedou incluída na Rede Básica ampliada (horizonte 2040) constitúe unha mala noticia para Galiza.

A realidade é que o goberno español tampouco amosou moito interese no impulso desta infraestrutura. No ano 2021 encargou -logo se sucesivas demoras- un estudo de alternativas para a chamada Saída Sur (a conexión directa entre Vigo e Valençá sen ter que ir cara atrás por Redondela) “Estudio de alternativas de la salida sur ferroviaria de Vigo” á empresa PROINTEC, S.A, por importe de 301.904,68 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 12 meses. O contrato adxudicouse a finais de agosto de 2021 e formalizouse a finais de outubro de 2021.

No mes de maio de 2023 o MITMA adxudicou por 884.000 euros o estudo informativo da saída Sur de Vigo á UTE Prointec-Geoconsult, con un prazo de execución de 18 meses.

Nesta altura e logo de sucesivos retrasos e adiamentos é fundamental é que se axilicen os estudos e proxectos e se faga unha planificación dos investimentos e un cronograma coordinado co goberno portugués. E sobre todo que haxa un acordo político compromiso orzamentario claro para desenvolver esta infraestrutura no horizonte de 2030.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a dirixirse ao goberno central para demandarlle que:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Declare a máxima prioridade e interese da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto, impulse decididamente a súa tramitación e defina no prazo máis breve posíbel o trazado, o proxecto, o financiamento e a licitación da saída Sur de Vigo.

2. Aprobe un cronograma de desenvolvemento da construción da liña Vigo Porto coordinado co goberno portugués.

3. Dea prioridade á liña Lisboa-Porto-Vigo sobre a liña Lisboa-Madrid.

4. Acorde co goberno portugués as seguintes melloras inmediatas na liña de tren Vigo-Porto:

-Entrada en funcionamento de trens eléctricos, que permitirían reducir o tempo da viaxe en aproximadamente media hora e ademais son moito máis sustentábeis.

-Recuperación dos servizos suprimidos durante a pandemia da COVID 19.

-Ampliação progressiva dos servizos actuais, estudando entre outras medidas a continuidade até Vigo dos servizos entre Porto e Valença.

-Promoción de prezos reducidos na liña Vigo-Porto, realización de campañas promocionais a prezos superreducidos, e a oferta de abonos semanais/mensuais para persoas usuarias habituais que permitan abaratar o prezo.”

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/05/2024 11:41:05

Alexandra Fernández Gómez na data 10/05/2024 11:41:16

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/05/2024 11:41:23

Carmela González Iglesias na data 10/05/2024 11:41:31

Paulo Ríos Santomé na data 10/05/2024 11:41:39





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños, Óscar Insua Lema, Brais Ruanova Vilas-Boas e Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a actividade da Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade da coñecida como Sociedade Impulsa Galiza ven sendo obxecto atención por parte do Grupo parlamentar do BNG. A importancia das tarefas e obxectivos que xustificaron a súa constitución, e sobre todo, o control político que sobre esta sociedade exerce a Xunta de Galiza explica esta atención e os intentos de control, en exercicio das nosas lexítimas competencias estatutarias e democráticas, que pretendiamos e pretendemos realizar.

Até en 3 ocasións levamos á Comisión 3ª deste Parlamento unha batería de preguntas para a súa resposta oral por parte do goberno. Nas dúas primeiras o daquela Director do IGAPE, Sr. Guldrís, esquivou sen disimulo absolutamente todas as preguntas, evitando informar e faltando ao deber de dación de contas do goberno. Na terceira, o Secretario xeral de industria, Sr. Vázquez Iglesias, contestou algunha delas parcialmente, outras con inexactitudes, outras deixounas novamente sen contestar, e finalmente remitiunos ao Rexistro mercantil para consultar as contas e memoria da Sociedade salientando o carácter privado da mesma.

Este carácter privado da Sociedade serviulle recentemente á Conselleira de economía, industria e innovación de parapeto fronte a demanda de información respecto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do proxecto Altri realizada polo noso Grupo parlamentar a través dunha interpelación en Pleno, “non é un proxecto da Xunta”, dixo, “senón dunha Sociedade público privada”.

Estas manifestacións de diferentes representantes da Xunta foron desmentidas rotundamente polo Consello de Contas de Galiza, que en dous informes publicados o día 6 de maio, sobre sociedades mercantís autonómicas e sobre entes instrumentais respectivamente, dános a razón nas argumentacións esgrimidas reiteradamente desde o BNG cando esixiamos exercer a nosa labor de control sobre a actividade da Sociedade, e despexa calquer dúbida sobre a natureza desta Sociedade, poñendo o foco no control político que a Xunta exerce sobre ela a través dos dereitos de voto no Consello de administración, na localización da sede social no edificio do IGAPE, e exemplificándoo no feito de estar presidida pola propia Conselleira, Sra. Lorenzana, que viña precisamente de negar en sede parlamentaria ese control político.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a incorporar a Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galiza, coñecida como Sociedade Impulsa Galiza, ao perímetro de entidades e sociedades públicas autonómicas, e artellar as medias para darlle transparencia e sometela a control público, tal e como demanda o Consello de Contas de Galiza.”

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Óscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 10/05/2024 12:22:30

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/05/2024 12:22:35

Noa Presas Bergantiños na data 10/05/2024 12:22:44

Óscar Insua Lema na data 10/05/2024 12:22:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/05/2024 12:22:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a monitorización e prevención da saúde pública ante a probable presenza do Virus da Febre Hemorráxica de Crimea-Congo (VFHCC) en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como pode lerse no informe do ano 2022 da Rede Galega de Vixilancia de Vectores (REGAVIVEC), *“as carrachas son ectoparásitos hematófagos obrigados que orixinan graves prexuízos a nivel sanitario e económico; sendo actualmente consideradas, despois dos mosquitos, os vectores de maior relevancia en medicina humana e veterinaria.... Nalgúns casos son ademais reservorios de axentes infecciosos e parasitarios que poden manterse infectivos e mesmo multiplicarse entre xeracións”*

As carrachas poden actuar como axentes transmisores (vectores) dunha grande variedade de microorganismos infecciosos (parasitos, virus, bacterias...) e condicionaren patoloxías serias ou incluso letais para as persoas como son os casos da enfermidade de Lyme ou a Febre Hemorráxica de Crimea-Congo (FHCC).

A distribución das carrachas pode considerarse de nivel mundial pero con maior presenza e diversidade de especies nas áreas de climas cálidos ou temperados como é o caso da Galiza. A diseminación dos distintos tipo de carrachas polos territorios prodúcese de xeito natural, e por condicionantes antropoxénicos como poden ser: a mobilización de persoas e gando, a introdución de especies cinexéticas importadas, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

variación do uso do territorio, a perda de hábitat polo cambio climático, e incluso por circunstancias como os grandes incendios forestais que obrigan a desprazarse á fauna silvestre dunha comarca a outra.

Na Galiza , ao longo dos anos de actividade da Rede de Vixilancia de Vectores (dende o 2017) identificáronse diversas especies de carrachas.

A recollida de espécimes de carrachas na Galiza realizase fundamentalmente actuando sobre o medio ambiente, e sobre os hospedeiros onde pasan parte do seu ciclo biolóxico as carrachas

As enfermidades que poden ser vectorizadas por carrachas no noso medio son múltiples e entre elas está a febre hemorráxica de Crimea-Congo (FHCC).

A FHCC está tradicionalmente vencellada a carrachas do xenero *Hyalomma*. Mais aínda que non son habituais na Galiza, xa se teñen detectado exemplares de *Hyalomma marginatum* en 21 concellos galegos. A maior distribución rexístrase na provincia de Ourense, con 14 municipios afectados; séguela Lugo con 5; e finalmente Pontevedra, con 2. Seguindo a listaxe proporcionada por Sanidade, as zonas afectadas en **Ourense** son Vilamartín de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, A Rúa, Petín, Pobra de Trives, Manzaneda, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, A Mezquita, Allariz, Verín, Bande, Muíños e Lobios. Na provincia de **Lugo** son o propio municipio homónimo, A Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Triacastela e Quiroga. Finalmente, detectouse *Hyalomma marginatum* nos **concellos pontevedreses** de Gondomar e Oia. Non sabemos aínda se este tipo de carrachas colonizou xa o noroeste do estado español (incluída Galiza) ou son resultado de introducións ocasionais por aves ou movementos de gando dende outras zonas onde abundan

A FHCC é unha enfermidade potencialmente mortal, con taxas de letalidade que poden alcanzar o 40%. O virus é transmitido a través da picadura de varias especies de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carrachas do Xénero *Hyalomma*, que actúa como vector da enfermidade, poden desempeñar un papel na transmisión ou mantemento do virus en rexións endémicas

Sobre a situación no estado español hai que dicir que entre 2013 e 2022 confirmáranse un total de 12 casos con 5 falecementos entre eles un falecemento no Bierzo.

A situación actual é motivo de fonda preocupación, porque un recente estudo interdisciplinar centrado nunha mostra de 12584 carrachas, analizadas como sentinelas da enfermidade, determinou que o virus responsable da patoloxía circula actualmente por España e que está distribuído por gran parte da península ibérica. E aínda que en Galicia non se rexistrou ningún caso desta enfermidade, os expertos non descartan que xa estea circulando no territorio.

A recente publicación da noticia de que o virus da FHCC está no Bierzo e que na Galiza están os vectores clásicos (*Hyalomma*) xunto coa noticia da presenza do VFHCC no 10,5% das mostras acadadas en Ponferrada fixo saltar alertas na poboación

Concretamente as novas publicadas polo diario La Región os días 26 e 28 de abril do 2024 indicando a aparición da enfermidade no Bierzo, unido a un falecido en Salamanca trouxeron unha grande inquietude na comarca de Valdeorras e así o transmitiron ao Bloque Nacionalista Galego.

A poboación desta comarca, tendo en conta o perigo desta enfermidade e tamén a proximidade da aparición, concretamente na comarca do Bierzo puxo a poboación en alerta.

Ante esta situación a única actuación coñecida para informar a poboación, para tranquilizar foi unha nova na prensa que saíu tamén no diario La Region o 5 de maio do 2024 no que se descartan casos da enfermidade en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar mostraxe nas comarcas orientais para determinar a cantidade de espécimes das distintas especies recolleitas son portadoras do virus da febre hemorráxica Crimea Congo FHCC
2. Facer campañas informativas cara á poboación explicando como protexerse da parasitación por carrachas e da enfermidade que provocan.”

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 10/05/2024 12:25:02

Sonia Vidal Lamas na data 10/05/2024 12:36:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 10/05/2024 12:38:03

Luis Bará Torres na data 10/05/2024 12:38:12



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Hai un ano no CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba desprendeuse parte do teito dunha aula sobre unha profesora, un incidente do que afortunadamente a mestra saíu ilesa pero que dá conta do deficiente estado no que se atopaba ese centro educativo, que precisa dunha reforma integral.

Trátase dunha vella demanda da comunidade do centro, dende a Dirección, o consello escolar ou a propia Anpa, á que tamén se suma o Grupo Municipal Socialista, que apuntan deficiencias graves nun centro que ten preto de 50 anos e máis de 400 estudantes.

Esta situación é perfectamente coñecida pola Consellaría, que xa ten recibido ata catro comunicacións por parte da dirección do centro solicitando unha renovación urxente das instalacións, cuxas condicións poden supoñer un risco para toda a comunidade educativa.

Sendo conscientes do lamentable estado dese centro, o Grupo Socialista xa incorporara esta reforma integral que a Xunta de Galicia debería incluír de maneira inmediata no seu Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica como emenda nos Orzamentos de Galicia para 2023, unha emenda que foi rexeitada polo Grupo Popular.



Do mesmo xeito, faise preciso tamén levar a cabo obras de mellora no CEIP Pepe Xan Baña para non chegar á situación de abandono que sofre o anterior centro mencionado.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acometer, neste ano 2024, a reforma integral do CEIP Barrié de la Maza e as obras de mellora necesarias no CEIP Pepe Xan Baña, ambos os dous no concello de Santa Comba.

Santiago de Compostela, 10 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/05/2024 12:54:22

Julio Abalde Alonso na data 10/05/2024 12:54:31

Silvia Longueira Castro na data 10/05/2024 12:54:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/05/2024 12:54:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a enfermidade de Lyme.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade de Lyme é causada por unha bacteria, que pertence ao xénero *Borrelia*, dentro da que temos varias especies que os humanos contraemos pola picadura dunha carracha do xénero *Ixodes*. Dito parasito, que actúa como vector, aumentou a súa presenza no noso territorio debido ao cambio climático que, co aumento das temperaturas en especial no inverno, favoreceu a súa supervivencia e multiplicación, sendo maior a presenza nas zonas boscosas do norte do estado, incluíndo o noso país en especial, axudando neste caso a gran cantidade de hóspedes cos que conta (dende fauna salvaxe a gando).

Aínda que se crearon protocolos para frear o avance da borreliose, estamos moi lonxe de ter unha vixilancia unificada no Estado español, onde se considerou unha enfermidade emerxente en 2018, cunha cantidade de pacientes ingresados no período comprendido entre 2005 e 2019 de 1865. Asturias e Galiza, triplicaron a súa incidencia nos últimos quince anos, sendo o noso país a segunda rexión con máis hospitalizados do estado, onde os ingresos aumentaron nun 192% no período antes citado, (71 hospitalizados no período comprendido entre 2017 e 2019, 67 entre 2014 e 2016 e 28 entre 2005 e 2007, evidenciando estes datos o aumento progresivo dos afectados por a enfermidade). As taxas de incidencia galega, moi superiores á media española e semellantes á de outros territorios europeos considerados endémicos, que nos indican varios estudos, dan información suficiente coma para incluír determinadas zonas do noso país en vixilancia endémica da EL.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En Galiza, a área máis afectada é a de Lugo, con especial incidencia na Terra Chá, Meira ou a Fonsagrada, os Ancares, Ortegal, a Mariña Occidental e Central (taxas de mais de 10 casos cada 100000 habitantes) seguidas doutros territorios, coma a Ulloa, Quiroga, a Mariña Oriental ou Lugo, todos eles incluídos nos mapas (de 5 a 10 casos por cada 100000 habitantes). A estacionalidade dos casos concéntrase de xuño a outubro, aínda que hai casos durante todo o ano, predominando en homes maiores de 65 anos con respecto das mulleres, en especial persoas que teñen maior relación coa natureza, que no caso de Galiza son, en particular, profesionais do sector agrogandeiro, con actividades forestais ou agropecuarias que os obrigan a ter mais contacto co vector e a ser máis susceptibles das súas picaduras.

O 65% das persoas que acudiron a consulta en Galiza diagnosticáronse nunha fase precoz localizada, mentres que un 23% fórono nunha fase precoz diseminada ou crónica. A primeira delas amosa unha lesión na zona da picadura, que non causa dor nin proído, polo que pode pasar desapercibida, aínda que a marca pode chegar a durar 30 días. O cadro pode confundirse cunha gripe, con malestar xeral, dor muscular ou articular, fatiga e hipertermia. No segundo dos casos, cando a bacteria está diseminada polo resto do corpo a detección en probas de laboratorio é máis difícil, causando cadros de artrite, cardíacos ou neurolóxicos, que se agravan co tempo. Na fase crónica hai unha grave afección motora, con artrite ou artrose entre outros síntomas.

É evidente que a enfermidade de Lyme é unha realidade de Galiza difícil de reverter e controlar, aínda que non imposible, tendo medios e medidas aplicadas para levalo a cabo. Protexer aos galegos e galegas dos seus efectos é unha obriga do goberno da Xunta de Galiza, tanto a curto como a longo prazo, en especial aos traballadores agrogandeiros, un grupo que pola súa actividade profesional xa ten un emprego con moitos riscos que poden causar enfermidades e accidentes, de xeito que a importancia de darlle o seu lugar a dita patoloxía é chave no noso país e nese sector en particular.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Incluír de maneira inmediata a Enfermidade de Lyme como enfermidade profesional do sector agrogandeiro e forestal.
2. Incluír á maior premura posible a Enfermidade de Lyme na listaxe de enfermidades endémicas de Galiza ao coñecer os datos dos estudos máis recentes elaborados cos datos do país.
3. Elaborar un plan efectivo para coñecer que xenotipos de borrelia padecemos en Galiza e que distribución e infestación teñen as carrachas do xénero Ixodes por dita bacteria, elaborando plans preventivos e informativos adicados á poboación, en especial nas zonas máis afectadas.”

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Secundino Fernández Fernández

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 10/05/2024 13:04:26

Luis Bará Torres na data 10/05/2024 13:04:30

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/05/2024 13:04:36

Secundino Fernández Fernández na data 10/05/2024 13:04:44

Sonia Vidal Lamas na data 10/05/2024 13:04:49



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

Aínda non sendo expertos en medicina, o Sintrom é un nome que a calquera persoa lle resulta familiar. E moita xente sabe que ao falar do Sintrom estamos a falar dun medicamento ou fármaco anticoagulante oral cuxo principio activo é o *acenocumarol* pero que se coñece moito máis polo nome comercial, así que nos imos referir a esa substancia polo nome comercial de Sintrom, aínda non querendo entrar en publicidade de marcas.

A finalidade deste fármaco é manter a coagulación sanguínea de maneira controlada pero con menor capacidade para formar tromboembolismos.

E sen querer entrar nunha clase de medicina, debemos ter en conta que os coágulos sanguíneos atópanse formados por unha proteína coñecida como o nome de fibrina e tamén por plaquetas. No caso dos anticoagulantes como o Sintrom, o que se consegue é inhibir a formación de fibrina, impedindo por tanto a formación do coágulo sanguíneo.

Ten múltiples indicacións médicas que van desde un tromboembolismo pulmonar, un infarto agudo de miocardio ata unha trombofilia hereditaria, pasando por unha colocación dunha prótese valvular cardíaca por citar algunha delas. Pero sen dubida a indicación máis frecuente é a da fibrilación auricular, patoloxía moi prevalente e que pode aparecer en idades moi avanzadas.



Tamén sabemos que este anticoagulante non se administra nunha dose fixa, de maneira que é absolutamente necesaria a realización de analíticas sanguíneas con frecuencia para que o médico poida descubrir como de anticoagulado está o sangue do paciente que toma Sintrom.

Este control lévase a cabo mediante un parámetro coñecido como INR. Se este é baixo é necesario incrementar a dose porque en realidade sería como se o paciente non estiver a tomar o medicamento. Se é alto a dose será excesiva e existe o risco de hemorraxias.

Aquí temos o primeiro inconveniente duns controis continuos que supoñen unha incomodidade para o paciente e un gasto para o noso sistema público.

Pero ademais a dose pódese ver afectada por unha ampla diversidade de fármacos, mesmo polo consumo de bebidas alcohólicas ou a propia alimentación e este é o gran inconveniente da anticoagulación con Sintrom.

Esa variación na concentración do fármaco independentemente da dose inxerida en función das circunstancias diarias na vida do paciente. E o efecto secundario e inconveniente adicional é a aparición de hemorraxias por exceso ou dos trombos por defecto.

Por isto que este medicamento tan coñecido como popular, esixe que teña unha administración seguindo controis de ata dúas o máis veces por semana segundo a variabilidade do paciente.

A día de hoxe existen alternativas ao Sintrom que non requiren controis de INR pois o grao de coagulación que provocan non se ve alterado polos alimentos e outras medicacións. Son os novos anticoagulantes orais, mesmo efecto e máis estabilidade.



Por todo o anteriormente sinalado, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pór en marcha a curto prazo un plan para substituír o Sintrom polos novos anticoagulantes orais en todas as indicacións e para todas as persoas que necesitan anticoagulación.

Parlamento de Galicia, 10 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/05/2024 12:59:16

Silvia Longueira Castro na data 10/05/2024 12:59:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/05/2024 12:59:45



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A nova lei de residuos establece uns obxectivos de obrigado cumprimento nun horizonte temporal, así os obxectivos de preparación para a reutilización e reciclaxe dos residuos domésticos municipais son do 55 % en 2025, 60 % en 2030 e 65 % en 2035.

Estes residuos, ademais, teñen unha restrición máxima de vertido do 10 % do total dos residuos municipais xerados en 2035.

A Consellería de Medio Ambiente ten a obriga de implementar as medidas e o financiamento necesario para o desenvolvemento de proxectos relativos á implementación da normativa de residuos e velar por unha xestión coordinada dos fondos.

A Lei de residuos establece como prioridades de actuación: medidas de prevención na xeración de residuos; o incremento progresivo da cantidade de residuos destinados á preparación para a reutilización e reciclaxe; a mellora da recollida separada en todo o territorio galego; ou o aumento da rede de puntos limpos de Galicia.

No marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixo/compoñente 12: política industrial de España 2030, medida/investimento I3: Plan de apoio á implementación da normativa de residuos e ao fomento da economía circular (residuos e economía circular), submedida 001: residuos e



economía circular, modalidade de financiamento 4620-MRR, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, a Xunta ditou a ORDE do 21 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en réxime de concorrência competitiva para os anos 2023 e 2024.

Estas subvencións están destinadas á implementación de melloras nas instalacións existentes de puntos limpos, instalación de puntos limpos de proximidade, adquisición de puntos limpos móbiles e a creación de espazos de preparación para reutilización e a autorreparación.

Pola contra, en relación cos fondos propios da Xunta de Galicia da partida orzamentaria 541D destinada ao Control Ambiental e Xestión de Residuos no ano 2023 só foron executados o 68 % dos fondos, e o orzamento 2024 reduciu esta partida en 14.168 € menos, o que demostra a falla de interese deste goberno polo cumprimento destes obxectivos.

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en colaboración coa Fegamp, organizou no ano 2016 unha xornada dedicada á xestión ambiental no eido local e, en particular, á xestión de puntos limpos, na que participaron representantes locais, autonómicos e estatais, e que tiña por finalidade repasar as novidades normativas en materia de residuos e presentar as axudas económicas previstas a nivel autonómico e estatal para a mellora de xestión ambiental no eido local. Xornada que entendemos sería indispensable neste momento pola necesidade de dar un impulso ás políticas que se veñen realizando en Galicia en materia de residuos, para a concienciación sobre a obriga de implementar medidas para o cumprimento da lei e por entender que o éxito nesta xestión pasa por unha actuación coordinada das diferentes administracións.



Tendo en conta o anteriormente exposto, desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno da Xunta ten que intensificar as súas políticas de xestión de residuos implementando as medidas e o financiamento necesario para o desenvolvemento de proxectos relativos ao cumprimento da normativa de residuos.

Mellorar o sistema e coordinación dos puntos limpos, dixitalizando, ampliando e actualizándoos, e organizar novamente unha xornada dedicada á xestión ambiental en colaboración coa Fegamp e coa participación dos representantes estatais co fin de planificar e coordinar as liñas de traballo cara ao cumprimento dos obxectivos legalmente establecidos.

Ante esta situación faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Colaborar coas entidades locais na implementación das medidas necesarias para o desenvolvemento de proxectos relativos ao cumprimento da normativa de residuos, incrementando a partida orzamentaria dedicada a este fin.
2. Mellorar o sistema e coordinación dos puntos limpos, dixitalizando, ampliando e actualizándoos.
3. Organizar, en colaboración coa Fegamp e coa participación dos representantes estatais, unha xornada dedicada á xestión ambiental co fin de planificar e coordinar as liñas de traballo cara ao cumprimento dos obxectivos legalmente establecidos.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2024 13:54:14
Nº Rexistro: 3631
Data envío: 10/05/2024 13:54:14.259

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/05/2024 13:48:52

Carlos López Font na data 10/05/2024 13:49:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/05/2024 13:49:11

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

9028

@PSdeG



CSV: B0P5T8DCAqG6rm@0-44
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **Pleno**.

Exposición de motivos

Hoxe xa non é cuestionable que o cambio climático é unha realidade que supón unha ameaza para humanidade, polo que é unha obriga colectiva, pero tamén individual, poñer as medidas ao noso alcance para loitar contra ese cambio climático e o seu impacto sobre o noso planeta, sabendo que as medidas para combatelo non poden estar enfocadas só nun problema medioambiental, senón que deben contemplar o reto social e o reto económico que van asociados.

A dependencia enerxética do noso país, estaba no 79,5 % de fontes de enerxías primarias importadas e de orixe fósil fronte ao 20,5 % de renovábeis e autóctonas. Ante esta situación, en xullo de 2021 a Comisión Europea lanzou un ambicioso paquete de medidas da estratexia “Fit 55” co obxectivo da neutralidade carbónica da xeración de enerxía para 2050, reducindo nun 55 % as emisións respecto do nivel do ano 1990 para o ano 2030, sendo no caso concreto de España o obxectivo de redución do 23 %.

Ante estes retos, é necesario e urxente aumentar o ritmo de despregue das enerxías renovables, débese acadar unha cota mínima do 40 % no ano 2030. Xa que logo, hai que integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía, recuperando o potencial industrial que tivemos no pasado e que perdemos pola paralización da súa implantación durante os 13 anos de Goberno de Núñez Feijóo, logo de recorrer á vía xudicial o concurso eólico do Goberno do bipartito, que foi finalmente avalado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-



TSXG- o que supuxo que se deixaran fora da produción enerxética eólica 2325 MW en Galicia.

Neste momento clave para a transición enerxética en todo o mundo e ante a chegada dos fondos europeos Next Generation-EU ao noso país, a implantación de enerxía eólica debería ser unha prioridade para a Xunta de Galicia o que nos permitiría volver a ser líderes mundiais neste sector, aproveitando as nosas potencialidades: un recurso abundante, o coñecemento, as capacidades e a experiencia necesarios para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción das infraestruturas.

Pero todo isto non será posible se o Goberno galego non aposta firmemente pola implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio, facilitando o despregue de nova potencia renovable que poida posicionar a Galicia como rexión estratéxica e pioneira na descarbonización total do seu sistema económico e as instalación de novas industrias na nosa terra. Esta transición enerxética no desenvolvemento industrial facilitará a creación de novas rendas e postos de traballo sostibles, que respecten as demandas sociais cunha axeitada protección do medio ambiente, dos medios agrario e forestal, do patrimonio rural, e demandan unha plena integración das novas iniciativas no desenvolvemento rural, onde aos novos parques lles deberán esixir novas oportunidades, investimentos e valor engadido para as comarcas, que faciliten a loita contra o despoboamento e o abandono da actividade alí onde se instalen.

Na actualidade a inexistente política eólica do Goberno galego só nos leva a incrementar o rexeitamento da cidadanía, dos concellos afectados, das asociacións ecoloxistas e das propias organizacións agrarias en calquera lugar do noso territorio onde se pretenda construír un parque eólico ao tempo do enfado dos sectores afectados pola inseguridade xurídica e a paralización do goberno galego, tal e como amosan as múltiples resolucións xudiciais desfavorables por



incumprir os requisitos medioambientais, de equilibrio territorial e da poboación afectada no trámite de información pública.

No momento actual, O TSXG ordenou a suspensión cautelar doutros tres parques eólicos e suman xa 18 paralizacións. Nos autos de suspensión, o Tribunal ten en conta, como requisito complementario ao 'periculum in mora', ou perda da finalidade lexítima do recurso, a ponderación dos intereses en conflito en cada caso concreto. Na ponderación deses intereses contrapostos (público e privado), segundo explica o tribunal, debe prevalecer o que resulte máis digno de protección. Nos autos, a Sala destaca a prevalencia dos principios de cautela, prevención e precaución en materia ambiental, así como a preponderancia que teñen sobre a captación e transporte de enerxía eléctrica, salvo que se acredite o interese xeral que para o sistema eléctrico teña a execución e funcionamento do parque eólico analizado en cada caso en concreto. Á hora de apreciar o 'periculum in mora', o Tribunal ten en conta información obxectiva proveniente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, o cal delimitou áreas non recomendadas para a instalación da enerxía eólica, así como informes sobre hábitats prioritarios e de interese comunitario, que non están a cumprir o Goberno galego con Rueda xa como presidente.

Para as e os socialistas tan insensato é pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica solicitada en Galicia como optar por unha prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica, polo que hai que compatibilizar o desenvolvemento de máis parques eólicos co seu encaixe social cun impacto medioambiental e social asumible.



Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que aprobe a normativa precisa, no seu ámbito de actuación, que contribúa a incrementar a implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio para que os parques se instalen cun axeitado consenso coa veciñanza tendo en conta os seguintes puntos:
 - a) Non se concederá a Utilidade Pública dos proxectos eólicos, nin se autorizarán expropiacións nos parques que non contén, polo menos, con contratos voluntarios no 50 % da superficie de implantación.
 - b) Non se autorizará a implantación de novos parques eólicos en solo agrario en produción.
 - c) A recualificación urbanística de terreos limitarase ao estritamente necesario dende o punto de vista técnico. Nas expropiacións pagaranse todos os conceptos afectados pola recualificación urbanística.
 - d) Fixaranse as distancias dos aeroxeradores ás vivendas e núcleos de poboación en función das características e potencia dos aeroxeradores.
 - e) Nas autorizacións administrativas dos novos parques primaranse por parte das empresas promotoras as medidas compensatorias de contido social para as comunidades afectadas pola instalación dos parques, como fondos para os concellos destinados ás políticas sociais, participación na produción enerxética para utilizar en proxectos de autoconsumo locais, despregue de puntos de carga de vehículos eléctricos, axudas para a xestión forestal nas zonas de implantación ou sinerxías como a instalación de banda ancha de internet ou o pago do custe da factura eléctrica á veciñanza.
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado e lle solicite a aprobación da normativa precisa, no seu ámbito



de actuación, que contribúa a incrementar a implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio tendo en conta os apartados desenvolvidos no punto anterior.

Santiago de Compostela, 10 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/05/2024 13:41:31

Lara Méndez López na data 10/05/2024 13:41:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/05/2024 13:41:49



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hoxe xa non é cuestionable que o cambio climático é unha realidade que supón unha ameaza para humanidade, polo que é unha obriga colectiva, pero tamén individual, poñer as medidas ao noso alcance para loitar contra ese cambio climático e o seu impacto sobre o noso planeta, sabendo que as medidas para combatelo non poden estar enfocadas só nun problema medioambiental, senón que deben contemplar o reto social e o reto económico que van asociados.

A dependencia enerxética do noso país, estaba no 79,5 % de fontes de enerxías primarias importadas e de orixe fósil fronte ao 20,5 % de renovábeis e autóctonas. Ante esta situación, en xullo de 2021 a Comisión Europea lanzou un ambicioso paquete de medidas da estratexia “Fit 55” co obxectivo da neutralidade carbónica da xeración de enerxía para 2050, reducindo nun 55 % as emisións respecto do nivel do ano 1990 para o ano 2030, sendo no caso concreto de España o obxectivo de redución do 23 %.

Ante estes retos, é necesario e urxente aumentar o ritmo de despregue das enerxías renovables, débese acadar unha cota mínima do 40 % no ano 2030. Xa que logo, hai que integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía, recuperando o potencial industrial que tivemos no pasado e que perdemos pola paralización da súa implantación durante os 13 anos de Goberno de Núñez Feijóo, logo de recorrer á vía xudicial o concurso eólico do Goberno do bipartito, que foi finalmente avalado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-



TSXG- o que supuxo que se deixaran fora da produción enerxética eólica 2325 MW en Galicia.

Neste momento clave para a transición enerxética en todo o mundo e ante a chegada dos fondos europeos Next Generation-EU ao noso país, a implantación de enerxía eólica debería ser unha prioridade para a Xunta de Galicia o que nos permitiría volver a ser líderes mundiais neste sector, aproveitando as nosas potencialidades: un recurso abundante, o coñecemento, as capacidades e a experiencia necesarios para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción das infraestruturas.

Pero todo isto non será posible se o Goberno galego non aposta firmemente pola implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio, facilitando o despregue de nova potencia renovable que poida posicionar a Galicia como rexión estratéxica e pioneira na descarbonización total do seu sistema económico e as instalación de novas industrias na nosa terra. Esta transición enerxética no desenvolvemento industrial facilitará a creación de novas rendas e postos de traballo sostibles, que respecten as demandas sociais cunha axeitada protección do medio ambiente, dos medios agrario e forestal, do patrimonio rural, e demandan unha plena integración das novas iniciativas no desenvolvemento rural, onde aos novos parques lles deberán esixir novas oportunidades, investimentos e valor engadido para as comarcas, que faciliten a loita contra o despoboamento e o abandono da actividade alí onde se instalen.

Na actualidade a inexistente política eólica do Goberno galego só nos leva a incrementar o rexeitamento da cidadanía, dos concellos afectados, das asociacións ecoloxistas e das propias organizacións agrarias en calquera lugar do noso territorio onde se pretenda construír un parque eólico ao tempo do enfado dos sectores afectados pola inseguridade xurídica e a paralización do goberno galego, tal e como amosan as múltiples resolucións xudiciais desfavorables por



incumprir os requisitos medioambientais, de equilibrio territorial e da poboación afectada no trámite de información pública.

No momento actual, O TSXG ordenou a suspensión cautelar doutros tres parques eólicos e suman xa 18 paralizacións. Nos autos de suspensión, o Tribunal ten en conta, como requisito complementario ao 'periculum in mora', ou perda da finalidade lexítima do recurso, a ponderación dos intereses en conflito en cada caso concreto. Na ponderación deses intereses contrapostos (público e privado), segundo explica o tribunal, debe prevalecer o que resulte máis digno de protección. Nos autos, a Sala destaca a prevalencia dos principios de cautela, prevención e precaución en materia ambiental, así como a preponderancia que teñen sobre a captación e transporte de enerxía eléctrica, salvo que se acredite o interese xeral que para o sistema eléctrico teña a execución e funcionamento do parque eólico analizado en cada caso en concreto. Á hora de apreciar o 'periculum in mora', o Tribunal ten en conta información obxectiva proveniente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, o cal delimitou áreas non recomendadas para a instalación da enerxía eólica, así como informes sobre hábitats prioritarios e de interese comunitario, que non están a cumprir o Goberno galego con Rueda xa como presidente.

Para as e os socialistas tan insensato é pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica solicitada en Galicia como optar por unha prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica, polo que hai que compatibilizar o desenvolvemento de máis parques eólicos co seu encaixe social cun impacto medioambiental e social asumible.



Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que aprobe a normativa precisa, no seu ámbito de actuación, que contribúa a incrementar a implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio tendo en conta que os parques respectarán a integración medioambiental:
 - a) Esixindo avaliacións de impacto medioambientais rigorosas, que terán en conta a sinerxía de varios proxectos nunha mesma área, a existencia de ecosistemas fráxiles ou a presenza de especies ameazadas ou en perigo de extinción.
 - b) Primando a instalación de aeroxeradores con innovacións tecnolóxicas que reduzan o seu impacto ambiental e pegada de carbono, como os fabricados con palas de materiais reciclables.
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado e lle solicite a aprobación da normativa precisa, no seu ámbito de actuación, que contribúa a incrementar a implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio tendo en conta os apartados desenvolvidos no punto anterior.

Pazo do Parlamento, 10 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

9037

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 3639
Data envío: 10/05/2024 14:14:14.736

Patricia Iglesias Rey na data 10/05/2024 13:44:38

Lara Méndez López na data 10/05/2024 13:44:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/05/2024 13:45:03

CSV: B6P1S1B93080umij0r94
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

9038

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hoxe xa non é cuestionable que o cambio climático é unha realidade que supón unha ameaza para humanidade, polo que é unha obriga colectiva, pero tamén individual, poñer as medidas ao noso alcance para loitar contra ese cambio climático e o seu impacto sobre o noso planeta, sabendo que as medidas para combatelo non poden estar enfocadas só nun problema medioambiental, senón que deben contemplar o reto social e o reto económico que van asociados.

A dependencia enerxética do noso país, estaba no 79,5 % de fontes de enerxías primarias importadas e de orixe fósil fronte ao 20,5 % de renovábeis e autóctonas. Ante esta situación, en xullo de 2021 a Comisión Europea lanzou un ambicioso paquete de medidas da estratexia “Fit 55” co obxectivo da neutralidade carbónica da xeración de enerxía para 2050, reducindo nun 55 % as emisións respecto do nivel do ano 1990 para o ano 2030, sendo no caso concreto de España o obxectivo de redución do 23 %.

Ante estes retos, é necesario e urxente aumentar o ritmo de despregue das enerxías renovables, débese acadar unha cota mínima do 40 % no ano 2030. Xa que logo, hai que integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía, recuperando o potencial industrial que tivemos no pasado e que perdemos pola paralización da súa implantación durante os 13 anos de Goberno de Núñez Feijóo, logo de recorrer á vía xudicial o concurso eólico do Goberno do



bipartito, que foi finalmente avalado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-TSXG- o que supuxo que se deixaran fora da produción enerxética eólica 2325 MW en Galicia.

Neste momento clave para a transición enerxética en todo o mundo e ante a chegada dos fondos europeos Next Generation-EU ao noso país, a implantación de enerxía eólica debería ser unha prioridade para a Xunta de Galicia o que nos permitiría volver a ser líderes mundiais neste sector, aproveitando as nosas potencialidades: un recurso abundante, o coñecemento, as capacidades e a experiencia necesarios para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción das infraestruturas.

Pero todo isto non será posible se o Goberno galego non aposta firmemente pola implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio, facilitando o despregue de nova potencia renovable que poida posicionar a Galicia como rexión estratéxica e pioneira na descarbonización total do seu sistema económico e as instalación de novas industrias na nosa terra. Esta transición enerxética no desenvolvemento industrial facilitará a creación de novas rendas e postos de traballo sostibles, que respecten as demandas sociais cunha axeitada protección do medio ambiente, dos medios agrario e forestal, do patrimonio rural, e demandan unha plena integración das novas iniciativas no desenvolvemento rural, onde aos novos parques lles deberán esixir novas oportunidades, investimentos e valor engadido para as comarcas, que faciliten a loita contra o despoboamento e o abandono da actividade alí onde se instalen.

Na actualidade a inexistente política eólica do Goberno galego só nos leva a incrementar o rexeitamento da cidadanía, dos concellos afectados, das asociacións ecoloxistas e das propias organizacións agrarias en calquera lugar do noso territorio onde se pretenda construír un parque eólico ao tempo do enfado dos sectores afectados pola inseguridade xurídica e a paralización do goberno galego, tal e como amosan as múltiples resolucións xudiciais desfavorables por



incumprir os requisitos medioambientais, de equilibrio territorial e da poboación afectada no trámite de información pública.

No momento actual, O TSXG ordenou a suspensión cautelar doutros tres parques eólicos e suman xa 18 paralizacións. Nos autos de suspensión, o Tribunal ten en conta, como requisito complementario ao 'periculum in mora', ou perda da finalidade lexítima do recurso, a ponderación dos intereses en conflito en cada caso concreto. Na ponderación deses intereses contrapostos (público e privado), segundo explica o tribunal, debe prevalecer o que resulte máis digno de protección. Nos autos, a Sala destaca a prevalencia dos principios de cautela, prevención e precaución en materia ambiental, así como a preponderancia que teñen sobre a captación e transporte de enerxía eléctrica, salvo que se acredite o interese xeral que para o sistema eléctrico teña a execución e funcionamento do parque eólico analizado en cada caso en concreto. Á hora de apreciar o 'periculum in mora', o Tribunal ten en conta información obxectiva proveniente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, o cal delimitou áreas non recomendadas para a instalación da enerxía eólica, así como informes sobre hábitats prioritarios e de interese comunitario, que non están a cumprir o Goberno galego con Rueda xa como presidente.

Para as e os socialistas tan insensato é pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica solicitada en Galicia como optar por unha prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica, polo que hai que compatibilizar o desenvolvemento de máis parques eólicos co seu encaixe social cun impacto medioambiental e social asumible.



Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que aprobe a normativa precisa, no seu ámbito de actuación, que contribúa a incrementar a implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio para que os parques teñan sinerxías coa creación de emprego e valor engadido tendo en conta os seguintes puntos:

a) Buscarase a integración da produción da enerxía eólica coas necesidades do sector primario e do consumo enerxético do sector industrial galego.

b) Primaranse os proxectos nos que os parques vaian asociados a unha aplicación directa da enerxía eólica, máis aló do seu vertido directo á rede, como o seu uso na xeración de hidróxeno verde, ou uso directo da enerxía xerada en transformacións industriais asociadas.

c) Valoraranse os proxectos empresariais asociados ás autorizacións eólicas (instalacións de fabricación, ensamblaxe ou mantemento de compoñentes eólicos), que xeren emprego adicional.

d) Valoraranse os acordos de PPA's (Power Purchase Agreements) con empresas electrointensivas; e as localizadas directamente no entorno de afectación do parques eólicos, de xeito que poidan contar no seu proceso produtivo cun custe enerxético coñecido a varios anos vista, reforzando a súa viabilidade e competitividade.



2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado e lle solicite a aprobación da normativa precisa, no seu ámbito de actuación, que contribúa a incrementar a implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio tendo en conta os apartados desenvolvidos no punto anterior.

Pazo do Parlamento, 10 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/05/2024 13:52:00

Lara Méndez López na data 10/05/2024 13:52:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/05/2024 13:52:17



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hoxe xa non é cuestionable que o cambio climático é unha realidade que supón unha ameaza para humanidade, polo que é unha obriga colectiva, pero tamén individual, poñer as medidas ao noso alcance para loitar contra ese cambio climático e o seu impacto sobre o noso planeta, sabendo que as medidas para combatelo non poden estar enfocadas só nun problema medioambiental, senón que deben contemplar o reto social e o reto económico que van asociados.

A dependencia enerxética do noso país, estaba no 79,5 % de fontes de enerxías primarias importadas e de orixe fósil fronte ao 20,5 % de renovábeis e autóctonas. Ante esta situación, en xullo de 2021 a Comisión Europea lanzou un ambicioso paquete de medidas da estratexia “Fit 55” co obxectivo da neutralidade carbónica da xeración de enerxía para 2050, reducindo nun 55 % as emisións respecto do nivel do ano 1990 para o ano 2030, sendo no caso concreto de España o obxectivo de redución do 23 %.

Ante estes retos, é necesario e urxente aumentar o ritmo de despregue das enerxías renovables, débese acadar unha cota mínima do 40 % no ano 2030. Xa que logo, hai que integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía, recuperando o potencial industrial que tivemos no pasado e que perdemos pola paralización da súa implantación durante os 13 anos de Goberno de Núñez Feijóo, logo de recorrer á vía xudicial o concurso eólico do Goberno do bipartito, que foi finalmente avalado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-



TSXG- o que supuxo que se deixaran fora da produción enerxética eólica 2325 MW en Galicia.

Neste momento clave para a transición enerxética en todo o mundo e ante a chegada dos fondos europeos Next Generation-EU ao noso país, a implantación de enerxía eólica debería ser unha prioridade para a Xunta de Galicia o que nos permitiría volver a ser líderes mundiais neste sector, aproveitando as nosas potencialidades: un recurso abundante, o coñecemento, as capacidades e a experiencia necesarios para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción das infraestruturas.

Pero todo isto non será posible se o Goberno galego non aposta firmemente pola implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio, facilitando o despregue de nova potencia renovable que poida posicionar a Galicia como rexión estratéxica e pioneira na descarbonización total do seu sistema económico e as instalación de novas industrias na nosa terra. Esta transición enerxética no desenvolvemento industrial facilitará a creación de novas rendas e postos de traballo sostibles, que respecten as demandas sociais cunha axeitada protección do medio ambiente, dos medios agrario e forestal, do patrimonio rural, e demandan unha plena integración das novas iniciativas no desenvolvemento rural, onde aos novos parques lles deberán esixir novas oportunidades, investimentos e valor engadido para as comarcas, que faciliten a loita contra o despoboamento e o abandono da actividade alí onde se instalen.

Na actualidade a inexistente política eólica do Goberno galego só nos leva a incrementar o rexeitamento da cidadanía, dos concellos afectados, das asociacións ecoloxistas e das propias organizacións agrarias en calquera lugar do noso territorio onde se pretenda construír un parque eólico ao tempo do enfado dos sectores afectados pola inseguridade xurídica e a paralización do goberno galego, tal e como amosan as múltiples resolucións xudiciais desfavorables por



incumprir os requisitos medioambientais, de equilibrio territorial e da poboación afectada no trámite de información pública.

No momento actual, O TSXG ordenou a suspensión cautelar doutros tres parques eólicos e suman xa 18 paralizacións. Nos autos de suspensión, o Tribunal ten en conta, como requisito complementario ao 'periculum in mora', ou perda da finalidade lexítima do recurso, a ponderación dos intereses en conflito en cada caso concreto. Na ponderación deses intereses contrapostos (público e privado), segundo explica o tribunal, debe prevalecer o que resulte máis digno de protección. Nos autos, a Sala destaca a prevalencia dos principios de cautela, prevención e precaución en materia ambiental, así como a preponderancia que teñen sobre a captación e transporte de enerxía eléctrica, salvo que se acredite o interese xeral que para o sistema eléctrico teña a execución e funcionamento do parque eólico analizado en cada caso en concreto. Á hora de apreciar o 'periculum in mora', o Tribunal ten en conta información obxectiva proveniente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, o cal delimitou áreas non recomendadas para a instalación da enerxía eólica, así como informes sobre hábitats prioritarios e de interese comunitario, que non están a cumprir o Goberno galego con Rueda xa como presidente.

Para as e os socialistas tan insensato é pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica solicitada en Galicia como optar por unha prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica, polo que hai que compatibilizar o desenvolvemento de máis parques eólicos co seu encaixe social cun impacto medioambiental e social asumible.



Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que aprobe a normativa precisa, no seu ámbito de actuación, que contribúa a incrementar a implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio na que os parques teñan unha axeitada fiscalidade, e para iso terase en conta os seguintes puntos:
 - a) Revisarase o canon eólico fixado na Lei eólica de Galicia, de xeito que se pague por potencia instalada e non por número de aeroxeradores.
 - b) Serán de aplicación aos parques os tipos máis altos previstos na lexislación do Impostos de Bens Inmóveis (IBI).
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado e lle solicite a aprobación da normativa precisa, no seu ámbito de actuación, que contribúa a incrementar a implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio tendo en conta os apartados desenvolvidos no punto anterior.

Santiago de Compostela, 10 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/05/2024 14:15:33





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 3643
Data envío: 10/05/2024 14:17:10.309

Lara Méndez López na data 10/05/2024 14:15:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/05/2024 14:15:51

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

9048

@PSdeG



CSV: B6P5T8B0ZBk0Wmp0h-g
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Xulgar con perspectiva de xénero consiste en utilizar unha metodoloxía baseada no principio de igualdade na interpretación e aplicación do ordenamento xurídico, pero tendo en conta as relacións de poder asimétricas e os patróns estereotípicos de xénero existentes na nosa sociedade. Isto é buscar situacións equitativas ante situacións desiguais de xénero.

O Convenio de Estambul do Consello de Europa establece baixo o título “obligaciones del Estado y diligencia debida”:

“1. Las Partes de abstendrán de cometer cualquier acto de violencia contra las mujeres y se asegurarán de que las autoridades, los funcionarios, los agentes y las instituciones estatales, así como los demás actores que actúan en nombre del Estado se comporten de acuerdo con esta obligación.

2 .Las Partes tomarán las medidas legislativas y demás necesarias para actuar con la diligencia debida para prevenir, investigar, castigar y conceder una indemnización por los actos de violencia incluidos en el ámbito de aplicación del presente Convenio cometidos por actores no estatales”.

No art. 2 d) do Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller da ONU establécese que : “*Los Estados Partes condenan la discriminación contra la mujer en todas sus formas; convienen en*



seguir, por todos los medios apropiados y sin dilaciones, una política encaminada a eliminar la discriminación contra la mujer y, con tal objeto, se comprometen a:

(...) d) Abstenerse de incurrir en todo acto o práctica de discriminación contra la mujer y velar porque las autoridades e instituciones públicas actúen de conformidad con esta obligación (...)."

Estes días a cidadanía galega está a ser testemuña deste incumprimento da normativa internacional e nacional de protección da muller e da infancia por parte da Administración xa que contempla perplexa a dramática situación que está a sufrir unha nai marinense ao ser separada xudicialmente da súa filla sen que se permita con ela ningún tipo de comunicación.

A noticia saltaba aos medios de comunicación, no mes de abril de 2024 como grito desesperado dunha nai que, tras un proceso xudicial contencioso de garda e custodia, era vítima dunha decisión xudicial e administrativa desproporcionada.

Sen entrar a cuestionar o contido da decisión xudicial, que establecía un réxime de custodia compartida, que respectamos, desde o Grupo Socialista entendemos que a resposta xudicial ante a imposibilidade do seu cumprimento foi desproporcionada e contraria ao interese superior da menor de 10 anos.

Referímonos á decisión de illar a esa nena nun centro de menores sen contacto coa súa nai, coa súa familia, ou sen asistir á súa escola, como terapia de desintoxicación, durante xa 60 días.

Esta decisión baséase nun informe emitido polo equipo do Imelga, un informe elaborado sen ningún tipo de entrevista previa coa nai nin coa menor, por unhas traballadoras que tampouco asistiron á vista xudicial do procedemento



principal, polo tanto, que non coñecían suficientemente o asunto que estaban a analizar, incorrendo nunha total falla de dilixencia.

Unha decisión que carece de motivación xa que non xustifican que a imposición dunha medida tan excepcional como é o ingreso dunha nena, que non se atopa en desamparo, nun centro de menores sexa a máis beneficiosa para ela ou para defender a súa vida ou integridade que, por outra banda, non consta que estiver en risco.

Un informe que non valora outras opcións menos lesivas para o cumprimento desa resolución e que non ten en conta en ningún momento o benestar desa nena de 10 anos.

A maiores disto, a resolución xudicial marcaba un prazo de 3 semanas para a emisión dun 1º informe por parte do equipo de menores do centro onde se valorase a situación da menor e a recuperación do contacto coa súa nai pero transcorridas 9 semanas este informe aínda non foi emitido, nun claro incumprimento da sentenza por parte do organismo público.

Ante esta desidia por parte das administracións referidas que está a causar un dano irreparable nunha nena de 10 anos e que contradí todos os dereitos dos menores o grupo Parlamentario Socialista esixe:

1.- Que o Servizo de Menores dependente da Consellería de Política Social, cumpra a resolución xudicial e emita con carácter urgente un informe sobre o estado desta nena así como a evolución do tratamento recibido, tal como estaba contemplado no Auto de Medidas Cautelares 537/21 ditado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instruc. n.1 de Marín en data 11 marzo de 2024.

2.- Que desde a Consellería de Xustiza se abra unha investigación sobre a actuación do equipo do Imelga que fixo o informe de Medidas Urxentes do



art.158 do Código Civil, co fin de valorar se se actuou co grado de dilixencia que require a protección do interese superior do menor ou se non existía outra medida menos lesiva para acadar o cumprimento da sentenza.

3. Que dende a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia se esixa formación específica en perspectiva de igualdade e de infancia ao cadro de persoal dos diferentes Puntos de Encontro e do Imelga encargados/as de desenvolver funcións que afecten a mulleres ou a menores.

Para acadar unha sociedade igualitaria e xusta desde as institucións teñen que actuar con equidade e para iso os/as xuíces e o persoal administrativo competente para a aplicación do marco legal teñen que ter unha formación obrigatoria en Igualdade.

Mirar co mesmo rasero aos desiguais xera máis desigualdade.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Incrementar o persoal nos equipos técnicos do Servicio de Menores dependente da Consellería de Política Social, que evite dilacións indebidas e permita o cumprimento en prazo das resolucións xudiciais, por tratarse de temas que afectan directamente ao interese superior dos menores.

2. Que desde a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes se fiscalice a formación do cadro de persoal dos equipos do Imelga, co fin de valorar se contan coa necesaria formación en igualdade e dereitos da Infancia como recomenda a normativa estatal e europea, e de non ser así se esixa como condición obrigatoria para o desenvolvemento da súa actividade profesional.



3. Que dende a Consellería de Política Social e Igualdade se fiscalice a formación dos e das traballadoras dos Puntos de Encontro Familiar, co fin de valorar se contan coa necesaria formación en igualdade e dereitos da Infancia como recomenda a normativa estatal e europea, e de non ser así esixa á empresa que asume a súa xestión que este sexa un requisito obrigatorio para o desenvolvemento da súa actividade profesional.

Santiago de Compostela, 10 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/05/2024 16:42:19

Elena Espinosa Mangana na data 10/05/2024 16:42:34

Silvia Longueira Castro na data 10/05/2024 16:42:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/05/2024 16:42:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Conselleiro de Sanidade**, para que dea explicacións aos galegos e ás galegas diante das críticas feitas no último informe de fiscalización publicado polo Consello de Contas.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2024 16:36:53

Mercedes Queixas Zas na data 07/05/2024 16:37:05

Rosana Pérez Fernández na data 07/05/2024 16:37:21

Daniel Pérez López na data 07/05/2024 16:37:40

Iria Carreira Pazos na data 07/05/2024 16:37:50

Iria Taibo Corsanego na data 07/05/2024 16:38:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2024 16:38:13

Daniel Castro García na data 07/05/2024 16:38:25

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/05/2024 16:38:34

Iago Suárez Fernández na data 07/05/2024 16:38:44

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2024 16:38:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/05/2024 16:39:05

Sonia Vidal Lamas na data 07/05/2024 16:39:15

Secundino Fernández Fernández na data 07/05/2024 16:39:25

María Montserrat Prado Cores na data 07/05/2024 16:39:35

Alexandra Fernández Gómez na data 07/05/2024 16:39:45

Paulo Ríos Santomé na data 07/05/2024 16:39:53

Carmela González Iglesias na data 07/05/2024 16:40:01

Cristina Fernández Davila na data 07/05/2024 16:40:09

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/05/2024 16:40:21





José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2024 16:41:10

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

O pasado 10 de abril, o Centro de Investigaciones Sociológicas publicou a quinta edición da enquisa da serie de Hábitos Deportivos. Nesta enquisa saíu á luz un dato alarmante sobre o deporte feminino: só o 8,8 % das mulleres ten licenza federativa nalgún deporte, fronte ao 21,15 % dos homes. Isto significa que, en España, a pesar dos avances en materia de igualdade no deporte, as disciplinas con modalidades federadas seguen a ser un ámbito predominantemente masculino debido a que só menos da metade dos deportistas son mulleres.

Esta é unha realidade que tamén se extrapola a Galicia. Nun estudo publicado polo Anuario de Estadísticas Deportivas elaborado polo Ministerio de Cultura e Deporte no ano 2022 sinalouse que Galicia conta cun total de 281.561 deportistas federadas e federados, dos que só o 23,76 % son mulleres (66.897). A cifra máis rechamante dáse no fútbol. Aínda que este é o deporte con maior número de licenzas femininas, un total de 6.606 fichas, tan só superan lixeiramente o 7 % do total de futbolistas galegos federadas e federados. Aínda que é certo que nalgunhas modalidades as mulleres compoñen o groso maioritario das licenzas (o 93,36 % en ximnasia ou 77,29 % en baile deportivo), esta non é a regra xeral, sobre todo cando se trata daqueles deportes cuxa práctica está máis estendida. Por exemplo: o baloncesto, onde as mulleres constitúen o 32,33 % das licenzas, é dicir, 5.521 deportistas.



Na mesma liña, noutro estudo realizado nas federacións galegas de 13 disciplinas distintas concluíuse que a porcentaxe de mulleres federadas tan só alcanza o 19 %. A natación é o único deporte que pode presumir de cumprir coa paridade total. Pola contra, o resto de federacións que facilitaron datos adoecen dun marcado predominio masculino.

Aínda que estes datos non se deben xeneralizar á totalidade do deporte galego, si constatan unha realidade: as mulleres aínda están lonxe de ocupar un espazo que lles pertence.

O principio de igualdade entre mulleres e homes é un mandato esixido por un gran abanico de normas vixentes. No ámbito europeo debemos atender á Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres. No ámbito estatal, o artigo 14 da Constitución española introduciu a igualdade como un principio xeral do dereito que foi desenvolvido pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, e normativa aplicable, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que culmina o proceso lexislativo de transversalización da igualdade de mulleres e homes en todo o ordenamento xurídico español. No que respecta a Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia estableceu no seu artigo primeiro o “compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, atribuíndolle o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á igualdade entre as mulleres e os homes no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma. “Así mesmo, o artigo 3, apartado c) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia establece "o impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva" como un principio reitor dela.



Por todo o exposto, a promoción e o auxe do deporte feminino é un deber das institucións para coa sociedade e un síntoma de boa saúde democrática. Ten que entenderse como un dereito individual que goce de amparo por parte dos entes públicos galegos e de protección xurídica nos tribunais. As e os socialistas entendemos que o Goberno galego ten que axudar ás mozas e ás mulleres para acceder ás disciplinas deportivas que sexan do seu agrado para que poidan practicalas en condicións de igualdade cos homes. Todo iso sen ter que sufrir ningún tipo de discriminación ou soportar situacións de precariedade que só de cando en cando se poden observar no deporte masculino.

Por todo o exposto as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que ten previsto facer o Goberno galego para fomentar e promover o deporte femenino?
2. Que campañas de sensibilización e información dirixidas ao conxunto da sociedade ten previsto facer o Goberno galego co obxecto de difundir o deporte feminino?
3. Como vai colaborar o Goberno galego coas federacións da Comunidade para aplicar as medidas necesarias para impulsar as súas seccións femininas?
4. Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para asegurar que todos os deportes se practiquen en condicións de igualdade e sen discriminación por mulleres e homes?
5. Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para lograr unha maior visibilidade das competicións e o deporte feminino na programación e nos informativos galegos?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2024 11:18:07
Nº Rexistro: 3023
Data envío: 03/05/2024 11:18:07,457

Parlamento de Galicia, 3 de maio de 2024

CSV: B6P5T8D3-0k0Dm9t6-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

9060

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as familias monoparentais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, a realidade das familias e a estrutura social dos fogares evolucionou moito, feito que conleva unhas novas necesidades e que precisa de que as institucións as teñan en conta e establezan para este grupo políticas sociais xustas e adaptadas. As familias monoparentais son unha realidade crecente no noso país, avalada polos datos, xa que anualmente a cifra de fogares destas características aumenta, supoñendo en Galiza un 11% deles, sendo un modelo familiar cun crecemento dende 2016 de máis do 20% e supoñendo case un 10% da poboación.

Máis do 80% dos fogares monoparentais están encabezados por mulleres, daquela, sería imprescindible analizar este fenómeno cunha perspectiva de xénero. Estas mulleres asumen a maternidade en solitario, facéndose cargo do ámbito doméstico, laboral, persoal e familiar, tendo na súa contra unha dobre discriminación, a que sofren por ser mulleres e a que engade o feito de seren conformantes dunha familia de carácter monoparental. As consecuencias agrávanse ao teren máis problemas no acceso ao emprego, sendo vítimas das fendas salariais, dunhas peores condicións de traballo e da economía somerxida, etc.

A pesares de que hai moitas diferenzas dentro destas familias en canto ao motivo da monoparentalidade, por exemplo, (por libre elección ou por circunstancias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sobrevidas), todas elas comparten realidades semellantes en canto á dificultade de conciliar a vida persoal, familiar e laboral, a precariedade e a inestabilidade laboral e a falla de apoio institucional, que dan lugar a un risco de pobreza e exclusión social, segundo o IGE, do 44% nos fogares monoparentais, duplicando a taxa de pobreza relativa con respecto ao resto das familias (arredor do 20%), sendo o risco de pobreza ou exclusión de máis de vinte puntos porcentuais de diferenza se as comparamos coas familias biparentais. A pobreza deste grupo de familias débese a que non existen políticas que teñan en conta as súas realidades concretas, empobrecéndoas por esta invisibilización e colocándoas nunha situación de maior vulnerabilidade fronte a outros modelos familiares. É por iso que moitas destas familias ven mermada a súa autonomía e estancado o desenvolvemento profesional, pola falla de políticas integrais de recoñecemento, protección e corresponsabilidade.

Ter a este conxunto de familias monoparentais baixo o mesmo paraugas de políticas que ao resto de familias, baseándose na biparentalidade, sen crear políticas sociais específicas e sen ter en conta que un só proxenitor está a cargo da unidade familiar, acarrea todo tipo de discriminacións indirectas, indo en contra da propia Constitución Española. Neste momento no que o goberno central está a tramitar unha nova lei de familias e sabendo que a norma que aplica a Xunta de Galiza é insuficiente, precisamos de que ambas administracións avancen nun texto lexislativo que cubra as grandes eivas existentes, onde os dereitos dos nenos e nenas primen na regulación das familias monoparentais, sen seren discriminados por a indiferenciación como ocorre na actualidade, sen acadar a equidade coas outras crianzas por unha cuestión que precisa tan só de vontade política, que necesita levar a cabo medidas que supoñan un marco protector e preventivo para estes casos de xeito inmediato.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas no ámbito da economía social ten pensadas a Xunta de Galiza para baixar a presión fiscal que sofren as familias monoparentais e que é un 12% maior que nas familias con 2 membros adultos?

. Vai a Xunta de Galiza garantir fondos para que os concellos apliquen bonificacións ás familias monoparentais dende o primeiro fillo/a?

. Ten a Xunta de Galiza un rexistro de Familias monoparentais creado?

. Pensa a Xunta de Galiza aumentar o permiso por coidados nas familias monoparentais e que estas poidan usalo en enfermidades comúns?

. Vai desenvolver a Xunta de Galiza o plan de apoio ás familias monoparentais que prometeu na lei de impulso demográfico de Galiza?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o proxecto denominado “Fábrica de pneumáticos Sentury, declarado proxecto industrial estratéxico (PIE)” nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consello da xunta declarou, na súa reunión do 6 de outubro de 2022 como proxecto industrial estratéxico (PIE) o proxecto denominado “Proxecto de construción dunha planta de fabricación de pneumáticos no concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña)” presentado pola empresa empresa Sentury Tire Spain, S.L.U.

O 31 de marzo de 2023, a Secretaría Xeral de Industria, publica un anuncio polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto denominado Fábrica de pneumáticos Sentury, declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 6 de outubro de 2022, que se implantará no concello das Pontes de García Rodríguez.

Segundo consta na documentación exposta ao público, o proceso de fabricación de pneumáticos sería un proceso altamente automatizado que parte dunha serie de materias primas (fibras téxtiles, caucho natural, caucho sintético, cables de aceiro e aditivos) que se mesturan e combinan en proporcións e procesos específicos, segundo as características construtivas de cada clase de pneumático que se vaia producir.

O orzamento do proxecto ascende a 531.370.000 euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A futura fábrica estará formada por unha serie de edificios de produción, xestión e servizos auxiliares, cunha ocupación en planta de aproximadamente 26 ha localizadas en terreos próximos ao lago das Pontes, an parroquia de Espiñaredo.

Xunguido a este proxecto de Sentury, autorízanse unha serie de parques eólicos en vaías zonas da provincia da Coruña baixo o modelo de Power Purchasing Agreement (PPA) Sumando unha potencia total de 680 MW.

Nos últimos días vemos na prensa que a empresa promotora retirou o capital reservado para a planta de As Pontes, e potenciando a construción doutra planta de semellantes características que está a construír en Marrocos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

.Que valoración fai a Xunta de Galiza dos cumprimentos dos compromisos das empresas vinculados a proxectos estratéxicos?

.Cal é estado actual na tramitación do proxecto de Sentury para As Pontes?

. Corre perigo a construción desta planta de fabricación de pneumáticos?

. En que situación quedan os parques eólicos vencellados ao proxecto de Sentury?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 03/05/2024 12:00:36

Ramón Fernández Alfonso na data 03/05/2024 12:00:46

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/05/2024 12:01:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a modificación puntual do Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal-Proxecto de Interese Autonómico (PIA) do asentamento industrial de ENCE en Lourizán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de outubro de 2021, a empresa ENCE reiniciou a tramitación urbanística da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do complexo industrial de Lourizán, co obxecto de levar a cabo diversas actuacións que terían un indubidábel impacto na contorna, na ría e na paisaxe.

Esta modificación foi sometida daquela a información pública e conta con informes desfavorábeis de varias administracións: do Ministerio para a Transición Ecolóxica, do Concello de Pontevedra e do Concello de Marín, que esgrimen entre outros os seguintes argumentos:

- Incremento do volume, altura e ocupación do espazo de dominio público.
- Inexistencia de parámetros de augas residuais que se van verter.
- Falta de integración paisaxística das actuacións.
- Impacto negativo significativo sobre a biodiversidade e sobre as augas da ría de Pontevedra, declarada zona sensíbel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Importante impacto visual, non suficientemente xustificado no documento inicial estratéxico (só xustifica a integración dentro do propio complexo industrial, consolidando máis a paisaxe industrial ao borde do mar).

Malia aos informes negativos emitidos por persoal técnico de diferentes administracións, o goberno galego segue adiante coa tramitación do proxecto: así, o pasado 14 de xaneiro de 2022 fíxose público o documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica da modificación puntual número 1 do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra), promovido por ENCE Energía y Celulosa, S.A.

O concello de Pontevedra presentou alegacións á aprobación desta modificación do PSIS-PIA argumentando que suporía incrementar substancialmente a ocupación e o volume das instalacións industriais, con diversas edificacións que chegan a acadar os 70 metros de altura, con un indubidábel impacto paisaxístico e ambiental nunha zona sensíbel e que foi incluída no Plan de Ordenación do Litoral como Área de Mellora Paisaxística.

Segundo os informes técnicos, as actuacións previstas supoñen o incremento da ocupación actual e un incremento de edificabilidade: incremento en máis do dobre da ocupación da parcela, incremento nun 42% da zona destinada a uso industrial pasando a ocupación de 65.578 a 157.815 m². Incremento da edificabilidade, que pasa de 89.946m² a 161.297m².

Entre as edificacións previstas figuran: unha nova liña de astalado de 30 m de altura, tanques de lixivia de 20 m, reactores de peróxido de 45 m, un “Scrubber catalizador para Nox da caldeira de recuperación” de 60 m de altura e unha cheminea multitubular de 100 m de altura.

A modificación prevista incrementará notabelmente os efectos negativos sobre o territorio, a paisaxe, o ciclo da auga, o dominio público marítimo-terrestre e a ría de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pontevedra. Ademais, as actuación previstas entran en contradición coa Lei de Costas, coas Directrices de Ordenación do Territorio e co Plan de Ordenación do Litoral.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Vai atender a Xunta os informes negativos de diferentes administracións sobre a modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal-PIA de ENCE en Lourizán?

Considera a Xunta que estas novas instalación industriais son acordes co previsto no Plan de Ordenación do Litoral?

Vai a Xunta facer prevalecer o interese público sobre os intereses particulares dunha empresa privada, blindados polas portas xiratorias?

Considera a Xunta este proxecto un bo exemplo da xestión integrada do litoral?

Como prevé a Xunta aplicar as previsións do Plan de Ordenación do Litoral?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 03/05/2024 12:08:31

Paulo Ríos Santomé na data 03/05/2024 12:08:36

Alexandra Fernández Gómez na data 03/05/2024 12:08:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fernández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a vacina da lingua azul.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lingua azul é unha enfermidade vírica (familia Reoviridae) que afecta a ruminantes domésticos e salvaxes e que a nós en Galiza nos atinxe en especial no grupo do ovino e o bovino, onde os primeiros son os máis afectados pola doenza, mentres bovino e caprino son, en moitos casos, asintomáticos e portadores. Transmitida pola picadura de certas especies de mosquitos do xénero Culicoides, variando a gravidade da enfermidade segundo o serotipo e a especie, trátase dunha enfermidade de Declaración Obligatoria (Real Decreto 779/2023), cun período de incubación de 5 a 10 días.

No caso da lingua azul, podemos facerlle fronte loitando contra os vectores con distintos tipos de insecticidas e antiparasitarios, que os propios gandeiros e gandeiras custean e aplican, pero ademais temos unha vacina que se comezou a usar no 2023 por parte da Xunta de Galiza, xa que temos un programa vacinal aprobado no noso país (ao principio desenvolto na provincia de Pontevedra e Ourense, engadindo Sarria, Terra de Lemos-Quiroga e Chantada). Con dita vacinación prevense a enfermidade clínica e interrómpeuse o ciclo do virus da lingua azul no medio ambiente, de xeito que se trata con ilo de minimizar as perdas económicas pola infección dos animais, permitindo o seu transporte e a súa comercialización entre as distintas rexións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A loita contra a enfermidade no estado español e por extensión en Galiza lévase a cabo, polo tanto, mediante programas de vixilancia, de vacinación e de control de movementos dos animais sensibles, reducindo a incidencia e a gravidade dos gromos.

A Consellería de Medio Rural iniciou o programa de vacinación no noso país o 7 de marzo do pasado ano, invertendo segundo os datos que fixeron públicos 2,4 millóns de euros e no que participou persoal propio, persoal contratado, persoal das ADSG e clínicos privados, de xeito que non é unha información veraz que a vacinación que se executou se levara a cabo de xeito urxente nin fora gratuíta, xa que aínda que o medicamento o era para todos estes profesionais, os de carácter privado cobraban polo seu traballo, como era previsto. Dada a premura coa que se tivo que facer tal campaña de vacinación e a falla de profesionais autorizados para levala a cabo, moitos gandeiros e gandeiras, especialmente os adicados a razas de aptitude cárnica, viron como tiñan durante varias semanas os seus animais destinados a venta inmovilizados, co conseguinte custe económico que iso supón, agardando que o persoal da Xunta ou de TRAGSA chegara para comezar coa pauta vacinal. Moitos deses animais remataron sendo vacinados por persoal privado, cuxa desinformación era total, engadindo a isto que a vacinación, de carácter obrigatorio, non se fixo de xeito gratuíto como se quixo facer ver por parte da administración, que non era capaz nin sequera de darlle aos afectados unha data aproximada na que a súa explotación estaría vacinada. Ademais e, por unha cuestión de desorde, desinformación e falla de comunicación, os grupos de veterinarios de TRAGSA que naquel momento se adicaban á campaña de saneamento, víronse obrigados a suspendela durante case un ano para adicarse a vacinación e revacunación a tempo completo, en moitos casos chegando fóra de prazo a revacunacións, como moitos gandeiros e gandeiras expuñan naquel momento.

Foi tal a desorganización no plan vacinal, que no 2023, na época do ano na que máis demanda de carne existe no noso país de carne de vacún (a partires de xullo), as medianas e pequenas industrias cárnicas tiñan que achegarse a zonas non restrinxidas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para aprovisionarse de materia prima, xa que nas súas zonas de orixe resultaba practicamente imposible conseguir carne de vacún, ao non poder ir os animais ao matadoiro pola falla da pauta vacinal completa. Mais logo, cando a primeira remesa de animais puido saír ao mercado e pola enorme oferta que había ao ser un gran número de saídas coincidentes no tempo, o prezo das canais baixou. É dicir, estes animais permaneceron gastando en insumos un mes máis do necesario e foron vendidos a un prezo menor do desexado. Todo isto por unha completa falla de previsión por parte da Xunta de Galiza, que deixou ao seu persoal só ante tal avalancha de vacinacións.

Neste caso, coma en case todos os asuntos relacionados co medio rural e coa actividade agragandeira, os afectados últimos por esta normativa, foron vítimas dunha completa desinformación, engadindo que a norma non estaba clara e a súa aplicación cambiaba constantemente, tanto no momento da primovacinação, coma no das distintas versións da aplicación usada polos veterinarios onde se gardaban os datos para que a Xunta dispuñera deles, etc. Foi, dende calquera ángulo que se analice, unha improvisación sin ningún tipo de criterio de orde, que gandeiros e gandeiras sufriron e voltarán sufrir este ano 2024.

Nesta nova campaña vacinal, que recén acaba de comezar, as costumes son as mesmas, e a petición dos afectados de que os animais que sexan destinados a matadoiro nunha idade temperá non sexan vacinados quedou no esquecemento, medida que tanto tratantes coma gandeiros solicitaban á Xunta de Galiza. Ditos animais, becerros carniceiros que non se destinan á recría e que teñen como finalidade a produción de carne onde o sacrificio non é tardío, sofren de grandes niveis de estrés durante a vacinación que afectan a calidade das canais (presenza de ácido láctico), habendo incluso lesións nelas pola inoculación e traumatismos derivados polo propio nerviosismo que suscita o proceso no que se leva a cabo a inxección por parte do facultativo en cuestión, xa que son animais de bastante idade e un peso considerable cuxa capacidade ósea non se corresponde co seu peso muscular, sendo moi frecuentes as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fracturas a esas idades. Moita parte destes animais transpórtase a matadoiro nos días seguintes á vacinación, de xeito que esta non cumpre o seu obxectivo, ademais de ser un gasto innecesario para a administración e o gandeiro e un risco económico para este último.

O obxectivo do BNG é que a administración e o sector primario, de forma conxunta, logren a eficiencia produtiva e a seguridade alimentaria, complementándose nas súas actuacións e responsabilidades, coa creación dun sector primario forte que sexa tomado en conta nas actuacións do goberno da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

. Como valora a Xunta de Galiza as campañas de vacinación animal, como por exemplo a da lingua azul?

. Comprométese a Xunta de Galiza cubrir os gastos privados de vacinación dos animais nos casos nos que os gandeiros, por unha simple cuestión de rendibilidade económica teñan que optar pola opción privada ao tardar moito o persoal contratado pola administración?

. Ten a Xunta de Galiza datos sobre reaccións anafiláticas derivadas da inoculación da vacina ou do posterior uso de medicamentos de uso veterinario que conteñan o excipiente “povidona iodada”?

. Canto tempo indemniza a Xunta de Galiza aos animais que sufren de reaccións anafiláticas derivadas da vacina ou da interacción desta con ese excipiente presente en gran cantidade de medicamentos?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 03/05/2024 13:01:56

Sonia Vidal Lamas na data 03/05/2024 13:02:05

Secundino Fernández Fernández na data 03/05/2024 13:04:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A orde de data 10 de outubro de 2023, publicada no DOG de data 20 de outubro establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR651A e MR651B).

Os artigos 21 e 24 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, establecen medidas de apoio á prevención e defensa contra os incendios forestais.

Como resposta ás disposicións do citado Regulamento (UE) 1305/2013, a Xunta de Galicia elaborou o Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia para a etapa 2014-2020, no que se inclúe a submedida 8.3 «Prevención de danos causados por incendios forestais, desastres naturais e catástrofes». O PDR 2014-2020 foi aprobado por Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado por última vez mediante



a Decisión de execución da Comisión C (2023) 1540 final, do 28 de febreiro de 2023.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, así como a Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal, son o réxime xurídico específico aplicable ás actuacións da orde.

Por outra banda, a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, establece no seu artigo 25 que a Consellería do Medio Rural daralle aos montes veciñais en man común carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora da produción agraria e na concesión de axudas económicas para as mesmas finalidades.

Por iso, o obxecto desta norma é establecer as bases reguladoras da concesión de subvencións que poderán percibir as persoas titulares de montes veciñais en man común (MVMC), as súas agrupacións e as sociedades de fomento forestal (Sofor), para a posta en marcha das actuacións preventivas recollidas na lexislación galega sobre incendios forestais e a súa convocatoria para o ano 2023 en réxime de concorrència competitiva.

Esta incentivación na colaboración dos titulares de montes veciñais en man común e as Sofor na realización de traballos de silvicultura preventiva contribuirá a minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción destes montes, de gran importancia na nosa comunidade e, en conxunto, sobre a fauna, a flora e a paisaxe de Galicia.



Pese a realizar as tarefas de prevención con anterioridade á tempada de verán, nesta data inda non hai resolución da dita subvención polo que tanto as CMVMC como as entidades que poden solicitálas non poden realizar as actuacións de prevención de incendios.

Este atraso é cualificado polo Grupo Parlamentario Socialista como preocupante ademais de que denota unha total falta de planificación e desatención da tan necesaria prevención na loita contra os lumes que asolan a nosa terra.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora o Goberno galego o atraso na resolución da convocatoria para prevención de incendios forestais publicada no DOG de data 20 de outubro de 2023?
2. Como vai corrixir a conselleira do Medio Rural os atrasos inxustificables na tramitación das ordes de subvención para a prevención de incendios?
3. Que explicación lle vai dar o Goberno galego ás comunidades de montes veciñais en man común e ás Sofor en relación co impedimento para realizar a tan necesaria prevención?
4. Entende o Goberno galego o prexuízo causado ás comunidades de montes e a toda a sociedade galega por este retraso?

Parlamento de Galicia, 3 de maio de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2024 13:36:56
Nº Rexistro: 3072
Data envío: 03/05/2024 13:36:56.098

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/05/2024 13:33:50

Lara Méndez López na data 03/05/2024 13:34:03

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

9079

@PSdeG



CSV: B6P5T8B34DKQWkUpst4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

É unha realidade que en Galicia hai un problema de ateigamento tanto nas listas de espera para obter unha praza nas residencias de maiores como en calquera outra das prestacións que promove a Lei de autonomía persoal.

A través de informes da Valedora do Pobo e mesmo das queixas reiteradas que se formulan a través dos equipos socio comunitarios, as familias están a padecer unha distorsión constante á hora de facer valer os seus dereitos respecto á lei.

Listas de espera para ser recoñecido os dereitos, listas de espera para obter a valoración, listas de espera para obter as libranzas, listas de espera para optar a unha praza nunha residencia. E mesmo estamos sen saber como vai a solucionar a Xunta de Galicia toda esta problemática.

Esta situación pon tamén en alerta aos concellos que se ven desbordados pola falta de previsión da Xunta de Galicia á hora de informar sobre outras prestacións como son os bonos de 5.000 euros e de 1.200 euros que tamén terán que tramitar desde fai uns meses.

Ademais, o Tribunal Supremo vén de recoñecer en Andalucía o dereito dunha familia a percibir a libranza económica que lle foi concedida para os coidados dunha familiar, mesmo cando ela xa tiña falecido e non chegara a percibir a prestación que lle foi recoñecida con posterioridade.



Por todo isto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que medidas vai poñer en marcha a Xunta de Galicia para desateigar ás listas de espera respecto á tramitación e concesión das prestacións da Lei de dependencia?
2. Que calendario de actuación vai a poñer en marcha para a construción de residencias e centros de día?
3. Cal será o modelo que implemente para a construción dos mesmos?

Santiago de Compostela, 3 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/05/2024 14:01:58

Elena Espinosa Mangana na data 03/05/2024 14:02:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

As prácticas irregulares, no seo do ámbito público, e de forma particular nos contratos feitos durante a pandemia- cando moita xente estaba a sufrir- foi e é unha das cuestións que máis preocupan á cidadanía do noso tempo por ser contraria á legalidade e á ética e integridade pública. Malgasta os recursos públicos, aumenta a desigualdade económica e social, alimenta o descontento e a polarización política e diminúe a confianza nas institucións. A mera existencia dun conflito de intereses non constitúe un caso de corrupción. Agora ben, se non se xestiona adecuadamente, o conflito de intereses pode dar lugar a favoritismos, abusos de poder, tratos discriminatorios, falta de imparcialidade e obxectividade.

A situación provocada como consecuencia da pandemia derivada da COVID 19 xerou unha relaxación dos controis na licitación e adxudicación de contratos públicos, o que, en non poucos casos, deu lugar a importantes irregularidades, consecuencia de comportamentos ás veces arbitrarios, e outras moitas pola falla de rigor e control.

O Consello de Contas de Galicia, que é o órgano que fiscaliza as contas do sector público galego e que tamén ostenta as competencias legais de prevención da corrupción do Sector público Galego, constatou importantes irregularidades e deficiencias na contratación de emerxencia que fixo o Goberno galego durante a crise sanitaria.



Neste sentido, a fiscalización realizada polo Consello de Contas respecto da contratación de emerxencia efectuada polo Servizo Galego de Saúde entre marzo de 2020 e maio de 2021 constatou a existencia de importantes irregularidades, incumprimentos legais e a conculcación dos principios básicos da contratación pública e do bo goberno, que inspiran o funcionamento da administración e que aconsellan promover un mínimo de concorrencia, transparencia, motivación da urxencia e a comprobación da aptitude e capacidade técnica dos adxudicatarios.

Asemade, no derradeiro informe do Consello de Contas publicado en marzo do 2024 detectouse a concentración de contratos de emerxencia en 11 empresas adxudicatarias (vexase anexo I do Informe do Consello de Galicia) por importes superiores a dous millóns de euros por contrato (anos 2019, 2020 e 2021), no que se identifican empresas adxudicatarias nas que podería existir conflito de intereses. Resulta significativa a concentración das adxudicacións nun número reducido de empresas, cuxo obxecto social, nalgúns casos, nada ten a ver coa importación, distribución ou fabricación dos produtos contratados.

No 2020 case a metade do máis de 80 millóns de euros adxudicados se reparten en 11 empresas, e no 2021 son unicamente 4 empresas as destinatarias de 2 de cada 3 euros contratados pola vía de emerxencia.

Segundo a definición legal: un conflito de interese existe desde o momento en que concorre un interese privado (familiar, persoal, de amizade, de interese político) que puidera influír sobre o resultado da adxudicación dun contrato, en prexuízo do interese xeral, da transparencia do procedemento e da igualdade de trato dos licitadores.

Ademais, o Consello de Contas evidencia irregularidades nos contratos de emerxencia do goberno galego: falta de transparencia, expedientes insuficientemente xustificadas como de emerxencia, falta de solvencia técnica das empresas que non se dedicaban ao subministro do material sanitario nin



ao rastreo das persoas contaxiadas, desfases de centos de miles de euros nas adquisicións de subministros dos contratos de máscaras contratos verbais, documentos de formalización sen data ou incumprimento de requisitos formais nos expedientes de emerxencia.

Por outro lado, se se facemos unha comparativa dos informes de fiscalización feitos por outros órganos de control externo, tanto autonómicos como do propio o Tribunal de Cuentas do Estado, Galicia foi unha das Comunidade Autónoma que máis incumpriu os requisitos legais dos contratos de emerxencia.

A día de hoxe descoñecemos que foi dos 159 millóns de euros de fondos covid para sanidade enviados polo goberno central a Galicia pero que se atopan en destino descoñecido, cando o único que sabemos de certo é que non foron dedicados á Sanidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Fóra das medidas esixidas na normativa do Goberno de España para os Fondos Next Genration EU(planes de medidas antifraude), modificouse a Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno ou ditouse outra normativa autonómica para completar no sector público autonómico a regulación dos conflitos de intereses, o procedemento e a supervisión dos mesmos, a regulación dos grupos de intereses (lobbies)?
2. Está operativa e en funcionamento a Autoridade Galega de protección do Informante, en cumprimento da Lei 2/2023 de protección do informante e loita contra a corrupción?

Santiago de Compostela, 6 de maio do 2024





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2024 13:41:31
Nº Rexistro: 3131
Data envío: 06/05/2024 13:41:31.761

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/05/2024 17:32:58

Paloma Castro Rey na data 04/05/2024 17:33:10

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

9085

@PSdeG



CSV: B6P5T8B3xakGzKgmN8-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O pasado 19 de decembro o Parlamento de Galicia aprobou os seus orzamentos para o ano 2024, condicionados á aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado, que establecerán a marxe orzamentaria financeira que deberán cumprir as administracións.

En aplicación da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) e de conformidade co seu artigo 15, o Consello de Ministros aprobou, o pasado 12 de decembro de 2023, o Acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026, así como o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para 2024.

Este acordo establece un obxectivo de déficit para todas as administracións do Estado do 3 % do PIB en 2024 (2,7 % en 2025 e 2,5 % en 2026). Un acordo e uns obxectivos, lembremos, que foron aprobados por Bruxelas.

O documento, que recibiu o visto e praxe de Bruxelas, recolle o obxectivo do 3 % de déficit distribuído por subsectores dun xeito máis estrito para as comunidades autónomas e entidades locais, esixindo ás comunidades autónomas equilibrio orzamentario e ás entidades locais un superávit orzamentario de +0,2 %.



O Goberno de España tentou durante estes anos de goberno dar maior marxe de financiamento ás comunidades autónomas, que son as que garanten o estado do benestar. Son as competentes en prestar os servizos públicos básicos de sanidade, educación e protección social. E, neste mesmo sentido, aprobouse unha senda de estabilidade que supón unha flexibilidade nos obxectivos para as comunidades autónomas e entidades locais.

Deste xeito, fronte ao obxectivo inicial de equilibrio orzamentario para todas as comunidades autónomas, propónse un déficit do 0,1 % en 2024, tal e como se propón no Consello de Política Fiscal e Financeira, obtendo informe favorable na súa sesión do 11 de decembro. Nas entidades locais, tal e como propón a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), os concellos e outras entidades locais xa non terían que acadar un superávit do 0,2 % en 2024 e situaríanse en equilibrio orzamentario.

Trátase, polo tanto, dunha marxe adicional para comunidades autónomas e entidades sociais de tres décimas máis, equivalente a máis de 4.570 millóns de euros (4.573,2 millóns), que recae na Administración Xeral do Estado:

- Unha décima máis de marxe para as comunidades autónomas: máis de 1.500 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.
- Dúas décimas máis de marxe para as entidades locais: máis de 3.000 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.

Pero a pesar da flexibilidade para comunidades autónomas e entidades locais, que estas medidas significan, o PP tanto no Congreso dos Deputados como no Senado uniu os seus votos cos da extrema dereita para rexeitar estes acordos, a pesar de que a quen máis prexudica é aos gobernos autonómicos e locais.

É dicir, o PP vota en contra dun acordo do Goberno de España, que prexudica claramente os intereses económicos da nosa Comunidade Autónoma e, polo tanto, dos 2.699.424 de habitantes.



A senda de estabilidade proposta, foi aprobada no Congreso en dúas ocasións, o 10 de xaneiro e outra vez, o 29 de febreiro, co voto en contra do PP. Cando foron rexeitadas, no seu primeiro intento, no Senado, o Goberno volveu presentar os obxectivos de estabilidade a ambas Cámaras, de acordo co establecido no artigo 15.6 da LOEPSF, sendo rexeitados de novo no Senado, en segunda volta. Deste xeito, os obxectivos de déficit para a Administración Central, CCAA e EELL serán finalmente os fixados no Programa de Estabilidade do mes de abril, que xa conta coa aprobación das autoridades europeas.

É dicir, o resultado dun novo rexeitamento de PP e Vox no Senado á senda da estabilidade, leva consigo a redución da capacidade de financiamento vía déficit que terán as comunidades autónomas e entidades locais, concretamente, para esta comunidade supón 166 millóns de euros

Unha redución da capacidade de gasto que terá a Comunidade Autónoma de Galicia nas súas contas públicas, xa que agora terán que pasar a contemplar nelas un equilibrio orzamentario para 2024, fronte a marxe inicial de 0,1 % de déficit. Unha situación que prexudicará claramente á cidadanía de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Manifesta o Goberno galego o seu apoio ao Acordo de Goberno de España polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026 e o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para o ano 2024, así como o Plan de reequilibrio elaborado polo Goberno de España, que contempla unha marxe de déficit de 0,1 % para 2024?



2. Cales son as consecuencias para o Goberno galego- e sobre todo en prexuízo- de todos os galegos/as - do boicot do PP en Madrid á senda da estabilidade nos orzamentos autonómicos?
3. Que explicación dá o Goberno galego de que o Partido Popular en Madrid concedeu menos capacidade de gasto nas competencias que son propias das comunidades autónomas, e que repercuten no benestar da cidadanía e no tecido produtivo da nosa rexión?

Santiago de Compostela, 6 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 06/05/2024 14:00:20

Paloma Castro Rey na data 06/05/2024 14:00:34

Elena Espinosa Mangana na data 06/05/2024 14:00:46

Julio Abalde Alonso na data 06/05/2024 14:00:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do sector do comercio galego e as medidas necesarias para a súa reactivación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do comercio galego é crítico. A perda de tecido comercial ven sendo continuada desde hai 15 anos, desde 2009 pecharon na Galiza 7630 pequenos comercios, segundo os datos do IGE.

O último informe da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias indica que hai 7.045 locais comerciais baleiros, unha cifra que se incrementou nun 38% na última década.

E a este panorama desolador hai que engadirlle o gran número de persoas que están a fronte dun negocio e que están a piques de xubilarse. Unha xubilación que, salvo en contadas excepcións, suporá a desaparición do negocio xa que non hai ninguén que continúe coa actividade.

As condicións coas que teñen que lidar día a día as persoas que tentan vivir dun pequeno comercio son moi, moi difíciles.

O comercio está en caída libre dende hai anos como consecuencia do avance das grandes superficies comerciais e do comercio en liña, así como pola liberalización abusiva dos horarios e dos períodos de rebaixas, se non se enfronta esta realidade con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas que vaian a a atallar estes problemas o apagamento comercial en Galiza vai ser imparable.

É preciso abordamos a situación actual do comercio galego, en diálogo con todo o sector, para adoptar medidas que permitan a viabilidade do sector comercial galego.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é fundamental actuar con urxencia para garantir a supervivencia dos negocios e dos postos de traballo dun sector que constitúe un pilar da nosa economía, e non entendemos a pasividade da Xunta de Galiza ante a grave situación que atravesamos un sector que demanda da administración autonómica medidas que axuden a garantir a supervivencia do pequeno comercio.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Cre o Goberno galego que no inmediato as medidas que tomou garantan a supervivencia do pequeno comercio en Galiza?
- É consciente o goberno galego da actual situación do comercio galego?
- Que medidas vai a adoptar a Xunta de Galiza para garantir a supervivencia do tecido galego do pequeno e mediano comercio?
- Ten previsto o Goberno Galego un Plan integral de promoción do comercio de proximidade, contando coa participación activa de comercios, tecido asociativo e das organizacións sindicais, co fin de mellorar e fortalecer a posición competitiva do sector e frear a perda de tecido comercial froito da profunda crise que atravesamos?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Brais Ruanova Vilas-Boa

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 06/05/2024 18:08:43

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/05/2024 18:08:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

O campus universitario de Pontevedra tense convertido nun dos principais motores de actividade económica e desenvolvemento social do noso concello e da súa comarca, unha potencialidade pola que debemos apostar aínda máis, atraendo novas titulacións e incrementando o número de estudantes aquí matriculados.

Unha boa parte dos máis de 4.000 alumnos e alumnas do Campus Crea non só estudan en Pontevedra, senón que viven tamén na nosa cidade, pero existe unha eiva histórica que impide fixar aínda máis poboación universitaria, a falta dunha residencia pública de estudantes, problema agravado tralo peche hai anos dunha das dúas residencias privadas que existían.

Con este fin a Universidade de Vigo leva anos explorando diversas alternativas de emprazamento que finalmente nunca se materializaron.

En plena precampaña das eleccións municipais de 2023, o PP e a Xunta de Galicia, desoíndo á cidadanía e aos profesionais da sanidade pública, anunciaron a súa intención de desmantelar o Hospital Provincial como centro sanitario coa escusa de destinalo a residencia universitaria, intención que foi ratificada nas recentes eleccións autonómicas polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e, entre ambas citas electorais, en diversas ocasións, sempre coa complicidade do PP local.



Pontevedra precisa ambos equipamentos, unha residencia universitaria que dea resposta á demanda de aloxamento da nosa poboación universitaria e tamén unha máis completa atención sanitaria, que trala entrada en funcionamento do novo Hospital de Montecelo e o traslado de parte dos servizos que actualmente se prestan no Hospital Provincial, atopará neste edificio, destinado a usos sanitarios desde a súa orixe, o mellor emprazamento para, por exemplo, crear un servizo de urxencias extrahospitalario, unha unidade de saúde mental comunitaria, un novo centro de atención primaria, servizo de rehabilitación extrahospitalario, centro de orientación familiar, centro de atención integral a drogodependentes, camas para atención de enfermos crónicos, hospital de día para persoas dependentes, así como outros de nova creación que sexan precisos para unha atención de calidade.

Todo isto na liña do xa demandado en 2017 na Proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo, apoiada pola sinatura de 11.039 pontevedreses e pontevedresas.

Os socialistas e as socialistas entendemos que manter o Hospital Provincial para usos sanitarios é perfectamente compatible coa creación en Pontevedra da demandada residencia universitaria, que tería no antigo asilo de anciáns da rúa Loureiro Crespo (Residencia Virxe do Camiño) un emprazamento máis acaído que o pretendido polo PP e a Xunta. Trátase dun edificio mellor adaptado a este uso, cunha ampla zona verde e que, tralo recente informe da Oficina Técnica de Licenzas e Inspección ao respecto, resulta tamén viable desde o punto de vista urbanístico.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que manter o Hospital Provincial para usos sanitarios é perfectamente compatible coa creación en Pontevedra dunha



residencia universitaria pública no antigo asilo de anciáns da rúa Loureiro Crespo?

2. Vai o Goberno galego garantir o uso sanitario do Hospital Provincial de Pontevedra trala entrada en funcionamento do novo Hospital de Montecelo?

3. Vai o Goberno galego crear, antes do remate das obras do Gran Montecelo, unha mesa de traballo cos sindicatos, as asociacións profesionais máis representativas do sector e os concellos da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, co fin de definir e acordar o Plan de Usos Sanitarios do Hospital Provincial de Pontevedra?

Parlamento de Galicia, 7 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/05/2024 10:38:05

Elena Espinosa Mangana na data 07/05/2024 10:38:14

Silvia Longueira Castro na data 07/05/2024 10:38:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a fusión anunciada entre as entidades BBVA e SABADELL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer o interese do BBVA por realizar unha operación de fusión co Banco Sabadell. Tamén coñecemos nesta altura algunha reacción desde o ámbito político, nomeadamente o presidente da Comunidade Autónoma de Valencia que, conxuntamente coa patronal territorial, manifestou a súa preocupación así como o feito de estar a estudar con detalle a operación e máis a resposta que van dar.

Certamente o caso galego non é comparable en termos de cota de mercado ao valenciano mais no caso de confirmarse a fusión o resultado sería a creación da segunda entidade bancaria da Galiza con 176 oficinas e 1.143 persoas empregadas, so por detrás de ABANCA, o que aumentaría dun xeito evidente a xa elevadísima concentración de servizos bancarios e financeiros no noso país, reducindo aínda máis a competencia, dificultando o acceso ao crédito de empresas e particulares, aumentando as comisións, así como empeorando as condicións da retribución do aforro.

Por outra banda o nivel e calidade dos servizos bancarios e financeiros tamén se vería reducida pois é sabido que o primeiro efecto destas operacións é o de peche de oficinas e o despedimento de persoal coa escusa de eliminar duplicidades, o que como adiantan desde fontes sindicais chega a superar en ocasións o volume de emprego da





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entidade de menor tamaño, sobrecargando de traballo ao persoal que a nova entidade conserve en detrimento tamén dos servizos que prestan ás persoas usuarias.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta de Galiza que pode repercutir a fusión en termos de acceso ao crédito, cobro de comisións, retribución do aforro e emprego?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Oscar Insua Lema

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 07/05/2024 11:18:32

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2024 11:18:37





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 07/05/2024 11:19:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Xunta é o principal promotor de chan empresarial en Galicia. Ten dispoñibles no mercado 330 parcelas, que suman un total de 793.459 metros cadrados, o que representa o 41 % do chan empresarial que está agora mesmo en venda.

O mapa galego debuxa unhas 150 áreas clasificadas urbanisticamente para o desenvolvemento deste tipo de actividades, distribuídas nas catro provincias. Cunha repartición desigual.

Nesta radiografía destaca unha zona próspera, a franxa atlántica, que aglutina a maior parte dos aproximadamente 50 quilómetros cadrados habilitados en territorio galego para o exercicio empresarial. Unha dinámica que contrasta coa gran bolsa de chan dispoñible nunha boa parte dos polígonos do interior, nos que o Instituto Galego de Vivenda e Solo, continúa facendo esforzos por poñer no mercado miles de metros (nalgúns casos a uns prezos cinco veces máis baratos que nas zonas máis tensionadas) deses parques empresariais creados á calor da burbulla inmobiliaria e caídos tras a crise económica do 2008. Galicia aseméllase á tendencia xeneralizada. E é que, en ocasións, a realidade non pode resultar máis contraditoria. Polígonos repletos de grandes e pequenas empresas, fronte a outras áreas semi baleiras. Porque, por non haber, non existe nin un censo oficial que poida dar unha cifra exacta do chan industrial dispoñible en Galicia; nin empresas asentadas, nin emprego xerado, nin riqueza creada.

Polo que resulta imprescindible que o Goberno galego regule a xestión integral de todos estes espazos, no que se faga unha diagnose no que se avalíe:



- A necesidade de chan industrial nos polígonos, así como a valoración da necesidade de ampliacións.
- Busca de maiores incentivos para a venda de solo industrial para lograr o asentamento e instalación de empresas, sobre todo en polígonos industriais das zonas interiores de Galicia, ou da comarca de Bergantiños ou Costa atlántica.
- Necesidade de realización de obras de conservación ou mellora das instalacións pola constatación de infraestruturas desgastadas.
- Avaliación sobre a necesidade de prestación de servizos complementarios nos polígonos industriais como son as redes de telecomunicacións e conectividade de internet, a existencia de liñas de transporte ao interior destes recintos, ou as melloras das comunicacións.

Algunhas comunidades autónomas xa aprobaron unha lei que define un criterio unificado de xestión, da que Galicia carece.

No ano 2024, non houbo incrementos significativos para a mellora e ampliacións dos polígonos industrias en Galicia. Así, no Diario Oficial de Galicia, o 19 de xaneiro de 2024 publicouse a orde das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia que está no momento actual en tramitación.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Está disposto o Goberno galego a realizar neste exercicio 2024 un plan de mellora, promoción e desenvolvemento dos parques empresarias galegos, no que se inclúa un estudo da diagnose actual, equipamento e necesidades, e posibilidade de ampliación, no que se estableza unha programación a cinco anos para o desenvolvemento necesario de cada un dos parques empresarias de Galicia?



2. Nos polígonos industriais das zonas interiores de Galicia e da comarca de Bergantiños ou Costa atlántica, vai a adoitar a Xunta de Galicia novos incentivos para facilitar a venda de solo industrial para lograr o asentamento de empresas?

Santiago de Compostela, 7 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 07/05/2024 11:41:50

Lara Méndez López na data 07/05/2024 11:42:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Secundino Fernández Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Agolada é unha vila situada no extremo nordeste da provincia de Pontevedra, conformante da comarca do Deza, cunha poboación aproximada de 2319 habitantes segundo datos do INE, que foi decrecendo de xeito constante co paso dos anos, (nos últimos 30 anos perdeu o 60% da poboación). A súa extensión é de 147,9 km² repartidos en 24 parroquias, cuxos límites son naturais e veñen dados polo a Serra do Farelo, o río Arnego e o río Ulla.

Durante anos o sector primario enfocado na actividade agrogandeira, que predominaba nesta zona xeográfica, foi abandonado ou menosprezado con políticas pouco adaptadas ao país, ao modelo de produción sustentable e á conservación do propio sector, que foi quedando lastrado e sen relevo xeracional que lle permitira a continuidade e, polo tanto, o aproveitamento e coidado das terras, xerando riqueza e evitando ser vítima dos lumes.

Agolada foi un exemplo claro do modo de gobernar do PP que, recentemente prometeu un investimento de diñeiro destinado á concentración parcelaria de varias parroquias deste municipio a través da Directora Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (anuncio no presente 2024), reiniciando a tramitación para a avaliación previa de tres zonas. Nese compromiso falouse da reactivación de 3 concentracións parcelarias, ás que se engadiu Órrea (en concreto tratábase das parcelarias de Agra-O Sexo-Val de Sangorza, A Baíña-Berredo-Órrea e Basadre-Eidián-Ramil) que afectarían cada unha delas a unha media de 1500 Ha de superficie e das que se beneficiarían 122 explotacións agrogandeiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Retómase o proceso 14 anos despois da súa paralización en 2010 por unha suposta falla de fondos, aínda que xa fora iniciado previamente en 2002, cando se investiron 800000 euros nuns trámites que xa caducaron, co cal houbo un gasto que non tivo retorno, cun atraso xa de 24 anos. Nesta zona, cabe recordar que se levaron a cabo concentracións parcelarias onde o proceso durou ate 25 anos, de xeito que a burocracia e a desatención por parte das administracións enlenteceron a vida de agricultores e gandeiros, que se viron coas mans atadas ao non ter durante moito tempo os seus títulos de propiedade.

É preciso lembrar tamén o descontento dos veciños de dúas parroquias agoladenses que aseguran tiñan o acordo do 100% das explotacións agrogandeiras e o 98% do beneplácito dos veciños para levar a cabo o proceso de concentración, como son Brocos e Sesto, que se sentiron abandonados e a marxe dos beneficios que podería significar a concentración parcelaria na existencia de relevo xeracional e de fixación de poboación, como se observa noutras zonas do país, onde a supervivencia das ganderías se viu moi beneficiada pola medida.

Cabe destacar que nesta área da comarca do Deza fomamos parte dunha D.O. que é a de máis produción de Galiza, con explotacións gandeiras de Agolada inscritas no rexistro de dita denominación de orixe, que producen leite para a elaboración de queixos Arzúa-Ulloa, cuxa fama e recoñecemento ven dada polo seu sabor, aroma e cremosidade, derivados da alimentación do gando vacún propia da zona. Dita denominación proporciona emprego a través das industrias queixeiras de grande tradición que hai en Agolada, xera riqueza nos seus gandeiros e constitúese coma un elemento económico chave para a comarca e para o concello en particular, beneficiando tamén ao tramo do Camiño de Santiago próximo. É tamén un dato interesante que sete das oito parroquias incluídas nos proxectos da concentración parcelaria son ribeiregas do río Ulla, co cal son terreos de alto valor produtivo para o sector.

É por iso que, apoiar dende o goberno a este colectivo e aos seus conformantes é unha forma de xerar riqueza no territorio, de crear industria transformadora que deixe aquí os beneficios derivados da nosa excepcional materia prima, a través da economía circular, e asentar poboación nun rural tan necesitado de vida como é o do concello de Agolada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis, no canto disto, o goberno do PP, a través de enganos reiterados e unha total opacidade do tema, fomenta todo o contrario. Coa ameaza da chegada da macrocelulosa ALTRI á nosa comarca, o goberno da Xunta estalle dando luz verde a un proxecto invasivo, eucaliptizador e de total espolio dos nosos recursos hídricos e territoriais. Que dende as administracións, tanto autonómicas coma estatais, defendan ou mostren unha postura temperada cara este macroproxecto cuxos fondos son en parte públicos, amosa que quen nos goberna o fai para grandes empresas, no canto de favorecer aos propios veciños e veciñas, os que alí residen e traballan ou queren traballar e os que apostarían por quedar nese entorno privilexiado, séndolles indiferentes e sen crer que sexa necesario investir neles.

A maior proba de que dende o PP teñen preferencias claras por proxectos espoliadores do noso país que non deixen aquí beneficios, usádonos como simples produtores de madeira de eucalipto barata, é o constante atraso, as escusas de carácter económico e o desleixo das administracións no tocante ás parcelarias de Agolada, onde xusto unha delas (Basadre-Eidián-Ramil) cadraría coa área que a celulosa afectaría. É desá maneira como, dende o BNG queremos pedir explicacións polo abandono sufrido durante anos por parte da Consellería de Medio Rural e a Xunta de Galiza por extensión para con estes veciños e esta zona de Galiza, rica en recursos, desaproveitados pola falla de interese de quen nos goberna, que agora lle pon en bandexa a localización e o negocio á industria portuguesa.

Por todo isto fórmulase a seguinte interpelación:

1. Que medidas vai tomar a Consellería de Medio Rural para axilizar as parcelarias que se atopan pendentes, como por exemplo as de Agolada?
2. Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para valorar o impacto económico de ALTRI na zona de Agolada?
3. Vai incluír a Xunta de Galiza a Brocos e Sesto no plan das concentracións parcelarias como eles mesmos solicitan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que contía económica supón de xeito aproximado levar a cabo estas tres concentracións parcelarias?

5. Que contía económica do orzamento aprobado destinado a desenvolvemento de concentracións parcelarias quedou sen executar no pasado ano na Consellería de Medio Rural?

6. Que medidas vai levar a cabo a Xunta de Galiza para favorecer o desenvolvemento da maior D.O. do país?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Secundino Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 07/05/2024 12:49:00

Secundino Fernández Fernández na data 07/05/2024 12:49:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o mantemento do poder adquisitivo das traballadoras da limpeza da provincia da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O convenio colectivo de aplicación ás traballadoras da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña contén unha cláusula de revisión salarial que opera a finais da vixencia do convenio, pola que a empresa deberá compensar a diferenza do IPC real acumulado durante a propia vixencia respecto das subas anuais pactadas. Esta cláusula permítelle ao persoal garantir o mantemento do seu poder adquisitivo.

A 1 de xaneiro deste ano, esta diferenza estaba no 9,8%, e tal e como indican desde as centrais sindicais "cómpre aplicar a actualización das táboas antes de iniciar a negociación do novo convenio". Na primeira reunión da comisión paritaria para abordar esta cuestión, tanto a asociación patronal provincial como a estatal ASPEL (integrada por empresas tan poderosas como Eulen, Clece, FCC, Sacyr, Serveo, Ingesan, Lacera ou Ilunion) recoñeceron esta obriga e así quedou reflectido en acta.

Porén, iniciada a negociación, ASPEL descólgase e di que asumir esa obriga significa non negociar o novo convenio, e mesmo negouse a participar dunha mediación no AGA instada por CIG e UGT, á que a patronal provincial si estaba disposta a acudir.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo convenio da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña están reguladas unhas 12.000 persoas, a meirande parte mulleres que teñen condicións laborais precarias e que padecen unhas elevadísimas taxas de parcialidade malia desempeñar unha actividade considera esencial, sendo a Xunta de Galiza unha das principais clientes das empresas encadradas na patronal ASPEL.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para garantir que as empresas contratistas cumpran as súas obrigas salariais e sociais?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 07/05/2024 13:38:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 07/05/2024 13:39:51

Óscar Insua Lema na data 07/05/2024 13:40:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

No mes de maio de 2023 durante o transcurso da campaña electoral para as eleccións municipais facíase pública a noticia de que o candidato á alcaldía da Illa de Arousa (Pontevedra) do PP fora condenado por violencia machista por agredir fisicamente na rúa á que era a súa moza, causándolle diversas lesións.

Por estes feitos acontecidos no ano 2011 fora condenado a unha pena de 25 xornadas de traballos comunitarios e a 9 meses de prohibición de comunicarse coa vítima.

O PP da provincia de Pontevedra asegurou nese momento que descoñecían estes feitos e pedíronlle sen éxito ao seu candidato que dese un paso ao lado.

O presidente Rueda afirmou ante os medios: *“Celebradas as eleccións, sexa o resultado que sexa, non integrará o grupo municipal do Partido Popular.”*

Finalmente, tralas eleccións municipais o edil Matías González Cañón que resultou elixido, formou parte da corporación pero ocupando un asento como independente.

Recentemente, coñeciamos a integración deste edil novamente no Grupo Municipal Popular ao aceptar o PPdeG a solicitude da agrupación popular local que alegaba o seguinte: *“Matías cometeu un erro e pagou por el; e é unha persoa intachable, cun enorme caudal político, humano e social, e cunha*



implicación absoluta na loita pola igualdade e na erradicación da execrable violencia contra as mulleres.”

E engadían: “A súa vida caracterízase pola exemplaridade, a súa gran implicación social e o seu compromiso inquebrantable e irrenunciable contra a violencia machista”.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista condenamos esta decisión do PPdeG de reintegrar ás súas filas a un maltratador entendendo que unha persoa pública ten que ter un plus de exemplaridade e unha agresión machista dista moito desta premisa.

Por outra banda, manifestamos a tolerancia cero cos maltratadores e consideramos que a mensaxe que se está a dar desde o Partido Popular, integrando a un maltratador, e moi perigosa para a sociedade porque supón un branqueamento da violencia de xénero e unha actitude de perdón a uns feitos que non só teñen que ter unha condena xudicial senón tamén social e esa non debe prescribir, por iso, entendemos que o Parlamento debe manifestar o seu posicionamento en contra de que unha persoa condenada por violencia de xénero poida ostentar un cargo de representación pública pola falla de exemplaridade que isto representa e a condena social que isto merece.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que opinión lle merece ao Goberno da Xunta de Galicia, sustentado polo Grupo Parlamentario do Partido Popular, que se integre no Grupo Municipal Popular da Illa de Arousa a Matías González Cañón, condenado por violencia de xénero?



2. Que motivos levaron o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, a cambiar de postura en relación co edil Popular da Illa de Arousa, Matías González Cañón?

Parlamento de Galicia, 7 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/05/2024 17:57:52

Elena Espinosa Mangana na data 07/05/2024 17:58:02

Silvia Longueira Castro na data 07/05/2024 17:58:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os polígonos industriais eólicos Anduriña e Zudreiro, situados na ADE Monte Acibal, promovidos pola empresa Green Capital 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a tramitar os polígonos industriais eólicos Anduriña e Zudreiro, situados na ADE Monte Acibal, promovidos pola empresa Green Capital.

O polígono eólico Anduriña ten unha potencia de 41.4 MW, con 9 aeroxeradores de 4,6 MW e 200 m de altura, e unha poligonal que afecta aos concellos de Barro, Campo Lameiro, Moraña e Pontevedra.

O polígono eólico Zudreiro ten unha potencia de 23 MW, con 5 aeroxeradores de 4.6 MW de 200 m de altura, e unha poligonal que afecta aos concellos de Moraña e Campo Lameiro.

Os dous proxectos están situados na mesma zona, un a continuación do outro, comparten subestación e liña de evacuación, polo que estamos diante dun caso claro de fragmentación irregular.

Estes dous proxectos teñen tamén relación directa, en canto ás infraestruturas de evacuación e conexión á rede, con outros proxectos promovidos pola mesma empresa: LMT Parque Eólico Zudreiro a Subestación Parque Eólico Anduriña, Liña de Alta Tensión Anduriña-SEC Parque Eólico Coto Aguado (Cerdedo-Cotobade), LAT de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conexión de Coto Aguado coa Subestación de Tomeza. Todas estas infraestruturas terían un forte impacto no territorio e deberían ser tramitadas e avaliadas conxuntamente.

O polígono industrial eólico conformado polos proxectos Acibal (autorizado polo Consello da Xunta), Anduriña e Zudreiro non está debidamente xustificado en canto ao seu interese público e tería unha incidencia moi negativa nos seguintes ámbitos:

-Nos usos residenciais do territorio, pola incidencia negativa en núcleos de poboación da contorna, tanto na fase de construción como na de funcionamento.

-Na disponibilidad de recursos hídricos, pola incidencia das obras dos parques nas nacentes, cursos de auga e mananciais de abastecemento á poboación.

-En hábitats declarados de interese prioritario e interese comunitario, como as breixeiros, matogueiras e turbeiras do Monte Acibal, nomeadamente as Brañas da Amil.

-Na paisaxe, polo forte impacto visual e paisaxístico das numerosas infraestruturas previstas.

-No patrimonio cultural, pola presenza na zona de numerosos xacementos arqueolóxicos (mámoas e petroglifos principalmente) que se verían directamente afectados pola construción dos parques.

-Na zona de campeo do cabalo de monte, unha especie de alto interese ambiental e cultural, que cumpre unha función esencial na preservación de hábitats de interese como as breixeiras e brañas, e na prevención dos incendios. Estes hábitats veríanse fragmentados e alterados polas obras de construción dos proxectos.

-Nos valores culturais e na celebración da Rapa das Bestas da Amil, un ben cultural inmaterial que é preciso protexer e potenciar como sinal de identidade e atractivo turístico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Na celebración dos Milagres da Amil, unha festa relixiosa e popular de grande raigame e participación masiva.

Toda a contorna afectada pola construción dos polígonos eólicos e futuras actuacións (ampliación, repotenciacións) vería fortemente limitado o seu valor, o seu atractivo e a súa potencialidade de usos e aproveitamentos sustentábeis.

Tendo en conta o conxunto de proxectos e infraestruturas en tramitación nunha área de 15 km á redonda, debería levarse a cabo unha avaliación sinérxica e acumulativa do seu impacto nos ámbitos ambiental, cultural, residencial e socioeconómico. Ao mesmo tempo, debería desenvolverse un proceso de información e participación pública, coa intervención dos concellos e das entidades sociais, para acordar as grandes liñas de desenvolvemento socioeconómico e a compatibilidade de usos do territorio.

Os proxectos enerxéticos que se están a tramitar no Monte Acibal non teñen como finalidade nin a transición enerxética nin o desenvolvemento local sustentábel. Responden a unha lóxica depredadora e á voracidade de grandes empresas enerxéticas que pretenden obter o máximo lucro sen importarlles quen vive no territorio e que expectativas e potencialidades alternativas ten a zona.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Ten previsto a Xunta suspender a tramitación dos proxectos eólicos Anduriña e Zudreiro e levar a cabo un proceso de avaliación sinérxica e acumulativa de todos os proxectos eólicos previstos na comarca de Pontevedra?

Por que a Xunta permite a fragmentación irregular de proxectos eólicos que afectan aos concellos de Moaña, Campo Lameiro, Barro, Cerdedo-Cotobade e





Vai a Xunta desenvolver as actuacións necesarias para garantir a protección dos valores ambientais e culturais do Monte Acibal, nomeadamente a conservación dos humidais, do patrimonio cultural, de hábitats e especies protexidas, da zona de campeo do cabalo do monte e da tradición da Rapa das Bestas?

Ten previsto o goberno galego garantir a protección das Brañas da Amil e das turbeiras do Acibal, paralizando de forma cautelar e preventiva todos os proxectos que poidan afectar a estes ecosistemas de transcendental importancia para a conservación da biodiversidade e para a prevención do cambio climático?

Ten previsto o goberno galego desenvolver un proceso participativo e un debate social amplo sobre a incidencia dos proxectos eólicos no territorio e a súa incompatibilidade con outros usos tradicionais e sustentábeis?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: Luis Bará Torres
Paulo Ríos Santomé
Xosé Manuel Golpe Acuña
 Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 08/05/2024 09:15:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 08/05/2024 09:15:08

José Manuel Golpe Acuña na data 08/05/2024 09:15:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de avanzar na igualdade entre mulleres e homes nos sectores culturais galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O papel e a representación da muller no contexto da cultura galega é moi difícil de valorar á vista da ausencia de estudos de xénero previos neste ámbito, por unha banda, e da absoluta carencia de cifras e estatísticas concretas sobre a situación laboral da muller na cultura galega, pola outra.

A situación real de desigualdade das mulleres nos diferentes círculos de intercambio cultural é evidente desde a práctica e a participación nos espazos e tempos culturais, mais cómpre dispormos dunha análise contrastada e empírica que achegue análise da situación de presente e as liñas de acción ad futurum para avanzar na igualdade de xénero neste ámbito.

En 2014 o Consello da Cultura Galega fixo públicos dous informes baixo o título A muller na cultura galega reiterando na súa introdución a escaseza de datos nas estatísticas oficiais a respecto desta temática en múltiples campos de estudo: desde a formación e a visibilidade no campo laboral até a presenza das mulleres nos cargos de dirección, o recoñecemento e a proxección da creación ou o consumo cultural.

Máis recentemente, en 2018 coñeceuse o documento elaborado por M^a Belén Bermejo López para a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, intitulado Reflexións de xénero arredor da situación da muller no contexto da música en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galicia, onde novamente se volve constatar a falta de estudos sobre a cultura galega vinculados a unha visión de xénero que permitan planificar accións en positivo co fin de aumentar, non só cuantitativamente, senón tamén cualitativamente, a presenza das mulleres nos diferentes sectores que conforman o tecido cultural.

Neste caso, as conclusións de infrarrepresentación das mulleres no ámbito da música clásica fica ben esclarecido, polo que cómpre ensanchar o estudo ás diferentes vertentes da cultura.

Complementariamente, no grupo parlamentar do BNG observamos que, por parte do goberno galego, tampouco se estaban a desenvolver as medidas destinadas a promover a igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual recollidas no artigo 26 da Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia de 2006.

A actual Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, no capítulo X, artigos 69 e 70, recóllese a obriga de garantir desde a Xunta a aplicación transversal do principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito da cultura e da creación e produción cultural, artística e intelectual.

Avanzar na visibilidade das mulleres creadoras desde diferentes perspectivas é unha destas obrigas; outra é a realización de análises e estudos da presenza e da situación das mulleres no ámbito da cultura, materia pendente desde a lei anterior por parte do goberno do PP, o que non facilita desenvolver proxectos de igualdade comprometidos coa realidade de infrarrepresentación das mulleres na creación cultural.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que accións está a desenvolver o goberno para avanzar na igualdade entre mulleres e homes nos sectores culturais galegos para dar cumprimento á Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Noa Presas Bergantiños
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/05/2024 10:08:57

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2024 10:09:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o investimento realizado con fondos públicos mediante convenios con centros educativos privados que segregan por sexos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano publicouse no DOG a Orde do 14 de agosto de 2023 pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial e de FP.

No anexo I da citada orde relaciónanse os centros afectados que quedarán vinculados aos concertos durante os vindeiros seis anos, ata o curso 2028/29. Entre eles figuran catro: Las Acacias e Montecastelo en Vigo; Montespiño en Culleredo; e Peñarredonda en A Coruña. Centros educativos que segregan ao alumnado por sexo e que manteñen os concertos coa Xunta e suman unidades con respecto ao reparto anterior, o realizado en 2017. Pasando de ter concertadas 46 unidades a 58.

En agosto a Consellaría de Educación indicou que os centros que “anteriormente podían legalmente diferenciar ao alumnado en función do seu xénero pasan agora a adaptarse ao establecido na norma estatal” e tamén engadiu que os centros educativos afectados fixeran “a aceptación desta modificación legal na súa petición de renovación do concerto”.

Diferentes medios de comunicación informaron daquela que esta práctica de desagregación do alumnado por razón de sexo seguía vixente nestes centros privados





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concertados de A Coruña e Vigo, xa que os mesmos tan só ofertaron as prazas de 1º de Primaria aos dous sexos.

Debemos lembrar que a redacción actual tras a reforma da LOMLOE do apartado primeiro da Disposición Adicional 25ª é a seguinte:

Co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres, os centros sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos desenvolverán o principio de coeducación en todas as etapas educativas, de conformidade co disposto pola Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e non separarán o alumnado polo seu xénero.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que sistema de seguimento vai fixar a Consellaría de Educación para asegurar que se cumpren os criterios que permitiron a inclusión de cada centro escolar na orde do 20 de xaneiro, pola que se ditan normas para a aplicación do réxime de concertos para os próximos anos?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 08/05/2024 10:33:11

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2024 10:33:24

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 10:34:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as inspeccións da Consellaría de Política Social, os expedientes sancionadores incoados así como as sancións impostas nos últimos anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos publicados polo xornal Faro de Vigo indicando fontes da Consellaría de Política Social, en 2023 os servizos de inspección da Xunta de Galiza nesta área levaron a cabo 1556 visitas das que 658 se corresponderon con denuncias particulares nas que se alertaba de deficiencias e incumprimentos en centros de política social como residencias de maiores, escolas infantís, centros de día, etc.

As inspeccións supuxeron a incoación de 99 expedientes sancionadores debido ás irregularidades detectadas, 150 menos que en 2022 malia que tanto as inspeccións como as denuncias aumentaron.

Cómpre lembrar que o servizo de inspección da Consellaría de Política Social conta con 26 profesionais, un número que incrementou a respecto de anos anteriores mais que resulta aínda insuficiente para dar cobertura ao conxunto de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos así como para a tramitación dos informes e expedientes derivados do seu labor.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que irregularidades atoparon os servizos de inspección da Consellaría de Política Social en 2023?
- Que irregularidades atoparon os servizo de inspección da Consellaría no caso dos expedientes sancionadores incoados?
- Cantos expedientes sancionadores se incoaron nos últimos catro anos (2019-2023) e por que razón?
- Cantas sancións foron impostas nos últimos catro anos (2019-2023) e por que razón?
- Vai incrementar a Xunta de Galiza o persoal do servizo de inspección de Política Social?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 10:41:09

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/05/2024 10:41:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Valedora do Pobo vén de reprender á Consellería de Política Social por non dar a atención que solicitaba unha familia a que un dos seus membros que presenta un diagnóstico de TEA, non se lle concedese unha praza asistencial que ten concedida como dereito desde o ano 2022.

A familia levou este caso ante a oficina da Valedora do Pobo, toda vez que esta persoa tiña xa recoñecido o seu Plan Individual de Atención recoñecido. Isto faise sorprendente xa que desde a propia Consellería chegouse a publicar no Diario Oficial de Galicia unha orde na que se concertaban 169 prazas de atención residencial para persoas con autismo.

A chamada de atención sobre este tema, por parte da Valedora, vén despois de varios requirimentos sobre materialización do dereito adquirido e que nunca se chegou a dar resposta.

Como queira que este problema é un tema que comeza a tomar dimensións preocupantes nun amplo sector da poboación que está á espera de que se fagan efectivos os dereitos que teñen recoñecidos; o Grupo Parlamentario dos Socialistas quixera facer unha chamada de atención que poña na axenda política a situación de ignominia que padecen milleiros de galegas e galegos que se atopan en “vulnerabilidade socio-sanitaria” e non son capaces dunha dicotomía cruel:

- Que os seus dereitos sexan recoñecidos.



- Unha vez que conseguen o recoñecemento dos PIAs, chegan incluso a falecer sen que sexa materializado o dereito que lles foi concedido.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

A Xunta de Galicia podería dar unha explicación do “*modus operandi*” da súa Consellería respecto as recomendacións que en repetidas ocasións lle fixo a Valedora do Pobo, sobre a concesión dos dereitos e servizos recoñecidos e que non foron tidas en conta?

Santiago de Compostela, 7 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2024 10:42:41

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2024 10:42:51

Paloma Castro Rey na data 08/05/2024 10:42:58



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Neste momento clave para a transición enerxética en todo o mundo e ante a chegada dos fondos europeos Next Generation-EU ao noso país, a produción de enerxía de fontes de enerxías renovables- como o hidróxeno verde, biogás ou biomasa forestal- así coma a implantación de enerxía eólica en Galicia, debería ser unha prioridade para a Xunta de Galicia, en conexión directa co desenvolvemento industrial e de transición enerxética, e non apostar todo, como está facendo a Xunta de Galicia gobernada polo PP, ao que resulte da batalla xudicial ou a decisión do Tribunal Supremo, mais tendo en conta que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, xa se dirixiu ao Tribunal da UE presentado unha cuestión prexudicial porque a lei galega de enerxía eólica vai en contra dunha norma europea. Mínimo dous anos de espera.

Dende o Partido Socialista de Galicia, o noso voceiro no debate de investidura ofreceu un Pacto de Enerxía e Industria que xa concretamos no noso programa e presentamos na Mesa para o desenvolvemento renovable e industrial en Galicia con todos os actores implicados.

É preciso facer política en maiúsculas, que nos permitiría volver a ser líderes mundiais neste sector, aproveitando as nosas potencialidades: un recurso abundante, o coñecemento, as capacidades e a experiencia necesarios para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción das infraestruturas.

Pero todo isto non será posible se o Goberno galego non aposta firmemente pola implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio, cumprindo de forma rigorosa os requisitos medioambientais e respectando a normativa europea,



facilitando o despregue de nova potencia renovable que poida posicionar a Galicia como rexión estratéxica e pioneira na descarbonización total do seu sistema económico e as instalación de novas industrias na nosa terra.

Por outra banda, para as e os socialistas tan insensato é pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica solicitada en Galicia como optar por unha prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica, polo que hai que compatibilizar o desenvolvemento de máis parques eólicos co seu encaixe social cun impacto medioambiental e social asumible.

Por todo iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten previsto o Goberno galego aprobar un novo marco da enerxía eólica, cunha nova planificación e zonificación que contribúa a incrementar a implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio, no que se concreten medidas específicas para mellorar o retorno económico que a implantación de enerxía eólica ten nos concellos afectados e nas comunidades rurais?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 08/05/2024 10:35:59

Lara Méndez López na data 08/05/2024 10:36:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a creación de novas prazas nas escolas infantís da rede pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza leva 30 anos, segundo datos o IGE, experimentando un descenso demográfico, motivo polo cal, sen lugar a dúbidas, unha boa política de familia e infancia é chave para que este descenso se reverta ou, en todo caso, sexamos capaces de enlentecer o descenso de natalidade que sofre o noso país. Lembrar que, dende o goberno, teñen as competencias para levar políticas sociais a cabo, daquela é parte da súa responsabilidade tomar as medidas precisas e é por iso que o tema que nos ocupa é de vital importancia.

Dende 2022, independentemente da titularidade do centro (autonómico, municipal, privado, de iniciativa social e que estean adheridos ao programa), as escolas infantís son de carácter gratuíto para todas as familias galegas, exentas de pago, como ben anuncia a Xunta de Galiza, que cabe destacar favorece a iniciativa privada, coma de costume. Porén, a problemática reside en que as prazas non son abundas, de maneira que ano tras ano hai nenos e nenas que quedan nas listas de agarda, ao igual que vimos, o pasado 6 de maio, día de publicación das listas de admitidos das escolas infantís da rede pública autonómica na páxina da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este curso presentáronse 10800 solicitudes, 1300 menos que no 2023, cando contabamos con 12100. Destas solicitudes totais, o 60% son de continuidade e o restante son novas prazas, onde 882 foron concedidas a familias numerosas, 345 a familias monoparentais e con 26 nenos admitidos con necesidades especiais. A pesares de seren menos as solicitudes no presente 2024, quedaron en lista de agarda pola súa praza 1700 nenos, polo tanto, aínda que nas novas da prensa, o goberno trate de disimular os datos, cun descenso da natalidade reiterado e das solicitudes de prazas en Galiza, o goberno non ten capacidade para levar a cabo a medida estrela das que eles mesmos fan propaganda continuamente no tocante ás escolas infantís. É por iso que, a pesares de anunciar a gratuidade deste servizo reiteradamente, a realidade afástase moito da conciliación familiar que precisamos nas familias, nalgúns casos de xeito especial, coma as monoparentais, onde o desenvolvemento laboral e persoal dun só proxenitor ou proxenitora, depende deste tipo de medidas e de que se leven a cabo de xeito rigoroso.

A maiores disto, non podemos esquecernos das condicións nas que o goberno da Xunta ten as escolas sobre as que ten responsabilidade, onde os propios traballadores e traballadoras denuncian que non se cobren baixas en tempo e forma, obrigando ao persoal que está no desenvolvemento da súa labor o faga cunhas ratios imposibles de levar a cabo cunha boa atención e que, no caso de facelo é por a gran capacidade destes traballadores e o seu total compromiso cos nenos e nenas, que son os que realmente sofren as consecuencias deste desleixo. Lembrar que, recentemente, a estes profesionais se lles restaron 2,5 horas que dedicaban a programación, pretendendo que se faga dende a casa ou non se faga, queda por aclarar, ou da súa constante reclamación de que se dote de material pedagóxico as escolas infantís.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desta maneira, dende o goberno, e aínda que nos queiran con reiteradas repeticións convencer da idoneidade do servizo, están disfrazando un servizo simplemente asistencial dun servizo educativo.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Que medidas tomará a Xunta de Galiza para evitar que queden nenos e nenas nas listas de agarda das escolas da rede pública galega curso tras curso?

2. Vai a Xunta de Galiza fomentar a creación de novas prazas na rede de escolas públicas infantís?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 10:46:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 08/05/2024 10:46:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación.**

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de educación establece no seu articulado o desenvolvemento da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, o respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar, o fomento da igualdade efectiva de mulleres e homes a través da consideración do réxime da coeducación de nenos e nenas, a educación afectivo-sexual, adaptada ao nivel madurativo, e á prevención da violencia de xénero, así como ao fomento do espírito crítico e a cidadanía activa.

Así mesmo, a Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, no seu artigo 7 regula a prevención e sensibilización no eido educativo establecendo que o sistema educativo español e as CC.AA con competencias transferidas incluírán contidos baseados na coeducación e na pedagogía feminista sobre educación sexual e igualdade de xénero e educación afectivo-sexual para o alumnado, apropiados en función da idade, en todos os niveis educativos e coas adaptacións e apoios necesarios para o alumnado con necesidades educativas específicas, en colaboración co ámbito sanitario.

E a Lei orgánica 1/2023 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria del embarazo no seu artigo 9, establece: *“La educación afectivo-sexual, en todas sus dimensiones, forma parte del currículum durante toda la educación obligatoria, y será impartida por personal que habrá recibido la formación adecuada para ello, en consonancia con la Ley Orgánica 3/2020, de*



29 de diciembre, por la que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.”

En Galicia a educación sexual é unha materia pendente. No segundo Estudo sobre Educación e Hábitos Sexuais en Adolescentes Galegos da man de Manuel Varela Salgado, urólogo e ex presidente da Sociedade Galega de Sexoloxía durante case dúas décadas, e Javier Paz Esquete, xefe do Servizo de Medicina Preventiva e Saúde Pública abonda nesta radiografía e na necesidade de arranxar estas eivas dende o ámbito educativo.

O estudo reflicte que o 8,1 % das adolescentes tivo algunha relación sexual sen consentimento. O 75 % das e dos enquisados infórmanse a través de amizades e internet, sendo a pornografía a principal fonte. O 24 % di que a información sobre sexo no instituto é nula e máis do 50 % que moi escasa, e só o 35,9 % das e dos enquisados utiliza métodos anticonceptivos.

Con este panorama queda patente a necesidade de mellorar a educación afectivo-sexual. Unha formación sexual integrada no currículo facilita que o alumnado tome decisións fundamentadas sobre a súa sexualidade e as súas relacións, e prevén os abusos e a violencia de xénero, segundo a UNESCO, a OMS e expertos no tema.

En moitos países europeos como Alemania ou Finlandia, esta materia se imparte desde 1970 seguindo os criterios da OMS e da UNESCO.

En Galicia, estes contidos están presentes no currículo oficial desde hai moitos anos, pero que non está regrado, polo tanto, a súa impartición depende da vontade das direccións, o profesorado ou as ANPA dos centros.



Desde o Partido Socialista entendemos que é necesario incluír este contido nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza obrigatoria, adaptando os contidos ás diferentes etapas educativas e previa formación do profesorado.

Así como a creación de recursos didácticos para que o alumnado adquira as competencias necesarias para "aprender a vivir en igualdade".

Por todo o sinalado anteriormente, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Como xustifica o Goberno galego a súa negativa á implantación da educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza obrigatoria?

Parlamento de Galicia, 8 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/05/2024 10:39:06

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2024 10:39:17

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2024 10:39:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre especies ameazadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a Lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

2. Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galiza aprobáronse os seguintes plans

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común.
- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.
- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da pílara das dunas.

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo mais transcorridos case 10 anos aínda non foi aprobado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A Xunta de Galiza adxudicou contratos para a elaboración de plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que os citados plans chegaran a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. Esta situación de desprotección supón un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un grave incumprimento -por acción ou omisión- do establecido na lexislación vixente.

Nun exercicio de opacidade e de atranco ao labor de control deste grupo parlamentar, o goberno da Xunta non fixo entrega de copias de diversos estudos contratados entre 2005 e 2021, solicitados ao abeiro do artigo 9. Referímonos a un total de 45 asistencias técnicas e contratos de servizo que supuxeron un investimento superior aos 500.000 euros: 29 destes estudos corresponden á etapa de goberno bipartito (2005-2009) e 16 ao período de goberno do PP (2009-2021). Mentres que se oculta esta información, comprobamos con asombro como empresas privadas fan uso dela e cítana na documentación de proxectos enerxéticos.

4. No ano 2022, este grupo parlamentar recibiu unha resposta escrita do goberno chea de vaguidades e lugares comúns. Entre outras cuestións, indicase que “as especies silvestres, particularmente as ameazadas, son obxecto dun seguimento específico para avaliación periódica do seu estado de conservación... Nos últimos anos realizouse un seguimento específico das especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas como aguia real, mazarico real, aves mariñas reprodutoras, fentos de valgada, odonatos, etc.”

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación do sapoconcho común, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seu hábitat?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da escribenta das canaveiras, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e do seu hábitat?
3. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da pílara das dunas, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seus hábitats?
4. En que prazo prevé o goberno galego aprobar a revisión do plan de conservación do oso pardo?
5. Que plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas ten previsto aprobar a Xunta no presente ano 2024?
6. Por que razón o goberno galego non aprobou os plans de recuperación e conservación de 196 especies ameazadas?
7. Ten coñecemento o goberno galego da afección de proxectos industriais a hábitats de especies ameazadas?
8. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para evitar a afección de proxectos industriais a hábitats de especies ameazadas?
9. Por que razón o goberno galego oculta información sobre os estudos de avaliación do estado de conservación de especies ameazadas?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/05/2024 10:51:26

Alexandra Fernández Gómez na data 08/05/2024 10:51:38

Luis Bará Torres na data 08/05/2024 10:51:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Executivo galego suspende no exame da UE sobre a calidade, transparencia no Goberno galego. Así, se desprende do noveno Informe de Cohesión Económica, Social e Territorial da Unión Europea, no que se introduce unha avaliación sobre a calidade de goberno no nivel subestatal europeo realizado desde 2010 pola Universidade de Gotemburgo. Un traballo no que Galicia debe dar pasos adiante durante a recentemente estreada lexislatura, debido a que neste momento continúa no grupo de comunidades españolas cunha peor valoración sobre a súa calidade de goberno.

Trátase do Índice Europeo de Calidade de Goberno (EQI, polas súas siglas en inglés) que permite valorar a imparcialidade, eficiencia e ausencia de corrupción, e conta cun importante impacto na investigación sobre xeografía económica, emprendemento e innovación nas diferentes rexións europeas.

Dentro das tres dimensións que engloba o EQI, a comunidade non logra posicionarse por encima da media europea en ningún delas. Con todo os cidadáns valoran máis positivamente a calidade dos servizos públicos, mentres que mostran percepcións e experiencias máis negativas respecto a a corrupción e á imparcialidade do Executivo.

Ademais da avaliación que a cidadanía realiza do labor das súas administracións rexionais, o informe realizado polos organismos comunitarios reflicten cales foron as principais limitacións identificadas polas empresas para levar a cabo a súa actividade nun territorio determinado entre 2019 e 2021. No caso galego, as firmas sinalan a dificultade para acceder ao financiamento e a



corrupción como as barreiras máis importantes. Así o sinalaron entre o 20 e o 30 % dos enquisados.

Pode parecer unha porcentaxe moi elevada. Con todo, o Eurobarómetro de 2023 recolleu que ata o 63 % das empresas da UE considera que “a corrupción está estendida” nos seus países, e a metade ve “pouco probable” que os individuos ou empresas responsables desas corruptelas sexan aprehendidos pola Xustiza.

Precisamente ao redor da relación das diferentes compañías coas administracións rexionais, o informe de cohesión alerta sobre o latente perigo que supoñen os procedementos de contratación pública cun único ofertante ou aqueles de contratación directa, os coñecidos como contratos ‘a dedo’ nos que non existe sequera licitación.

Por outra banda, a Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, atribuíu ao Consello de Contas a competencia de colaborar coas entidades do sector público no deseño e implantación de sistemas de prevención da corrupción e na avaliación dos plans de prevención de riscos que se adopten neste ámbito.

No derradeiro traballo realizado a iniciativa do Consello de Contas aprobado o 10 de maio de 2023, que completa o proceso iniciado co diagnóstico de 2018, avalíase os avances do Sector público autonómico no conxunto de estratexias para mellorar os sistemas de prevención de riscos da corrupción no Goberno Galego e fanse unha serie de recomendacións, que non foron seguidas pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Creouse e está en funcionamento a Comisión centralizada de Integridade?



2. Actualizouse o Código Ético e aprobouse un plan de formación específico de formación, capacitación e actualización en materia de integridade e conflitos de intereses para empregados públicos e altos cargos do Goberno galego?
3. Fóra das medidas esixidas na normativa do Goberno de España para os Fondos Next Genration EU(planes de medidas antifraude), modificouse a lei 1/2016 de transparencia e bo goberno ou ditouse outra normativa autonómica para completar no sector público autonómico a regulación dos conflitos de intereses, o procedemento e a supervisión dos mesmos, a regulación dos grupos de intereses (lobbies)?
4. Avanzouse cara á garantía plena no anonimato das denuncias internas presentadas na canle de denuncias e na creación doutras canles internas de resolución de dilemas éticos?
5. Nos plans de prevención da corrupción xa aprobados:
 - Buscou un proceso máis participativo de todo o persoal na análise de riscos?
 - Afondouse na análise e valoración individualizada de riscos, pegada á realidade de cada centro (nos factores, riscos ou bandeiras vermellas..)?
 - Adoitouse unha metodoloxía uniforme para a avaliación de riscos e cerrouse a avaliación de riscos cun plan de acción que reforce ou cree novas medidas de control, fronte á percepción asumida de suficiencia das medidas existentes?
6. Está operativa e en funcionamento a Autoridade Galega de protección do Informante, en cumprimento da Lei 2/2023 de protección do informante e loita contra a corrupción?

Santiago de Compostela, 8 de maio do 2024





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2024 11:12:32
Nº Rexistro: 3389
Data envío: 08/05/2024 11:12:32.365

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 07/05/2024 21:33:24

Paloma Castro Rey na data 07/05/2024 21:33:34

Julio Abalde Alonso na data 07/05/2024 21:33:41

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

9144

@PSdeG



CSV: B6P5T8B9A0k0u6n9yW4-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A opacidade na actuación das administracións públicas constitúe un factor que favorece que os potenciais riscos se materialicen. O cumprimento do principio de transparencia ao que se debe axustar a contratación do sector público actúa como ferramenta fundamental para controlar as decisións adoptadas polos órganos de contratación e contribúe a minimizar a comisión de abusos ou irregularidades. Esta avaliación refírese, ademais, ao sector institucional da Xunta de Galicia que se caracterizou, tradicionalmente, por unha aplicación máis laxa das esixencias derivadas da normativa contractual.

O cumprimento do principio de transparencia na contratación pública resulta esencial para promover a concorrência, garantir a igualdade de trato dos licitadores e a obxectividade das adxudicacións así como asegurar a economía, eficacia e eficiencia do gasto público. A apertura do acceso á información da actividade contractual permite, ademais, controlar o correcto desenvolvemento dos procedementos de adxudicación e da execución das prestacións. En definitiva, nos termos expresados pola OCDE, a transparencia é unha condición clave para o fomento da integridade e para evitar a corrupción na contratación pública.

A entrada en vigor da Lei de transparencia e bo goberno de Galicia e da nova Lei de contratos do sector público, supuxo un pulo importante no cumprimento das obrigas de publicidade na plataforma de contratos, fundamentalmente no que atinxe á publicación da información referida ás fases de preparación e execución dos contratos así como a incorporación de novas funcionalidades de busca da información.



Con todo, a forma de presentar a información contractual na Plataforma de Contratos de Galicia non é homoxénea: non hai documentos normalizados e non se incorporan nos mesmos espazos e non existen campos específicos para publicar determinada información coma as consultas preliminares de mercado, contratacións programadas ou licitacións dos contratos menores.

Por outra banda, o Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico responde como sistema oficial de información sobre a contratación pública da Administración xeral da Xunta de Galicia e as entidades instrumentais, polo que a exactitude do seu contido ten moita relevancia. Non obstante, este rexistro non recolle a integridade dos datos sobre os contratos, e ós mesmos non son nin coincidentes cos aloxados na Plataforma de Contratos de Galicia

Por último, o Portal de Transparencia e Goberno Aberto creouse pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia coa vocación de facilitar á cidadanía o acceso a toda a información sobre a que exista unha obriga de publicidade activa.

O perfil de contratante e o portal de transparencia son instrumentos de publicidade que compren finalidades diferentes pero moita da información que se publica no perfil coincide coa que debe figurar no portal. Por iso, na Comunidade Autónoma galega no que respecta á información referida aos contratos de cada entidade, redirecciona á plataforma de contratos.

No que respecta aos datos estatísticos que se publican no Portal de Transparencia e Goberno Aberto sobre a porcentaxe orzamentaria de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos, non permite distinguir os correspondentes ás entidades instrumentais, xa que se ofrecen os datos globais extraídos do rexistro de contratos referidos á actividade contractual da Administración autonómica e do seu sector público. A única forma de coñecer eses datos é a través das contas anuais de cada entidade pero non todas proporcionan a dita información.



Polo exposto, existe unha fenda moi relevante en relación ao cumprimento do principio de transparencia da información contractual do sector público autonómico galego, o que dificulta o exercicio de control parlamentario e o da necesaria rendición de contas.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Están normalizados na plataforma de contratos de Galicia os documentos que integran o expediente de contratación, de xeito que se mellore a calidade da información e se ofrezca de forma homoxénea por todas as entidades contratante do sector público autonómico?
2. O xestor de expedientes de contratación (PLATION) esténdese a todas as entidades do sector público autonómico que permita automatizar a transmisión de datos dende o xestor electrónico cara a plataforma e o rexistro de contratos, de forma que se garanta a publicación de toda a documentación e se mellore o seu contido?
3. Está habilitada na plataforma de contratos de Galicia a funcionalidade de publicación diaria dos contratos menores coa identificación da entidade contratante, do adxudicatario e do obxecto contractual?
4. Está habilitada na plataforma de contratos de Galicia a funcionalidade de publicidade relativa ás incidencias na fase de execución, como a subcontratación e cesión?

Santiago de Compostela, 8 de maio do 2024





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2024 11:17:32
Nº Rexistro: 3408
Data envío: 08/05/2024 11:17:32.293

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 07/05/2024 21:49:52

Paloma Castro Rey na data 07/05/2024 21:50:04

Elena Espinosa Mangana na data 07/05/2024 21:50:11

CSV: B0P5T8B3G3K0K0mb0qñ-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

9148

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a concreción do anuncio do Presidente da Xunta sobre o plan de saúde mental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Presidente da Xunta no seu discurso no debate para a investidura dixo textualmente que “A Sanidade galega tamén estará especialmente pendente dunha das grandes preocupacións sociais do noso século: a saúde mental. Para iso contaremos cun novo plan que incorporará psicólogos clínicos aos centros de saúde”

En Galiza, estamos moi lonxe de acadar os obxectivos mínimos de protección da saúde mental, por moitos anuncios que faga o PP desde a Xunta, os anuncios non solucionan os problemas, é preciso saber cal é a concreción dos mesmos, razón pola cal se formula a seguinte interpelación:

Cal é o cronograma para o anunciado plan de saúde mental?

Que orzamento prevén adicar ao mesmo?

Cantas prazas de profesionais van crear, desagregadas por categorías e niveis asistenciais?

Cantos psicólog@s van incorporar a Atención Primaria?

Cal vai ser o cronograma para a súa incorporación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal vai ser o sistema de incorporación?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2024 12:32:12

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2024 12:32:32

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 12:33:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Valcárcel Armesto e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a protección e conservación da especie *Margaritifera margaritifera* ou mexilón de río, especialmente as poboacións do río Ulla ameazadas polo vertido industrial da celulosa de Altri.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mexilón de río () é unha especie de fauna ameazada que aínda que pervive nos ríos atlánticos galegos está nun proceso de regresión continua. Está incluído no *Catálogo Galego de Especies Ameazadas*, na categoría “en perigo de extinción”. A regresión das poboacións de mexilón de río está relacionada coa degradación ambiental das bacías hidrográficas.

O mexilón de río é un organismo de grande valor para a biodiversidade dos ecosistemas fluviais: funciona como bioindicador da calidade das augas, realiza un labor de depuración natural polo filtrado de nutrientes, e actúa como especie paraugas que favorece a outros organismos. Segundo a profesora de zooloxía e investigadora do proxecto LIFE+ Margal Ulla Mari Paz Ondina Navarret “a súa desaparición provocaría unha diminución apreciable da biodiversidade e un deterioro das condicións ambientais da auga e do leito fluvial”.

Tanto a Xunta como a USC levan tempo desenvolvendo diversos estudos e proxectos de investigación orientados á conservación e mellora da especie. O principal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destes proxectos foi o “LIFE+ Margal Ulla”, desenvolvido entre 2010-2016 co obxectivo de estudar e recuperar as poboacións de mexilóns do río Ulla”.

Tanto a Xunta como a Fundación Biodiversidade financiaron nos últimos anos novos proxectos para darlle continuidade aos traballos realizados ao abeiro do “LIFE+ Margal Ulla”. No ano 2020 a Xunta e a USC asinaron un convenio para desenvolver e mellorar o proceso de cultivo do mexilón de río nas instalacións do Centro Ictioxénico do Veral (Lugo).

Pola súa parte, a Xunta adxudicou nos últimos anos diversos contratos relacionados co coñecemento da situación do mexillón de río e o desenvolvemento de medidas de conservación da especie.

O último destes contratos foi adxudicado á USC en xuño de 2023 para a realización do “Servizo para a actualización da información relativa á distribución e abundancia da especie de fauna ameazada *Margaritifera margaritifera* en Galicia durante o ano 2023, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020”. O prezo de adxudicación foi de 64.170 euros e o prazo de execución do servizo foi de cinco meses e medio desde a formalización do contrato (desde o 27-7-2023).

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Por que razón non aprobou a Xunta o plan de recuperación da especie de fauna ameazada *Margaritifera margaritifera* (mexilón de río) e que previsións ten ao respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a distribución e abundancia da especie de fauna ameazada *Margaritifera margaritifera* (mexilón de río) en Galiza?

Que resultados tivo o proxecto LIFE+ Margal Ulla, que medidas se desenvolveron ao abeiro deste proxecto e doutros posteriores para garantir a protección, conservación e recuperación das poboacións de *Margaritifera margaritifera* (mexilón de río) no Ulla?

Cal é a situación da especie *Margaritifera margaritifera* (mexilón de río) no treito entre o nacemento do río Ulla e o encoro de Portodemouros e que afección tería sobre esta especie o vertido industrial da planta de celulosa de Altri?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Iria Carreira Pazo

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 08/05/2024 12:54:31

Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/05/2024 12:54:35

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2024 12:55:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao informe do Consello de Contas de fiscalización da conta xeral do Sergas ano 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O último informe que ven de publicar o Consello de Contas sobre a fiscalización da Conta Xeral do Sergas do ano 2022, ratifica as denuncias que leva facendo o BNG desde fai tempo, de que o Orzamento do Sergas é un ecosistema perfecto para que o Partido Popular na Xunta faga uso dos cartos públicos sen render contas.

O orzamento do Sergas representa arredor do 40% do conxunto da Xunta, e polo tanto é de especial gravidade que o informe revele entre outras cuestións:

- Que persiste a opacidade, a falta de transparencia, a falta de información e polo tanto non permite coñecer cal é a situación económico financeira real do Sergas.
- Que hai aumento do gasto en servizos prestados con medios alleos, os destinados á sanidade privada, 226 millóns de euros nesa anualidade.
- Que hai un uso permanente dos contratos menores, negociados sen publicidade, autorizacións de uso, fraccionamentos de contratos... que non se xustifica o uso dese mecanismo.
- Que hai xestión de servizos sen ningunha fórmula contractual.
- Reitera que unha parte importante da contratación que realiza o Sergas evita a concorrência competitiva e polo tanto a desigualdade das empresas a poder presentarse.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGÓ

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O informe mostra tamén o aumento das listas de espera e a diminución das consultas presencias.

Todos estes datos poñen en evidencia a política sanitaria do PP posta ao servizo da sanidade privada e das empresas amigas, e non da atención de calidade da maioría da maioría das galegas e galegos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Vai atender a Xunta de Galiza as recomendacións que realiza o Consello de Contas no informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas do ano 2022?

Cal é a razón para que o Sergas realice tan elevado número de contratos menores e negociados sen publicidade?

Parécelle que este elevado número de contratos menores e negociados sen publicidade permiten a fiscalización dos cartos públicos e transparencia esixíbel a unha administración pública?

Vai realizar unha auditoría externa sobre os contratos menores e negociados sen publicidade realizados polo Sergas nos últimos cinco anos?

Non lle parece preciso realizar modificacións na web da plataforma de contratos da Xunta, de xeito que se introduzan os filtros que sexan necesarios para facilitar a localización e consulta dos expedientes e a discriminación por tipo de contratos?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2024 13:35:34

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2024 13:35:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar para prestar asistencia sanitaria residencial a persoas con alteracións da conduta de orixe psiquiátrica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Movemento Galego de Saúde Mental ten feito público un comunicado no que mostra a súa preocupación polas denuncias que se están a producir pola derivación a residencias de maiores de persoas con alteracións da conduta de orixe psiquiátrica.

Din no seu comunicado que “son dúas graves cuestións de innegable proxección política e social se entrecruzan nos feitos e carencias que se veñen denunciando hai moitos anos, conforme foi discorrendo o peche dos manicomios en Galicia (aínda incompleto) en cumprimento de leis sanitarias, observancia de dereitos fundamentais, e materialización de plans de dimensión internacional promovidos pola OMS: o dereito das persoas afectadas na súa independencia persoal por mor de trastornos mentais a levar unha vida en sociedade (na que se garanta a súa saúde, seguridade e dereitos) xunto coas demais persoas (coa axeitada atención ás súas necesidades sanitarias e sociais específicas), e o dereito das persoas que viven en residencias a desenvolver a súa vida acorde coas súas preferencias e capacidades en condicións adecuadas de seguridade e atención.

Hoxe é lugar común recoñecer que o modelo residencial ten que mudar, pero medidas para facelo por quen está obrigada non se adoptan, mentres inquietantes novas informan de boicot á función da Inspección dos centros residenciais dende a propia Administración Autonómica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esas carencias nas residencias, unidas ás da rede pública de atención á saúde mental (e dentro dela, moi en particular, as carencias na atención ás persoas que viven en institucións) están na orixe dos feitos que se denuncian agora e dos que se levan denunciando hai moitos anos.

Os plans de traslado de doentes psiquiátrics en réxime residencial seguen vixentes, transferindo as responsabilidades de atención e coidado dos mesmos dende o SERGAS a centros públicos ou concertados da Consellería de Política Social.

Mais a pesar da importancia desta cuestión non se coñece cantas son as persoas que se viron afectadas por estes plans e decisións, nin as alternativas consideradas nin o tipo de centros aos que se derivaron nin as súas dotacións e programas nin os plans de Inspección e os seus resultados nin os plans asistenciais da rede de Saúde Mental para estas persoas.

O MGSM considera que calquera análise ou proposta diante desta situación debe partir de que as persoas con trastornos psiquiátricos que se atopan en coidado residencial son as máis abandonadas, graves e desprotexidas historicamente das atendidas no campo da saúde mental. Os riscos aos que están expostas (abandono, maltrato, abuso, vulneración dos seus dereitos) son moi elevados. A súa capacidade de defensa dos seus dereitos é moi reducida cando non nula. A sociedade e as súas institucións teñen unha responsabilidade incrementada diante delas.”

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Considera que as persoas con alteracións da conduta de orixe psiquiátrica están a recibir unha adecuada atención sanitaria ingresándoas en residencias de maiores?

Coida que doentes diagnosticados e en tratamento polo SERGAS teñen asegurados os seus dereitos asistenciais nestas residencias?

Que inspeccións sanitarias teñen realizado para verificar a atención que están a recibir?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Consellaría de Sanidade que cumpre coa súa obriga de atención @ os doentes psiquiátric@s transferindo as responsabilidades da súa atención e coidado a centros da Consellería de Política Social?

Van atender as propostas das representacións sindicais, e d@s profesionais que traballan nas residencias respecto ás dotacións, funcionamentos, condicións residenciais, formación/cualificación e condicións laborais dos cadros de persoal para prestar asistencia sanitaria a persoas con alteracións da conduta de orixe psiquiátrica?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2024 13:47:43

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 13:47:48





Á MESA DO PARLAMENTO

D. Armando Ojea Bouzo, deputado do Grupo Mixto, por Democracia Ourensana, ó abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

Nesta Interpelación, o Grupo Mixto toma conciencia dunha problemática que atinxe á **errática planificación do solo empresarial galego**; un custoso erro que redunda nunha menor competitividade con outras comunidades e un apreciable subdesenvolvemento e falta de conexión entre as poboacións galegas, que obriga a emigrar o talento do país e impide a implantación de empresas doutras comunidades que poidan xerar oportunidades de emprego e investimento en Galicia.

Dende o Grupo Mixto preguntámonos que vai facer a Xunta de Galicia para cambiar esta situación durante esta lexislatura e que ten previsto mellorar o desenvolvemento de provincias tan afectadas como a Ourensana. Neste sentido, queremos poñer o acento en proxectos como o fracasado **“polígono industrial do Val da Rabeda”** para o que a Xunta adquirira terreos en Taboada e Paderne de Allariz, nos que gastou 10,2 millóns de euros e que prometía ser o nó de interrelación entre os concellos ourensáns de Allariz, Paderne, Taboada e San Cibrao no que albergar un importante núcleo de tecido empresarial e que, despois de décadas, non é máis que unha enorme superficie consumida pola vexetación, sen ningún uso produtivo. En casos coma este, nos que xa se desembolsaron máis de 10 millóns de euros de cartos públicos, por que non se retoma ese proxecto? E se ese proxecto xa non é posible, que pensa facer a Xunta con eses millóns de metros cadrados de patrimonio que, despois de décadas, segue abandonado?

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Interpelación:

- 1.- Que vai facer a Xunta de Galicia para cambiar a situación do **solo empresarial galego** durante esta lexislatura?
- 2.- Como ten previsto mellorar ou impulsar desenvolvemento económico-empresarial de provincias tan deterioradas como a Ourensana? Referímonos a medidas novas non as que teñen demostrado non funcionar ate o de agora.
- 3.- Xa que se desembolsaron máis de 10 millóns de euros de cartos públicos, por que non se retoma o proxecto do **polígono industrial do Val da Rabeda**?



4.- Se ese proxecto xa non é posible, que pensa facer a Xunta con ese millón de metros cadrados de patrimonio que, despois de décadas, segue abandonado?

Santiago de Compostela, 8 de Maio de 2024.

Asdo. D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do Grupo Mixto.



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 3468
Data envío: 08/05/2024 14:51:04.847

34948827M ARMANDO OJEA (R: G16448011) na data 08/05/2024 14:11:57

CSV: BGRISIRB3X0KkZazPp0-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o grao de privatización do sector das residencias de maiores en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IMSERSO vén de publicar o primeiro Censo de Centros Residenciais de España onde cifran o número de centros e prazas residenciais dirixidas á atención de persoas maiores no conxunto do Estado e tamén nos distintos territorios.

Centros residenciales dirigidos a personas mayores y personas con discapacidad. Galicia

1.1. DOTACION DE PLAZAS Y HABITACIONES EN CENTROS DE ATENCION A PERSONAS MAYORES

1.1.1. Plazas en centros de atención a personas mayores

Centros de atención a personas mayores			
Modelo de gestión	Plazas	Centros	Media
	Núm.	Núm.	
Titularidad pública y gestión privada con lucro	2.295	32	71.7
Titularidad pública y gestión privada sin lucro	267	3	89.0
Titularidad y gestión pública	2.122	38	55.8
Titularidad y gestión privada con lucro	9.073	158	57.4
Titularidad y gestión privada sin lucro	7.632	94	81.2
Total	21.389	325	65.8

Neste senso, os datos correspondentes con Galiza din que:

-Das máis de 21.000 prazas en residencias de maiores no noso País, só 2.122 son de titularidade e xestión pública. Fronte a iso, 9.073 son correspóndense con centros de titularidade e xestión privada con ánimo de lucro.

-En total, máis da metade das prazas en residencias de maiores existentes en Galiza están en mans de empresas privadas con ánimo de lucro, delas 2.295 correspóndense coa xestión que empresas privadas fan de 32 centros residenciais públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-O grao de privatización do sector é tal que, de acordo cos datos publicados polo IMSERSO, só unha de cada dez prazas en residencias de maiores corresponden con centros de titularidade e xestión pública.

En canto ás características dos centros residenciais no noso País:

Das máis de 21.000 prazas en residencias de maiores galegas, 11.607 están en centros de até 125 prazas e 9.787 en residencias de maiores que van desde as 126 até máis de 200 prazas.

Desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego levamos anos defendendo a necesidade de mudar o modelo de residencias que existe en Galiza por outro que fortaleza os centros públicos, a xestión directa, a redución de prazas, a creación de unidades de pequenas unidades de convivencia e a atención centrada na persoa.

Porén, malia as consecuencias da Covid-19 e os grandes anuncios, o Goberno do Partido Popular non mudou nin un ápice o que había, proba diso é que o marco xurídico e normativo continúa a ser exactamente o mesmo que había antes da pandemia.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Vai impulsar algunha mudanza o Goberno da Xunta de Galiza que abra paso a un novo modelo de residencias en Galiza?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 08/05/2024 15:42:34

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2024 15:42:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Sonia Vidal Lamas, Iria Carreira Pazos, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración do goberno galego do Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras elaborado polo Consello de Contas.

Exposición de motivos

O pasado 6 de maio o Consello de Contas remitía ao Parlamento Galego e facía público o seu Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras elaborado polo Consello de Contas. Informe, ademais, elaborado ao abeiro do Plan de traballo deste organismo a instancias dos acordos tomados na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas do Parlamento Galego.

Este informe emitíuse ao mesmo tempo que o Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2022 e afonda na falta de planificación económica do goberno galego respecto das súas obrigas de prestación dos servizos públicos.

O Informe do Consello de Contas é claro e directo respecto das múltiples deficiencias que arrastra a planificación económica do SERGAS en xeral e da Área Sanitaria citada en particular. Como cuestión previa cabe, ademais, sinalar que, na liña





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

doutros informes como os que analizan a conta xeral, os fondos europeos ou as entidades instrumentais, o propio Consello fai notar distintos aspectos que supoñen limitacións ao seu alcance. É dicir, aspectos que limitan a capacidade do organismo para elaborar a diagnose encomendada que é, en última instancia, abranguer a fiscalización da análise da xestión realizada pola área sanitaria fiscalizada en orde á provisión, con medios alleos aos da rede asistencial propia do Sergas, de servizos sanitarios de diversa índole, en particular a súa adecuación ao marco normativo vixente e o seu axuste aos principios de eficiencia, eficacia e economía.

Así, o Consello de Contas sinala como limitacións aspectos como a carencia dunha contabilidade analítica nos centros, que limita a análise dos principios de economía e de eficiencia. Así mesmo, apunta que non se obtivo a información requirida respecto da derivación de pacientes a centros para os que non se conta con ningunha información relativa á súa vinculación xurídica. Tales pacientes non constan nos rexistros de situación “derivado a centro concertado” na xestión das listas de agarda, o que vén a certificar a falta de transparencia verbo das listas reais de agarda, como ten denunciado reiteradamente este Grupo Parlamentario.

Así mesmo, o Consello sinala que non se puido obter a suficiente información respecto das tarifas aplicadas por prestacións similares noutras CCAA ao non reflectirse estas nas adxudicacións nin nos contratos publicados na plataforma de contratación do Estado ou que a falta de estudos relativos ao custo das prestacións obxecto de derivación produce inseguridades respecto da súa adecuación aos prezos de mercado.

Aínda así, coa información contida no Informe, é evidente que non hai unha adecuada xestión dos recursos públicos dos galegos e galegas, que existe unha clara situación irregular de moitas das contratacións e que non se cumpren coas pautas marcadas na propia normativa do goberno galego. Xa non é só que se usen cartos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos para derivar servizos no lugar de fornecelos desde o público senón que por riba non se sabe exactamente canto é o custo de forma clara nin hai un marco contable adecuado. É dicir, mentres se baleira progresivamente o peso do sistema público, aumentan as derivacións ao privado e non se fai ademais cunha xustificación económica ou un soporte contractual en moitos casos.

De entre as cuestións sinaladas polo Consello de Contas cabe apuntar que a prestación de asistencia sanitaria con medios alleos na sanidade galega, no 2022 custou 225,8 millóns de euros, incrementándose nun 2% respecto do ano anterior. Mais, se atendemos ao gasto real e a importes pendentes de anos anteriores a variación foi maior, dun 5% máis. Ademais, o aumento foi maior na área de Ourense, na que o aumento real foi dun 6,8%.

O informe advirte que “se inclúen dentro deste cómputo contratos de dubidosa vixencia, ao prolongarse, de xeito espurio, algún deles máis alá dun tempo razoable unha vez que xa rematara a súa vixencia” ou que hai unha “subversión da legalidade vixente” ao vulnerar a propia regulación do SERGAS usando figuras de autorización temporal de uso para fins distintos dos planificados e ao facer adxudicacións directas sen procesos que garantan a concorrência e a publicidade.

Todo isto no 2022 xustificouse para reducir as listas de agarda, mais vemos como a día de hoxe, cos datos máis recentes do SERGAS, esta área sanitaria ten os peores datos de lista de agarda de toda Galiza. Xa no ano fiscalizado o número de pacientes que pasaron pola situación de derivación a centro concertado aumentou un 36% no 22 con aumentos en todas as especialidades, sendo as máis significativas as de oftalmoloxía e as de traumatoloxía. Así mesmo, respecto do ano fiscalizado, mentres a actividade propia medrou un 11%, a derivación a centros privados un 41% e hai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situacións que o informe remarca polo seu enorme peso orzamentario, como todo o que ten que ver con traumatoloxía, rehabilitación, diálise, ou probas TAC e RMN.

A esta situación de progresivo aumento da privatización sen que haxa unha mellora significativa dos tempos e do servizo, súmase o proceso de concentración do sector hospitalario privado en grandes grupos empresariais aos que Galiza e Ourense non son alleos e cuxos acontecementos recentes confirman a tendencia sinalada polo informe. Da mesma maneira, hai que ter en conta as cautelas e riscos respecto do oligopolio dos medios alleos de terapias respiratorias que se apunta ou que neste informe non se contempla o referido aos concertos en materia de saúde mental nin outros servizos de asistencia sanitaria do concepto 258, polo que de termos en conta estes outros ámbitos o grao de drenaxe do público para o sector privado sería maior. Aínda así, a Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras é a área sanitaria de Galiza na que máis aumentou o gasto orzamentario do artigo 25, desde o ano 2018 ata o 2022, ao chegar ao 20%.

os últimos anos e meses, e máis aínda dese a supresión das antigas áreas, esta macroárea sanitaria arrastra un aumento dos problemas para a cobertura da atención sanitaria, cun enorme empeoramento da atención hospitalaria, como amosan as protestas do persoal dos tres hospitais, e tamén do ámbito da primaria, con queixas desde o ámbito veciñal, municipal e profesional.

O Informe do Consello de Contas apunta de forma clara diversas debilidades que deben ser abordadas e que poñen en evidencia que moitas alertas da mala xestión dos recursos non foron atendidas, empeorando a situación. Amosa tamén a necesidade de que para alén da Conta Xeral se profundice na transparencia e na fiscalización de máis ámbitos do sistema sanitario galego e que se revisen as condicións da prestación do servizo nos diferentes territorios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Vai rectificar o goberno galego o evidente proceso de privatización de servizos do sistema sanitario galego que amosa o Informe do Consello de Contas referido á Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras?

Como valora a evolución das listas de agarda pese á foto fixa ofrecida polo informe de 2022?

Que vai facer o goberno galego para corrixir o deterioro de tempos de atención que pon en evidencia o Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área?

Por que consinte activa ou pasivamente limitacións ao alcance deste informe?

Que medidas de corrección das deficiencias sinaladas vai impulsar en ámbitos como a traumatoloxía ou oftalmoloxía?

E no referido a diálise?

E ás terapias respiratorias?

E ás probas diagnósticas e tratamento rehabilitador?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Secundino Fernández Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Sonia Vidal Lamas

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2024 17:46:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/05/2024 17:47:33

Sonia Vidal Lamas na data 08/05/2024 17:47:42

Secundino Fernández Fernández na data 08/05/2024 17:47:59

Iria Carreira Pazos na data 08/05/2024 17:48:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A pesares de que cada vez son máis os recursos destinados a loitar contra a violencia machista e a protexer as mulleres vítimas, non podemos obviar que os casos non diminúen e nalgúns territorios mesmo se están incrementando.

É o caso de Galicia, onde nestes primeiros meses de 2024 xa foi asasinada unha muller pola súa parella. A violencia machista constitúe hoxe o principal obstáculo para sermos unha sociedade plenamente democrática. Que exista unha soa muller asasinada ou que sofre violencia só polo simple feito de selo supón a constatación da peor das desigualdades entre homes e mulleres, e os gobernos de todas as administracións deberían situar esta preocupación nun lugar prioritario das súas axendas políticas.

É por iso que resulta esencial que tamén a Administración local, por ser a máis próxima á cidadanía, dispoña de todo o coñecemento e os recursos posibles para ser quen de funcionar como unha ferramenta eficaz máis na erradicación destas violencias. Para este fin existen as mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, nas que participan representantes do ámbito xudicial, sanitario, educativo, de forzas de seguridade e tamén colectivos civís.

Mais polo de agora só preto de 90 concellos dispoñen delas, segundo o derradeiro informe da extinguida Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.



Para o Grupo Socialista estas mesas locais son esenciais na estratexia de prevención e loita contra a violencia machista e, por iso, consideramos urxente estender a súa constitución a todo o territorio galego, nunha estratexia coordinada entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias. Á súa vez, é tamén urxente rematar a actualización do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na comunidade autónoma de Galicia para adaptalo ao novo marco normativo, para o que é necesaria unha diagnose do momento actual, así como desenvolver un plan urxente contra a violencia de xénero centrado fundamentalmente na prevención e na educación, e incrementar e mellorar a formación en igualdade.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno galego un prazo para completar todo o territorio galego con mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero en Galicia?
2. Que accións urxentes puxo en marcha ou ten previstas o Goberno galego diante dun novo caso de asasinato machista no noso país?
3. Pode dicirnos o Goberno galego, en que estado se atopa a actualización do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia?
4. Considera necesario o Goberno galego a posta en marcha dun plan urxente contra a violencia de xénero centrado fundamentalmente na prevención e na educación?



5. Considera suficientes e de calidade o Goberno galego os programas de formación en igualdade e prevención da violencia machista dispoñibles para os distintos sectores que traballan nese ámbito?

6. Cal foi o último informe que realizou o Observatorio Galego de Violencia de Xénero, sobre a situación en Galicia da violencia machista e que medidas propuxo? Avaliouse o grao de execución desas medidas, de existiren?

Parlamento de Galicia, 8 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/05/2024 13:20:53

Elena Espinosa Mangana na data 08/05/2024 13:21:04

Silvia Longueira Castro na data 08/05/2024 13:21:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Daniel Pérez López, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade urxente de planificar e limitar as Vivendas de Uso Turístico en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mudanzas nas que estamos inmersos, na era da información e da uberización da economía, están tendo un forte impacto no sector turístico. Se no século pasado a presión turística canalizábase fundamentalmente a través dos inmobles hoteleiros, hoxe a vivenda de uso turístico ocupa xa un papel máis predominante en termos cuantitativos. Este cambio implica tamén novos retos en cuanto á súa xestión e planificación, para lograr un modelo sustentable dende o punto de vista turístico e tamén residencial.

Porén este fenómeno ten medrado nos últimos anos sen ningún tipo de control. Hai unha evidente falla de análise e de lexislación que limite os efectos negativos singulares que provoca este tipo de aloxamentos. Se no século pasado o turismo podía xerar tensións ou conflitos naquelas localizacións cun exceso de hoteis, hoxe, o aluguer de vivendas de uso turístico transforma a súa lóxica de implantación territorial cunha difusión dos usos turísticos polo parque inmobiliario dun xeito distinto, máis capilar e máis extendido. É preciso, por tanto, unha visión territorializada e de carácter supramunicipal deste problema.

Se realizamos unha lectura en termos de país, a primeira característica que destaca deste fenómeno é a súa evolución explosiva, como así o confirman os datos. Se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en 2017 había apenas unhas 500 rexistradas, hoxe ascenden a 22.553 vivendas de uso turístico, o cal representa un incremento do 4.510% en apenas 7 anos.

Este crecemento exponencial das VUT está ligado á gran diferenza de rendibilidade entre o aluguer residencial e o aluguer vacacional. A pesar de que os prezos dos alugueres residenciais aumentaron en máis dun 40% na última década en Galiza, e que non son pequenas as marxes de beneficio dos alugueres residenciais, as plusvalías que se poden acadar a través do aluguer vacacional son habitualmente maiores. Xérase así unha diferenza de presión entre un mercado e outro que leva á expansión descontrolada das VUT.

Esta situación non foi acompañada de medidas de ordenación. A maioría de concellos aínda non dispoñen de ordenanzas específicas que as regulen, e aínda que as teñan non poden efectivizalas como consecuencia da actuación da Xunta de Galiza, que permite a inscrición irregular destes aloxamentos. O executivo galego no exercicio das súas competencias en materia de turismo, permite a inscrición de todas as VUT a pesar de que estas non cumpran coas normas urbanísticas que determinan os concellos. De forma que neste momento para dar de alta unha VUT e incorporala no REAT-o censo oficial da Xunta para estes aloxamentos- só hai que presentar unha declaración responsable asinada polo propietario conforme cumpre as normas, pero non a documentación que así o acredite.

Baixo este mecanismo de descontrol premeditado, a Xunta de Galiza vén inscribindo vivendas de uso turístico sen comprobación da súa legalidade. De forma que nestes momentos o goberno galego négase a exercer a labor de vixilancia e apenas retira do censo aquelas vivendas cunha sentenza firme, como xa ten sucedido, en que o TSXG resolve que non poden exercer sen o título habilitante.

Por tanto, o que condiciona inicialmente a explosión deste fenómeno, ten que ver coa diferenza de plusvalía entre o mercado residencial e o turístico, pero as cifras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desorbitadas só se explican pola falta de políticas de planificación e control, especialmente da Xunta de Galiza.

Dende o BNG queremos alertar que a proliferación descontrolada está interferindo en 3 planos fundamentais que nos afectan como sociedade. O primeiro efecto negativo é a súa repercusión na alza de prezos da vivenda en xeral. O diferencial de prezos entre o uso residencial e o turístico está provocando un descenso da oferta de vivenda de aluguer residencial e un aumento dos seus prezos. O cal se traduce no colapso da accesibilidade á vivenda da poboación residente.

En segundo lugar existe unha afectación dende o punto de vista da calidade urbana.

Toda vez que o turista que ocupa o lugar dun veciño non exerce de cidadán nese entorno, é dicir, non crea relacións de veciñanza e de permanencia. Por iso a alta concentración de VUTs fai colapsar a complexidade social deses lugares e pon en cuestión a propia sensación de pertenza dos veciños sobre o lugar que habitan, creando unha percepción de indefensión, de ser substituídos e de ser cidadáns de segunda fronte a unha industria turística, que algúns gobernos néganse a ordenar para minimizar os seus perigos e consecuencias negativas.

O terceiro plano no que as VUT afectan é sobre o propio modelo turístico. A concentración de VUT deriva nunha presión e expulsión da poboación residente desas zonas, que ao mesmo tempo remata por segregar os centros das cidades e vilas ou determinados ámbitos territoriais. Eses espazos fican reducindo a meras zonas tematizadas, como simples centros comerciais ao aire libre para turistas. Nestas situación, os primeiros afectados son os propios residentes, mais co tempo acaban por crearse entornos turísticos pobres, carentes de vida cotiá, de memoria, de complexidade e de interese. É dicir, fai colapsar a riqueza turística inicial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iso é urxente pór en marcha una política de planificación, control e equilibrio da presión entre o mercado residencial e o turístico. Dunha banda, corresponde aos Concellos a delimitación de usos, doutra, a Xunta de Galiza ten a competencia das outras funcións fundamentais: a planificación do modelo turístico, a normativa sobre este tipo de aloxamentos e as funcións de control sobre os mesmos.

Polas súas competencias tanto en materia de turismo, como en materia de vivienda e planificación territorial, a Xunta de Galiza ten a capacidade para desenvolver medidas e normativas que garantan a sustentabilidade do modelo turístico, residencial e urbano.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para paliar os impactos negativos derivados da concentración e aumento da vivenda de uso turístico en determinadas áreas?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto no sector turístico provocado polo gran incremento de VUT experimentado nos últimos anos?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto na accesibilidade á vivenda provocado polo gran incremento de VUT experimentado nos últimos anos?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto no modelo urbano e territorial provocado polo gran incremento de VUT experimentado nos últimos anos?
- Ten intención a Xunta de Galiza de establecer unha orientación e guías para a planificación territorial das VUT en Galiza?
- Baixo que criterios cree a Xunta de Galiza que habería que planificar e ordenar o actual incremento e concentración de VUT no noso país?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta de Galiza necesario establecer criterios de planificación diferenciados segundo o tipo de propietario?
- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir que as VUT inscritas no REAT se axusta á normativa?
- Vai modificar a Xunta o decreto que regula as VUT, logo das numerosas sentencias, para requirir para a inscrición no REAT do preceptivo título habilitante municipal para o inicio ou exercicio de actividade económica de carácter turístico?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/05/2024 09:24:46

Daniel Pérez López na data 10/05/2024 09:27:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á perda de produción do sector mexilloeiro galego e ás medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para freala, recuperala e potencia-la.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai apenas unha semana, a Consellaría de Mar vén de facer públicos os datos de produción de mexillón do ano 2023 en Galiza. A míngua, respecto de 2022, e dun 19%, pasando de 219.698 a 178.000 Tn. Unha baixa que incide na que xa se producira no 2022 con respecto a 2021, dun 12,5%, pasando de 250.863 Tn. en 2021 a 219.698 en 2022. É, en definitiva, a produción máis baixa e máis alonxada da media das 250 Tn. anuais dos últimos 20 anos.

Malia que a Consellaría precipitouse en distintas ocasións a xustificar que as causas do descenso destes últimos anos veñen marcadas, sobre todo, polo aumento da temperatura da auga, o certo é que distintos colectivos levan anos alertando da perda de produtividade das rías galegas, nomeadamente da ría de Arousa, onde se concentra o 70% das bateas de mexillón de toda Galiza, sen que a Xunta os teña escoitado e teña analizado as causas e tomado medidas para as posíbeis vías de solución.

A perda que veñen sufrindo os moluscos bivalvos dende hai máis dunha década chegou agora ao mexillón, tal e como o sector xa o leva advertindo reiteradamente nas últimas campañas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na campaña 2021-22, fíxose eco das dificultades que tiña o mexillón para engordar e medrar, da súa debilidade por mor de desoves contínuos, de desprendementos masivos e da súa mortalidade alarmante.

Na campaña 2022-23 as circunstancias volvéronse repetir e o mexillón desprendeuse das cordas en cantidades importantes e non daba acadado o tamaño apto para a industria transformadora.

E, na campaña actual, aínda que a mexilla non escaseou como nas anteriores, tamén se continúa detectando aínda agora un índice de desprendemento elevado e de mortalidade relevante que, segundo manifestacións dos responsábeis da Consellaría, neste caso habería que achacalo fundamentalmente á sucesión de choivas e ao aumento da auga doce.

En definitiva, un conxunto de factores metereolóxicos e climáticos que non poñemos en dúbida mais que non nos consta que foran a día de hoxe aínda certificados por ningún estudo ao respecto por parte dos servizos técnicos e de investigación da Consellaría de Mar, onde se puideran concretar as causas desta redución e moito menos marcar as pautas de actuación para paliala.

O propio sector mexilloeiro reclamou insistentemente eses estudos, mais tamén os que avaliasen outros factores como a propia contaminación e falta de saneamento das rías ou as consecuencias que se derivaron das dificultades dos últimos anos para conseguir unha mexilla de calidade que incidiría nun desenvolvemento máis positivo do mexillón, no seu medre e na súa resistencia.

Xa non só falta información sobre estudos e investigacións que puideran existir ou estar en marcha, senón que tampouco a hai respecto do imprescindible diálogo entre a Consellaría e o propio sector que, dende abril de 2023, abandonara a Mesa do Mexillón. A normativa de extracción da mexilla que a propia Consellería anuncia dende





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2020 tampouco existe, nin a avaliación das medidas que fixera públicas en sede parlamentar en febreiro de 2023 e que, segundo ela, tiñan un orzamento de dous millón de euros e, moito menos, a valoración das súas actuacións unilaterais de imposición e limitación de zonas de extracción e a súas continuas modificacións.

O sector mexilloeiro galego é, sen dúbida, un pilar económico no noso país, que proporciona miles de postos de traballo directos e indirectos en ducias de concellos e as industrias que dependen en grande medida da súa produción non o son menos. Non é pois xustificábel dende ningún punto de vista o desleixo que o Goberno galego está a amosar en canto ao sector propiamente dito e a todo o que conleva a súa estabilidade, o seu mantemento e o seu potenciamento e mellora de cara ao futuro.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- . Que valoración fai o Goberno galego da situación de perda de produción do sector mexilloeiro galego, nomeadamente na ría de Arousa?
- . Que medidas vai poñer en marcha para revertela, para recuperala e para potenciala?
- . Ten en marcha algún estudo e/ou investigación sobre as causas desa perda de produción? De ser así, dende cando?
- . Mantén algún tipo de contacto co sector? De ser así, e tendo en conta a situación da Mesa do Mexillón, a través de que instrumento? Vai retomar as reunións da Mesa do Mexillón? Cando?
- . Que valoración fai das medidas anunciadas en febreiro de 2023 en sede parlamentar? Existen xa conclusións concretas sobre as mesmas? Cais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cando vai rematar a elaboración da normativa sobre a extracción da mexilla na que a Consellaría de Mar dixo estar traballando dende 2020? Vai ser unilateral ou froito de negociacións co sector?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 10/05/2024 11:15:00

Paulo Ríos Santomé na data 10/05/2024 11:15:05

Carmela González Iglesias na data 10/05/2024 11:16:01

Daniel Castro García na data 10/05/2024 11:16:04

Daniel Pérez López na data 10/05/2024 11:16:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez e Carmela González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a modernización e mellora de servizos na liña ferroviaria Vigo-Porto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 28 de setembro de 2022, o goberno portugués presentou a Nova Liña de Alta Velocidade Lisboa Porto, un proxecto que debería estar rematado en 2030. No mesmo acto, anunciáronse os plans da nova liña Porto Vigo, que se prevé desenvolver en fases, con un trazado de dobre vía por Nine-Braga-Valença (paralelo ao actual trazado da Linha do Minho que vai por Nine-Viana-Caminha-Valença). A previsión do goberno portugués é que o treito Valença-Braga se execute entre 2026- 2030, igual que a conexión Porto-Aeroporto Sá Carneiro. A fase Braga-Aeroporto quedaría para despois de 2030.

Se ben este proxecto está menos desenvolvido que o da liña Lisboa-Porto, a intervención dos representantes do goberno portugués nese acto do 28 de setembro de 2022 constitúen un fito histórico xa que situaron como prioridade de Portugal a conexión e a vocación atlántica do país, e a liña do tren de velocidade entre Galiza e Lisboa como o grande eixe vertebrador dese proxecto de futuro. Portugal tiña claro naquela altura o carácter estratéxico da cohesión e a vertebración do país (e a proxección atlántica) fronte a conexión con Madrid. Portugal priorizou os seus intereses fronte á subordinación a Madrid. Portugal e Galiza teñen intereses comúns.

Para entender o que significa o tren de alta velocidade Lisboa-Porto-Vigo hai que ter en conta o enorme potencial do espazo urbano que vai de Lisboa a Galiza, unha das 40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

megarrexións máis importantes do mundo por poboación, PIB e número de patentes. No ámbito da península ibérica xogamos na mesma liga que Madrid e o eixe Barcelona Lyon.

2.O impulso da liña de alta velocidade Vigo Porto é tamén un proxecto estratéxico e prioritario para Galiza, dentro dunha visión atlántica de futuro. Constitúe unha especie de tramestra esencial para a vertebración territorial, o intercambio cultural, o desenvolvemento económico e a xeración de oportunidades e traballo nos nosos países. Nomeadamente para a Eurorrexión, un territorio con 6,5 millóns de habitantes con fortes vencellos no ámbito económico e con unha intensa mobilidade motorizada através das Pontes obre o río Miño. A aposta polo tren permitiría, neste ámbito, o fomento dun xeito de mobilidade máis sustentábel, saudábel e seguro como alternativa ao transporte por estrada.

Mais hai outros factores que xogan a favor desta integración territorial, socioeconómica e da mobilidade: a Comisión Europeo sinalou o tren Vigo Porto, xunto coa liña Bucaret-Budapest, como exemplos de iniciativas de especial interese en materia de comunicacións transfronteirizas do Mecanismo Conectar Europa. E as institucións europeas tamén acordaron incluír a liña Vigo-Porto no Corredor Atlántico.

3. O goberno español debe aproveitar todas as oportunidades, tamén o financiamento con fondos europeos, para impulsar a construción da nova liña de alta velocidade Vigo-Porto, dándolle continuidade cara ao sur ao Eixo Atlántico Coruña (tamén no futuro Ferrol)-Vigo. O obxectivo debe ser ter unha liña moderna e competitiva que permita facer a viaxe directa nun tempo de aproximadamente unha hora (actualmente o tempo de viaxe é de 2 h 23 min).

Nos últimos meses producíronse unha serie de feitos que non permiten ser optimistas en canto aos prazos de execución da liña ferroviaria de velocidade alta entre Vigo e Porto.

O cambio no goberno portugués podería levar ao retraso na execución desta infraestrutura vital para o futuro de Galiza. E existe unha alianza de facto entre a comunidade de Madrid e a alcaldía de Lisboa para impulsar o AVE Lisboa Madrid fronte á liña de alta velocidade Lisboa-Vigo. A este respecto, é necesario que a Xunta e o PP se desmarquen da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

postura da presidenta da Comunidade de Madrid e poñan por diante a defensa dos intereses de Galiza.

A aprobación polo parlamento europeo do novo Regulamento da Rede Transeuropea de Transportes no que a liña Vigo Porto quedou excluída da Rede Básica (previsión de execución e financiamento no horizonte de 2030) e quedou incluída na Rede Básica ampliada (horizonte 2040) constitúe unha mala noticia para Galiza.

A realidade é que o goberno español tampouco amosou moito interese no impulso desta infraestrutura. No ano 2021 encargou -logo se sucesivas demoras- un estudo de alternativas para a chamada Saída Sur (a conexión directa entre Vigo e Valençá sen ter que ir cara atrás por Redondela) “Estudio de alternativas de la salida sur ferroviaria de Vigo” á empresa PROINTEC, S.A, por importe de 301.904,68 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 12 meses. O contrato adxudicouse a finais de agosto de 2021 e formalizouse a finais de outubro de 2021.

No mes de maio de 2023 o MITMA adxudicou por 884.000 euros o estudo informativo da saída Sur de Vigo á UTE Prointec-Geoconsult, con un prazo de execución de 18 meses.

Nesta altura e logo de sucesivos retrasos e adiamentos é fundamental é que se axilicen os estudos e proxectos e se faga unha planificación dos investimentos e un cronograma coordinado co goberno portugués. E sobre todo que haxa un acordo político compromiso orzamentario claro para desenvolver esta infraestrutura no horizonte de 2030.

Por todo isto fórmulase a seguinte interpelación:

-Que xestións realizou a Xunta en relación coa inclusión da liña Vigo Porto na Rede Básica da Rede Transeuropea de Transportes?

-Que iniciativas levou a cabo o goberno galego diante dos gobernos español e portugués en relación co impulso do tren de alta velocidade entre Vigo e Porto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que propostas trasladou o goberno galego aos gobernos español e portugués no tocante a melloras inmediatas na liña de tren Vigo e Porto?

-Comparte a Xunta os anuncios feitos por representantes da coalición do goberno de Portugal e da comunidade de Madrid no sentido de darlle prioridade á liña Lisboa-Madrid sobre a liña Lisboa-Porto-Vigo?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Brais Ruanova Vilas-Boas
Carmela González Iglesias
Paulo Ríos Santomé
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/05/2024 11:56:46

Alexandra Fernández Gómez na data 10/05/2024 11:56:51

Carmela González Iglesias na data 10/05/2024 11:57:00

Paulo Ríos Santomé na data 10/05/2024 11:57:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 10/05/2024 11:57:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños, Óscar Insua Lema, Brais Ruanova Vilas-Boas e Rosana Pérez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a actividade da Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade da coñecida como Sociedade Impulsa Galiza ven sendo obxecto atención por parte do Grupo parlamentar do BNG. A importancia das tarefas e obxectivos que xustificaron a súa constitución, e sobre todo, o control político que sobre esta sociedade exerce a Xunta de Galiza explica esta atención e os intentos de control, en exercicio das nosas lexítimas competencias estatutarias e democráticas, que pretendiamos e pretendemos realizar.

Até en 3 ocasións levamos á Comisión 3ª deste Parlamento unha batería de preguntas para a súa resposta oral por parte do goberno. Nas dúas primeiras o daquela Director do IGAPE, Sr. Guldrís, esquivou sen disimulo absolutamente todas as preguntas, evitando informar e faltando ao deber de dación de contas do goberno. Na terceira, o Secretario xeral de industria, Sr. Vázquez Iglesias, contestou algunha delas parcialmente, outras con inexactitudes, outras deixounas novamente sen contestar, e finalmente remitiunos ao Rexistro mercantil para consultar as contas e memoria da Sociedade salientando o carácter privado da mesma.

Este carácter privado da Sociedade serviulle recentemente á Conselleira de economía, industria e innovación de parapeto fronte a demanda de información respecto





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do proxecto Altri realizada polo noso Grupo parlamentar a través dunha interpelación en Pleno, “non é un proxecto da Xunta”, dixo, “senón dunha Sociedade público privada”.

Estas manifestacións de diferentes representantes da Xunta foron desmentidas rotundamente polo Consello de Contas de Galiza, que en dous informes publicados o día 6 de maio, sobre sociedades mercantís autonómicas e sobre entes instrumentais respectivamente, dános a razón nas argumentacións esgrimidas reiteradamente desde o BNG cando esixiamos exercer a nosa labor de control sobre a actividade da Sociedade, e despexa calquer dúbida sobre a natureza desta Sociedade, poñendo o foco no control político que a Xunta exerce sobre ela a través dos dereitos de voto no Consello de administración, na localización da sede social no edificio do IGAPE, e exemplificándoo no feito de estar presidida pola propia Conselleira, Sra. Lorenzana, que viña precisamente de negar en sede parlamentaria ese control político.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- 1.- Por que un capital inicial de 5 millóns de euros? Como chegou a declarar un activo a 7,2 millóns de euros e uns beneficios de 224.000 euros no exercicio 2021?
- 2.- Cantas tarefas ou servizos realiza con persoal propio e cantas subcontrata? A que empresas subcontrata a prestación de servizos?
- 3.- Que volume da actividade da Sociedade Impulsa a realizan as sociedades que participan no seu capital? Están entre os servizos que realizan estas sociedades a elaboración de informes ou outros servizos de consultoría? Cantos contratos ou encargos deste tipo ten realizado e cantos están finalizados? Cal foi o seu custe?
- 4.- Cales as retribucións do Consello de administración, comité executivo e alta dirección?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- En cantos proxectos están traballando? Cal o grao de maduración dos diferentes proxectos?

6.- Cantas empresas están comprometidas cos diferentes proxectos e cales son?

7.- Por que a Xunta nega a natureza pública desta Sociedade?

8.- Pensa a Xunta de Galiza dar cumprimento á demanda do Consello de Contas de Galiza respecto da transparencia, dación de contas e control público da Sociedade Impulsa Galiza?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Óscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/05/2024 12:27:48

Rosana Pérez Fernández na data 10/05/2024 12:27:52

Noa Presas Bergantiños na data 10/05/2024 12:28:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/05/2024 12:28:09

Óscar Insua Lema na data 10/05/2024 12:28:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a monitorización e prevención da saúde pública ante a probable presenza do Virus da Febre Hemorráxica de Crimea-Congo (VFHCC) en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como pode lerse no informe do ano 2022 da Rede Galega de Vixilancia de Vectores (REGAVIVEC), *“as carrachas son ectoparásitos hematófagos obrigados que orixinan graves prexuizos a nivel sanitario e económico; sendo actualmente consideradas, despois dos mosquitos, os vectores de maior relevancia en medicina humana e veterinaria.... Nalgúns casos son ademais reservorios de axentes infecciosos e parasitarios que poden manterse infectivos e mesmo multiplicarse entre xeracións”*

As carrachas poden actuar como axentes transmisores (vectores) dunha grande variedade de microorganismos infecciosos (parasitos, virus, bacterias...) e condicionaren patoloxías serias ou incluso letais para as persoas como son os casos da enfermidade de Lyme ou a Febre Hemorráxica de Crimea-Congo (FHCC).

A distribución das carrachas pode considerarse de nivel mundial pero con maior presenza e diversidade de especies nas áreas de climas cálidos ou temperados como é o caso da Galiza. A diseminación dos distintos tipo de carrachas polos territorios prodúcese de xeito natural, e por condicionantes antropoxénicos como poden ser: a mobilización de persoas e gando, a introdución de especies cinexéticas importadas, a variación do uso do territorio, a perda de hábitat polo cambio climático, e incluso por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

circunstancias como os grandes incendios forestais que obrigan a desprazarse á fauna silvestre dunha comarca a outra.

Na Galiza , ao longo dos anos de actividade da Rede de Vixilancia de Vectores (dende o 2017) identificáronse diversas especies de carrachas.

A recollida de espécimes de carrachas na Galiza realízase fundamentalmente actuando sobre o medio ambiente, e sobre os hospedeiros onde pasan parte do seu ciclo biolóxico as carrachas

As enfermidades que poden ser vectorizadas por carrachas no noso medio son múltiples e entre elas está a febre hemorráxica de Crimea-Congo (FHCC).

A FHCC está tradicionalmente vencellada a carrachas do xenero *Hyalomma*. Mais aínda que non son habituais na Galiza, xa se teñen detectado exemplares de *Hyalomma marginatum* en 21 concellos galegos. A maior distribución rexístrase na provincia de Ourense, con 14 municipios afectados; séguela Lugo con 5; e finalmente Pontevedra, con 2. Seguindo a listaxe proporcionada por Sanidade, as zonas afectadas en **Ourense** son Vilamartín de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, A Rúa, Petín, Pobra de Trives, Manzaneda, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, A Mezquita, Allariz, Verín, Bande, Muíños e Lobios. Na provincia de **Lugo** son o propio municipio homónimo, A Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Triacastela e Quiroga. Finalmente, detectouse *Hyalomma marginatum* nos **concellos pontevedreses** de Gondomar e Oia. Non sabemos aínda se este tipo de carrachas colonizou xa o noroeste do estado español (incluída Galiza) ou son resultado de introducións ocasionais por aves ou movementos de gando dende outras zonas onde abundan

A FHCC é unha enfermidade potencialmente mortal, con taxas de letalidade que poden alcanzar o 40%. O virus é transmitido a través da picadura de varias especies de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carrachas do Xénero *Hyalomma*, que actúa como vector da enfermidade, poden desempeñar un papel na transmisión ou mantemento do virus en rexións endémicas

Sobre a situación no estado español hai que dicir que entre 2013 e 2022 confirmáranse un total de 12 casos con 5 falecementos entre eles un falecemento no Bierzo.

A situación actual é motivo de fonda preocupación, porque un recente estudio interdisciplinar centrado nunha mostra de 12584 carrachas, analizadas como sentinelas da enfermidade, determinou que o virus responsable da patoloxía circula actualmente por España e que está distribuído por gran parte da península ibérica. E aínda que en Galicia non se rexistrou ningún caso desta enfermidade, os expertos non descartan que xa estea circulando no territorio.

A recente publicación da noticia de que o virus da FHCC está no Bierzo e que na Galiza están os vectores clásicos (*Hyalomma*) xunto coa noticia da presenza do VFHCC no 10,5% das mostras acadadas en Ponferrada fixo saltar alertas na poboación

Concretamente as novas publicadas polo diario La Región os días 26 e 28 de abril do 2024 indicando a aparición da enfermidade no Bierzo, unido a un falecido en Salamanca trouxeron unha grande inquietude na comarca de Valdeorras e así o transmitiron ao Bloque Nacionalista Galego.

A poboación desta comarca, tendo en conta o perigo desta enfermidade e tamén a proximidade da aparición, concretamente na comarca do Bierzo puxo a poboación en alerta.

Ante esta situación a única actuación coñecida para informar a poboación, para tranquilizar foi unha nova na prensa que saíu tamén no diario La Region o 5 de maio do 2024 no que se descartan casos da enfermidade en Galiza.





- Ten pensado a Xunta de Galiza a realización de mostraxes nas comarcas orientais do país para determinar, como se fixo en Ponferrada, que cantidade de espécimes das distintas especies recolleitas son portadoras do virus da febre hemorráxica Crimea Congo FHCC?

- Ten pensado a Xunta de Galiza facer campañas informativas cara á poboación explicando como protexerse da parasitación por carrachas e da enfermidade que provocan?

- Ten pensado a xunta de Galiza algún plan para minimizar o risco de contaxio ou expansión da FHCC no territorio?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: Secundino Fernández Fernández

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 10/05/2024 12:35:28

Sonia Vidal Lamas na data 10/05/2024 12:35:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 10/05/2024 12:37:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a enfermidade de Lyme.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade de Lyme é causada por unha bacteria, que pertence ao xénero *Borrelia*, dentro da que temos varias especies que os humanos contraemos pola picadura dunha carracha do xénero *Ixodes*. Dito parasito, que actúa como vector, aumentou a súa presenza no noso territorio debido ao cambio climático que, co aumento das temperaturas en especial no inverno, favoreceu a súa supervivencia e multiplicación, sendo maior a presenza nas zonas boscosas do norte do estado, incluíndo o noso país en especial, axudando neste caso a gran cantidade de hóspedes cos que conta (dende fauna salvaxe a gando).

Aínda que se crearon protocolos para frear o avance da borreliose, estamos moi lonxe de ter unha vixilancia unificada no Estado español, onde se considerou unha enfermidade emerxente en 2018, cunha cantidade de pacientes ingresados no período comprendido entre 2005 e 2019 de 1865. Asturias e Galiza, triplicaron a súa incidencia nos últimos quince anos, sendo o noso país a segunda rexión con máis hospitalizados do estado, onde os ingresos aumentaron nun 192% no período antes citado, (71 hospitalizados no período comprendido entre 2017 e 2019, 67 entre 2014 e 2016 e 28 entre 2005 e 2007, evidenciando estes datos o aumento progresivo dos afectados por a enfermidade). As taxas de incidencia galega, moi superiores á media española e semellantes á de outros territorios europeos considerados endémicos, que nos indican varios estudos, dan información suficiente coma para incluír determinadas zonas do noso país en vixilancia endémica da EL.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En Galiza, a área máis afectada é a de Lugo, con especial incidencia na Terra Chá, Meira ou a Fonsagrada, os Ancares, Ortegal, a Mariña Occidental e Central (taxas de mais de 10 casos cada 100000 habitantes) seguidas doutros territorios, coma a Ulloa, Quiroga, a Mariña Oriental ou Lugo, todos eles incluídos nos mapas (de 5 a 10 casos por cada 100000 habitantes). A estacionalidade dos casos concéntrase de xuño a outubro, aínda que hai casos durante todo o ano, predominando en homes maiores de 65 anos con respecto das mulleres, en especial persoas que teñen maior relación coa natureza, que no caso de Galiza son, en particular, profesionais do sector agrogandeiro, con actividades forestais ou agropecuarias que os obrigan a ter mais contacto co vector e a ser máis susceptibles das súas picaduras.

O 65% das persoas que acudiron a consulta en Galiza diagnosticáronse nunha fase precoz localizada, mentres que un 23% fórono nunha fase precoz diseminada ou crónica. A primeira delas amosa unha lesión na zona da picadura, que non causa dor nin proído, polo que pode pasar desapercibida, aínda que a marca pode chegar a durar 30 días. O cadro pode confundirse cunha gripe, con malestar xeral, dor muscular ou articular, fatiga e hipertermia. No segundo dos casos, cando a bacteria está diseminada polo resto do corpo a detección en probas de laboratorio é máis difícil, causando cadros de artrite, cardíacos ou neurolóxicos, que se agravan co tempo. Na fase crónica hai unha grave afección motora, con artrite ou artrose entre outros síntomas.

É evidente que a enfermidade de Lyme é unha realidade de Galiza difícil de reverter e controlar, aínda que non imposible, tendo medios e medidas aplicadas para levalo a cabo. Protexer aos galegos e galegas dos seus efectos é unha obriga do goberno da Xunta de Galiza, tanto a curto como a longo prazo, en especial aos traballadores agrogandeiros, un grupo que pola súa actividade profesional xa ten un emprego con moitos riscos que poden causar enfermidades e accidentes, de xeito que a importancia de darlle o seu lugar a dita patoloxía é chave no noso país e nese sector en particular.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Vaise incluír a enfermidade de Lyme na listaxe de enfermidades endémicas de Galiza?

2. Vaise incluír a enfermidade de Lyme como enfermidade profesional do sector agrogandeiro e forestal?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Secundino Fernández Fernández

Luis Bará Torres

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/05/2024 13:09:10

Ariadna Fernández González na data 10/05/2024 13:09:13

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/05/2024 13:09:19

Sonia Vidal Lamas na data 10/05/2024 13:09:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández na data 10/05/2024 13:09:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para a recuperación da ría de Cedeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ría de Cedeira é unha das dúas *Reservas mariñas de interese pesqueiro* que existen no noso país. Toda ela. E toda ela ten unha clasificación bacteriolóxica na actualidade de zona C, o que debería provocar a actuación inmediata e decidida das autoridades competentes para corrixir esta situación restaurando os seus recursos pesqueiros e marisqueiros poñéndoo a altura do que podería esperarse dunha Reserva mariña, ou cando menos a altura do momento en que se decidiu a constitución desta figura de protección.

Nada máis lonxe da realidade. Durante estes anos non só perderon o banco de berberecho da praia da Malena, senón tamén os bancos de coquina da praia de Vilarrube e de ameixa fina da ensenada de Pantín, quedando a produción marisqueira da ría de Cedeira reducida a un pequeno banco de berberecho na ensenada de Esteiro, que por causa de ser zona C debe someterse a reinstalación en batea antes de levarse ao mercado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este é o nivel de control e coidado que a Xunta pon sobre os nosos recursos marisqueiros, sobre a calidade de augas que antes eran zona A, ou sobre o emprego do sector, que antes ocupaba a máis de 54 persoas e hoxe apenas a 16 mariscadoras a pé.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

1. Por que a Xunta de Galiza non exerce as súas competencias en materia de produción de marisqueira?
2. Por que a Xunta de Galiza non protexe a Reserva mariña da ría de Cedeira?
3. Por que a Xunta de Galiza non se compromete na eliminación dos vertidos na ría de Cedeira?
4. Por que a Xunta de Galiza non se compromete na restauración dos bancos marisqueiros?
5. Por que a Xunta de Galiza non amplía o funcionamento da batea de reinstalación a todo o ano?
6. Como estima a Xunta de Galiza que pode afectar á saúde pública a actual clasificación bacteriolóxica da ría de Cedeira?
7. Como estima a Xunta de Galiza que a actual situación da ría de Cedeira afecta ao emprego dos Concellos afectados e á crise demográfica?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 10/05/2024 13:33:08

José Manuel Golpe Acuña na data 10/05/2024 13:33:12

Rosana Pérez Fernández na data 10/05/2024 13:33:54



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A nova lei de residuos establece uns obxectivos de obrigado cumprimento nun horizonte temporal, así os obxectivos de preparación para a reutilización e reciclaxe dos residuos domésticos municipais son do 55 % en 2025, 60 % en 2030 e 65 % en 2035.

Estes residuos, ademais, teñen unha restrición máxima de vertido do 10 % do total dos residuos municipais xerados en 2035.

A Consellería de Medio Ambiente ten a obriga de implementar as medidas e o financiamento necesario para o desenvolvemento de proxectos relativos á implementación da normativa de residuos e velar por unha xestión coordinada dos fondos.

A Lei de residuos establece como prioridades de actuación: medidas de prevención na xeración de residuos; o incremento progresivo da cantidade de residuos destinados á preparación para a reutilización e reciclaxe; a mellora da recollida separada en todo o territorio galego; ou o aumento da rede de puntos limpos de Galicia.

No marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixo/compoñente 12: política industrial de España 2030, medida/investimento I3: Plan de apoio á implementación da normativa de residuos e ao fomento da economía circular (residuos e economía circular), submedida 001: residuos e economía circular, modalidade de financiamento 4620-MRR, do Plan estatal de



recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, a Xunta ditou a ORDE do 21 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en réxime de concorrência competitiva para os anos 2023 e 2024.

Estas subvencións están destinadas á implementación de melloras nas instalacións existentes de puntos limpos, instalación de puntos limpos de proximidade, adquisición de puntos limpos móbiles e a creación de espazos de preparación para reutilización e a autorreparación.

Pola contra, en relación cos fondos propios da Xunta de Galicia da partida orzamentaria 541D destinada ao Control Ambiental e Xestión de Residuos no ano 2023 só foron executados o 68 % dos fondos, e o orzamento 2024 reduciu esta partida en 14.168 € menos, o que demostra a falla de interese deste goberno polo cumprimento destes obxectivos.

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en colaboración coa Fegamp, organizou no ano 2016 unha xornada dedicada á xestión ambiental no eido local e, en particular, á xestión de puntos limpos, na que participaron representantes locais, autonómicos e estatais, e que tiña por finalidade repasar as novidades normativas en materia de residuos e presentar as axudas económicas previstas a nivel autonómico e estatal para a mellora de xestión ambiental no eido local. Xornada que entendemos sería indispensable neste momento pola necesidade de dar un impulso ás políticas que se veñen realizando en Galicia en materia de residuos, para a concienciación sobre a obriga de implementar medidas para o cumprimento da lei e por entender que o éxito nesta xestión pasa por unha actuación coordinada das diferentes administracións.



Tendo en conta o anteriormente exposto, desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno da Xunta ten que intensificar as súas políticas de xestión de residuos implementando as medidas e o financiamento necesario para o desenvolvemento de proxectos relativos ao cumprimento da normativa de residuos.

Mellorar o sistema e coordinación dos puntos limpos, dixitalizando, ampliando e actualizándoos, e organizar novamente unha xornada dedicada á xestión ambiental en colaboración coa Fegamp e coa participación dos representantes estatais co fin de planificar e coordinar as liñas de traballo cara ao cumprimento dos obxectivos legalmente establecidos.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai colaborar, o Goberno da Xunta, coas entidades locais no desenvolvemento de proxectos relativos ao cumprimento da normativa de residuos?
2. Entende o Goberno galego que é preciso mellorar o sistema e coordinación dos puntos limpos dixitalizando, ampliando e actualizándoos?
3. Non ve necesario o Goberno galego, volver organizar unha xornada, similar a do ano 2016, dedicada á xestión ambiental co fin de planificar e coordinar as liñas de traballo cara ao cumprimento dos obxectivos legalmente establecidos?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2024 13:53:42
Nº Rexistro: 3629
Data envío: 10/05/2024 13:53:42.463

Paloma Castro Rey na data 10/05/2024 13:46:40

Carlos López Font na data 10/05/2024 13:46:54

CSV: B0P5TRBQJXKCEFAH4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

9208

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Xulgar con perspectiva de xénero consiste en utilizar unha metodoloxía baseada no principio de igualdade na interpretación e aplicación do ordenamento xurídico, pero tendo en conta as relacións de poder asimétricas e os patróns estereotípicos de xénero existentes na nosa sociedade. Isto é buscar situacións equitativas ante situacións desiguais de xénero.

O Convenio de Estambul do Consello de Europa establece baixo o título “obligaciones del estado y diligencia debida”:

“1. Las Partes de abstendrán de cometer cualquier acto de violencia contra las mujeres y se asegurarán de que las autoridades, los funcionarios, los agentes y las instituciones estatales, así como los demás actores que actúan en nombre del Estado se comporten de acuerdo con esta obligación.

2. Las Partes tomarán las medidas legislativas y demás necesarias para actuar con la diligencia debida para prevenir, investigar, castigar y conceder una indemnización por los actos de violencia incluidos en el ámbito de aplicación del presente Convenio cometidos por actores no estatales”.

No art. 2 d) do Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller da ONU establécese que : *“Los Estados Partes condenan la discriminación contra la mujer en todas sus formas; convienen en seguir, por todos los medios apropiados y sin dilaciones, una política*



encaminada a eliminar la discriminación contra la mujer y, con tal objeto, se comprometen a:

(...) d) Abstenerse de incurrir en todo acto o práctica de discriminación contra la mujer y velar porque las autoridades e instituciones públicas actúen de conformidad con esta obligación (...).

Estes días a cidadanía galega está a ser testemuña deste incumprimento da normativa internacional e nacional de protección da muller e da infancia por parte da Administración xa que contempla perplexa a dramática situación que está a sufrir unha nai marinense ao ser separada xudicialmente da súa filla sen que se permita con ela ningún tipo de comunicación.

A noticia saltaba aos medios de comunicación, no mes de abril de 2024 como grito desesperado dunha nai que, tras un proceso xudicial contencioso de garda e custodia, era vítima dunha decisión xudicial e administrativa desproporcionada.

Sen entrar a cuestionar o contido da decisión xudicial, que establecía un réxime de custodia compartida, que respectamos, desde o Grupo Socialista entendemos que a resposta xudicial ante a imposibilidade do seu cumprimento foi desproporcionada e contraria ao interese superior da menor de 10 anos.

Referímonos á decisión de illar a esa nena nun centro de menores sen contacto coa súa nai, coa súa familia, ou sen asistir á súa escola, como terapia de desintoxicación, durante xa 60 días.

Esta decisión baséase nun informe emitido polo equipo do Imelga, un informe elaborado sen ningún tipo de entrevista previa coa nai nin coa menor, por unhas traballadoras que tampouco asistiron á vista xudicial do procedemento



principal, polo tanto, que non coñecían suficientemente o asunto que estaban a analizar, incorrendo nunha total falla de dilixencia.

Unha decisión que carece de motivación xa que non xustifican que a imposición dunha medida tan excepcional como é o ingreso dunha nena, que non se atopa en desamparo, nun centro de menores sexa a máis beneficiosa para ela ou para defender a súa vida ou integridade que, por outra banda, non consta que estiver en risco.

Un informe que non valora outras opcións menos lesivas para o cumprimento desa resolución e que non ten en conta en ningún momento o benestar desa nena de 10 anos.

A maiores disto, a resolución xudicial marcaba un prazo de 3 semanas para a emisión dun 1º informe por parte do equipo de menores do centro onde se valorase a situación da menor e a recuperación do contacto coa súa nai pero transcorridas 9 semanas este informe aínda non foi emitido, nun claro incumprimento da sentenza por parte do organismo público.

Ante esta desidia por parte das administracións referidas que está a causar un dano irreparable nunha nena de 10 anos e que contradí todos os dereitos dos menores o grupo parlamentario socialista esixe:

1.- Que o Servizo de Menores dependente da Consellería de Política Social, cumpra a resolución xudicial e emita con carácter urgente un informe sobre o estado desta nena así como a evolución do tratamento recibido, tal como estaba contemplado no Auto de Medidas Cautelares 537/21 ditado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instruc. n.1 de Marín en data 11 marzo de 2024.

2.- Que desde a Consellería de Xustiza se abra unha investigación sobre a actuación do equipo do Imelga que fixo o informe de Medidas Urxentes do



art.158 do Código Civil, co fin de valorar se se actuou co grado de dilixencia que require a protección do interese superior do menor ou se non existía outra medida menos lesiva para acadar o cumprimento da sentenza.

3. Que dende a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia se esixa formación específica en perspectiva de igualdade e de infancia ás traballadoras dos diferentes Puntos de Encontro e do Imelga encargados/as de desenvolver funcións que afecten a mulleres ou a menores.

Para acadar unha sociedade igualitaria e xusta desde as institucións teñen que actuar con equidade e para iso os/as xuíces e o persoal administrativo competente para a aplicación do marco legal teñen que ter unha formación obrigatoria en Igualdade.

Mirar co mesmo rasero aos desiguais xera máis desigualdade.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que non se esixe desde o Goberno da Xunta unha formación específica en igualdade e dereitos da infancia ao cadro de persoal dos diferentes puntos de encontro e do Imelga encargado de desenvolver funcións que afecten a mulleres ou menores?
2. Vai o Goberno galego tomar medidas para evitar que se volvan a producir nun futuro situacións similares a esta?
3. Como xustifica o Goberno galego o incumprimento por parte do Centro de Menores de Vigo da resolución xudicial referida ditada polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción número 1 de Marín?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2024 16:44:41
Nº Rexistro: 3650
Data envío: 10/05/2024 16:44:41.541

Santiago de Compostela, 10 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/05/2024 16:24:37

Elena Espinosa Mangana na data 10/05/2024 16:24:47

Silvia Longueira Castro na data 10/05/2024 16:24:56

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**


9213

@PSdeG



CSV: B0P5T8D3&QR&id=0B10-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-QkCbmpm-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

